

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**11435** *Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.*

A Lei 20/2014, do 29 de outubro, pola que se delega no Goberno a potestade de ditar diversos textos refundidos, en virtude do establecido nos artigos 82 e seguintes da Constitución española, autoriza o Goberno, no seu artigo un, alínea a), a aprobar un texto refundido da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Esta autorización, que se outorga cun prazo de doce meses, afectará as normas con rango de lei que modificaron a Lei 24/1988, do 28 de xullo, así como as que, afectando o seu ámbito material, poidan, de ser o caso, promulgarse antes da aprobación deste real decreto legislativo, e suporá, así mesmo, a integración no propio texto, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, dunha serie de disposicións legais relativas aos mercados de valores.

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, foi desde a data da súa aprobación o pilar normativo sobre o cal descansa o funcionamento do mercado de valores español. De feito, as súas numerosas modificacións foron o fiel reflexo da evolución que, ao longo dos anos, experimentou o mercado de valores e que teñen a súa orixe en diversos factores, como son a crecente complexidade e o dinamismo asociados ao ordenamento bancario e financeiro, que exigen un labor constante de adaptación do sistema normativo á realidade dos mercados; o profundo proceso de internacionalización da normativa de valores levada a cabo nos últimos anos, especialmente intenso no mercado interior europeo, e, desde logo, a necesidade de responder ás consecuencias da recente crise financeira e económica, que exixiu dotar a Administración crediticia e financeira dos poderes e facultades necesarios para facer fronte a un novo e exixente escenario.

Por isto, tras uns anos de profusa modificación do ordenamento xurídico, corresponde agora dar os pasos necesarios para reforzar a claridade e coherencia da normativa aplicable ao mercado de valores, reducir o seu fraccionamento e afianzar a súa sistemática, facendo dela un mellor instrumento tanto para o uso do regulador como dos axentes que interveñen cada día no tráfico mercantil; sendo conscientes de que iso redundará nun mellor e máis áxil funcionamento dos mercados financeiros e nunha maior seguridade xurídica. Este texto refundido continúa así cos esforzos xa realizados polo lexislador, entre outras normas, coa Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e coa Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, de simplificar, clarificar e harmonizar o conxunto normativo aplicable aos mercados financeiros.

O presente texto refundido elaborouse integrando un conxunto de normas con rango de lei relativas aos mercados de valores, que foron debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas de acordo coa habilitación prevista na Lei 20/2014, do 29 de outubro, e, en particular, seguindo os criterios que a continuación se expoñen.

En primeiro lugar, incorporáronse as máis de corenta modificacións operadas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, desde a súa aprobación. Deben destacarse especialmente as modificacións introducidas pola Lei 47/2007, do 19 de decembro, que incorporou ao ordenamento xurídico español diversas directivas europeas e, en particular, a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, tamén coñecida como MIFID, e que supuxo unha verdadeira revolución na concepción dun mercado de valores harmonizado europeo.

En segundo lugar, seguindo o mandato do lexislador, integrouse no texto refundido outra serie de disposicións legais sobre a materia. En particular, son as disposicións adicionais terceira e décimo cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda, quinta

e sexta da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a disposición adicional terceira da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores; as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda e sexta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro; a disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro; a disposición adicional da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; as disposicións derradeiras primeira, segunda e cuarta da Lei 32/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a disposición adicional décimo terceira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito; a disposición transitoria novena da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, e as disposicións transitorias sexta e sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Como consecuencia de todo isto, realizáronse determinados axustes na estrutura do texto que modifican a numeración dos artigos e, polo tanto, das remisións e concordancias entre eles, circunstancia esta que se aproveitou, ao abeiro da delegación lexislativa, para mellorar a sistemática do texto e axustar algunhas discordancias.

Sen prexuízo de que este texto refundido cumpra cos obxectivos de sistematización e unificación do bloque normativo dos mercados de valores, durante os próximos meses deberá abordarse a adaptación da normativa española a unha serie de normas aprobadas a nivel europeo como o Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado, que será de aplicación o 3 de xullo de 2016 e, sobre todo, a nova regulación MIFID2 que substitúe a xa mencionada MIFID, que se compón da Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE, e do Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, normas que traerán consigo modificacións substanciais no réxime dos instrumentos financeiros ou a nova regulación sobre centros de negociación.

En todo caso, este traballo de refundición permite preparar a normativa do mercado de valores de cara a esas inminentes reformas, anticipando as futuras modificacións e creando un texto que facilite o labor do lexislador no momento da transposición das normas europeas. Coa introdución de novos capítulos e artigos e o cumprimento das directrices de técnica normativa creouse unha estrutura normativa máis permeable á incorporación do dereito europeo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei do mercado de valores.*

Apróbase o texto refundido da Lei do mercado de valores, ao cal se incorpora o contido das seguintes disposicións:

- a) Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- b) As disposicións adicionais terceira e décimo cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda, quinta e sexta da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- c) A disposición adicional terceira da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

d) As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda e sexta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

e) A disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

f) A disposición adicional da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

g) As disposicións derradeiras primeira, segunda e cuarta da Lei 32/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

h) A disposición adicional décimo terceira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

i) A disposición transitoria novena da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial

j) As disposicións transitorias sexta e sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

1. As referencias normativas efectuadas noutras disposicións á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

2. Co obxecto de facilitar a aplicación do presente texto refundido, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira ([www.tesoro.es](http://www.tesoro.es)), con efectos meramente informativos, unha táboa de correspondencias cos preceptos da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Esta publicación realizarase nos 15 días seguintes á publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto legislativo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derróganse as seguintes disposicións:

a) A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) As disposicións adicionais terceira e décimo cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda, quinta e sexta da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

c) A disposición adicional terceira da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

d) As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda e sexta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

e) A disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

f) A disposición adicional da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

g) As disposicións derradeiras primeira, segunda e cuarta da Lei 32/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

h) A disposición adicional décimo terceira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

i) A disposición transitoria novena da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.

j) As disposicións transitorias sexta e sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, o punto 2 da disposición adicional única deste real decreto legislativo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 23 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO MERCADO DE VALORES

### ÍNDICE

- Título I. Disposicións xerais.
  - Capítulo I. Ámbito da lei.
    - Artigo 1. Obxecto.
    - Artigo 2. Os instrumentos financeiros.
    - Artigo 3. Outras disposicións sobre os instrumentos financeiros.
    - Artigo 4. Ámbito de aplicación.
    - Artigo 5. Grupo de sociedades.
  - Capítulo II. Dos valores negociables representados por medio de anotacións na conta.
    - Artigo 6. Representación dos valores.
    - Artigo 7. Documento da emisión.
    - Artigo 8. Entidades encargadas do rexistro contable.
    - Artigo 9. Sistema de rexistro e tenza de valores.
    - Artigo 10. Constitución dos valores representados por medio de anotacións na conta.
    - Artigo 11. Transmisión.
    - Artigo 12. Constitución de dereitos reais limitados e outros gravames.
    - Artigo 13. Lexitimación rexistral e tracto sucesivo.
    - Artigo 14. Certificados de lexitimación.
    - Artigo 15. Traslado de valores e regra da pro rata.
- Título II. Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - Capítulo I. Disposicións xerais.
    - Artigo 16. Natureza e réxime xurídico.
    - Artigo 17. Funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 18. Persoal ao servizo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 19. Orzamento e control económico e financeiro.
    - Artigo 20. Réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores e control interno.
    - Artigo 21. Capacidade normativa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 22. Recursos contra disposicións e resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - Capítulo II. Organización.
    - Artigo 23. O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 24. Facultades do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 25. Funcións do presidente e do vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 26. O Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 27. Mandato do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros.
    - Artigo 28. Cesamento do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros.
    - Artigo 29. Réxime de incompatibilidades.
    - Artigo 30. O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
    - Artigo 31. Informe do Comité Consultivo.
    - Artigo 32. Recursos económicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- Título III. Mercado primario de valores.
  - Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 33. Liberdade de emisión.  
Artigo 34. Obrigación de publicar folleto informativo.  
Artigo 35. Oferta pública de venda ou subscripción de valores.  
Artigo 36. Requisitos de información para a admisión á negociación nun mercado secundario oficial.

Artigo 37. Contido do folleto.  
Artigo 38. Responsabilidade do folleto.  
Artigo 39. Validez transfronteiriza do folleto.  
Artigo 40. Medidas preventivas.

Capítulo II. Emisións de obrigacións ou outros valores que recoñezan ou creen débeda.

Artigo 41. Exención de requisitos.  
Artigo 42. Ámbito de aplicación do sindicato de obrigacionistas.

Título IV. Mercados secundarios oficiais de valores.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 43. Definición.  
Artigo 44. Autorización.  
Artigo 45. Requisitos para obter a autorización.  
Artigo 46. Condicións de exercicio.  
Artigo 47. Nomeamento de conselleiros e directivos.  
Artigo 48. Participacións en sociedades que administren mercados secundarios oficiais ou mercados regulados fóra de España.  
Artigo 49. Revogación da autorización.  
Artigo 50. Substitución da sociedade reitora.

Capítulo II. Dos mercados secundarios oficiais en particular

Artigo 51. Mercados secundarios oficiais de ámbito autonómico.

Sección 1.<sup>a</sup> Das bolsas de valores.

Artigo 52. Creación.  
Artigo 53. Obxecto.  
Artigo 54. Sociedade reitora.  
Artigo 55. Membros.  
Artigo 56. Sistema de interconexión bolsista.  
Artigo 57. A Sociedade de Bolsas.  
Artigo 58. Operacións en bolsa.

Sección 2.<sup>a</sup> Do mercado de débeda pública en anotacións.

Artigo 59. Obxecto.  
Artigo 60. Organismo reitor.  
Artigo 61. Membros.  
Artigo 62. Rexistro dos valores.  
Artigo 63. Entidades xestoras.

Sección 3.<sup>a</sup> Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións representados por anotacións na conta.

Artigo 64. Creación.  
Artigo 65. Obxecto.  
Artigo 66. Membros.  
Artigo 67. Sociedade reitora.

- Artigo 68. Regulamento interno.
- Capítulo III. Participación nos mercados secundarios oficiais.
- Artigo 69. Membros dos mercados secundarios oficiais.  
Artigo 70. Acceso remoto.  
Artigo 71. Operacións dos membros por conta allea.  
Artigo 72. Operacións dos membros por conta propia.  
Artigo 73. Xestión de conflitos de interese dos membros dos mercados secundarios oficiais.  
Artigo 74. Tarifas dos membros.  
Artigo 75. Desenvolvemento da actividade dos membros.
- Capítulo IV. Negociación e operacións nun mercado secundario oficial.
- Artigo 76. Admisión a negociación nun mercado secundario oficial.  
Artigo 77. Especialidades na admisión á negociación nun mercado secundario oficial desde un sistema multilateral de negociación.  
Artigo 78. Normas adicionais establecidas polos mercados para a admisión de instrumentos financeiros a negociación.  
Artigo 79. Obrigacións en materia de abuso de mercado.  
Artigo 80. Suspensión da negociación de instrumentos financeiros.  
Artigo 81. Exclusión de negociación.  
Artigo 82. Exclusión de negociación voluntaria.  
Artigo 83. Operacións.  
Artigo 84. Préstamo de valores.
- Capítulo V. Transparencia na negociación e comunicación de operacións.
- Artigo 85. Requisitos de transparencia.  
Artigo 86. Requisitos de transparencia previa á negociación.  
Artigo 87. Requisitos de transparencia posterior á negociación.  
Artigo 88. Acceso á información.  
Artigo 89. Deber de comunicación de operacións á Comisión Nacional do Mercado de Valores.  
Artigo 90. Procedemento de comunicación.  
Artigo 91. Contido da comunicación.  
Artigo 92. Conservación da información e reenvío.
- Capítulo VI. Compensación, liquidación e rexistro de valores e infraestruturas de poscontratación.
- Artigo 93. Réxime de compensación, liquidación e rexistro de valores.  
Artigo 94. Liquidación de operacións.  
Artigo 95. Liquidación de dereitos ou obrigacións de contido económico asociados aos valores.  
Artigo 96. Garantías orientadas a mitigar o risco de liquidación.  
Artigo 97. Réxime xurídico e autorización dos depositarios centrais de valores.  
Artigo 98. Requisitos, obrigacións, facultades e funcións dos depositarios centrais de valores.  
Artigo 99. Participación nos depositarios centrais de valores.  
Artigo 100. Memoria e orzamento dos depositarios centrais de valores.  
Artigo 101. Normas internas dos depositarios centrais de valores.  
Artigo 102. Regras aplicables en caso de concurso dunha entidade participante nun depositario central de valores.  
Artigo 103. Réxime xurídico e autorización das entidades de contrapartida central.  
Artigo 104. Requisitos, obrigacións, facultades e funcións das entidades de contrapartida central.

- Artigo 105. Participación nas entidades de contrapartida central.  
Artigo 106. Memoria e orzamento da entidade de contrapartida central.  
Artigo 107. Estatutos sociais e regulamento interno das entidades de contrapartida central.  
Artigo 108. Requisitos de organización.  
Artigo 109. Membros das entidades de contrapartida central.  
Artigo 110. Regras aplicables en caso de incumprimento ou concurso.  
Artigo 111. Elección do sistema de compensación e liquidación ou de entidade de contrapartida central.  
Artigo 112. Dereito a designar un sistema de liquidación.  
Artigo 113. Acceso aos sistemas de contrapartida central, compensación e liquidación.  
Artigo 114. Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores negociables.  
Artigo 115. Obrigacións do depositario central de valores en relación co sistema de información.  
Artigo 116. Réxime xurídico do resto de axentes en relación co sistema de información.  
Artigo 117. Seguimento e control do correcto funcionamento dos sistemas de negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores.
- Capítulo VII. Obrigacións de información periódica dos emisores.
- Artigo 118. Informe anual e informe de auditoría.  
Artigo 119. Informes financeiros semestrais.  
Artigo 120. Declaración intermedia de xestión.  
Artigo 121. Supostos de non suxeición.  
Artigo 122. Outras disposicións.  
Artigo 123. Outras obrigacións de información.  
Artigo 124. Responsabilidade dos emisores.
- Capítulo VIII. Obrigacións de información sobre participacións significativas e autocartera.
- Artigo 125. Obrigacións do accionista e dos titulares doutros valores e instrumentos financeiros.  
Artigo 126. Obrigacións do emisor en relación coa autocartera.  
Artigo 127. Medidas preventivas.
- Capítulo IX. Das ofertas públicas de adquisición.
- Artigo 128. Oferta pública de adquisición obrigatoria.  
Artigo 129. Ámbito de aplicación.  
Artigo 130. Prezo equitativo.  
Artigo 131. Control da sociedade.  
Artigo 132. Consecuencias do incumprimento de formular oferta pública de adquisición.  
Artigo 133. Outras disposicións.  
Artigo 134. Obrigacións dos órganos de administración e dirección.  
Artigo 135. Medidas de neutralización.  
Artigo 136. Compravendas forzosas.  
Artigo 137. Ofertas públicas de adquisición voluntarias.
- Título V. Empresas de servizos de investimento.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 138. Concepto de empresa de servizos de investimento.



- Artigo 139. Supostos de non aplicación.
- Artigo 140. Servizos e actividades de investimento.
- Artigo 141. Servizos auxiliares.
- Artigo 142. Outras disposicións sobre os servizos de investimento e servizos auxiliares.
- Artigo 143. Clases de empresas de servizos de investimento.
- Artigo 144. Reserva de actividade e denominación.
- Artigo 145. Outras entidades autorizadas a prestar servizos de investimento.
- Artigo 146. Axentes de empresas de servizos de investimento.
- Artigo 147. Inscripción no rexistro de axentes.
- Artigo 148. Contratación por vía electrónica.
- Capítulo II. Autorización, rexistro, suspensión e revogación.
- Artigo 149. Autorización.
- Artigo 150. Rexistro.
- Artigo 151. Autorización de empresas de servizos de investimento controladas por outras empresas.
- Artigo 152. Requisitos xerais de autorización
- Artigo 153. Requisitos específicos para a autorización.
- Artigo 154. Caducidade da autorización.
- Artigo 155. Denegación da autorización.
- Artigo 156. Modificacións estatutarias.
- Artigo 157. Modificación dos servizos de investimento autorizados.
- Artigo 158. Nomeamento de novos cargos de administración e dirección.
- Artigo 159. Modificacións estruturais.
- Artigo 160. Revogación da autorización.
- Artigo 161. Procedemento de revogación da autorización.
- Artigo 162. Suspensión da autorización.
- Artigo 163. Lexitimación para solicitar a declaración de concurso.
- Capítulo III. Sucursais e libre prestación de servizos.
- Artigo 164. Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento españolas en Estados membros da Unión Europea.
- Artigo 165. Apertura de sucursais en Estados membros da Unión Europea.
- Artigo 166. Libre prestación de servizos en Estados membros da Unión Europea.
- Artigo 167. Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento españolas en Estados non membros da Unión Europea.
- Artigo 168. Empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.
- Artigo 169. Procedemento de apertura e peche de sucursais en España.
- Artigo 170. Supervisión de sucursais en España
- Artigo 171. Libre prestación de servizos en España.
- Artigo 172. Medidas preventivas.
- Artigo 173. Empresas de servizos de investimento autorizadas en Estados non membros da Unión Europea.
- Capítulo IV. Participacións significativas.
- Artigo 174. Participacións significativas.
- Artigo 175. Deber de notificación.
- Artigo 176. Avaliación da adquisición proposta.
- Artigo 177. Colaboración entre autoridades supervisoras.
- Artigo 178. Efectos do incumprimento das obrigacións.
- Artigo 179. Redución de participacións significativas.
- Artigo 180. Medidas preventivas.

- Artigo 181. Comunicación de estrutura accionarial.
- Capítulo V. Idoneidade, goberno corporativo e requisitos de información.
- Artigo 182. Requisitos de idoneidade.
- Artigo 183. Selección e avaliación de membros do consello de administración, directores xerais e asimilados.
- Artigo 184. Réxime de incompatibilidades e limitacións.
- Artigo 185. Normas de goberno corporativo.
- Artigo 186. Comité de nomeamentos.
- Artigo 187. Excepcións ao comité de nomeamentos.
- Artigo 188. Obrigacións en materia de remuneracións.
- Artigo 189. Excepcións ás obrigacións en materia de remuneracións.
- Capítulo VI. Sistemas, procedementos e mecanismos de xestión.
- Artigo 190. Requisitos financeiros.
- Artigo 191. Información sobre solvencia.
- Artigo 192. Informe anual de empresas de servizos de investimento.
- Artigo 193. Requisitos de organización interna.
- Artigo 194. Xestión do risco e comité de riscos.
- Artigo 195. Conflitos de interese.
- Artigo 196. Requisito combinado de colchóns de capital.
- Artigo 197. Notificación de infraccións.
- Título VI. Fondo de Garantía de Inversións.
- Artigo 198. Fondo de Garantía de Inversións.
- Artigo 199. Adhesión.
- Artigo 200. Exclusión.
- Artigo 201. Execución das garantías.
- Título VII. Normas de conduta.
- Capítulo I. Normas de conduta aplicables a quen preste servizos de investimento.
- Sección 1.<sup>a</sup> Suxeitos obrigados e clasificación de clientes.
- Artigo 202. Suxeitos obrigados.
- Artigo 203. Clases de clientes.
- Artigo 204. Clientes retallistas.
- Artigo 205. Clientes profesionais.
- Artigo 206. Solicitud de tratamento como cliente profesional.
- Artigo 207. Operacións con contrapartes elixibles.
- Sección 2.<sup>a</sup> Deberes de actuación e de información.
- Artigo 208. Obrigación de dilixencia e transparencia.
- Artigo 209. Deber xeral de información.
- Artigo 210. Orientacións e advertencias sobre os riscos asociados aos instrumentos financeiros e ás estratexias de investimento.
- Artigo 211. Deber de información sobre o servizo prestado.
- Artigo 212. Deber xeral das entidades de coñecer os seus clientes.
- Artigo 213. Avaliación da idoneidade.
- Artigo 214. Avaliación da conveniencia.
- Artigo 215. Rexistro actualizado de clientes avaliados e produtos non adecuados.
- Artigo 216. Exención da análise da conveniencia.
- Artigo 217. Instrumentos financeiros non complexos.
- Artigo 218. Rexistro de contratos.

- Artigo 219. Servizos de investimento como parte dun produto financeiro.
- Artigo 220. Cumprimento das obrigacións de información no caso de prestación de servizos por medio doutra empresa de servizos de investimento.

Sección 3.<sup>a</sup> Xestión e execución de ordes de clientes.

- Artigo 221. Obrigacións relativas á xestión e execución de ordes.
- Artigo 222. Deber de informar sobre a política de execución de ordes.
- Artigo 223. Supostos específicos de execución das ordes.
- Artigo 224. Supervisión da política de execución de ordes polas entidades.

Capítulo II. Abuso de mercado.

- Artigo 225. Suxeitos obrigados.
- Artigo 226. Información privilexiada.
- Artigo 227. Obrigacións e prohibicións para quen dispoña de información privilexiada.
- Artigo 228. Información relevante, obrigados a difundila e publicidade.
- Artigo 229. Obrigacións das entidades que presten servizos de investimento en relación coa información privilexiada.
- Artigo 230. Obrigacións dos emisores de valores en relación coa información privilexiada.
- Artigo 231. Condutas prohibidas en relación coa libre formación dos prezos.
- Artigo 232. Comunicación de operacións sospeitosas.

Título VIII. Réxime de supervisión, inspección e sanción.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 233. Ámbito da supervisión, inspección e sanción.
- Artigo 234. Facultades de supervisión e inspección.
- Artigo 235. Colaboración de axentes externos nas funcións de supervisión e inspección.
- Artigo 236. Obrigacións de colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- Artigo 237. Publicación de información relevante.
- Artigo 238. Rexistros públicos en relación cos mercados de valores.
- Artigo 239. Servizos de reclamacións.
- Artigo 240. Publicidade.
- Artigo 241. Obrigacións de información contable.

Capítulo II. Cooperación con outras autoridades.

- Artigo 242. Cooperación con outras autoridades supervisoras nacionais.
- Artigo 243. Solicitud de informe previo e de información.
- Artigo 244. Cooperación con outras autoridades supervisoras da Unión Europea.
- Artigo 245. Intercambio de información.
- Artigo 246. Consulta previa a outras autoridades competentes da Unión Europea.
- Artigo 247. Cooperación coas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea.
- Artigo 248. Segredo profesional.
- Artigo 249. Negativa a cooperar ou ao intercambio de información.
- Artigo 250. Cooperación coas autoridades xudiciais.
- Artigo 251. Cooperación en materia de supervisión prudencial de empresas de servizos de investimento.
- Artigo 252. Cooperación en materia de supervisión de mercados secundarios oficiais.
- Artigo 253. Cooperación en materias da Directiva 2004/39/CE.
- Artigo 254. Cooperación en materia de abuso de mercado.

Artigo 255. Cooperación en materia de sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores.

### Capítulo III. Supervisión prudencial.

- Artigo 256. Programa supervisor.
- Artigo 257. Probas de resistencia.
- Artigo 258. Obrigacións de consolidación.
- Artigo 259. Supervisión prudencial das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables.
- Artigo 260. Medidas de supervisión prudencial.
- Artigo 261. Requisitos adicionais de recursos propios.
- Artigo 262. Supervisión das sociedades financeiras mixtas de carteira e das sociedades mixtas de carteira.
- Artigo 263. Supervisión de empresas de servizos de investimento de Estados non membros da Unión Europea.
- Artigo 264. Solicitudes de designación de sucursais como significativas.
- Artigo 265. Relacións con outros supervisores no ámbito da supervisión en base consolidada.
- Artigo 266. Colexios de supervisores.
- Artigo 267. Decisións conxuntas.
- Artigo 268. Obrigacións de divulgación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- Artigo 269. Obrigacións de información da Comisión Nacional do Mercado de Valores en situacións de urxencia.
- Artigo 270. Elaboración de guías en materia supervisora.

### Capítulo IV. Disposicións xerais en materia de infraccións e sancións.

- Artigo 271. Cuestións xerais.
- Artigo 272. Prexudicialidade penal.
- Artigo 273. Regras para a incoación, instrución e sanción.
- Artigo 274. Lexislación aplicable ao procedemento sancionador.
- Artigo 275. Executividade, rexistro e publicidade das sancións.
- Artigo 276. Condonación de sancións.

### Capítulo V. Infraccións moi graves.

- Artigo 277. Suxeitos responsables.
- Artigo 278. Infraccións por incumprimento da reserva de actividade e da obrigación de obter autorizacións exixidas.
- Artigo 279. Infraccións por incumprimento das obrigacións exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos mercados secundarios de valores.
- Artigo 280. Infraccións relativas á oferta pública de adquisición.
- Artigo 281. Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.
- Artigo 282. Infraccións por incumprimento das obrigacións de transparencia e integridade do mercado.
- Artigo 283. Infraccións por incumprimento de medidas de organización interna e das exixencias prudenciais debidas.
- Artigo 284. Infraccións por incumprimento da obrigación de información e protección ao investidor.
- Artigo 285. Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.
- Artigo 286. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo.

Artigo 287. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo.

Artigo 288. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

Artigo 289. Infraccións relativas ás axencias de cualificación crediticia e ás participacións significativas.

## Capítulo VI. Infraccións graves e leves.

Artigo 290. Suxeitos responsables.

Artigo 291. Infraccións por incumprimento da reserva de actividade e a obrigaón de obter autorizacións exixidas.

Artigo 292. Infraccións por incumprimento das obrigaóns exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos mercados secundarios de valores.

Artigo 293. Infraccións relativas á oferta pública de adquisición.

Artigo 294. Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.

Artigo 295. Infraccións por incumprimento das obrigaóns de transparencia e integridade do mercado.

Artigo 296. Infraccións por incumprimento de medidas de organización interna e das exixencias prudenciais debidas.

Artigo 297. Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.

Artigo 298. Infraccións por incumprimentos de regulamentos da Unión Europea.

Artigo 299. Infraccións relativas ás axencias de cualificación crediticia e ás participacións significativas.

Artigo 300. Infraccións leves.

## Capítulo VII. Prescrición das infraccións.

Artigo 301. Prescrición das infraccións.

## Capítulo VIII. Sancións.

Artigo 302. Sancións por infraccións moi graves.

Artigo 303. Sancións por infraccións graves.

Artigo 304. Publicidade das sancións.

Artigo 305. Sancións por infraccións leves.

Artigo 306. Sanción complementaria por infraccións moi graves a quen exerza cargos de administración ou dirección.

Artigo 307. Sanción complementaria por infraccións graves a quen exerza cargos de administración ou dirección.

Artigo 308. Publicidade das sancións complementarias.

Artigo 309. Sancións por infraccións referidas a obrigaóns dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento e dos conglomerados financeiros.

Artigo 310. Criterios determinantes das sancións.

Artigo 311. Medidas de intervención ou substitución.

Artigo 312. Requirimento ao presunto responsable de infraccións leves.

Artigo 313. Información e notificación de infraccións e sancións administrativas.

## Título IX. Réxime fiscal das operacións sobre valores.

Artigo 314. Exención do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Artigo 315. Obrigaón de comunicación á Administración tributaria.

Artigo 316. Exencións fiscais.

Título X. Outros sistemas de negociación: sistemas multilaterais de negociación e internalización sistemática.

Capítulo I. Sistemas multilaterais de negociación

- Artigo 317. Definición.
- Artigo 318. Creación.
- Artigo 319. Entidades reitoras.
- Artigo 320. Regulamento de funcionamento.
- Artigo 321. Obrigacións de remisión de información.
- Artigo 322. Normas de conduta e de abuso de mercado.
- Artigo 323. Obrigacións de información
- Artigo 324. Supervisión do cumprimento das normas dos sistemas multilaterais de negociación e doutras obrigacións legais.
- Artigo 325. Requisitos de transparencia.
- Artigo 326. Requisitos de transparencia previa á negociación.
- Artigo 327. Requisitos de transparencia posterior á negociación.
- Artigo 328. Acordos de contrapartida central e de compensación e liquidación.
- Artigo 329. Acceso remoto aos sistemas multilaterais de negociación.

Capítulo II. Disposicións comúns aos mercados secundarios oficiais e aos sistemas multilaterais de negociación.

Artigo 330. Medidas preventivas.

Capítulo III. Internalización sistemática.

- Artigo 331. Ámbito de aplicación.
- Artigo 332. Obrigacións de información.
- Artigo 333. Execución de ordes.
- Artigo 334. Tratamento dos clientes.
- Disposición adicional primeira. Mercado interbancario de depósitos.
- Disposición adicional segunda. Réxime xurídico das emisións das deputacións forais do País Vasco.
- Disposición adicional terceira. Réxime xurídico dos dereitos de emisión que non sexan instrumentos financeiros
- Disposición adicional cuarta. Comercialización a retalistas de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles e financiamentos subordinados computables como recursos propios.
- Disposición adicional quinta. Restricións relativas aos investimentos financeiros temporais de entidades sen ánimo de lucro.
- Disposición adicional sexta. A Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores e as sociedades propietarias de entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e mercados secundarios oficiais españois.
- Disposición adicional sétima. Informe anual de goberno corporativo en entidades cotizadas sen forma de sociedade anónima.
- Disposición adicional oitava. Obrigacións en materia de retribucións das sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial.
- Disposición adicional novena. Prazo para resolver e notificar procedementos sancionadores.
- Disposición adicional décima. Memoria supervisora e órgano de control interno do Banco de España.
- Disposición adicional décimo primeira. Supervisión da comisión de auditoría de entidades de interese público.
- Disposición transitoria primeira. Réxime para determinados aumentos na participación nunha sociedade cotizada.

Disposición transitoria segunda. Cotas participativas das caixas de aforros e as cotas participativas de asociación da Confederación Española de Caixas de Aforros.

Disposición transitoria terceira. Adaptación ás novidades da Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013.

Disposición transitoria cuarta. Novo sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores e aplicación do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio das sociedades cuxas accións estean sendo negociadas exclusivamente nun sistema multilateral de negociación, que alcancen unha capitalización bolsista superior a cincocentos millóns de euros.

Disposición transitoria sexta. Plan xeral de viabilidade.

Disposición transitoria sétima. Convenio de colaboración entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España.

Disposición transitoria oitava. O mercado de débeda pública en anotacións.

Disposición transitoria novena. Servizos autonómicos de compensación e liquidación de valores.

Disposición transitoria décima. Referencias normativas.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

#### Ámbito da lei

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto a regulación dos sistemas españois de negociación, liquidación e rexistro de instrumentos financeiros. Para tal fin, establecerá os principios da súa organización e funcionamento, as normas relativas aos instrumentos financeiros obxecto de negociación e aos emisores deses instrumentos, a prestación en España de servizos de investimento e o establecemento do réxime de supervisión, inspección e sanción.

##### Artigo 2. *Os instrumentos financeiros.*

Quedan comprendidos no ámbito desta lei os seguintes instrumentos financeiros:

1. Os valores negociables emitidos por persoas ou entidades, públicas ou privadas, e agrupados en emisións. Terá a consideración de valor negociable calquera dereito de contido patrimonial, calquera que sexa a súa denominación que, pola súa configuración xurídica propia e réxime de transmisión, sexa susceptible de tráfico xeneralizado e impersoal nun mercado financeiro.

Consideraranse, en todo caso, valores negociables para os efectos desta lei:

a) As accións de sociedades e os valores negociables equivalentes ás accións, así como calquera outro tipo de valores negociables que dea dereito a adquirir accións ou valores equivalentes ás accións, pola súa conversión ou polo exercicio dos dereitos que confiren.

b) As cédulas e os bonos de internacionalización.

c) Os bonos, as obrigacións e outros valores análogos, representativos de parte dun empréstito, incluídos os convertibles ou trocables.

d) As cédulas, os bonos e as participacións hipotecarias.

- e) Os bonos de titulización.
- f) As participacións e accións de institucións de investimento colectivo, así como as das entidades de capital risco e das entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.
- g) Os instrumentos do mercado monetario entendendo por tales as categorías de instrumentos que se negocian habitualmente no mercado monetario tales como as letras do Tesouro, certificados de depósito e obrigas de pagamento, salvo que sexan librados singularmente. Exclúense os instrumentos de pagamento que deriven de operacións comerciais antecedentes que non impliquen captación de fondos reembolsables.
- h) As participacións preferentes.
- i) As cédulas territoriais.
- j) Os «warrants» e demais valores negociables derivados que confiran o dereito a adquirir ou vender calquera outro valor negociable, ou que dean dereito a unha liquidación en efectivo determinada por referencia, entre outros, a valores negociables, divisas, tipos de xuro ou rendementos, materias primas, risco de crédito ou outros índices ou medidas.
- k) Os demais aos cales as disposicións legais ou regulamentarias atribúan a condición de valor negociable.

2. Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con valores, divisas, tipos de xuro ou rendementos, ou outros instrumentos financeiros derivados, índices financeiros ou medidas financeiras que se poidan liquidar en especie ou en efectivo.

3. Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que se deban liquidar en efectivo ou que se poidan liquidar en efectivo por petición dunha das partes por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suceso que leve á rescisión do contrato.

4. Contratos de opcións, futuros, permutas e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que se poidan liquidar en especie, sempre que se negocien nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación.

5. Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con materias primas que poidan ser liquidados mediante entrega física non mencionados no punto anterior deste artigo e non destinados a fins comerciais, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cousas, se se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.

6. Instrumentos financeiros derivados para a transferencia do risco de crédito.

7. Contratos financeiros por diferenzas.

8. Contratos de opcións, futuros, permutas, acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de instrumentos financeiros derivados relacionados con variables climáticas, gastos de transporte, autorizacións de emisión ou tipos de inflación ou outras estatísticas económicas oficiais, que se deban liquidar en efectivo ou que se poidan liquidarse en efectivo a elección dunha das partes por motivos distintos ao incumprimento ou a outro suposto que leve á rescisión do contrato, así como calquera outro contrato de instrumentos financeiros derivados relacionado con activos, dereitos, obrigacións, índices e medidas non mencionados nos puntos anteriores deste artigo, que presentan as características doutros instrumentos financeiros derivados, tendo en conta, entre outras cousas, se se negocian nun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación, se se liquidan a través de cámaras de compensación recoñecidas ou se son obxecto de axustes regulares das marxes de garantía.

9. O Goberno poderá modificar a relación de instrumentos financeiros que figuran neste artigo 2 para adaptala ás modificacións que se establezan na normativa da Unión Europea.



*Artigo 3. Outras disposicións sobre os instrumentos financeiros.*

1. Aos instrumentos financeiros distintos dos valores negociables seranlles de aplicación, coas adaptacións que, de ser o caso, sexan precisas, as regras previstas nesta lei para os valores negociables.

2. Os puntos 5 e 8 do artigo 2 deberán aplicarse de conformidade co establecido nos artigos 38 e 39 do Regulamento (CE) n.º 1287/2006 da Comisión, do 10 de agosto de 2006, polo que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás obrigacións das empresas de investimento de levar un rexistro, á información sobre as operacións, á transparencia do mercado, á admisión a negociación de instrumentos financeiros, e termos definidos para os efectos da dita directiva.

*Artigo 4. Ámbito de aplicación.*

As disposicións desta lei serán de aplicación a todos os instrumentos financeiros cuxa emisión, negociación ou comercialización teña lugar no territorio nacional.

*Artigo 5. Grupo de sociedades.*

Para efectos desta lei, aplicarase a definición de grupo de sociedades establecida no artigo 42 do Código de comercio.

## CAPÍTULO II

### **Dos valores negociables representados por medio de anotacións na conta**

*Artigo 6. Representación dos valores.*

1. Os valores negociables poderán representarse por medio de anotacións na conta ou por medio de títulos. A modalidade de representación elixida deberase aplicar a todos os valores integrados nunha mesma emisión.

2. Os valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación estarán necesariamente representados mediante anotacións na conta.

Como excepción ao previsto no parágrafo anterior, estableceranse regulamentariamente as especialidades necesarias para que os valores estranxeiros representados mediante títulos poidan ser negociados en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación e ser rexistrados nos depositarios centrais de valores establecidos en España.

3. Tanto a representación de valores mediante anotacións na conta como a representación por medio de títulos será reversible. A reversión da representación por medio de anotacións na conta a títulos exixirá a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos que se prevexan regulamentariamente. O paso ao sistema de anotacións na conta poderase facer a medida que os titulares vaian prestando o seu consentimento á transformación.

4. Estableceranse regulamentariamente as condicións para que os valores representados mediante anotacións na conta sexan de carácter funxible para os efectos das operacións de compensación e liquidación.

*Artigo 7. Documento da emisión.*

1. A representación de valores por medio de anotacións na conta requirirá a elaboración pola entidade emisora dun documento en que constará a información necesaria para a identificación dos valores integrados na emisión.

No caso de valores participativos, o citado documento será elevado a escritura pública e poderá ser a escritura de emisión.

No caso de valores non participativos, a elevación a escritura pública do documento da emisión será potestativa. Este documento poderá ser substituído por algún dos seguintes documentos, que pasarán a ter consideración de documento da emisión:

- a) O folleto informativo aprobado e rexistrado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co disposto nesta lei.
- b) A publicación das características da emisión no boletín oficial correspondente, no caso das emisións de débeda do Estado ou das comunidades autónomas, así como naqueloutros supostos en que estea establecido.
- c) A certificación expedida polas persoas facultadas conforme a normativa vixente, no caso de emisións que vaian ser obxecto de admisión a negociación nun sistema multilateral de negociación establecido en España, de acordo co disposto no artigo 41.4.

Entenderase por valores participativos as accións e os valores negociables equivalentes ás accións, así como calquera outro tipo de valores negociables que dean dereito a adquirir accións ou valores equivalentes ás accións, pola súa conversión ou polo exercicio dos dereitos que confiren, coa condición de que eses valores sexan emitidos polo emisor das accións subxacentes ou por unha entidade que pertenza ao grupo do emisor.

2. A entidade emisora deberá depositar unha copia do documento da emisión e as súas modificacións ante a entidade encargada do rexistro contable e ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Cando se trate de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, deberase depositar tamén unha copia ante o seu organismo reitor.

3. A entidade emisora e a encargada do rexistro contable deberán ter en todo momento unha copia do referido documento á disposición dos titulares e do público interesado en xeral.

4. O contido dos valores representados por medio de anotacións na conta estará determinado polo documento da emisión.

5. Non será precisa a elaboración do documento da emisión para os instrumentos financeiros que se negocien en mercados secundarios oficiais de futuros e opcións nin nos demais supostos, e coas condicións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.

#### Artigo 8. *Entidades encargadas do rexistro contable.*

1. A xestión do rexistro contable dos valores representados por medio de anotacións na conta correspondentes a unha emisión será atribuída a unha única entidade, que deberá velar pola súa integridade.

2. Cando se trate de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación, a dita entidade será libremente designada pola emisora entre as empresas de servizos de investimento e entidades de crédito autorizadas para realizar a actividade prevista no artigo 141.a). A designación deberá ser inscrita no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto no artigo 238, como requisito previo ao comezo da xestión do rexistro contable. Os depositarios centrais de valores tamén poderán asumir a dita función segundo os requisitos que, de ser o caso, se establezan na normativa aplicable e nos seus regulamentos.

3. Cando se trate de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, a entidade encargada da xestión do rexistro contable dos valores será o depositario central de valores designado, que exercerá tal función xunto coas súas entidades participantes.

4. As entidades a que se refire este artigo responderán fronte a aqueles que resulten prexudicados pola falta de práctica das correspondentes inscricións, polas inexactitudes e atrasos nelas e, en xeral, polo incumprimento intencionado ou por negligencia das súas obrigacións legais. O resarcimento dos danos causados, na medida do posible, deberase facer efectivo en especie.

Artigo 9. *Sistema de rexistro e tenza de valores.*

1. Todo depositario central de valores que preste servizos en España adoptará un sistema de rexistro composto por un rexistro central e os rexistros de detalle a cargo das entidades participantes no dito sistema.

2. O rexistro central estará a cargo do depositario central de valores e recoñecerá a cada entidade participante que o solicite os seguintes tipos de conta:

a) Unha ou varias contas propias en que se anotarán os saldos de valores cuxa titularidade corresponda á entidade participante.

b) Unha ou varias contas xerais de terceiros en que se anotarán, de forma global, os saldos de valores correspondentes aos clientes da entidade participante, ou aos clientes dunha terceira entidade que encomendase á entidade solicitante a custodia e o rexistro de detalle dos valores de tales clientes.

c) Unha ou varias contas individuais en que se anotarán, de forma segregada, os saldos de valores correspondentes a aqueles clientes das entidades participantes que soliciten a xestión deste tipo de contas no rexistro central.

3. Cada entidade participante con contas xerais de terceiros levará un rexistro de detalle, en que se reflectirá a que clientes corresponden os saldos de valores anotados nas ditas contas no rexistro central.

4. O Goberno desenvolverá, en relación coas distintas entidades ás cales se encomenda a xestión dos rexistros contables e os distintos tipos de valores, admitidos ou non a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, as normas de organización e funcionamento dos correspondentes rexistros, o réxime xurídico das diferentes contas de valores admisibles, as garantías e demais requisitos que lles sexan exixibles, os sistemas de identificación e control dos valores representados mediante anotacións na conta, así como as relacións daquelas entidades cos emisores e a súa intervención na administración de valores. Poderanse determinar regulamentariamente as condicións e os supostos en que os depositarios centrais de valores poderán estar autorizados a realizar a xestión directa de contas de valores de clientes no rexistro central.

Artigo 10. *Constitución dos valores representados por medio de anotacións na conta.*

1. Os valores representados por medio de anotacións na conta constituiranse como tales en virtude da súa inscrición no correspondente rexistro da entidade encargada do rexistro contable e desde entón quedarán sometidos ás disposicións deste capítulo.

2. Os subscritores de valores representados por medio de anotacións na conta terán dereito a que se practiquen ao seu favor, libres de gastos, as correspondentes inscricións.

Artigo 11. *Transmisión.*

1. A transmisión dos valores representados por medio de anotacións na conta terá lugar por transferencia contable. A inscrición da transmisión a favor do adquirente producirá os mesmos efectos que a tradición dos títulos.

2. A transmisión será opoñible a terceiros desde o momento en que se practicase a inscrición.

3. O terceiro que adquira a título oneroso valores representados por medio de anotacións na conta de persoa que, segundo os asentos do rexistro contable, apareza lexitimada para transmitirlos non estará suxeito a reivindicación, a non ser que no momento da adquisición obrase de mala fe ou con culpa grave.

4. A entidade emisora só poderá opor, fronte ao adquirente de boa fe de valores representados por medio de anotacións na conta, as excepcións que se desprendan da inscrición en relación co documento da emisión previsto no artigo 7 e as que puidese ter esgrimido no caso de que os valores estivesen representados por medio de títulos.

5. A subscrición ou transmisión de valores só requirirá para a súa validez a intervención de fedatario público cando, non estando admitidos a negociación nun mercado secundario oficial, estean representados mediante títulos ao portador e a dita subscrición ou transmisión non se efectúe coa participación ou mediación dunha sociedade ou axencia de valores, ou dunha entidade de crédito.

Artigo 12. *Constitución de dereitos reais limitados e outros gravames.*

1. A constitución de dereitos reais limitados ou doutra clase de gravames sobre valores representados por medio de anotacións na conta deberá inscribirse na conta correspondente. A inscrición do peñor equivale ao desprazamento posesorio do título.

2. A constitución do gravame será opoñible a terceiros desde o momento en que se practicase a correspondente inscrición.

Artigo 13. *Lexitimación rexistral e tracto sucesivo.*

1. A persoa que apareza lexitimada nos asentos do rexistro contable presumirase titular lexítimo e, en consecuencia, poderá exixir da entidade emisora que realice no seu favor as prestacións a que dea dereito o valor representado por medio de anotacións na conta.

2. A entidade emisora que realice de boa fe e sen culpa grave a prestación en favor do lexitimado liberarase aínda que este non sexa o titular do valor.

3. Para a transmisión e o exercicio dos dereitos que corresponden ao titular será precisa a inscrición previa ao seu favor.

Artigo 14. *Certificados de lexitimación.*

1. A lexitimación para a transmisión e para o exercicio dos dereitos derivados dos valores representados por medio de anotacións na conta poderá acreditarse mediante a exhibición de certificados que serán oportunamente expedidos polas entidades encargadas dos rexistros contables, de conformidade cos seus propios asentos.

2. Estes certificados non conferirán máis dereitos que os relativos á lexitimación. Serán nulos os actos de disposición que teñan por obxecto os certificados.

3. Non se poderá expedir, para os mesmos valores e para o exercicio dos mesmos dereitos, máis dun certificado.

4. As entidades encargadas dos rexistros contables e os membros dos mercados de valores non poderán dar curso a transmisións ou gravames nin practicar as correspondentes inscricións se o dispoñente non restituíu previamente os certificados expedidos ao seu favor. A obrigaçión de restitución decae cando o certificado quedase privado de valor.

Artigo 15. *Traslado de valores e regra da pro rata.*

1. Unha vez declarado o concurso dunha entidade encargada da xestión do rexistro de valores representados mediante anotacións na conta ou dunha entidade participante no sistema de rexistro, os titulares de valores anotados nos ditos rexistros gozarán do dereito de separación respecto dos valores inscritos ao seu favor e poderano exercer solicitando o seu traslado a outra entidade, todo iso sen prexuízo do disposto nos artigos 102.2 e 193.2.e).

2. Para os efectos do previsto neste artigo, o xuíz do concurso e os órganos da administración concursal velarán polos dereitos que deriven de operacións en curso de liquidación no momento en que se declare o concurso dalgunha das entidades a que se refire o punto anterior, atendendo para iso ás regras do correspondente sistema de compensación, liquidación e rexistro.

3. Os depositarios centrais de valores e demais entidades encargadas da xestión do rexistro de valores representados mediante anotacións na conta garantirán a integridade das emisións de valores. Os sistemas de rexistro xestionados por depositarios centrais de

valores deberán ofrecer as suficientes garantías para que non existan descadramentos entre o rexistro central e os rexistros de detalle. Para tal fin, ademais do disposto nesta lei, estableceranse regulamentariamente os mecanismos de supervisión a cargo dos depositarios centrais de valores e os sistemas de control das súas entidades participantes, as situacións en que as posibles incidencias terán que ser notificadas ás autoridades supervisoras, así como os mecanismos e prazos para a súa resolución.

4. En todo caso e sen prexuízo do previsto no punto anterior, cando os saldos de valores cun mesmo código de identificación ISIN (*international securities identification number*) anotados no conxunto de contas xerais de terceiros dunha entidade participante no rexistro central non resulten suficientes para satisfacer completamente os dereitos dos titulares dos valores co mesmo código de identificación ISIN inscritos no rexistro de detalle mantido pola dita entidade participante, distribuirase o saldo anotado no dito conxunto de contas xerais de terceiros a pro rata segundo os dereitos dos titulares inscritos no rexistro de detalle. Os titulares prexudicados terán un dereito de crédito fronte á entidade participante polos valores non entregados.

5. Cando existan dereitos reais limitados ou outra clase de gravames sobre os valores, e sen prexuízo dos pactos entre o garante e o beneficiario da garantía, unha vez aplicada a regra da pro rata, tales gravames entenderanse constituídos sobre o resultado da pro rata e dos créditos fronte á entidade participante que, de ser o caso, existan pola parte non satisfeita en valores.

## TÍTULO II

### Comisión Nacional do Mercado de Valores

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 16. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores é un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que se rexerá polo establecido nesta lei e nas disposicións que a completan ou desenvolven.

2. No exercicio das súas funcións públicas, e na falta do disposto nesta lei e nas normas que a completen ou desenvolvan, a Comisión Nacional do Mercado de Valores actuará consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Os contratos que subscriba a Comisión Nacional do Mercado de Valores axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

4. A Comisión rexerese, así mesmo, por aquelas disposicións que lle sexan de aplicación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

5. As adquisicións patrimoniais da Comisión estarán suxeitas, sen ningunha excepción, ao dereito privado.

6. O Goberno e o Ministerio de Economía e Competitividade exercerán, respecto da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as facultades que lles atribúe esta lei, con estrito respecto ao seu ámbito de autonomía.

Artigo 17. *Funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores é o órgano competente en materia de supervisión e inspección dos mercados de valores e da actividade de cantas persoas físicas e xurídicas se relacionan no seu tráfico, do exercicio sobre elas da potestade sancionadora e das demais funcións que se lle atribúen nesta lei.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores velará pola transparencia dos mercados de valores, pola correcta formación dos prezos neles e pola protección dos investidores, promovendo a difusión de tanta información sexa necesaria para asegurar a consecución deses fins.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores asesorará o Goberno e o Ministerio de Economía e Competitividade e, de ser o caso, os órganos equivalentes das comunidades autónomas nas materias relacionadas cos mercados de valores, por petición destes ou por iniciativa propia. Poderá tamén elevar a aqueles propostas sobre as medidas ou disposicións relacionadas cos mercados de valores que coide necesarias. Elaborará e dará publicidade a un informe anual en que se reflecta a súa actuación e a situación xeral dos mercados de valores.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores elevará anualmente á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades e sobre a situación dos mercados financeiros organizados. O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores comparecerá ante a citada Comisión do Congreso para dar conta de tal informe, así como tantas veces sexa requirido para iso.

O informe sinalado no parágrafo anterior incluírá unha memoria sobre a función supervisora realizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación coas súas actuacións e procedementos levados a cabo nesta materia e da cal se poida deducir información sobre a eficacia e eficiencia de tales procedementos e actuacións. Nesta memoria incluírase un informe do órgano de control interno sobre a adecuación das decisións adoptadas polos órganos de goberno da Comisión Nacional do Mercado de Valores á normativa procedemental aplicable en cada caso. Esta memoria deberá ser aprobada polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores e remitirse ás Cortes Xerais e ao Goberno da Nación.

#### Artigo 18. *Persoal ao servizo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. O persoal que preste servizo na Comisión Nacional do Mercado de Valores estará vinculado a esta por unha relación suxeita ás normas do dereito laboral. A selección deste persoal, con excepción daquel que teña carácter directivo, realizarase mediante convocatoria pública e de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores decidirá acerca da oportunidade da convocatoria de procesos de selección de persoal destinados a cubrir as vacantes do cadro de persoal aprobado no orzamento de explotación e capital da entidade. Estes procesos quedarán exceptuados da oferta de emprego público.

3. O persoal da Comisión Nacional do Mercado de Valores estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

4. O persoal da Comisión Nacional do Mercado de Valores estará obrigado a notificar, conforme o que se estableza no Regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as operacións que realice nos mercados de valores, ben directamente ben mediante persoa interposta. Esta mesma disposición determinará as limitacións ás cales quedará suxeito este persoal respecto á adquisición, venda ou dispoñibilidade de tales valores.

#### Artigo 19. *Orzamento e control económico e financeiro.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e remitirao a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. As variacións no orzamento da Comisión Nacional do Mercado de Valores serán autorizadas polo ministro

de Facenda e Administracións Públicas, cando o seu importe non exceda un 5 por cento deste, e polo Goberno, nos demais casos.

2. O control económico e financeiro da Comisión Nacional do Mercado de Valores levarase a cabo exclusivamente mediante comprobacións periódicas ou procedementos de auditoría, a cargo da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que correspondan ao Tribunal de Contas.

Artigo 20. *Réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores e control interno.*

1. O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará o regulamento de réxime interior, en que se establecerá:

- a) A estrutura orgánica da Comisión.
- b) A distribución de competencias entre os distintos órganos.
- c) Os procedementos internos de funcionamento.
- d) O réxime específico aplicable ao persoal cando deixa de prestar servizos nela, sen prexuízo, neste caso, do disposto no artigo 18.3 e no artigo 29 en canto aos réximes de incompatibilidades.
- e) Os procedementos de ingreso do persoal, consonte os principios sinalados no artigo 18.
- f) Así como cantas cuestións relativas ao funcionamento e réxime de actuación da Comisión Nacional do Mercado de Valores resulten necesarias conforme as previsións desta lei.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá dispor dun órgano de control interno, cuxa dependencia funcional e capacidade de informe se rexerá polos principios de imparcialidade, obxectividade, e evitar a produción de conflitos de intereses.

Artigo 21. *Capacidade normativa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, para o adecuado exercicio das competencias que lle atribúe esta lei, poderá ditar as disposicións que exixa o desenvolvemento e a execución das normas contidas nos reais decretos aprobados polo Goberno ou nas ordes do ministro de Economía e Competitividade, sempre que estas disposicións a habiliten de modo expreso para iso.

2. As disposicións ditadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o punto anterior serán elaboradas por esta, logo dos informes técnicos e xurídicos oportunos dos servizos competentes dela. Tales disposicións recibirán a denominación de circulares, serán aprobadas polo Consello da Comisión, non producirán efectos até que sexan publicadas no «Boletín Oficial del Estado» e entrarán en vigor conforme o disposto no artigo 2.1 do Código civil.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá elaborar guías técnicas, dirixidas ás entidades e grupos supervisados, en que indique os criterios, as prácticas, as metodoloxías ou os procedementos que considera adecuados para o cumprimento da normativa que lles resulte de aplicación. Estas guías, que deberán facerse públicas, poderán incluír os criterios que a Comisión Nacional do Mercado de Valores seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir ás entidades e grupos supervisados unha explicación dos motivos polos cales, de ser o caso, se separaron de tales criterios, prácticas, metodoloxías ou procedementos.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer súas e transmitir como tales ás entidades e grupos, así como desenvolver, complementar ou adaptar as guías que, sobre as ditas cuestións, aproben os organismos ou comités internacionais activos na regulación e supervisión do mercado de valores.

Artigo 22. *Recursos contra disposicións e resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. As disposicións e resolucións que dite a Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das potestades administrativas que se lle confiren nesta lei porán fin á vía administrativa e serán impugnables en vía contencioso-administrativa.

2. Non obstante, exceptúanse da regra prevista no punto anterior:

a) As resolucións que dite en materia sancionadora, cuxo réxime será o previsto no artigo 273.

b) As resolucións que dite en materia de intervención e substitución de administradores, cuxo réxime será o previsto no artigo 311.

## CAPÍTULO II

### Organización

Artigo 23. *O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará rexida por un Consello, ao cal corresponderá o exercicio de todas as competencias que lle asigna esta lei e as que lle atribúan o Goberno ou o ministro de Economía e Competitividade no seu desenvolvemento regulamentario.

2. O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores estará composto por:

a) Un presidente e un vicepresidente, que serán nomeados polo Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, entre persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co mercado de valores.

b) O secretario xeral do Tesouro e Política Financeira e o subgobernador do Banco de España, que terán o carácter de conselleiros natos.

c) Tres conselleiros, nomeados polo ministro de Economía e Competitividade entre persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co mercado de valores.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que o Consello designe entre as que presten os seus servizos na Comisión.

Artigo 24. *Facultades do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. No marco das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Mercado de Valores polo artigo 17 e para o exercicio das competencias conferidas ao Consello polo artigo 23, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores terá as seguintes facultades:

a) Aprobar as circulares a que se refire o artigo 21.

b) Aprobar o Regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 20.

c) Aprobar o anteproxecto de orzamentos da Comisión.

d) Constituír o Comité Executivo, regulado no artigo 26.

e) Nomear os cargos directivos da Comisión Nacional do Mercado de Valores, por proposta do seu presidente.

f) Aprobar os informes anuais a que se refire o artigo 17.

g) Aprobar ou propor todos aqueles asuntos que legalmente lle corresponden.

2. No prazo de tres meses a partir da toma de posesión de calquera membro do Consello, este deberá, en sesión extraordinaria, confirmar, modificar ou revogar, de forma expresa, todas e cada unha das súas delegacións de facultades no presidente e no vicepresidente ou no Comité Executivo.



Artigo 25. *Funcións do presidente e do vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores exercerá as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación legal da Comisión.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Consello e do Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- c) Dirixir e coordinar as actividades de todos os órganos directivos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Dispor os gastos e ordenar os pagamentos da Comisión.
- e) Subscribir os contratos e convenios da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- f) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal da Comisión.
- g) Exercer as facultades que o Consello lle delegue de forma expresa.
- h) Exercer as demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico vixente.

2. O vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores terá as seguintes atribucións:

- a) Substituír o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Presidir o Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 30.
- c) Formar parte, como vicepresidente, do Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Exercer as funcións que o presidente ou o Consello lle deleguen.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o vicepresidente será substituído por aquel conselleiro dos previstos no artigo 23.2.c) desta lei, con maior antigüidade no cargo e, a igualdade de antigüidade, polo de maior idade.

Artigo 26. *O Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. O Comité Executivo estará integrado polo presidente, o vicepresidente e os conselleiros previstos no artigo 23.2.c). Será secretario do Comité Executivo, con voz e sen voto, o secretario do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Serán atribucións do Comité Executivo:

- a) Preparar e estudar os asuntos que vaian ser sometidos ao Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- b) Estudar, informar e deliberar sobre os asuntos que someta á súa consideración o presidente.
- c) Coordinar as actuacións dos diferentes órganos directivos da Comisión, sen prexuízo das atribucións que correspondan ao presidente.
- d) Aprobar, na esfera do dereito privado, as adquisicións patrimoniais da Comisión e dispor dos seus bens.
- e) Resolver as autorizacións administrativas que lle fosen atribuídas por delegación do Consello, así como exercer aquelas facultades que o Consello lle delegue expresamente.

Artigo 27. *Mandato do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros.*

1. O mandato do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros a que se refire o artigo 23.2.c) terá unha duración de catro anos, ao termo dos cales poderá ser renovado por unha soa vez.

2. Se, durante o período de duración do seu mandato, se produce o cesamento do presidente, do vicepresidente ou de calquera dos conselleiros a que se refire o artigo 23.2.c), o seu sucesor cesará ao termo do mandato do seu antecesor. Cando este

último cesamento se produza antes de que transcorra un ano desde o nomeamento, non será de aplicación o límite previsto no inciso último do parágrafo anterior e o mandato poderá ser renovado en dúas ocasións

*Artigo 28. Cesamento do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros.*

1. O presidente e o vicepresidente cesarán no seu cargo polas causas seguintes:
  - a) Finalización do termo do seu mandato.
  - b) Renuncia aceptada polo Goberno.
  - c) Separación acordada polo Goberno por incumprimento grave das súas obrigacións, incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida ou condena por delito doloso, logo de instrución de expediente polo Ministerio de Economía e Competitividade.
2. As mesmas causas de cesamento serán aplicables aos conselleiros a que se refire o artigo 23.2.c), respecto dos cales corresponderá aceptar a renuncia ou acordar a separación ao ministro de Economía e Competitividade.

*Artigo 29. Réxime de incompatibilidades.*

1. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Mercado de Valores estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración.
2. Ao cesar no cargo e durante os dous anos posteriores, non poderán exercer ningunha actividade profesional relacionada co Mercado de Valores. Determinarase regulamentariamente a compensación económica que recibirán en virtude desa limitación.

*Artigo 30. O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores é o órgano de asesoramento do seu Consello.
2. O Comité Consultivo será presidido polo vicepresidente da Comisión, que non disporá de voto en relación cos seus informes, e o número dos seus conselleiros e a forma da súa designación serán os que regulamentariamente se determinen.
3. Os conselleiros serán designados en representación das infraestruturas de mercado, dos emisores, dos investidores, das entidades de crédito, das entidades aseguradoras e reaseguradoras, dos colectivos profesionais designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e do fondo de garantía de investimentos, máis outro representante designado por cada unha das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores en cuxo territorio exista un mercado secundario oficial.

*Artigo 31. Informe do Comité Consultivo.*

1. O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores emitirá informe sobre cantas cuestións lle sexan presentadas polo Consello.
2. O informe do Comité Consultivo será preceptivo en relación:
  - a) Coas disposicións da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que fai referencia o artigo 21.
  - b) Coa autorización, coa revogación e coas operacións societarias das empresas de servizos de investimento e das restantes persoas ou entidades que actúen ao abeiro do artigo 145.2, cando así se estableza regulamentariamente, atendendo á súa transcendencia económica e xurídica.
  - c) Coa autorización e revogación das sucursais de empresas de servizos de investimento de países non membros da Unión Europea, e os restantes suxeitos do Mercado de Valores, cando así se estableza regulamentariamente, tendo en conta a relevancia económica e xurídica de tales suxeitos.

3. Sen prexuízo do seu carácter de órgano consultivo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Comité Consultivo emitirá informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral sobre materias directamente relacionadas co mercado de valores que lle sexan remitidos polo Goberno ou polo Ministerio de Economía e Competitividade co obxecto de facer efectivo o principio de audiencia dos sectores afectados no procedemento de elaboración de disposicións administrativas.

Artigo 32. *Recursos económicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. O patrimonio inicial da Comisión Nacional do Mercado de Valores estará formado por unha dotación inicial de 3.005.060,52 euros.

2. Os recursos da Comisión Nacional do Mercado de Valores estarán integrados:

- a) Polos bens e valores que constitúen o patrimonio e polos seus produtos e rendas.
- b) Polas taxas que perciba pola realización das súas actividades ou pola prestación dos seus servizos.
- c) Polas transferencias que, con cargo ao orzamento do Estado, efectúe o Ministerio de Economía e Competitividade.

3. Os beneficios de cada exercicio poderán destinarse:

- a) A cubrir perdas de exercicios anteriores.
- b) A crear reservas necesarias para o financiamento dos investimentos que a Comisión Nacional do Mercado de Valores deba levar a cabo para o cumprimento adecuado dos obxectivos establecidos no artigo 17.
- c) A crear as reservas que aseguren a dispoñibilidade dun fondo de manobra adecuado ás súas necesidades operativas.
- d) Á súa incorporación como ingreso do Estado do exercicio en que se aproben as contas anuais do exercicio que rexistrase o citado beneficio.

4. Xunto coas contas anuais do exercicio, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores elevará para a aprobación do Goberno a proposta de distribución do resultado, xunto cun informe xustificativo de que coa dita proposta quedan debidamente cubertas as necesidades recollidas nas letras a), b) e c) do punto anterior.

## TÍTULO III

### Mercado primario de valores

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 33. *Liberdade de emisión.*

1. As emisións de valores non requirirán autorización administrativa previa e para a súa colocación poderase recorrer a calquera técnica adecuada á elección do emisor.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o emisor deberá estar validamente constituído de acordo coa lexislación do país en que estea domiciliado e deberá estar operando de conformidade coa súa escritura de constitución e estatutos ou documentos equivalentes.

Adicionalmente, os valores deberán respectar o réxime xurídico a que estean sometidos e, nos casos en que o emisor estea obrigado a elaborar un folleto, a colocación deberá axustarse ás condicións recollidas nel.

3. Os valores serán libremente transmisibles.

Artigo 34. *Obrigación de publicar folleto informativo.*

1. O rexistro previo e a publicación dun folleto informativo aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores será obrigatorio para:

- a) A realización dunha oferta pública de venda ou subscrición de valores.
- b) A admisión a negociación de valores nun mercado secundario oficial.

2. Non obstante o previsto no punto anterior, estableceranse regulamentariamente as excepcións á obrigación de publicar folleto nas ofertas públicas de venda ou subscrición, en función da natureza do emisor ou dos valores, da contía da oferta ou da natureza ou do número dos investidores a que van destinados, así como as adaptacións dos requisitos establecidos na regulación das admisións que sexan necesarios para as ofertas públicas.

3. Ás ofertas públicas de venda ou subscrición de valores non exceptuadas da obrigación de publicar un folleto informativo aplicaráselles toda a regulación relativa á admisión a negociación de valores en mercados regulados contida neste título, coas adaptacións e excepcións que regulamentariamente se determinen. Para estes efectos, terase en conta que ás ofertas públicas de venda ou subscrición de valores poderá non aplicárselles o artigo 33.3.

Artigo 35. *Oferta pública de venda ou subscrición de valores.*

1. Unha oferta pública de venda ou subscrición de valores é toda comunicación a persoas, en calquera forma ou por calquera medio que presente información suficiente, sobre os termos da oferta e dos valores que se ofrecen, de modo que permita a un investidor decidir a adquisición ou subscrición destes valores.

2. A obrigación de publicar un folleto non será de aplicación a ningún dos seguintes tipos de ofertas que, consecuentemente para os efectos desta lei, non terán a consideración de oferta pública:

- a) Unha oferta de valores dirixida exclusivamente a investidores cualificados.
- b) Unha oferta de valores dirixida a menos de 150 persoas físicas ou xurídicas por un Estado membro, sen incluír os investidores cualificados.
- c) Unha oferta de valores dirixida a investidores que adquiren valores por un importe mínimo de 100.000 euros por investidor, para cada oferta separada.
- d) Unha oferta de valores cuxo valor nominal unitario sexa, ao menos, 100.000 euros.
- e) Unha oferta de valores por un importe total na Unión Europea inferior a 5.000.000 euros, o que se calculará nun período de 12 meses.

3. Cando se trate de colocación de emisións recollidas nas letras b), c), d) e e) do punto anterior, dirixidas ao público en xeral empregando calquera forma de comunicación publicitaria, deberá intervir unha entidade autorizada para prestar servizos de investimento para os efectos da comercialización dos valores emitidos. Non será de aplicación esta obrigación ao exercicio da actividade propia das plataformas de financiamento participativo debidamente autorizadas.

Artigo 36. *Requisitos de información para a admisión á negociación nun mercado secundario oficial.*

1. A admisión a negociación de valores nun mercado secundario oficial non requirirá autorización administrativa previa. Non obstante, estará suxeita ao cumprimento previo dos requisitos seguintes:

- a) A achega e o rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dos documentos que acrediten a suxeición do emisor e dos valores ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.
- b) A achega e o rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dos estados financeiros do emisor preparados e auditados de acordo coa lexislación aplicable ao dito

emisor. Determinarase regulamentariamente o número de exercicios que deben comprender os estados financeiros.

c) A achega, a aprobación e o rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores dun folleto informativo, así como a súa publicación.

2. Cando se trate de valores non participativos emitidos polo Estado, polas comunidades autónomas e polas entidades locais, non será necesario o cumprimento dos requisitos anteriores. Non obstante, estes emisores poderán elaborar o folleto informativo de acordo co previsto neste capítulo. Este folleto terá validez transfronteiriza de acordo co previsto no artigo 39.

3. Adicionalmente, o Goberno poderá exceptuar total ou parcialmente do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 33 e no punto 1 anterior, a admisión a negociación de determinados valores en función da natureza do emisor ou dos valores, da contía da admisión ou da natureza ou o número dos investidores a que van destinados. Cando as excepcións se baseen na natureza do investidor, poderanse exixir requisitos adicionais que garantan a súa correcta identificación.

4. O procedemento para a admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais deberá facilitar que os valores se negocien dun modo correcto, ordenado e eficiente. Determinarase regulamentariamente o dito procedemento e as condicións que se deben cumprir para a aprobación do folleto informativo pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e para a súa publicación. A falta de resolución expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre o folleto durante o prazo que se estableza regulamentariamente terá carácter desestimatorio.

5. A publicidade relativa á admisión a negociación nun mercado regulado axustarase ao disposto no artigo 240.

#### Artigo 37. *Contido do folleto.*

1. O folleto conterá a información relativa ao emisor e aos valores que vaian ser admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.

Atendendo á natureza específica do emisor e dos valores, a información do folleto deberá permitir aos investidores facer unha avaliación, coa suficiente información, dos activos e pasivos, da situación financeira, beneficios e perdas, así como das perspectivas do emisor e, eventualmente, do garante e dos dereitos inherentes a tales valores.

Esta información presentarse de forma facilmente analizable e comprensible.

2. O folleto deberá ser suscrito por persoa con poder para obrigar o emisor dos valores.

3. Excepto para admisións a negociación de valores non participativos cuxo valor nominal unitario sexa igual ou superior a 100.000 euros, o folleto conterá un resumo que, elaborado nun formato estandarizado, de forma concisa e nunha linguaxe non técnica, proporcionará a información fundamental para axudar os investidores á hora de determinar se invisten ou non en tales valores.

4. Entenderase por información fundamental á cal se refire o punto anterior a información esencial e correctamente estruturada que se lles debe facilitar aos investidores para que poidan comprender a natureza e os riscos inherentes ao emisor, o garante e os valores que se lles ofrecen ou que van ser admitidos a cotización nun mercado regulado, e que poidan decidir as ofertas de valores que convén seguir examinando.

Sen prexuízo do que regulamentariamente se determine, formarán parte da información fundamental, como mínimo, os elementos seguintes:

a) Unha breve descrición das características esenciais e dos riscos asociados co emisor e os posibles garantes, incluídos os activos, os pasivos e a situación financeira.

b) Unha breve descrición das características esenciais e dos riscos asociados co investimento nos valores de que se trate, incluídos os dereitos inherentes aos valores.

c) As condicións xerais da oferta, incluídos os gastos estimados impostos ao investidor polo emisor ou polo oferente.

- d) Información sobre a admisión a cotización.
  - e) Os motivos da oferta e o destino dos ingresos.
5. Así mesmo, no resumo a que se refire o punto 3 advertirase que:
- 1.º Debe lerse como introdución ao folleto.
  - 2.º Toda decisión de investir nos valores debe estar baseada na consideración por parte do investidor do folleto no seu conxunto.
  - 3.º Non se poderá exixir responsabilidade civil a ningunha persoa exclusivamente sobre a base do resumo, a non ser que este resulte enganoso, inexacto ou incoherente en relación coas demais partes do folleto, ou non proporcione, lida xunto coas outras partes do folleto, información fundamental para axudar os investidores á hora de determinar se invisten ou non nos valores.

6. Mediante orde ministerial regularase o contido dos distintos tipos de folletos e especificaranse as excepcións á obrigaición de incluír determinada información, correspondendo á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar tal omisión. Logo de habilitación expresa, a citada Comisión poderá desenvolver ou actualizar o contido da orde.

Tamén corresponderá ao ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, á Comisión Nacional do Mercado de Valores a determinación dos modelos para os distintos tipos de folletos, dos documentos que se deberán xuntar e dos supostos en que a información contida no folleto se poida incorporar por referencia.

#### Artigo 38. *Responsabilidade do folleto.*

1. A responsabilidade da información que figura no folleto deberá recaer, ao menos, sobre o emisor, o oferente ou a persoa que solicita a admisión a negociación nun mercado secundario oficial e os administradores dos anteriores.

Así mesmo, serán responsables os seguintes suxeitos:

- a) O garante dos valores en relación coa información que debe elaborar.
- b) A entidade directora respecto dos labores de comprobación que realice.
- c) Aqueloutras persoas que acepten asumir responsabilidade polo folleto, sempre que así conste no dito documento e aqueloutras non incluídas entre as anteriores que autorizasen o contido do folleto.

Estableceranse regulamentariamente as condicións que rexen a responsabilidade das persoas mencionadas neste punto.

2. As persoas responsables da información que figura no folleto estarán claramente identificadas no folleto co seu nome e cargo no caso de persoas físicas ou, no caso de persoas xurídicas, coa súa denominación e domicilio social. Así mesmo, deberán declarar que, ao seu entender, os datos do folleto son conformes coa realidade e non se omite nel ningún feito que pola súa natureza poida alterar o seu alcance.

3. De acordo coas condicións que se determinen regulamentariamente, todas as persoas indicadas nos puntos anteriores, segundo o caso, serán responsables de todos os danos e perdas que se lles ocasionasen aos titulares dos valores adquiridos como consecuencia das informacións falsas ou as omisións de datos relevantes do folleto ou do documento que, de ser o caso, deba elaborar o garante.

A acción para exixir a responsabilidade prescribirá aos tres anos desde que o reclamante puidese ter coñecemento da falsidade ou das omisións en relación co contido do folleto.

4. Non se poderá exixir ningunha responsabilidade ás persoas mencionadas nos puntos anteriores sobre a base do resumo ou sobre a súa tradución, a menos que sexa enganoso, inexacto ou incoherente en relación coas demais partes do folleto, ou non

proporcione, lido xunto coas outras partes do folleto, información fundamental para axudar os investidores á hora de determinar se invisten ou non nos valores.

Artigo 39. *Validez transfronteiriza do folleto.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 40, o folleto aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como os seus suplementos, serán válidos para a admisión a negociación en calquera outro Estado membro da Unión Europea, sempre que a Comisión Nacional do Mercado de Valores o notifique á Autoridade Europea de Valores e Mercados e á autoridade competente de cada Estado membro de acollida, de conformidade co establecido regulamentariamente.

2. Así mesmo, sen prexuízo do disposto no mencionado artigo 40, o folleto aprobado pola autoridade competente do Estado de orixe, así como os seus suplementos, serán válidos para a admisión a negociación en España, sempre que a dita autoridade competente o notifique á Autoridade Europea de Valores e Mercados e á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Neste caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores absterase de aprobar o dito folleto ou de realizar ningún procedemento administrativo en relación con el.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará na súa páxina web unha lista cos certificados de aprobación de folletos e dos seus posibles suplementos, así como un enlace, se procede, coa publicación deses documentos no sitio web da autoridade competente do Estado membro da Unión Europea de orixe, ou no sitio web do emisor, ou no sitio web do mercado regulado.

Artigo 40. *Medidas preventivas.*

1. Cando España sexa Estado membro de acollida, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá informar a autoridade competente do Estado membro da Unión Europea de orixe e a Autoridade Europea de Valores e Mercados se observa que o emisor ou as entidades financeiras encargadas da oferta pública cometeron irregularidades, ou se observa violacións das obrigacións do emisor derivadas da admisión a cotización nun mercado secundario oficial.

2. No caso de que, malia as medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe da Unión Europea ou debido a que tales medidas resultasen inadecuadas, o emisor ou a entidade financeira encargada da oferta pública persista na violación das oportunas disposicións legais ou regulamentarias, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe e a Autoridade Europea de Valores e Mercados, adoptará todas as medidas pertinentes para protexer os investidores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará inmediatamente a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre as medidas adoptadas.

## CAPÍTULO II

### **Emisións de obrigacións ou outros valores que recoñezan ou creen débeda**

Artigo 41. *Exención de requisitos.*

1. O disposto neste artigo será de aplicación a todas as emisións de obrigacións ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda emitidos por sociedades españolas sempre que:

a) Vaian ser obxecto de admisión a negociación nun mercado secundario oficial ou obxecto dunha oferta pública de venda respecto da cal se exixa a elaboración dun folleto suxeito a aprobación e rexistro pola Comisión Nacional do Mercado de Valores nos termos dispostos no capítulo anterior, ou

b) Vaian ser obxecto de admisión a negociación nun sistema multilateral de negociación establecido en España.

Entenderanse incluídas no parágrafo anterior, sempre que cumpran o disposto nel, as emisións de obrigacións ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda previstas no título XI do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Non terán a consideración de obrigacións ou doutros valores que recoñecen ou crean débeda os valores participativos a que se refire o artigo 7.1, último parágrafo, tales como as obrigacións convertibles en accións, coa condición de que sexan emitidas polo emisor das accións subxacentes ou por unha entidade que pertenza ao grupo do emisor.

2. Non será necesario outorgar escritura pública para a emisión dos valores a que se refire este artigo.

A publicidade de todos os actos relativos ás emisións de valores a que se refire o punto 1.a) rexeráse polo disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

A publicidade de todos os actos relativos ás emisións de valores a que se refire o punto 1.b) efectuarase a través dos sistemas establecidos para tal fin polos sistemas multilaterais de negociación.

3. Para as emisións a que se refire o punto 1.a), as condicións de cada emisión, así como a capacidade do emisor para formalizalas, cando non fosen reguladas pola lei, someteranse ás cláusulas contidas nos estatutos sociais do emisor e rexeráse polo previsto no acordo de emisión e no folleto informativo.

4. Para as emisións a que se refire o punto 1.b), as condicións exixidas legalmente para a emisión e as características dos valores faranse constar en certificación expedida polas persoas facultadas conforme a normativa vixente. Esta certificación considerárase apta para dar de alta os valores en anotacións na conta conforme o disposto no artigo 7.

*Artigo 42. Ámbito de aplicación do sindicato de obrigacionistas.*

O título XI, capítulo IV, do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, será de aplicación ás emisións de obrigacións ou outros valores que recoñezan ou creen débeda e que teñan a condición de oferta pública de subscripción cando:

a) Os seus termos e condicións estean rexidos polo ordenamento xurídico español ou polo ordenamento xurídico dun Estado que non sexa membro da Unión Europea nin pertencente á Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos, e

b) Teñan lugar en territorio español ou a súa admisión a negociación se produza nun mercado secundario oficial español ou nun sistema multilateral de negociación establecido en España.

## TÍTULO IV

### Mercados secundarios oficiais de valores

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

*Artigo 43. Definición.*

1. Son mercados regulados aqueles sistemas multilaterais que permiten reunir os diversos intereses de compra e venda sobre instrumentos financeiros para dar lugar a contratos con respecto aos instrumentos financeiros admitidos a negociación, e que están autorizados e funcionan de forma regular, conforme o previsto neste capítulo e nas súas



normas de desenvolvemento, con suxeición, en todo caso, a condicións de acceso, admisión a negociación, procedementos operativos, información e publicidade.

2. Os mercados regulados españois reciben a denominación de mercados secundarios oficiais. Para tales efectos, consideraranse mercados secundarios oficiais de valores os seguintes:

- a) As bolsas de valores.
- b) O mercado de débeda pública en anotacións.
- c) Os mercados de futuros e opcións, calquera que sexa o tipo de activo subxacente, financeiro ou non financeiro.
- d) O mercado de renda fixa, AIAF.
- e) Calquera outro, de ámbito estatal que, cumprindo os requisitos previstos no punto 1, se autorice no marco das previsións desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, así como aqueles de ámbito autonómico que autoricen as comunidades autónomas con competencia na materia.

3. Nos termos previstos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, poderán negociarse nos mercados secundarios oficiais valores e outros instrumentos financeiros que polas súas características sexan aptos para iso.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá actualizada e enviará á Autoridade Europea de Valores e Mercados e aos restantes Estados membros da Unión Europea a lista dos mercados secundarios oficiais, comunicando igualmente calquera modificación da lista.

#### Artigo 44. *Autorización.*

1. Para dar comezo á súa actividade, os mercados secundarios oficiais deberán obter a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. O prazo para resolver o procedemento de autorización será de seis meses desde que a solicitude ou, de ser o caso, a información que complete a documentación requirida, tivese entrada no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores. En ausencia de resolución expresa no dito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará ao Ministerio de Economía e Competitividade a apertura do procedemento de autorización, con indicación dos elementos esenciais do expediente que se vai tramitar, e a súa finalización, sinalando o sentido da resolución adoptada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Desenvolveranse regulamentariamente as normas precisas para a aplicación deste artigo.

#### Artigo 45. *Requisitos para obter a autorización.*

1. Os mercados secundarios oficiais deberán cumprir os seguintes requisitos para obter a autorización:

- a) Designar unha sociedade reitora, que terá a forma de sociedade anónima e cuxas funcións básicas serán a administración e xestión do mercado, así como a supervisión do seu funcionamento.
- b) Presentar o proxecto de estatutos sociais da sociedade reitora.
- c) Elaborar un programa de actividades en que se detallen a estrutura organizativa do mercado, os instrumentos financeiros susceptibles de ser negociados nel e os servizos que pretende prestar a sociedade reitora.
- d) Que os membros do consello de administración da sociedade reitora e as persoas que efectivamente vaian dirixir as actividades e as operacións do mercado teñan unha recoñecida honorabilidade comercial e profesional e conten con coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións.
- e) Que os accionistas que vaian ter unha participación significativa na sociedade reitora do mercado sexan idóneos, de acordo co establecido no artigo 182.

f) Que a sociedade reitora dispoña do capital social mínimo e dos recursos propios mínimos que se establezan regulamentariamente, atendendo á necesidade de asegurar o seu funcionamento ordenado e tendo en conta a natureza e o alcance das operacións que nel se realizan e o tipo e o grao de risco a que se expón.

g) Elaborar un proxecto de regulamento de mercado que conterà, como mínimo, as regras aplicables en materia de negociación de instrumentos financeiros, emisores, membros, réxime de garantías, clases de operacións, negociación, regras sobre compensación, liquidación e rexistro de transaccións, distribución de dividendos e outros eventos corporativos, supervisión e disciplina do mercado e medidas de carácter organizativo relativas, entre outras materias, aos conflitos de interese e á xestión de riscos. Así mesmo, deberá preverse a consulta aos emisores de instrumentos financeiros admitidos a negociación no mercado e aos membros do mercado cando se propoña unha modificación substancial do seu regulamento.

2. Coas excepcións que regulamentariamente se sinalen, a modificación dos estatutos sociais da sociedade reitora ou do regulamento do mercado requirirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Desenvolveranse regulamentariamente as normas precisas para a aplicación deste artigo.

#### Artigo 46. *Condicións de exercicio.*

Para conservar a autorización, os mercados secundarios oficiais deberán cumprir en todo momento os requisitos establecidos no artigo anterior, así como as disposicións contidas neste capítulo.

#### Artigo 47. *Nomeamento de conselleiros e directivos.*

1. Unha vez recibida a autorización para dar comezo á actividade, os sucesivos nomeamentos de membros do consello de administración e daqueles que exerzan cargos de dirección na sociedade reitora deberán ser aprobados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, pola comunidade autónoma con competencia na materia, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos do artigo 152.1, letras f e g).

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores oporase aos cambios propostos cando existan razóns obxectivas e demostrables para crer que supoñen unha ameaza significativa para a xestión e o funcionamento adecuado e prudente do mercado. Entenderanse aceptados os novos nomeamentos se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se pronuncia no prazo de tres meses desde a recepción da comunicación.

#### Artigo 48. *Participacións en sociedades que administren mercados secundarios oficiais ou mercados regulados fóra de España.*

1. A participación, directa ou indirecta, no capital das sociedades que administren mercados secundarios oficiais españois quedará suxeita ao réxime de participacións significativas previsto no capítulo IV do título V para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen. En todo caso, entenderase que terá tal carácter calquera participación que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o 1 por cento do capital ou dos dereitos de voto da sociedade ou a que, sen chegar a esa porcentaxe, permita exercer unha influencia notable na sociedade, nos termos que se determinen regulamentariamente.

Sen prexuízo das facultades de se opor a unha participación significativa nos termos previstos no artigo 176, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderase opor á adquisición dunha participación significativa no capital social daquelas sociedades cando xulgue que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou para evitar distorsións neles, así como, no caso de adquirentes de terceiros Estados, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe. A Comisión Nacional do

Mercado de Valores comunicará ao Ministerio de Economía e Competitividade a súa oposición á adquisición da participación significativa e as razóns en que se fundamente.

2. A participación, directa ou indirecta, de sociedades que administren mercados secundarios oficiais españois noutras sociedades que xestionen mercados regulados fóra de España requirirá a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, quen disporá do prazo de dous meses contado desde a data en que foi informada para, de ser o caso, oporse á participación. Se a Comisión non se pronuncia no dito prazo, entenderase que acepta a solicitude.

#### Artigo 49. *Revogación da autorización.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá revogar a autorización concedida a un mercado secundario oficial cando se dea algún destes supostos:

- a) Que o mercado non faga uso da autorización nun prazo de doce meses ou renuncie expresamente a ela.
- b) Por falta de actividade no mercado durante os seis meses anteriores á revogación.
- c) Que obtivese a autorización valéndose de declaracións falsas ou de calquera outro medio irregular.
- d) Que deixe de cumprir os requisitos a que estaba supeditada a concesión da autorización.
- e) Que incorra nunha infracción moi grave, de acordo co previsto no título VIII.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará a revogación da autorización ao Ministerio de Economía e Competitividade. Toda revogación dunha autorización será notificada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

3. Desenvolveranse regulamentariamente as normas precisas para a aplicación deste artigo.

#### Artigo 50. *Substitución da sociedade reitora.*

1. A substitución da sociedade reitora do mercado secundario oficial estará suxeita á autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. O prazo para resolver o procedemento será de tres meses desde a presentación da solicitude ou desde que se complete a documentación requirida. En ausencia de resolución expresa no dito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará ao Ministerio de Economía e Competitividade a apertura do procedemento de autorización, con indicación dos elementos esenciais do expediente que se vai tramitar, e a súa finalización, sinalando o sentido da resolución adoptada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

## CAPÍTULO II

### **Dos mercados secundarios oficiais en particular**

#### Artigo 51. *Mercados secundarios oficiais de ámbito autonómico.*

1. No caso de mercados de ámbito autonómico, a autorización a que se refire o artigo 44 será concedida pola comunidade autónoma con competencias na materia.

2. Coas excepcións que regulamentariamente se sinalen, a modificación dos estatutos sociais da sociedade reitora ou do regulamento do mercado requirirá a aprobación previa da comunidade autónoma con competencia na materia, no caso de mercados de ámbito autonómico.

3. No caso de mercados de ámbito autonómico, a autorización para a substitución da sociedade reitora dun mercado secundario oficial de ámbito autonómico será concedida pola comunidade autónoma con competencias na materia.

4. As comunidades autónomas con competencias na materia poderán establecer as medidas organizativas adicionais que consideren oportunas respecto dos mercados de ámbito autonómico.

#### *Sección 1.ª Das bolsas de valores*

##### *Artigo 52. Creación.*

A creación de bolsas de valores corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co disposto no artigo 44, salvo no caso de que se trate de bolsas de valores situadas no territorio de comunidades autónomas cuxos estatutos de autonomía lles recoñezan competencia para o efecto. Neste caso, a creación de bolsas de valores corresponderá ás ditas comunidades autónomas.

##### *Artigo 53. Obxecto.*

1. As bolsas de valores terán por obxecto a negociación daquelas categorías de valores negociables e outros instrumentos financeiros, dos previstos no artigo 2 que polas súas características sexan aptas para iso de acordo co disposto no regulamento do mercado, segundo o establecido no artigo 45.

2. Poderán negociarse nas bolsas de valores, nos termos establecidos no seu regulamento, instrumentos financeiros admitidos a negociación noutro mercado secundario oficial. Neste caso deberase prever, de ser o caso, a necesaria coordinación entre os sistemas de rexistro, compensación e liquidación respectivos.

##### *Artigo 54. Sociedade reitora.*

1. As bolsas de valores estarán rexidas e administradas por unha sociedade reitora, segundo o disposto no artigo 45, que será responsable da súa organización e funcionamento internos, e será titular dos medios necesarios para iso, e este será o seu obxecto social principal.

2. As sociedades reitoras poderán desenvolver outras actividades complementarias, ben que non terán a condición legal de membros das correspondentes bolsas de valores nin poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas nos artigos 140 e 141.

3. As sociedades reitoras terán un capital social representado mediante accións nominativas e deberán contar necesariamente cun consello de administración composto por non menos de cinco persoas e con, ao menos, un director xeral.

4. As comunidades autónomas con competencias na materia e respecto ás bolsas de valores de ámbito autonómico poderán establecer para aquelas a organización que consideren oportuna.

##### *Artigo 55. Membros.*

Poderán adquirir a condición de membros das bolsas de valores as entidades que cumpran o previsto no artigo 69.

##### *Artigo 56. Sistema de interconexión bolsista.*

1. As bolsas de valores establecerán un sistema de interconexión bolsista de ámbito estatal, integrado a través dunha rede informática, en que se negociarán aqueles valores que acorde a Comisión Nacional do Mercado de Valores, de entre os que estean previamente admitidos a negociación en, ao menos, dúas bolsas de valores, por solicitude da entidade emisora e logo de informe favorable da Sociedade de Bolsas a que se refire o artigo seguinte, conforme o que se estableza regulamentariamente.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispor que a integración dunha emisión de valores no Sistema de interconexión bolsista implique a súa negociación

exclusiva a través del e poderá exixir, como requisito previo, a súa incorporación nun depositario central de valores.

#### Artigo 57. *A Sociedade de Bolsas.*

1. A xestión do sistema de interconexión bolsista corresponderá á Sociedade de Bolsas, que estará constituída polas sociedades reitoras das bolsas de valores existentes en cada momento.

2. A Sociedade de Bolsas será titular dos medios necesarios para o funcionamento do Sistema de interconexión bolsista, e responsable deste, coa consideración de órgano reitor del, e este será o seu obxecto social exclusivo.

3. O capital da Sociedade de Bolsas distribuirase por partes iguais entre as ditas sociedades reitoras e o seu consello de administración estará formado por un representante de cada bolsa e un máis, que actuará como presidente, elixido por maioría entre elas.

4. Os estatutos da Sociedade de Bolsas, as súas modificacións e a designación dos membros do seu consello de administración requirirán a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe das comunidades autónomas con competencias na materia.

#### Artigo 58. *Operacións en bolsa.*

1. Cada unha das operacións bolsistas deberá quedar asignada a unha única bolsa de valores ou, de ser o caso, ao sistema de interconexión bolsista.

2. Determinaranse regulamentariamente os criterios que se seguirán para a dita asignación no caso das operacións en que concorran membros de distintas bolsas.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Do mercado de débeda pública en anotacións*

#### Artigo 59. *Obxecto.*

1. O mercado de débeda pública en anotacións terá por obxecto a negociación de valores de renda fixa representados mediante anotacións na conta emitidos polo Estado, polo Instituto de Crédito Oficial e, por solicitude deles, polo Banco Central Europeo, polos bancos centrais nacionais da Unión Europea, polas comunidades autónomas, por bancos multilaterais de desenvolvemento de que España sexa membro, polo Banco Europeo de Investimentos ou por outras entidades públicas, nos supostos que regulamentariamente se sinalen, así como a negociación doutros instrumentos financeiros, en todos os casos anteriores de acordo co disposto no regulamento do mercado segundo o establecido no artigo 45. En todo caso, os valores deberán axustarse ás especificacións técnicas que se establezan para tal efecto no regulamento do mercado.

2. Os valores admitidos a negociación neste mercado poderán negociarse noutros mercados secundarios oficiais, nos termos que se fixen no regulamento do correspondente mercado.

#### Artigo 60. *Organismo reitor.*

1. O Banco de España terá a consideración de organismo reitor do mercado de débeda pública en anotacións.

2. O Banco de España levará o servizo financeiro dos valores anotados cando así o concerte cos emisores e por conta destes, nos termos que se establezan no regulamento do mercado.

3. A substitución do organismo reitor do mercado de débeda pública en anotacións rexerase polo disposto no artigo 50.

4. O mercado de débeda pública en anotacións rexerase por esta lei e pola súa normativa de desenvolvemento, así como por un regulamento, segundo o disposto no artigo 45.

5. As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear, regular e organizar un mercado autonómico de débeda pública en anotacións que teña por obxecto a negociación de valores de renda fixa emitidos por aquelas e outras entidades de dereito público dentro do seu ámbito territorial.

Artigo 61. *Membros.*

1. Poderán acceder á condición de membros do mercado de débeda pública en anotacións, ademais do Banco de España, as entidades que cumpran os requisitos do artigo 69 desta lei, nos termos establecidos nese artigo e de acordo co que se fixe no regulamento do mercado.

2. Os membros do mercado poderán operar por conta propia ou por conta allea, con representación ou sen ela, conforme o seu estatuto xurídico de actividades.

Artigo 62. *Rexistro dos valores.*

1. O rexistro dos valores negociados no mercado de débeda pública en anotacións corresponderá á Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores a que se refire a disposición adicional sexta, en diante, a Sociedade de Sistemas, e ás súas entidades participantes autorizadas para iso en virtude da súa condición de entidades xestoras do mercado de débeda pública.

2. Poderán ser titulares de conta a nome propio no mercado de débeda pública en anotacións e manter conta como entidades participantes en nome propio no sistema de rexistro da Sociedade de Sistemas, ademais do Banco de España, os sistemas e organismos compensadores e liquidadores dos mercados secundarios oficiais e os sistemas de compensación interbancaria co obxecto de xestionar o sistema de garantías, así como quen cumpra os requisitos que para o efecto se establezan no regulamento do mercado.

Artigo 63. *Entidades xestoras.*

1. Poderán ser entidades xestoras, ademais do Banco de España, os membros do mercado que cumpran os requisitos que para tal efecto se establezan no regulamento do mercado.

2. As entidades xestoras, na súa condición de participantes no sistema de rexistro a cargo da Sociedade de Sistemas, levarán o rexistro dos valores daqueles que non sexan titulares de conta a nome propio no mercado de débeda pública en anotacións, e manterán na Sociedade de Sistemas unha conta global que constituirá en todo momento a contrapartida exacta daqueles.

3. Cando as ditas entidades xestoras teñan a condición adicional de titular de conta a nome propio no mercado de débeda pública, estas últimas contas levaranse na Sociedade de Sistemas con total separación das contas globais mencionadas no punto anterior.

4. Nos termos que se fixen regulamentariamente, o Banco de España poderá acordar cautelarmente a suspensión ou limitación de actividades dos membros do mercado e das entidades xestoras cando, pola súa actuación, xeren un perigo ou causen un grave trastorno ao mercado, aos procedementos de compensación e liquidación ou, nos casos de entidades xestoras, á seguridade xurídica dos valores anotados. Estas medidas serán comunicadas polo Banco de España á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Ministerio de Economía e Competitividade, para que o ministro, de ser o caso, proceda á súa ratificación.

5. Declarado o concurso dunha entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións, o Banco de España poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traspaso dos valores anotados á conta de terceiros doutras entidades xestoras. De igual forma, os titulares dos valores poderán solicitar o seu traslado a outra entidade xestora. Para estes efectos, tanto o xuíz do concurso como a administración

concurral facilitarán o acceso da entidade xestora destinataria á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso, asegurando deste modo o exercicio dos dereitos dos titulares dos valores. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se faga chegar aos titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da súa venda.

6. Se, de conformidade co disposto no artigo 60.3, o Banco de España deixa de ser organismo reitor do mercado, as competencias que se lle atribúen nos puntos 4 e 5 deste artigo corresponderán á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

*Sección 3.<sup>a</sup> Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións representados por anotacións na conta*

**Artigo 64. Creación.**

1. Poderanse crear mercados secundarios oficiais de futuros e opcións, de ámbito estatal, cuxa forma de representación sexa a de anotacións na conta.

2. Corresponderá ao ministro de Economía e Competitividade, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, autorizar a dita creación de conformidade co disposto no artigo 44.

3. No caso de mercados de ámbito autonómico, a autorización da creación do mercado, así como o resto de autorizacións e aprobacións sinaladas neste artigo, corresponderá á comunidade autónoma con competencias na materia.

**Artigo 65. Obxecto.**

1. Os mercados secundarios oficiais de futuros e opcións terán por obxecto os contratos de futuros, de opcións e doutros instrumentos financeiros derivados, calquera que sexa o activo subxacente, definidos pola sociedade reitora do mercado. A sociedade reitora organizará a negociación dos citados contratos.

2. A sociedade reitora do mercado asegurará por medio dunha entidade de contrapartida central, logo de aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a contrapartida en todos os contratos que emita.

**Artigo 66. Membros.**

1. Poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións as entidades a que se refire o artigo 69.

2. Tamén poderán acceder á condición de membro, con capacidade restrinxida exclusivamente á negociación, ben por conta propia ou por conta de entidades do seu grupo, aquelas entidades cuxo obxecto social principal consista no investimento en mercados organizados e reúnan as condicións de medios e solvencia que estableza o regulamento do mercado a que se refire o artigo 68.

3. Nos mercados de futuros e opcións con subxacente non financeiro, poderase determinar regulamentariamente a adquisición da dita condición por outras entidades distintas das anteriormente sinaladas, sempre que reúnan os requisitos de especialidade, profesionalidade e solvencia.

**Artigo 67. Sociedade reitora.**

1. Nos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións existirá, conforme o disposto no artigo 45, unha sociedade reitora, con forma de sociedade anónima, cuxas funcións básicas serán as de organizar, dirixir e supervisar a actividade do mercado.

2. As sociedades reitoras non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas nos artigos 140 e 141, con excepción do disposto nesta lei.

3. A modificación dos estatutos sociais da sociedade reitora requirirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, conforme o disposto no artigo 45, coas excepcións que regulamentariamente se sinalen.

4. A sociedade reitora disporá dun consello de administración con, ao menos, cinco membros e, como mínimo, dun director xeral. Unha vez recibida a autorización inicial, os novos nomeamentos deberán ser aprobados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, pola comunidade autónoma con competencia na materia, para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos do artigo 152.1.f).

#### Artigo 68. *Regulamento interno.*

1. Os mercados secundarios oficiais de futuros e opcións, ademais de se rexeren polas normas previstas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, rexeranse por un regulamento específico, que terá o carácter de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores, cuxa aprobación e modificación se axustará ao procedemento previsto no artigo 45.

2. No citado regulamento detallaranse as clases de membros, con especificación dos requisitos técnicos e de solvencia que deberán reunir en relación coas diversas actividades que desenvolvan no mercado, os contratos propios do mercado, as relacións xurídicas da sociedade reitora e dos membros do mercado cos clientes que actúen no mercado, as normas de supervisión, o réxime de contratación, así como calquera outro aspecto que se precise regulamentariamente.

### CAPÍTULO III

#### Participación nos mercados secundarios oficiais

#### Artigo 69. *Membros dos mercados secundarios oficiais.*

1. O acceso á condición de membro dun mercado secundario oficial rexeráse:

- a) Polas normas xerais establecidas nesta lei,
- b) Polas normas específicas de cada mercado establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento ou polas que, no caso de mercados de ámbito autonómico, establezan as comunidades autónomas con competencia na materia, sempre que se axusten ao disposto neste título, e
- c) Polas condicións de acceso que estipule cada mercado, que deberán en calquera caso ser transparentes, non discriminatorias e baseadas en criterios obxectivos.

2. Poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais as seguintes entidades:

- a) As empresas de servizos de investimento que estean autorizadas para executar ordes de clientes ou para negociar por conta propia.
- b) As entidades de crédito españolas.
- c) As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea que estean autorizadas para executar ordes de clientes ou para negociar por conta propia. O acceso poderá ser a través de calquera dos seguintes mecanismos:

1.º Directamente, establecendo sucursais en España, de conformidade co artigo 169 do título V no caso de empresas de servizos de investimento, ou de conformidade co artigo 12 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, no caso de entidades de crédito.

2.º Facéndose membros remotos do mercado secundario oficial, sen ter que estar establecidos no Estado español, cando os procedementos de negociación ou os sistemas do mercado en cuestión non requiran unha presenza física para a realización de operacións.



d) As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, sempre que, ademais de cumpriren os requisitos previstos no título V para operar en España, na autorización dada polas autoridades do seu país de orixe sexan facultadas para executar ordes de clientes ou para negociar por conta propia. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá denegar ou condicionar o acceso destas entidades aos mercados españois por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe, ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois.

e) A Administración xeral do Estado, actuando a través da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Banco de España.

f) Aqueloutras persoas que, a xuízo da sociedade reitora do mercado secundario oficial correspondente, que terá en conta en particular as especiais funcións do mercado que poidan ser atendidas por aquelas:

- 1.º sexan idóneas,
- 2.º posúan un nivel suficiente de aptitude e competencia en materia de negociación,
- 3.º teñan establecidas, de ser o caso, medidas de organización adecuadas, e
- 4.º dispoñan de recursos suficientes para a función que deben cumprir, tendo en conta os diversos mecanismos financeiros que o mercado secundario oficial pode ter establecido para garantir a correcta liquidación das operacións.

3. A sociedade reitora do mercado comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou á comunidade autónoma con competencias na materia no caso de mercados secundarios oficiais de ámbito autonómico, coa periodicidade que se estableza regulamentariamente, a lista dos seus membros.

4. Os membros do mercado secundario oficial ateranse ás obrigacións previstas nos artigos 209 a 218 e 221 a 224, en relación cos seus clientes cando, actuando por conta destes, executen as súas ordes nun mercado secundario oficial. Non obstante, cando se trate de operacións entre membros, por conta propia e en nome propio, estes non estarán obrigados a se impor mutuamente as obrigacións establecidas nos artigos anteriormente citados.

#### Artigo 70. *Acceso remoto.*

1. O mercado secundario oficial español que pretenda establecer mecanismos noutro Estado membro da Unión Europea para o acceso remoto de membros desde ese Estado deberá comunicarllo á Comisión Nacional do Mercado de Valores quen, no prazo dun mes desde a recepción da comunicación, a remitirá á autoridade competente dese Estado membro e facilitará esa información á Autoridade Europea de Valores e Mercados, en caso de que esta o solicite, de conformidade co procedemento e consonte as condicións previstas no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión. Así mesmo, por petición da dita autoridade competente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará, nun prazo de tempo razoable, a identidade dos membros do mercado secundario oficial establecido naquel Estado.

2. Os mercados regulados doutros Estados membros da Unión Europea poderán establecer en España os mecanismos apropiados para facilitar o acceso e a negociación remota por parte de membros españois, logo de remisión pola autoridade competente dese Estado membro á Comisión Nacional do Mercado de Valores da comunicación do mercado. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar á autoridade competente do Estado de orixe do mercado regulado a remisión, nun prazo razoable, da identidade dos membros do mercado regulado.

Artigo 71. *Operacións dos membros por conta allea.*

1. Quen teña a condición de membro dun mercado secundario oficial estará obrigado a executar, por conta dos seus clientes, as ordes que reciba deles para a negociación de valores no correspondente mercado.

2. Non obstante, poderá subordinar o cumprimento da referida obrigaón:

a) En relación con operacións de contado, a que o ordenante acredite a titularidade dos valores ou a que faga entrega dos fondos destinados a pagar o seu importe.

b) En relación coas operacións a prazo, a que o ordenante achegue as garantías ou coberturas que coide convenientes que, como mínimo, deberán ser as que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente.

3. Nas operacións que realicen por conta allea, os membros dos mercados secundarios oficiais de valores responderán ante os seus comitentes da entrega dos valores e do pagamento do seu prezo.

Artigo 72. *Operacións dos membros por conta propia.*

Quen teña a condición de membro dun mercado secundario oficial non poderá operar por conta propia con quen non teña esa condición sen que quede constancia explícita, por escrito, de que este último coñeceu tal circunstancia antes de concluír a correspondente operación.

Artigo 73. *Xestión de conflitos de interese dos membros dos mercados secundarios oficiais.*

1. Quen teña a condición de membro dun mercado secundario oficial deberá manifestar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores aquelas vinculacións económicas e relacións contractuais con terceiros que, na súa actuación por conta propia ou allea, poidan suscitar conflitos de interese con outros clientes.

2. Con suxeición aos criterios xerais que se establezan regulamentariamente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará os casos e a forma en que tales vinculacións ou relacións se deberán facer públicas.

Artigo 74. *Tarifas dos membros.*

1. Os membros dun mercado secundario oficial fixarán libremente as retribucións que perciban pola súa participación na negociación de valores.

2. Non obstante o previsto no punto anterior, o Goberno poderá establecer retribucións máximas para as operacións cuxa contía non exceda unha determinada cantidade e para aquelas que se fagan en execución de resolucións xudiciais. A publicación e comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, no caso do mercado de débeda pública en anotacións, ao Banco de España, das correspondentes tarifas de retribucións máximas será requisito previo para a súa aplicación.

Artigo 75. *Desenvolvemento da actividade dos membros.*

1. O Goberno, co fin de protexer o interese dos investidores e o bo funcionamento dos mercados, poderá:

a) Establecer que as relacións entre membros dun mercado secundario oficial con terceiros referentes á negociación de valores se formalicen en contratos por escrito, subscribidos polas partes e con entrega dun exemplar a cada unha delas.

b) Ditar as normas precisas para asegurar que os contratos a que se refire a letra anterior reflectan, de forma explícita e con necesaria claridade, os compromisos contraídos polas partes e os dereitos destas ante as eventualidades propias de cada operación. Para tal efecto, poderá determinar as cuestións ou eventualidades que os contratos referentes

a operacións típicas deberán tratar ou prever de forma expresa, exixir a utilización de modelos para eles e impor algunha modalidade de control administrativo sobre os ditos modelos.

c) Regular os documentos acreditativos da execución das operacións nos mercados secundarios oficiais que teñan que ser entregados a terceiros polos membros daqueles.

d) Determinar a forma e o contido dos documentos que, nas relacións entre membros dun mercado secundario oficial e entre estes e os organismos reitores ou os sistemas de compensación e liquidación do correspondente mercado, acreditarán as diversas fases da negociación de valores.

2. O Goberno poderá habilitar o ministro de Economía e Competitividade para desenvolver as normas que estableza en aplicación deste artigo. Con referencia ao previsto na letra d) do punto anterior, a dita habilitación poderase estender á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, no caso do mercado de débeda pública en anotacións, ao Banco de España.

3. As previsións contidas nos puntos anteriores resultarán tamén de aplicación aos mercados secundarios non oficiais.

#### CAPÍTULO IV

##### **Negociación e operacións nun mercado secundario oficial**

*Artigo 76. Admisión a negociación nun mercado secundario oficial.*

1. A admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais requirirá a verificación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores do cumprimento dos requisitos e procedemento establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento. No caso dos valores negociables nas bolsas de valores, a dita verificación será única e válida para todas elas. A admisión a negociación en cada un dos mercados secundarios oficiais requirirá, ademais, o acordo do organismo reitor do correspondente mercado, por solicitude do emisor, quen poderá solicitalo, baixo a súa responsabilidade, unha vez emitidos os valores ou constituídas as correspondentes anotacións.

2. Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento para a admisión de valores a negociación nos mercados secundarios oficiais de valores, así como a publicidade que se deba dar aos acordos de admisión. Os requisitos poderanse establecer de forma diferenciada para as distintas categorías de valores ou mercados. Do mesmo modo se determinarán os requisitos e o procedemento de permanencia dos valores en caso de escisión de sociedades.

3. Non obstante o disposto no punto 1, os valores emitidos polo Estado e polo Instituto de Crédito Oficial considéranse admitidos de oficio a negociación no mercado de débeda pública en anotacións ou, de ser o caso, nos demais mercados secundarios oficiais conforme o que se determine na emisión. Os valores emitidos polas comunidades autónomas entenderanse admitidos a negociación en virtude da mera solicitude do emisor. En todos os supostos anteriores se deberán, non obstante, axustar ás especificacións técnicas do mercado en cuestión, conforme o disposto no punto anterior.

4. As competencias recollidas nos puntos anteriores corresponderán ás comunidades autónomas con competencias na materia, respecto aos valores negociados exclusivamente en mercados de ámbito autonómico e logo de cumprimento de requisitos específicos exixidos nos ditos mercados.

*Artigo 77. Especialidades na admisión á negociación nun mercado secundario oficial desde un sistema multilateral de negociación.*

1. As entidades cuxas accións pasen de ser negociadas nun sistema multilateral de negociación a selo nun mercado secundario oficial, durante un período transitorio máximo de dous anos, non estarán obrigadas a cumprir coas obrigacións seguintes:

- a) A publicación e difusión do segundo informe financeiro semestral, contida no artigo 119.2.
- b) A publicación e difusión da declaración intermedia de xestión, contida no artigo 120.

2. Para acollerse á exención prevista no punto anterior, o folleto de admisión a negociación no mercado secundario oficial deberá especificar a intención da entidade de acollerse total ou parcialmente a ela, determinando a súa duración. Esta indicación terá a consideración de información necesaria para os efectos do artigo 37.1.

3. Cando a capitalización das accións que estean sendo negociadas exclusivamente nun sistema multilateral de negociación supere os cincocentos millóns de euros durante un período continuado superior a seis meses, a entidade emisora deberá solicitar a admisión a negociación nun mercado regulado no prazo de nove meses. A entidade reitora do sistema multilateral de negociación velará polo cumprimento desta obrigaición.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá fixar os termos en que se eximirán da obrigaición anterior as sociedades de natureza estritamente financeira ou de investimento, como as reguladas pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, a Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou a Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

4. Nos supostos previstos neste artigo, a entidade non estará obrigada a levar a cabo medidas que teñan por obxecto evitar unha perda dos accionistas en termos de liquidez dos valores.

*Artigo 78. Normas adicionais establecidas polos mercados para a admisión de instrumentos financeiros a negociación.*

1. Sen prexuízo das obrigaicións contidas no artigo 76, os mercados deberán establecer normas claras e transparentes en relación coa admisión a negociación de instrumentos financeiros, que aseguren que estes poidan ser negociados de modo correcto, ordenado e eficiente e, cando se trate de valores negociables, que sexan libremente transmisibles. No caso dos instrumentos financeiros derivados, as normas garantirán, en particular, que a formulación do contrato obxecto de negociación permita unha correcta formación de prezos, así como a existencia de condicións efectivas de liquidación.

O disposto neste punto deberá aplicarse de acordo co establecido nos artigos 35, 36 e 37 do Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

2. Os mercados deberán dispor de mecanismos eficaces para:
  - a) Comprobar que os emisores de valores negociables admitidos a negociación no mercado cumpran todas as súas obrigaicións legais con respecto á difusión de información,
  - b) Facilitar aos seus membros o acceso á información publicada en virtude desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, e
  - c) Comprobar periodicamente que os instrumentos financeiros admitidos a negociación cumpren en todo momento os requisitos de admisión.

3. Un instrumento financeiro que fose admitido a negociación nun mercado secundario oficial ou nun mercado regulado doutro Estado membro poderá ser admitido posteriormente a negociación noutro mercado secundario oficial, mesmo sen o consentimento do emisor e de conformidade co disposto, en materia de admisión a negociación, nesta lei e no Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exigible para tales efectos.

O mercado secundario oficial deberá informar o emisor desta circunstancia. O emisor non estará obrigado a facilitar directamente a información requirida no punto 2 a ningún mercado secundario oficial que admitise os instrumentos financeiros a negociación sen o seu consentimento. Nestes casos, será a sociedade reitora do propio mercado a que deberá contar cos medios necesarios para obter e difundir esa información.

*Artigo 79. Obrigacións en materia de abuso de mercado.*

As sociedades reitoras supervisarán as operacións realizadas polos membros do mercado con obxecto de detectar infraccións das normas do mercado ou anomalías nas condicións de negociación ou de actuación que poidan supor abuso de mercado. Para tal efecto, as sociedades reitoras deberán:

- a) Comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores toda infracción significativa das súas normas e toda anomalía nas condicións de negociación ou de actuación que poida supor abuso de mercado,
- b) Facilitar de inmediato a información pertinente á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a investigación e persecución do abuso de mercado cometido no mercado, e
- c) Prestar plena asistencia na investigación e na persecución do abuso de mercado cometido en ou mediante os sistemas do mercado.

*Artigo 80. Suspensión da negociación de instrumentos financeiros.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender a negociación dun instrumento financeiro nos mercados secundarios oficiais españois en que estea admitido cando concorran circunstancias especiais que poidan perturbar o normal desenvolvemento das operacións sobre ese instrumento financeiro ou que aconsellen a dita medida en prol da protección dos investidores. Esta competencia corresponderá á comunidade autónoma con competencias na materia, respecto aos instrumentos financeiros negociados exclusivamente en mercados do seu ámbito autonómico.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facer público inmediatamente o acordo de suspensión e informar a Autoridade Europea de Valores e Mercados e as autoridades competentes dos demais Estados membros en que se negocie ese instrumento, para que acorden a suspensión da súa negociación nos seus mercados regulados, sistemas multilaterais de negociación e internalizadores sistemáticos baixo a súa supervisión, salvo cando se poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando o considere procedente, comunicará a decisión de suspensión ás autoridades de terceiros Estados a cuxos mercados poida afectar a decisión.

Do mesmo modo, cando a autoridade competente doutro Estado membro lle comunique á Comisión Nacional do Mercado de Valores un acordo de suspensión, esta acordará a suspensión da negociación do dito instrumento financeiro nos mercados secundarios oficiais, nos sistemas multilaterais de negociación españois e nos internalizadores sistemáticos baixo a súa supervisión, salvo que se poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

3. Así mesmo, a sociedade reitora dun mercado secundario oficial poderá suspender a negociación dun instrumento financeiro que deixe de cumprir as normas do mercado de acordo coas condicións previstas no regulamento do mercado, salvo no caso de que tal decisión poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado. En todo caso, inmediatamente despois de adoptar a decisión deberá comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores e facela pública. De conformidade co sinalado no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará debidamente disto as autoridades competentes dos demais Estados membros.

4. As entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación e as entidades a que se refire o capítulo III do título X estarán obrigadas a suspender a negociación dun instrumento financeiro desde o momento en que se faga público o acordo de suspensión.

Artigo 81. *Exclusión de negociación.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar a exclusión da negociación daqueles instrumentos financeiros que non alcancen os requisitos de difusión, frecuencia ou volume de contratación que regulamentariamente se establezan, e daqueles outros cuxo emisor non cumpra as obrigacións que lle incumban, en especial en materia de remisión e publicación de información, así como das sociedades en que se abra a fase de liquidación de acordo coa Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, ou que se encontren en fase de liquidación societaria, de conformidade co previsto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar, tales acordos tomaranse logo de audiencia da entidade emisora, salvo naqueles casos en que a exclusión se acorde con motivo da apertura da fase de liquidación concursal, ou por encontrarse a sociedade en fase de liquidación societaria.

Esta competencia corresponderá á Comunidade Autónoma con competencias na materia, respecto aos instrumentos financeiros negociados exclusivamente en mercados do seu ámbito autonómico.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facer público inmediatamente o acordo de exclusión e informar a Autoridade Europea de Valores e Mercados e as autoridades competentes dos demais Estados membros en que se negocie ese instrumento, para que acorden a exclusión da súa negociación nos seus mercados regulados, sistemas multilaterais de negociación e internalizadores sistemáticos baixo a súa supervisión, salvo cando se poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando o xulgue procedente, comunicará o acordo de exclusión ás autoridades de terceiros Estados a cuxos mercados poida afectar a decisión.

Do mesmo modo, cando a autoridade competente doutro Estado membro lle comunique á Comisión Nacional do Mercado de Valores un acordo de exclusión, esta excluírá da negociación o dito instrumento financeiro nos mercados secundarios oficiais, nos sistemas multilaterais de negociación españois e nos internalizadores sistemáticos baixo a súa supervisión, salvo que poida causarse prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

3. Así mesmo, a sociedade reitora dun mercado secundario oficial poderá excluír da negociación un instrumento financeiro que deixe de cumprir as normas do mercado de acordo coas condicións previstas no regulamento do mercado, salvo no caso de que tal decisión poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado. En todo caso, inmediatamente despois de adoptar a decisión deberá comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores e facela pública. De conformidade co sinalado no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará debidamente disto as autoridades competentes dos demais Estados membros.

4. As entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación e as demais entidades a que se refire o capítulo III do título X estarán obrigadas a excluír da negociación o instrumento financeiro desde o momento en que se faga público o acordo de exclusión.

Artigo 82. *Exclusión de negociación voluntaria.*

1. A exclusión da negociación dun instrumento financeiro nun mercado secundario oficial poderá tamén ser solicitada pola entidade emisora.

Asimilaranse á exclusión de negociación aquelas operacións societarias en virtude das cales os accionistas da sociedade cotizada se poidan converter, total ou parcialmente, en socios doutra entidade non cotizada.

2. Cando unha sociedade acorde a exclusión de negociación das súas accións nos mercados secundarios oficiais, deberá promover unha oferta pública de adquisición dirixida a todos os valores afectados pola exclusión.

3. O acordo de exclusión e os relativos á oferta e ao prezo ofrecido deberán ser aprobados pola xunta xeral de accionistas.

Ao tempo da convocatoria dos órganos sociais que deban aprobar a oferta, porase á disposición dos titulares dos valores afectados un informe dos administradores en que se xustifique detalladamente a proposta e o prezo ofrecido.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispensar da obrigaición de formular unha oferta pública de adquisición naqueles supostos en que mediante outro procedemento equivalente se asegure a protección dos lexítimos intereses dos titulares de accións afectadas pola exclusión, así como dos correspondentes aos titulares das obrigaicións convertibles e demais valores que dean dereito á súa subscripción.

5. En caso de oferta previa á exclusión de negociación, o límite de adquisición de accións propias establecido no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, para as sociedades cotizadas nun mercado secundario oficial será o 20 por cento do capital social. Se como consecuencia da realización da oferta, as accións propias superasen este límite deberán ser amortizadas ou alleadas no prazo dun ano.

6. Estableceranse regulamentariamente as condicións para a fixación do prezo e demais requisitos das ofertas públicas previstas neste punto.

#### Artigo 83. *Operacións.*

1. Terán a consideración de operacións dun mercado secundario oficial de valores as transmisións por título de compravenda ou outros negocios onerosos de cada mercado, cando se realicen sobre valores negociables ou outros instrumentos financeiros admitidos a negociación nel e se efectúen nese mercado con suxeición ás súas regras de funcionamento.

2. As transmisións a título oneroso diferentes das previstas no punto anterior e as transmisións a título lucrativo de valores ou instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado secundario oficial non terán a consideración de operacións deste.

#### Artigo 84. *Préstamo de valores.*

1. Sen prexuízo doutras modalidades de préstamo, poderase levar a cabo o préstamo de valores negociados nun mercado secundario oficial cuxa finalidade sexa a disposición deles mesmos para o seu alleamento posterior, para ser obxecto de préstamo ou para servir como garantía nunha operación financeira.

2. O prestatario deberá asegurar a devolución do préstamo mediante a constitución das garantías suficientes. De ser o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará cales deberán ser as ditas garantías.

3. A regra de exigencia de garantías non resultará aplicable aos préstamos de valores resultantes de operacións de política monetaria, nin aos que se fagan con ocasión dunha oferta pública de venda de valores.

4. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá:

a) Fixar límites ao volume de operacións de préstamo ou ás condicións destes, atendendo a circunstancias do mercado.

b) Establecer obrigaicións específicas de información sobre as operacións.

## CAPÍTULO V

**Transparencia na negociación e comunicación de operacións***Artigo 85. Requisitos de transparencia.*

1. Co fin de procurar a transparencia do mercado e a eficiencia na formación dos prezos, os mercados secundarios oficiais estarán obrigados a difundir información de carácter público sobre as operacións sobre accións admitidas a negociación neles en relación coas posicións de compra e venda existentes en cada momento e en relación coas operacións xa concluídas no dito mercado de acordo coas disposicións contidas neste capítulo.

2. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, determinará os requisitos de transparencia aplicables ás operacións efectuadas sobre outros instrumentos financeiros e poderá, se o coida necesario, estender a aplicación dos requisitos de transparencia contidos neste capítulo a outros instrumentos financeiros distintos das accións.

3. En caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores conceda exencións aos requisitos de transparencia previa á negociación en virtude do artigo 86.3, ou de que autorice o aprazamento das obrigacións de transparencia posterior á negociación en virtude do artigo 87.3, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá dispensar o mesmo trato a todos os mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación, sen discriminacións.

4. As disposicións contidas nos artigos deste capítulo deberán aplicarse de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

5. Sen prexuízo da información de carácter público recollida neste capítulo, as comunidades autónomas con competencias na materia e respecto a operacións realizadas no seu ámbito territorial poderán establecer calquera outro deber de información.

*Artigo 86. Requisitos de transparencia previa á negociación.*

1. Os mercados secundarios oficiais farán pública a seguinte información previa á negociación con respecto ás accións admitidas a negociación neles:

- a) Os prezos de compra e venda existentes en cada momento, e
- b) A profundidade das posicións de negociación a eses prezos que se difundan a través dos seus sistemas.

2. A información referida neste artigo deberase pór á disposición do público en condicións comerciais razoables e de forma continua no horario normal de negociación.

3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximir os mercados secundarios oficiais de publicar a información mencionada no punto 1, atendendo ao modelo de mercado ou ao tipo e volume das ordes.

En especial, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá non impor a dita obrigación no caso de operacións de gran volume en comparación co volume estándar de mercado para esas accións ou para ese tipo de accións.

*Artigo 87. Requisitos de transparencia posterior á negociación.*

1. Os mercados secundarios oficiais farán pública a seguinte información, con respecto ás accións admitidas a cotización neles, sobre as operacións xa concluídas:

- a) O prezo,
- b) O volume,
- c) A hora de execución.

2. A información referida neste artigo deberase pór á disposición do público en condicións comerciais razoables e, na medida do posible, en tempo real.



3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar os mercados secundarios oficiais a aprazar a publicación dos datos das operacións realizadas en función do seu tipo ou volume.

En especial, poderán autorizar o aprazamento da publicación no caso de operacións de gran volume en comparación co volume estándar de mercado para esas accións ou para ese tipo de accións. Os mercados secundarios oficiais deberán, nestes casos, obter da Comisión Nacional do Mercado de Valores a aprobación previa dos métodos propostos de información aprazada, e deberán revelar tales métodos de maneira clara aos membros do mercado e ao público investidor.

Artigo 88. *Acceso á información.*

Os mercados secundarios oficiais poderán permitir ás entidades referidas no artigo 331 acceder, en condicións comerciais razoables e de forma non discriminatoria, aos sistemas que empreguen para publicar a información a que se refiren os artigos 86 e 87.

Artigo 89. *Deber de comunicación de operacións á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. As empresas de servizos de investimento e entidades de crédito que executen operacións sobre instrumentos financeiros deberán comunicalas á Comisión Nacional do Mercado de Valores coa maior brevidade posible e, no que se refire aos datos recollidos no artigo 91.1, como máis tarde, ao finalizar o seguinte día hábil ao da súa execución.

2. Esta obrigaición entenderase exixible en todo caso, independentemente do método, medio, mercado ou sistema a través do cal se executasen as operacións.

3. Quedan excluídas desta obrigaición de comunicación as operacións realizadas sobre participacións ou accións de institucións de investimento colectivo non admitidas a negociación nin en mercados regulados nin en sistemas multilaterais de negociación.

Artigo 90. *Procedemento de comunicación.*

1. Os informes sobre as operacións executadas poderán ser comunicados pola propia entidade, por un terceiro que actúe no seu nome, pola sociedade reitora do mercado regulado, ou entidade xestora do sistema multilateral de negociación a través do cal se realizase a operación, ou ben por un sistema de casamento de operacións ou de información aprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Cando as operacións sexan comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores directamente polas sociedades reitoras dos mercados regulados, polas entidades xestoras dos sistemas multilaterais de negociación, ou polos sistemas de casamento de operacións ou de información, a empresa de servizos de investimento ou a entidade de crédito poderá ser eximida da obrigaición sinalada no artigo 81.1.

Artigo 91. *Contido da comunicación.*

1. Os informes terán o contido sinalado no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

2. Adicionalmente, as entidades indicadas no artigo 89.1 deberán facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma, detalle e prazos que se determinen regulamentariamente, a identidade dos clientes por conta dos cales executasen as súas operacións.

3. Habilítase o ministro de Economía e Competitividade para, de ser o caso, establecer requisitos de información adicionais cando se considere necesario para permitir o correcto exercicio das funcións de supervisión que a Comisión Nacional do Mercado de Valores ten encomendadas e sempre que se cumpra un dos seguintes criterios:

a) O instrumento financeiro obxecto do informe teña características específicas que non se inclúan na información exixida polo Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006, ou

b) Os métodos de negociación específicos do sistema de negociación onde se realizou a operación teñan características que non estean incluídas na información exixida polo Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

Artigo 92. *Conservación da información e reenvío.*

1. As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito deberán conservar á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, durante ao menos cinco anos, os datos sinalados neste artigo sobre todas as operacións realizadas.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores asegurase de que os informes que reciba son remitidos, de conformidade co disposto no artigo 245, á autoridade competente do mercado máis importante en termos de liquidez do instrumento financeiro a que se refiran as operacións, cando o dito mercado estea radicado noutro Estado membro da Unión Europea.

Os informes remitidos á Comisión Nacional do Mercado de Valores polas sucursais en España de empresas de servizos de investimento e entidades de crédito doutros Estados membros, de conformidade co establecido no artigo 170.1, serán reenviados por aquela á autoridade competente do Estado de orixe da entidade, a non ser que esta renuncie a recibir a información.

3. A determinación do mercado máis importante en termos de liquidez, a concreción das canles permitidas para enviar os informes, o intercambio de información da Comisión Nacional do Mercado de Valores con outras autoridades competentes e o desenvolvemento das demais cuestións establecidas neste artigo recóllense nos artigos 9 a 14 do Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

## CAPÍTULO VI

### **Compensación, liquidación e rexistro de valores e infraestruturas de poscontratación**

Artigo 93. *Réxime de compensación, liquidación e rexistro de valores.*

1. Determinaranse regulamentariamente os valores negociables cuxas operacións realizadas nos segmentos de contratación multilateral dos mercados secundarios oficiais estarán suxeitas a mecanismos que permitan a súa ordenada liquidación e bo fin mediante a necesaria intervención dunha entidade de contrapartida central.

2. Con obxecto de atender a liquidación das operacións sobre valores executadas en mercados secundarios oficiais, as súas sociedades reitoras subscribirán acordos con ao menos un depositario central de valores e, de ser o caso, cunha ou varias entidades de contrapartida central, sen prexuízo do dereito dos emisores a dispor que os seus valores sexan rexistrados en calquera depositario central de valores de conformidade co artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012, e do dereito dos membros dos mercados secundarios oficiais a designar o sistema de liquidación conforme o establecido no artigo 112 desta lei.

Artigo 94. *Liquidación de operacións.*

1. Os compradores e vendedores de valores negociables admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais quedarán obrigados, conforme as regras do dito mercado, á entrega do efectivo e dos valores negociables desde que as súas respectivas ordes sexan executadas, mesmo cando a súa liquidación efectiva se efectúe con posterioridade.

2. O comprador dos valores negociables admitidos a negociación nun mercado secundario oficial adquirirá a súa titularidade cando aqueles queden anotados ao seu nome nas contas de valores conforme as regras do sistema de rexistro.

3. Os mercados secundarios oficiais determinarán nos seus regulamentos a data teórica de liquidación das operacións executadas e poderán establecer distintas datas en función dos valores negociables por liquidar, dos segmentos de negociación e doutros criterios, de acordo coa normativa europea aplicable e en coordinación, de ser o caso, coas entidades de contrapartida central e cos depositarios centrais de valores que interveñan nos procesos de liquidación.

Artigo 95. *Liquidación de dereitos ou obrigacións de contido económico asociados aos valores.*

1. A entidade emisora comunicará con antelación suficiente á sociedade reitora dos mercados secundarios oficiais en que, á súa solicitude, estean admitidos a negociación os seus valores, así como ao depositario central de valores encargado do seu rexistro, os dereitos ou obrigacións de contido económico que os valores xeren tan pronto como se adoptase o acordo correspondente.

2. Tendo en conta as normas aplicables á contratación, compensación, liquidación e rexistro das operacións sobre os valores admitidos a negociación nos ditos mercados, estas comunicacións deberán especificar as datas relevantes para o recoñecemento, exercicio, cumprimento e pagamento dos correspondentes dereitos e obrigacións.

3. Sen prexuízo do anterior, os beneficios, dereitos ou obrigacións inherentes á titularidade de accións e de valores equivalentes a accións serán por conta e proveito do adquirente desde a data da compra no correspondente mercado secundario oficial, mentres que o serán desde a data de liquidación da correspondente operación de compra no caso dos valores de renda fixa e demais valores non equivalentes a accións. En caso de atrasos ou outras incidencias no proceso de liquidación, poderanse realizar os axustes oportunos sobre a liquidación dos ditos dereitos ou obrigacións.

Artigo 96. *Garantías orientadas a mitigar o risco de liquidación.*

1. Os membros dos mercados secundarios oficiais, os membros das entidades de contrapartida central e as entidades participantes dos depositarios centrais de valores gozarán *ex lege* dun dereito de garantía financeira pignoraticia dos recollidos no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, exclusivamente sobre os valores ou o efectivo resultantes da liquidación de operacións por conta de clientes persoas físicas ou xurídicas cando aquelas entidades tivesen que anticipar o efectivo ou os valores necesarios para atender a liquidación das ditas operacións por incumprimento ou declaración de concurso dos seus clientes.

2. Este dereito de garantía recaerá exclusivamente sobre os valores e o efectivo resultante das operacións non satisfeitas polos clientes e asegurará exclusivamente o importe que as entidades beneficiarias deste dereito tivesen que adiantar para atender a liquidación das citadas operacións, incluíndo, de ser o caso, o prezo dos valores que deberían ter entregado e as eventuais sancións e penalizacións que deberían ter aboado como consecuencia do incumprimento dos seus clientes.

3. A constitución e execución do referido dereito de garantía pignoraticia non requirirá ningunha formalidade, sen prexuízo do deber das entidades beneficiarias de conservar á disposición dos seus clientes a información acreditativa da concorrencia dos requisitos que se recollen neste punto e nos anteriores.

4. Os membros dos mercados secundarios oficiais, en caso de declaración de concurso dalgún dos seus clientes, poderán introducir nos ditos mercados e por conta do concursado ordes de compra ou venda de valores de signo contrario ás operacións contratadas por conta daquel, cando a declaración de concurso se produza estando as ditas operacións en curso de liquidación. Os membros das entidades de contrapartida central e as entidades participantes dos depositarios centrais de valores gozarán do mesmo dereito fronte aos seus clientes, que exercerán solicitando dos membros dos

mercados secundarios oficiais a introdución das ordes de sentido contrario a que se refire este punto.

5. As disposicións dos puntos anteriores enténdense sen prexuízo das medidas de disciplina na liquidación a que se refiren os artigos 6 e 7 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e sen prexuízo das garantías a que se refire esta lei en favor dos mercados secundarios oficiais, depositarios centrais de valores e entidades de contrapartida central, que gozarán de preferencia fronte aos dereitos citados nos puntos anteriores.

*Artigo 97. Réxime xurídico e autorización dos depositarios centrais de valores.*

1. Os depositarios centrais de valores rexeranse polas seguintes disposicións:

a) Polo Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012 e as súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación.

b) Por esta lei e as súas correspondentes normas de desenvolvemento.

c) Con carácter supletorio, polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

d) Por calquera outra disposición do ordenamento interno ou do dereito da Unión Europea que lles resulte aplicable.

2. A autorización como depositario central de valores, a súa revogación e o seu funcionamento cando a dita entidade estea establecida en España, rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, polas disposicións desta lei e por calquera outra normativa española ou europea que lle resulte de aplicación.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade competente responsable da autorización, supervisión e sanción dos depositarios centrais de valores, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

*Artigo 98. Requisitos, obrigacións, facultades e funcións dos depositarios centrais de valores.*

1. Os depositarios centrais de valores que se constitúan en España revestirán a forma de sociedade anónima. Os seus estatutos sociais e as súas modificacións, coas excepcións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. O nomeamento dos membros do consello de administración, directores xerais e asimilados dos depositarios centrais de valores estará suxeito á autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Os depositarios centrais de valores facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos distintos organismos públicos supervisores, no ámbito das súas respectivas competencias, a información sobre as actividades de compensación, liquidación e rexistro nos sistemas xestionados por eles que aqueles lles soliciten, sempre que a dita información estea á súa disposición e de acordo coa normativa aplicable.

3. Os depositarios centrais de valores contarán cos órganos e comités previstos no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

4. Os depositarios centrais de valores poderán externalizar os seus servizos básicos, establecer convenios con entidades de contrapartida central, mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación ou enlaces con outros depositarios centrais de valores, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no regulamento interno a que se refire o artigo 101.

5. Determinaranse regulamentariamente as funcións concretas de seguimento e control que deberán exercer os depositarios centrais de valores sobre as súas entidades

participantes, os requisitos de solvencia exixibles ás súas entidades participantes, os tipos de entidades que poderán acceder á condición de entidade participante, os requisitos de organización contable, medios técnicos, obrigacións específicas de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores e cantos outros aspectos se consideren necesarios para o seu adecuado funcionamento, atendendo, entre outros, a criterios de proporcionalidade en función do seu nivel de actividade.

Artigo 99. *Participación nos depositarios centrais de valores.*

1. A participación, directa ou indirecta, no capital dos depositarios centrais de valores quedará suxeita ao réxime de participacións significativas previsto no capítulo IV do título V para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen, entendéndose que terá, en todo caso, tal carácter calquera participación que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o un por cento do capital ou dos dereitos de voto do depositario central de valores ou a que, sen chegar a esa porcentaxe, permita exercer unha influencia notable nel, nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 176, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse á adquisición ou á transmisión dunha participación significativa no capital do depositario central de valores cando considere que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores ou para evitar distorsións neles, así como por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe do adquirente.

Artigo 100. *Memoria e orzamento dos depositarios centrais de valores.*

1. Os depositarios centrais de valores elaborarán unha memoria na cal deberán detallar a forma en que darán cumprimento aos requisitos técnicos, organizativos, de funcionamento e de xestión de riscos exixidos polo Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, para desempeñar as súas funcións. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán regular o modelo a que deba axustarse a dita memoria. O depositario central de valores manterá actualizada a citada memoria, cuxas modificacións se remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, debidamente motivadas.

2. Os depositarios centrais de valores remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos que regulamentariamente se prevexan, o seu orzamento estimativo anual, no cal se expresarán detalladamente os prezos e comisións que vaian aplicar, así como as posteriores modificacións que introduzan no seu réxime económico. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir ao depositario central de valores a ampliación da documentación recibida e poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira do depositario central de valores, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou os principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos usuarios dos servizos da entidade.

Artigo 101. *Normas internas dos depositarios centrais de valores.*

1. Os depositarios centrais de valores rexeranse por un regulamento interno cuxa aprobación e a das súas modificacións, coas excepcións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España. Este regulamento interno regulará o réxime de funcionamento dos depositarios centrais de valores, os servizos prestados por eles, o seu réxime económico, os procedementos de fixación e comunicación de tarifas, as condicións e principios baixo os cales prestarán os referidos servizos, os rexistros relativos aos servizos prestados e o réxime xurídico das súas entidades participantes. Así mesmo, o regulamento regulará os procedementos para xestionar a entrega de valores e o seu pagamento, a determinación do momento de firmeza das instrucións de liquidación, a política de xestión

de riscos, así como as garantías de todo tipo que poidan ter que constituír as entidades participantes en función das actividades que desenvolvan.

2. O regulamento interno poderá ser desenvolvido mediante circulares aprobadas polo propio depositario central de valores. Estas circulares deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España, nos termos que regulamentariamente se prevexan. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse a elas, así como suspendelas ou deixalas sen efecto cando considere que infrinxen a lexislación aplicable ou prexudican o funcionamento prudente e seguro do depositario central de valores e dos mercados de valores ou a protección dos investidores.

3. O regulamento interno e os estatutos a que se refiren o artigo 98 e o punto 1 deste artigo terán carácter de normas de ordenación e disciplina do mercado de valores, e especificarán as obrigacións e os requisitos organizativos e procedementais necesarios para dar cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán desenvolver a estrutura e o contido mínimo que deba ter o regulamento interno.

*Artigo 102. Regras aplicables en caso de concurso dunha entidade participante nun depositario central de valores.*

1. Unha vez declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas xestionados polos depositarios centrais de valores, estes últimos gozarán de dereito absoluto de separación respecto dos bens ou dereitos en que se materialicen as garantías constituídas polas ditas entidades participantes nos sistemas xestionados polos depositarios centrais de valores. Sen prexuízo do anterior, o sobrante que reste despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa activa do concurso do participante.

2. Unha vez declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas a que se refire este artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España e do FROB, poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado dos seus rexistros contables de valores a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. Se ningunha entidade está en condicións de facerse cargo dos rexistros sinalados, esta actividade será asumida polo depositario central de valores correspondente de modo provisional, até que os titulares soliciten o traslado do rexistro dos seus valores. Para estes efectos, tanto o xuíz do concurso como a administración concursal facilitarán o acceso da entidade a que lle vaian traspasar os valores á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso.

A existencia do procedemento concursal non impedirá que se fagan chegar ao cliente os valores comprados de acordo coas normas do sistema de compensación, liquidación e rexistro ou o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da venda dos valores.

*Artigo 103. Réxime xurídico e autorización das entidades de contrapartida central.*

1. As entidades de contrapartida central rexeranse polas seguintes disposicións:

a) Polo Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións, e as súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación.

b) Por esta lei e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento.

c) Con carácter supletorio, polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

d) Por calquera outra disposición do ordenamento interno ou do dereito da Unión Europea que lles resulte aplicable.

2. A autorización para prestar servizos de compensación en calidade de entidade de contrapartida central, a súa revogación e o seu funcionamento cando as ditas entidades estean establecidas en España, rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, polas disposicións desta lei e por calquera outra normativa que resulte aplicable do ordenamento xurídico ou do dereito da Unión Europea.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade española que desempeñe as actividades de autorización e supervisión das entidades de contrapartida central establecidas en España en aplicación do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

#### Artigo 104. *Requisitos, obrigacións, facultades e funcións das entidades de contrapartida central.*

1. As entidades de contrapartida central deberán revestir a forma de sociedade anónima e deberán estar recoñecidas como sistema para os efectos da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

2. As entidades de contrapartida central non poderán estar autorizadas como depositario central de valores.

3. Para facilitar o exercicio das súas funcións, as entidades de contrapartida central poderán acceder á condición de participante dos depositarios centrais de valores que admitan como tal, de calquera outro sistema de liquidación de valores e instrumentos financeiros ou dun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación, cando cumpran coas condicións que requira cada sistema e sempre que a participación da entidade de contrapartida central nel non comprometa a seguridade nin a solvencia da dita entidade.

4. As entidades de contrapartida central levarán o rexistro contable central correspondente aos instrumentos financeiros compensados, de ser o caso, xunto cos membros autorizados para levar os rexistros de detalle correspondentes aos contratos dos seus clientes.

5. Con suxeición ao disposto nesta lei e na restante normativa nacional ou da Unión Europea que resulte aplicable, a entidade de contrapartida central poderá establecer acordos con outras entidades residentes e non residentes, cuxas funcións sexan análogas ou que xestionen sistemas de compensación e liquidación de valores. Estes acordos, así como os que poida subscribir con mercados ou sistemas multilaterais de negociación, requirirán a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España, e deberán cumprir cos requisitos que se determinen regulamentariamente e no regulamento interno da propia entidade.

#### Artigo 105. *Participación nas entidades de contrapartida central.*

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá desenvolver a información que será necesaria achegar para avaliar a idoneidade dos accionistas que adquiren unha participación cualificada no capital da entidade de contrapartida central, de acordo co Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

#### Artigo 106. *Memoria e orzamento da entidade de contrapartida central.*

1. As entidades de contrapartida central elaborarán unha memoria en que deberán detallar a forma en que darán cumprimento aos requisitos técnicos, organizativos, de funcionamento e de xestión de riscos exixidos polo Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, para desempeñar as súas funcións. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá regular o modelo a que se deba axustar a dita memoria. A entidade de contrapartida central manterá actualizada a citada memoria, cuxas modificacións se remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, debidamente motivadas e

incorporando, cando afecten a xestión de riscos de conformidade co establecido no dito regulamento, o informe preceptivo do comité de riscos e da unidade ou órgano interno que asuma a función de xestión de riscos.

2. A entidade de contrapartida central remitirá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, antes do 1 de decembro de cada ano, o seu orzamento estimativo anual, en que se expresarán detalladamente os prezos e as comisións que vaia aplicar, así como as posteriores modificacións que introduzan no seu réxime económico. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir á entidade de contrapartida central a ampliación da documentación recibida e poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira da entidade de contrapartida central, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou os principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos usuarios dos servizos da entidade.

*Artigo 107. Estatutos sociais e regulamento interno das entidades de contrapartida central.*

1. As entidades de contrapartida central elaborarán os seus estatutos sociais, así como un regulamento interno, que terá o carácter de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores.

2. Coas excepcións que regulamentariamente se sinalen, a modificación dos estatutos sociais da entidade de contrapartida central ou do seu regulamento interno requirirá, logo de informe do Banco de España, a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. O regulamento interno regulará o funcionamento da entidade de contrapartida central e os servizos que presta. Os estatutos sociais regularán o funcionamento interno da entidade de contrapartida central como sociedade. O regulamento e os estatutos conterán as obrigacións e os requisitos organizativos e procedementais necesarios para dar cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán desenvolver a estrutura e o contido mínimo que deba ter o regulamento interno.

4. O regulamento interno poderá ser completado mediante circulares aprobadas pola propia entidade de contrapartida central. Estas circulares deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España nas vinte e catro horas seguintes á súa adopción. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse, así como suspender ou deixar sen efecto as circulares cando considere que infrinxen a lexislación aplicable, ou prexudican o funcionamento prudente e seguro da entidade de contrapartida central e dos mercados a que presta servizo ou a protección dos investidores.

*Artigo 108. Requisitos de organización.*

1. As entidades de contrapartida central deberán contar, ao menos, cun comité de auditoría, o comité de riscos previsto no artigo 28 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo, un comité de cumprimento e un comité de nomeamentos e remuneracións. Adicionalmente, deberán contar cunha unidade ou órgano interno que asuma a función de xestión de riscos, de maneira proporcional á natureza, escala e complexidade das súas actividades. Esta unidade ou órgano será independente das funcións operativas, terá autoridade, rango e recursos suficientes, e contará co oportuno acceso ao consello de administración. Ademais, deberán dispor de mecanismos e estruturas organizativas para que os usuarios e outros interesados poidan expresar as súas opinións sobre o seu funcionamento, así como normas que teñan por obxecto evitar os posibles conflitos de interese a que se poida ver exposta como consecuencia das súas relacións con accionistas, administradores e directivos, entidades participantes e clientes. Poderase desenvolver regulamentariamente o previsto neste parágrafo.



2. O nomeamento dos membros do consello de administración, directores xerais e asimilados das entidades de contrapartida central estará suxeito á aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 109. *Membros das entidades de contrapartida central.*

1. Só poderán acceder á condición de membro das entidades de contrapartida central as entidades a que se refire o artigo 69.2.a) a d) e f), o Banco de España e outras entidades residentes ou non residentes que realicen actividades análogas nos termos e coas limitacións que se prevexan regulamentariamente e no propio regulamento interno da entidade de contrapartida central. O acceso destas últimas á condición de membro estará suxeito ao disposto nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no seu regulamento interno, así como á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. A entidade de contrapartida central establecerá no seu regulamento interno as condicións de solvencia e os medios técnicos exixibles para que os membros poidan ser autorizados a levar os rexistros dos contratos dos seus clientes, así como os procedementos que salvagarden a correspondencia entre o rexistro contable central e os rexistros de detalle. As condicións de solvencia e medios técnicos poderán diferir en función dos instrumentos financeiros sobre os cales os ditos membros interveñan na xestión do rexistro ou na compensación. Así mesmo, a entidade de contrapartida central establecerá mecanismos de acceso á información dos rexistros de detalle en que os membros manteñan os rexistros de contratos dos seus clientes co fin de identificar, vixiar e xestionar os posibles riscos para a entidade derivados das dependencias entre os membros e os seus clientes.

3. As garantías que os membros e os clientes constitúan de conformidade co réxime contido no regulamento interno da entidade de contrapartida central e en relación con calquera operación realizada no ámbito da súa actividade, só responderán fronte ás entidades a cuxo favor se constituíron e unicamente polas obrigacións derivadas de tales operacións para coa entidade de contrapartida central ou cos membros desta, ou derivadas da condición de membro da entidade de contrapartida central.

Artigo 110. *Regras aplicables en caso de incumprimento ou concurso.*

1. Se un membro ou un cliente dun membro deixa de atender, en todo ou en parte, as obrigacións contraídas fronte á entidade de contrapartida central ou fronte ao membro, estes poderán dispor das garantías achegadas polo incumplidor e, para tal fin, poderá adoptar as medidas necesarias para a súa satisfacción nos termos que se establezan no regulamento da entidade.

2. O regulamento interno da entidade e as súas circulares poderán establecer os supostos que determinen o vencemento anticipado de todos os contratos e posicións dun membro, xa sexa por conta propia ou por conta de clientes, o que, nos termos que se prevexan no citado regulamento e circulares, dará lugar á súa compensación e á creación dunha única obrigación xurídica que abrangue todas as operacións incluídas, e en virtude da cal as partes só terán dereito a exixirse o saldo neto do produto da compensación das ditas operacións. Entre os supostos anteriores poderá incluírse o non pagamento das obrigacións e a apertura dun procedemento concursal en relación cos membros e clientes ou coa propia entidade de contrapartida central. Ese réxime de compensación terá a consideración de acordo de compensación contractual de conformidade co previsto no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, e sen prexuízo da aplicación do réxime específico contido na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

3. A entidade de contrapartida central establecerá no seu regulamento interno as regras e os procedementos para facer fronte ás consecuencias que resulten de incumprimentos dos seus membros. Tales regras e procedementos concretarán o modo en que se aplicarán os diversos mecanismos de garantía con que conte a entidade de

contrapartida central e as vías para repoñelos co obxectivo de permitir que a entidade de contrapartida central continúe operando dunha forma sólida e segura.

4. En caso de que algún membro dunha entidade de contrapartida central ou algún dos seus clientes se vexan sometidos a un procedemento concursal, a entidade de contrapartida central gozará dun dereito absoluto de separación respecto das garantías que tales membros ou clientes constituísen ante a dita entidade de contrapartida central. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que reste despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa patrimonial concursal do cliente ou do membro.

5. En caso de que os clientes dos membros dunha entidade de contrapartida central se vexan sometidos a un procedemento concursal, os membros gozarán dun dereito absoluto de separación respecto aos instrumentos financeiros e ao efectivo en que estivesen materializadas as garantías que os seus clientes constituísen ao seu favor, de conformidade co réxime contido no regulamento interno da entidade de contrapartida central. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que reste despois da liquidación das operacións incorporárase á masa patrimonial concursal do cliente.

6. Unha vez declarado o concurso dun membro, a entidade de contrapartida central, dando previamente conta á Comisión Nacional do Mercado de Valores, xestionará o traspaso dos contratos e posicións que teña rexistrados por conta dos clientes, xunto cos instrumentos financeiros e o efectivo en que estean materializadas as correspondentes garantías. Para estes efectos, tanto o xuíz competente como os órganos do procedemento concursal facilitarán á entidade a que se vaian traspasar os contratos, os rexistros contables e as garantías, a documentación e os rexistros informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. No caso de que tal traspaso non se poida levar a cabo, a entidade poderá acordar a liquidación dos contratos e posicións que o membro teña abertos, incluíndo os que sexan por conta dos seus clientes. Neste suposto, concluídas as actuacións que deban levarse a cabo en relación coas posicións rexistradas e garantías constituídas polos clientes ante o membro en cuestión, eses clientes terán un dereito de separación respecto do eventual sobranse.

7. Se a entidade de contrapartida central se ve sometida a un procedemento concursal, e se procede á liquidación de todos os contratos e posicións dun membro, xa sexan por conta propia ou por conta de clientes, os membros e clientes que non incumprisen as súas obrigacións coa entidade de contrapartida central gozarán dun dereito absoluto de separación respecto do sobranse das garantías que, téndose constituído a favor da entidade de contrapartida central de conformidade co seu regulamento interno, resulte da liquidación das operacións garantidas con excepción das contribucións ao fondo de garantía fronte a incumprimentos.

#### Artigo 111. *Elección do sistema de compensación e liquidación ou de entidade de contrapartida central.*

1. Os mercados secundarios oficiais poderán subscribir acordos cunha entidade de contrapartida central ou cun sistema de compensación e liquidación doutro Estado membro para realizar a compensación ou liquidación dalgunha ou de todas as operacións concluídas polos membros do mercado consonte os seus sistemas.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse aos ditos acordos cando considere que poidan menoscabar o funcionamento ordenado do mercado e tendo en conta as condicións dos sistemas de liquidación previstas no artigo 112.1.

#### Artigo 112. *Dereito a designar un sistema de liquidación.*

1. Os mercados secundarios oficiais deberán ofrecer a todos os seus membros o dereito a designar o sistema de liquidación das operacións en instrumentos financeiros que realicen nese mercado, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que se establezan entre o sistema de liquidación designado polo mercado e o sistema ou infraestrutura designado polo membro os procedementos, vínculos e

mecanismos técnicos e operativos necesarios para asegurar a liquidación eficaz e económica da operación en cuestión.

b) Que a Comisión Nacional do Mercado de Valores recoñeza que as condicións técnicas para a liquidación das operacións realizadas nese mercado a través dun sistema distinto do designado por este permiten o funcionamento harmónico e ordenado dos mercados financeiros, atendendo en particular ao modo en que se asegurarán as relacións entre os diversos sistemas de rexistro das operacións e instrumentos financeiros. A valoración da Comisión Nacional do Mercado de Valores entenderase sen prexuízo das competencias do Banco de España, na súa calidade de supervisor dos sistemas de pagamento, así como doutras autoridades supervisoras dos ditos sistemas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta o labor de supervisión realizado por tales entidades co obxecto de evitar repeticións innecesarias dos controis.

2. O disposto neste artigo non impide o dereito do operador do sistema de contrapartida central, compensación ou liquidación de instrumentos financeiros a negarse a facilitar os servizos solicitados por motivos comerciais lexítimos.

*Artigo 113. Acceso aos sistemas de contrapartida central, compensación e liquidación.*

1. As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito doutros Estados membros da Unión Europea terán dereito a acceder aos sistemas de contrapartida central, compensación e liquidación existentes en territorio español, co fin de liquidar ou concertar a liquidación de operacións en instrumentos financeiros, tanto se se negocian en mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación españois ou en mercados regulados ou sistemas multilaterais de negociación doutros Estados membros da Unión Europea.

2. O acceso a estes sistemas estará suxeito aos mesmos criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios que se aplican aos membros locais.

3. O disposto neste artigo non impide o dereito do operador do sistema de contrapartida central, compensación ou liquidación de valores a negarse a facilitar os servizos solicitados por motivos comerciais lexítimos.

*Artigo 114. Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores negociables.*

1. Os depositarios centrais de valores que presten servizos en España deberán establecer un sistema de información, transmisión e almacenamento de datos que sirva como ferramenta de intercambio e tratamento da información para a realización das actividades de compensación, liquidación e rexistro de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial e que permita supervisar a correcta xestión do rexistro de valores, tanto a nivel de rexistro central como de rexistros de detalle.

2. O sistema previsto no punto anterior deberá recoller, ao menos, as operacións, os eventos e as anotacións susceptibles de dar lugar a variacións nos saldos de valores de cada titular tanto no rexistro central como nos rexistros de detalle.

3. O sistema de información para a supervisión da negociación, da compensación, da liquidación e do rexistro de valores negociables deberá cumprir o seguinte:

a) Garantir a rastrexabilidade das transaccións realizadas sobre valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores desde a contratación até a súa anotación no rexistro de valores e viceversa, así como coñecer o seu estado.

b) Facilitar a transmisión da información necesaria para realizar a compensación, a liquidación e o rexistro de valores, así como coñecer o estado das ditas operacións.

c) Facilitar o control dos riscos e das garantías exigibles polas correspondentes entidades e infraestruturas de mercado.

d) Informar diariamente as entidades emisoras sobre a titularidade dos valores emitidos por estas cando así o soliciten.

4. A información almacenada no sistema non poderá ser utilizada nin transmitida para fins distintos dos previstos na lei, salvo que medie autorización da respectiva entidade subministradora, sen prexuízo das obrigacións de información fronte á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou ao Banco de España no exercicio das súas respectivas competencias.

*Artigo 115. Obrigacións do depositario central de valores en relación co sistema de información.*

1. O depositario central de valores, na súa calidade de responsable e xestor do sistema de información, transmisión e almacenamento de datos, deberá cumprir as seguintes obrigacións:

- a) Establecer os medios necesarios para que a información se introduza no sistema de acordo coas normas establecidas e sexa completa.
- b) Permitir a introdución da información necesaria no prazo previsto.
- c) Dotar de suficiente seguridade e confidencialidade a información subministrada, de maneira que as entidades que introduzan información no sistema accedan exclusivamente aos datos estritamente necesarios para a súa actividade ou a aqueles para os cales estean autorizadas.
- d) Asegurar o mantemento e a continuidade do sistema.
- e) Permitir o acceso non discriminatorio das infraestruturas de mercado e entidades implicadas nos procesos de compensación e liquidación de valores.

2. Os depositarios centrais de valores subscribirán os correspondentes contratos en que establecerán as relacións xurídicas necesarias para o adecuado funcionamento do sistema. Así mesmo, publicarán as regras de funcionamento do sistema de información establecendo os dereitos, obrigacións e responsabilidades das persoas que xestionarán e que farán uso da información almacenada no sistema. A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará estas regras e as súas modificacións. Tanto as regras como as súas modificacións serán previamente examinadas polo comité de usuarios do depositario central de valores, quen poderá facer chegar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as súas observacións ao respecto.

*Artigo 116. Réxime xurídico do resto de axentes en relación co sistema de información.*

1. O sistema de información nutrirase da información que estarán obrigados a proporcionar, segundo o que se dispoña regulamentariamente, os mercados secundarios oficiais, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores, así como os seus respectivos membros ou entidades participantes. As referidas entidades serán responsables da integridade e veracidade da información comunicada por cada unha delas a través do dito sistema e conservarán a propiedade sobre tal información.

2. Con pleno respecto aos principios de igualdade de trato e non discriminación, as entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores estranxeiros con que os depositarios centrais de valores celebren convenios ou establezan enlaces poderán acceder a este sistema e quedarán obrigados a subministrar a información necesaria para que se cumpran os seus fins, de conformidade co previsto os artigos 114 a 116. Estas infraestruturas deberán solicitar aos seus membros ou participantes a información necesaria para realizar adecuadamente a súa función.

*Artigo 117. Seguimento e control do correcto funcionamento dos sistemas de negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores.*

1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co título VIII, as sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores que presten servizos en España deberán

velar, no ámbito das súas respectivas competencias, polo correcto funcionamento e eficiencia dos procesos de negociación, compensación e liquidación de transaccións e de rexistro de valores.

2. Facúltase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o contido da función prevista no punto anterior, incluíndo as obrigacións e facultades para o seu adecuado exercicio.

## CAPÍTULO VII

### Obrigacións de información periódica dos emisores

#### Artigo 118. *Informe anual e informe de auditoría.*

1. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea someterán as súas contas anuais a auditoría de contas e farán público e difundirán o seu informe financeiro anual e o informe de auditoría das contas anuais.

O prazo máximo para cumprir coa obrigación de publicación e difusión deste punto será de catro meses desde a finalización de cada exercicio. Os emisores deberanse asegurar de que os referidos informes se manteñen á disposición do público durante, ao menos, dez anos.

2. O informe financeiro anual comprenderá as contas anuais e o informe de xestión revisados polo auditor co alcance definido no artigo 268 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como as declaracións de responsabilidade do seu contido.

3. Na memoria dos emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, deberase informar sobre as operacións dos administradores e dos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual, ou de persoa que actúe por conta destes, realizadas co citado emisor ou cun emisor do mesmo grupo durante o exercicio a que se refiren as contas anuais, cando as operacións sexan alleas ao tráfico ordinario da sociedade ou que non se realicen en condicións normais de mercado.

#### Artigo 119. *Informes financeiros semestrais.*

1. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións ou valores de débeda estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán un informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses do exercicio.

O prazo máximo para cumprir coa obrigación de publicación e difusión deste punto será de tres meses desde a finalización do período correspondente. Os emisores deberanse asegurar de que o referido informe se mantén á disposición do público durante, ao menos, dez anos.

2. Cando España sexa Estado membro de orixe e o informe financeiro anual previsto no artigo 118 non se fixese público nos dous meses seguintes á finalización do exercicio a que se refire, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea estarán obrigados, ademais, a facer público e difundir un segundo informe financeiro semestral referido aos doce meses do exercicio no prazo máximo de dous meses desde a finalización do período correspondente.

3. O informe financeiro semestral comprenderá as contas anuais resumidas, un informe de xestión intermedio e as declaracións de responsabilidade sobre o seu contido.

Artigo 120. *Declaración intermedia de xestión.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 228, cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán con carácter trimestral, durante o primeiro e segundo semestre do exercicio, unha declaración intermedia de xestión que conteña, ao menos:

a) Unha explicación dos feitos e operacións significativos que tivesen lugar durante o período correspondente e a súa incidencia na situación financeira do emisor e das súas empresas controladas, e

b) Unha descrición xeral da situación financeira e dos resultados do emisor e das súas empresas controladas durante o período correspondente.

2. Non se exixirá a declaración intermedia de xestión aos emisores que publiquen informes financeiros trimestrais.

Artigo 121 *Supostos de non suxeición.*

1. Non estarán suxeitos ao cumprimento do disposto nos artigos 118 a 120 anteriores:

a) Os Estados membros da Unión Europea, as comunidades autónomas, as entidades locais e as demais entidades análogas dos Estados membros da Unión Europea, os organismos públicos internacionais de que sexa membro, ao menos, un Estado membro da Unión Europea, o Banco Central Europeo, a Facidade Europea de Estabilización Financeira (FEEF) establecida polo Acordo marco da FEEF e calquera outro mecanismo establecido co obxectivo de preservar a estabilidade financeira da unión monetaria europea proporcionando asistencia financeira temporal aos Estados membros cuxa moeda é o euro e os bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, emitan ou non accións ou outros valores; e

b) Os emisores que emitan unicamente valores de débeda admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 100.000 euros ou, no caso dos valores de débeda non denominados en euros, cuxo valor nominal unitario sexa, na data de emisión, equivalente a 100.000 euros como mínimo.

c) Sen prexuízo da letra b) anterior, os emisores que teñan unicamente emisións vivas de valores de débeda admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea antes do 31 de decembro de 2010, cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 50.000 euros ou, no caso dos valores de débeda non denominados en euros, cuxo valor nominal unitario fose, na data de emisión, equivalente a 50.000 euros como mínimo, durante todo o tempo en que tales obrigacións estean vivas.

2. Cando España sexa Estado membro de orixe, non estarán suxeitos ao cumprimento do disposto no artigo 119 os emisores constituídos antes do 31 de decembro de 2003 que teñan exclusivamente valores de débeda admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea cando tales valores contén coa garantía incondicional e irrevogable do Estado, das súas comunidades autónomas ou entes locais.

3. O disposto neste capítulo non será de aplicación aos fondos de investimento e ás sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Artigo 122. *Outras disposicións.*

1. Regulamentariamente estableceranse:

a) Os prazos e demais requisitos para a remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira.

- b) Os requisitos para a publicación e difusión da información periódica.
- c) Os prazos para a publicación da información trimestral.
- d) O contido da declaración de responsabilidade, así como os órganos ou persoas do emisor que deberán realizala.
- e) O contido da información financeira semestral e trimestral e, de ser o caso, as adaptacións e excepcións que correspondan para determinadas categorías de valores, mercados ou emisores.
- f) Os principios contables aceptables para emisores de Estados non membros da Unión Europea.
- g) Calquera outro aspecto que sexa necesario para a aplicación deste artigo e, en particular, o contido da información que se precise para a publicación de estatísticas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. A información periódica a que se refiren os artigos 118 a 120 anteriores deberá remitirse á Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando España sexa Estado membro de orixe nos termos que se establezan regulamentariamente, para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 238.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará que a información periódica se elaborou de conformidade coa normativa aplicable, ou procederá, en caso contrario, a requirir o seu cumprimento.

3. Para efectos do disposto neste capítulo, entenderase por valores de débeda as obrigacións e aqueloutros valores negociables que recoñezan ou creen unha débeda, salvo os valores que sexan equivalentes ás accións ou que, pola súa conversión ou polo exercicio dos dereitos que confiren, dean dereito a adquirir accións ou valores equivalentes ás accións.

#### Artigo 123. *Outras obrigacións de información.*

1. Os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, cando España sexa Estado membro de orixe, farán pública e difundirán toda modificación producida nos dereitos inherentes aos ditos valores. Os emisores remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores esa información para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 238.f).

Estableceranse regulamentariamente as excepcións á obrigación establecida no parágrafo anterior e os requisitos para a publicación e difusión desta información, así como para a súa remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Os emisores cuxas accións ou obrigacións estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea aseguraranse de que todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os accionistas e os tedores de obrigacións exerzan os seus dereitos estean dispoñibles en España cando sexa o Estado membro de orixe e de que se preserve a integridade dos datos.

Para tales efectos, para os emisores de accións que cotizan nun mercado secundario oficial a dita obrigación entenderase cumprida mediante a aplicación do disposto no artigo 539 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e as súas normas de desenvolvemento. Regulamentariamente estableceranse os requisitos aplicables ao resto dos emisores.

O disposto neste punto non será de aplicación aos valores emitidos polos Estados membros da Unión Europea, polas comunidades autónomas, polos entes locais e polas demais entidades análogas dos Estados membros.

#### Artigo 124. *Responsabilidade dos emisores.*

1. A responsabilidade pola elaboración e publicación da información a que se fai referencia nos artigos 118 e 119 deberá recaer, ao menos, sobre o emisor e os seus administradores de acordo coas condicións que se establezan regulamentariamente.

2. De acordo coas condicións que se determinen regulamentariamente, o emisor e os seus administradores serán responsables de todos os danos e perdas que ocasionasen aos titulares dos valores como consecuencia de que a información non proporcione unha imaxe fiel do emisor.

3. A acción para exixir a responsabilidade prescribirá aos tres anos desde que o reclamante puidese ter coñecemento de que a información non proporciona unha imaxe fiel do emisor.

## CAPÍTULO VIII

### Obrigacións de información sobre participacións significativas e autocarteira

Artigo 125. *Obrigacións do accionista e dos titulares doutros valores e instrumentos financeiros.*

1. O accionista que, directa ou indirectamente, adquira ou transmita accións dun emisor para o cal España sexa Estado de orixe, nos termos que se establezan regulamentariamente, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou en calquera outro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, e que atribúan dereitos de voto e, como resultado de tales operacións, a proporción de dereitos de voto que quede no seu poder alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes que se establezan, deberá notificar ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nas condicións que se sinalen, a proporción de dereitos de voto resultante.

A obrigación contida no parágrafo anterior aplicarase tamén cando a proporción de dereitos de voto supere, alcance ou se reduza por debaixo das porcentaxes a que se refire o parágrafo anterior como consecuencia dun cambio no número total de dereitos de voto dun emisor sobre a base da información comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores e feita pública.

2. As obrigacións establecidas no punto anterior serán tamén aplicables a calquera persoa que, con independencia da titularidade das accións, teña dereito a adquirir, transmitir ou exercer os dereitos de voto atribuídos por estas, nos casos que se determinen regulamentariamente.

3. Igualmente, aplicarase o disposto nos puntos anteriores a quen posúa, adquira ou transmita, directa ou indirectamente, outros valores e instrumentos financeiros que confiran o dereito incondicional ou a facultade discrecional a adquirir accións que atribúan dereitos de voto ou instrumentos financeiros que estean referenciados a accións que atribúan dereitos de voto e teñan un efecto económico similar aos valores e instrumentos financeiros anteriormente mencionados, independentemente de se dan dereito ou non a liquidación mediante entrega física dos valores subxacentes, nos termos e coa desagregación que se determinen regulamentariamente.

4. As obrigacións establecidas nos puntos anteriores tamén serán de aplicación cando se produza a admisión a negociación por primeira vez nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea das accións dun emisor para o cal España sexa Estado de orixe.

5. Cando quen se encontre nos casos previstos nos puntos anteriores sexa administrador do emisor, ademais de cumprir coa obrigación de comunicar calquera operación realizada sobre accións do emisor ou sobre valores ou outros instrumentos financeiros referenciados a tales accións, deberá comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a participación que tivese no momento do seu nomeamento e cesamento.

Os directivos do emisor estarán obrigados a notificar aquelas operacións a que se refire o artigo 230.4.

6. O emisor deberá facer pública e difundir a información a que se refiren os puntos anteriores.



7. Determinaranse regulamentariamente a forma, o prazo e as demais condicións para o cumprimento das obrigacións establecidas neste artigo así como, de ser o caso, os supostos exceptuados do cumprimento destas obrigacións.

8. O disposto neste artigo non será de aplicación aos partícipes e accionistas en fondos e sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

*Artigo 126. Obrigacións do emisor en relación coa autocartera.*

1. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea deberán comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, facer públicas e difundir as operacións sobre as súas propias accións, nos termos que se establezan regulamentariamente, cando a proporción alcance, supere ou se reduza nas porcentaxes que se determinen. Esta información incorporárase ao rexistro oficial regulado no artigo 238.

2. O disposto neste artigo non será de aplicación ás sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

*Artigo 127. Medidas preventivas.*

1. Cando España sexa Estado membro de acollida nos termos que se establezan regulamentariamente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá informar a autoridade competente do Estado membro de orixe e a Autoridade Europea de Valores e Mercados se observa que o emisor, o tedor de accións ou outros instrumentos financeiros ou a persoa física ou xurídica aludida no 125.2 cometeron irregularidades ou incumpriron as obrigacións a que se refiren os artigos 118 a 123, 125 e 126.

2. No caso de que, ben porque a autoridade do Estado membro de orixe non adoptou medidas, ben porque malia as medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe ou debido a que tales medidas resultaron inadecuadas, a persoa indicada no punto anterior persista na violación das oportunas disposicións legais ou regulamentarias, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, adoptará todas as medidas pertinentes para protexer os investidores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará inmediatamente a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre as medidas adoptadas.

## CAPÍTULO IX

### Das ofertas públicas de adquisición

*Artigo 128. Oferta pública de adquisición obrigatoria.*

Quedará obrigado a formular unha oferta pública de adquisición pola totalidade das accións ou outros valores que directa ou indirectamente poidan dar dereito á súa subscrición ou adquisición e dirixida a todos os seus titulares a un prezo equitativo quen alcance o control dunha sociedade cotizada, xa o consiga:

- a) Mediante a adquisición de accións ou outros valores que confiran, directa ou indirectamente, o dereito á subscrición ou adquisición de accións con dereitos de voto na dita sociedade;
- b) Mediante pactos parasociais con outros titulares de valores; ou
- c) Como consecuencia dos demais supostos de natureza análoga que regulamentariamente se establezan.

Artigo 129. *Ámbito de aplicación.*

1. As obrigacións a que se refire este capítulo entenderanse referidas a aquelas sociedades cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

2. As obrigacións a que se refire este capítulo aplicaranse tamén, nos termos que regulamentariamente se establezan, ás sociedades que non teñan o seu domicilio social en España e cuxos valores non estean admitidos a negociación nun mercado regulado no Estado membro da Unión Europea en que a sociedade teña o seu domicilio social, nos seguintes casos:

a) Cando os valores da sociedade só estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

b) Cando a primeira admisión a negociación dos valores nun mercado regulado o fose nun mercado secundario oficial español.

c) Cando os valores da sociedade sexan admitidos a negociación simultaneamente en mercados regulados de máis dun Estado membro e nun mercado secundario oficial español, e a sociedade así o decida mediante notificación a tales mercados e ás súas autoridades competentes o primeiro día da negociación dos valores.

d) Cando o 20 de maio de 2006 os valores da sociedade xa estivesen admitidos a negociación simultaneamente en mercados regulados de máis dun Estado membro e nun mercado secundario oficial español e a Comisión Nacional do Mercado de Valores así o acordase coas autoridades competentes dos demais mercados en que se admitisen a negociación ou, na falta de acordo, así o decidise a sociedade.

3. Así mesmo, as obrigacións a que se refire este capítulo aplicaranse tamén, nos termos que regulamentariamente se establezan, ás sociedades que teñan o seu domicilio social en España e cuxos valores non estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

Artigo 130. *Prezo equitativo.*

1. Entenderase que o prezo é equitativo cando, como mínimo, sexa igual ao prezo máis elevado que pagase o obrigado a formular a oferta ou as persoas que actúen en concerto con el polos mesmos valores durante un período de tempo anterior á oferta determinado regulamentariamente e nos termos que se establezan.

2. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá modificar o prezo así calculado nas circunstancias e segundo os criterios que se establezan regulamentariamente.

Entre as mencionadas circunstancias poderanse incluír, entre outras, as seguintes: que o prezo máis elevado se fixase por acordo entre o comprador e o vendedor; que os prezos de mercado dos valores en cuestión fosen manipulados; que os prezos de mercado, en xeral, ou determinados prezos, en particular, se visen afectados por acontecementos excepcionais; que se pretenda favorecer o saneamento da sociedade.

Entre os referidos criterios poderán incluírse, entre outros, o valor medio do mercado nun determinado período; o valor liquidativo da sociedade ou outros criterios de valoración obxectivos xeralmente utilizados.

3. No suposto de modificación do prezo a que se refire o punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará na súa páxina web a decisión de que a oferta se formule a un prezo distinto do equitativo. Esta decisión deberá ser motivada.

Artigo 131. *Control da sociedade.*

1. Para efectos deste capítulo, entenderase que unha persoa física ou xurídica ten, individualmente ou de forma conxunta coas persoas que actúen en concerto con ela, o control dunha sociedade cando alcance, directa ou indirectamente, unha porcentaxe de dereitos de voto igual ou superior ao 30 por cento; ou ben cando alcanzase unha

participación inferior e designe, nos termos que se establezan regulamentariamente, un número de conselleiros que, unidos, de ser o caso, aos que xa se designasen, represente máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores dispensará condicionalmente, nos termos que se establezan regulamentariamente, da obrigaón de formular a oferta pública de adquisición establecida no artigo 128, cando outra persoa ou entidade, directa ou indirectamente, teña unha porcentaxe de voto igual ou superior ao que teña o obrigado a formular a oferta.

#### Artigo 132. *Consecuencias do incumprimento de formular oferta pública de adquisición.*

1. Quen incumpra a obrigaón de formular unha oferta pública de adquisición non poderá exercer os dereitos políticos derivados de ningún dos valores da sociedade cotizada cuxo exercicio lle corresponda por calquera título, sen prexuízo das sancións previstas no título VIII. Esta prohibición será tamén aplicable aos valores posuídos indirectamente polo obrigado a presentar a oferta pública e a aqueles que correspondan a quen actúe concertadamente con el.

2. Entenderase que incumpre a obrigaón de formular unha oferta pública de adquisición quen non a presente e quen a presente fóra do prazo máximo establecido ou con irregularidades esenciais.

3. Serán nulos os acordos adoptados polos órganos dunha sociedade cando para a constitución destes ou para a adopción daqueles fose necesario computar os valores cuxos dereitos políticos estean suspendidos consonte o disposto neste artigo.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará lexitimada para o exercicio das correspondentes accións de impugnación, no prazo dun ano contado desde que teña coñecemento do acordo, sen prexuízo da lexitimación que poida corresponder a outras persoas.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá impugnar os acordos do consello de administración da sociedade cotizada, no prazo dun ano contado desde que teña coñecemento deles.

#### Artigo 133. *Outras disposicións.*

1. Cando a contraprestación ofrecida consista en valores que deba emitir a sociedade obrigada a formular a oferta, entenderase que non existe o dereito de subscripción preferente recollido no artigo 93 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, para os antigos accionistas e titulares de obrigaóns convertibles.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 130, as ofertas públicas de adquisición obrigatorias estarán suxeitas ao réxime do artigo 137.2 cando concorra algunha das circunstancias establecidas no punto 3 do dito precepto.

3. O previsto neste capítulo non resultará de aplicación en caso de utilización dos instrumentos, competencias e mecanismos de resolución establecidos na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

4. Regulamentariamente estableceranse:

- a) Os valores a que se deberá dirixir a oferta.
- b) As regras e os prazos para o cómputo da porcentaxe de votos que brinda o control dunha sociedade, tomando en consideración as participacións directas e indirectas, así como os convenios, acordos ou situacións de control conxunto.
- c) A persoa que estará obrigada a presentar a oferta pública de adquisición nos supostos de pactos parasociais e situacións de control sobrevido en que exista obrigaón de presentala.
- d) Os termos en que a oferta será irrevogable ou en que poderá someterse a condición ou ser modificada.

- e) As garantías exixibles segundo que a contraprestación ofrecida sexa en diñeiro, valores xa emitidos ou valores cuxa emisión aínda non fose acordada pola sociedade ou entidade oferente.
- f) A modalidade de control administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en xeral, o procedemento das ofertas públicas de adquisición.
- g) O réxime das posibles ofertas competidoras.
- h) As regras de rateo.
- i) As operacións exceptuadas deste réxime.
- j) O prezo equitativo, as formas de contraprestación e as excepcións, de ser o caso, aplicables.
- k) A información que se deberá facer pública antes da presentación dunha oferta, unha vez adoptada a decisión de presentala, no transcurso dela e unha vez finalizada.
- l) O prazo en que se deberá presentar unha oferta pública de adquisición desde o seu anuncio público.
- m) As regras sobre a caducidade das ofertas.
- n) As regras aplicables á publicación dos resultados das ofertas.
- o) A información que deberán subministrar os órganos de administración ou dirección da sociedade afectada e do oferente aos representantes dos seus respectivos traballadores ou, na súa falta, aos propios traballadores, así como o procedemento aplicable á dita obrigação, isto sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.
- p) Os demais aspectos cuxa regulación se xulgue necesaria.

*Artigo 134. Obrigações dos órganos de administración e dirección.*

1. Durante o prazo e nos termos que se determinen regulamentariamente, os órganos de administración e dirección da sociedade afectada ou das sociedades pertencentes ao seu mesmo grupo deberán obter a autorización previa da xunta xeral de accionistas segundo o disposto no artigo 194 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, antes de emprender calquera actuación que poida impedir o éxito da oferta, con excepción da busca doutras ofertas e, en particular, antes de iniciar calquera emisión de valores que poida impedir que o oferente obteña o control da sociedade afectada.

Respecto das decisións adoptadas antes de iniciarse o prazo previsto no parágrafo anterior e aínda non aplicadas total ou parcialmente, a xunta xeral de accionistas deberá aprobar ou confirmar, segundo o disposto no artigo 194 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, toda decisión que non se inscriba no curso normal de actividades da sociedade e cuxa aplicación poida frustrar o éxito da oferta.

No caso de que a sociedade afectada conte cun sistema de administración dual, o disposto nos parágrafos anteriores entenderase tamén aplicable ao consello de control.

2. A xunta xeral de accionistas a que se refire este artigo poderá ser convocada quince días antes da data fixada para a súa celebración, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial del Registro Mercantil e nun dos diarios de maior circulación na provincia, con expresión da data da reunión en primeira convocatoria e de todos os asuntos que se deben tratar.

O Boletín Oficial del Registro Mercantil publicará a convocatoria de forma inmediata á súa recepción.

3. As sociedades poderán non aplicar o disposto nos puntos 1 e 2 cando sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición formulada por unha entidade que non teña o seu domicilio social en España e que non estea suxeita a tales normas ou equivalentes, incluídas as referidas ás regras necesarias para a adopción de decisións pola xunta xeral, ou ben por unha entidade controlada por aquela, directa ou indirectamente, de acordo co disposto no artigo 42 do Código de comercio.

Calquera decisión que se adopte en virtude do disposto no parágrafo anterior requirirá autorización da xunta xeral de accionistas, segundo o disposto no artigo 194 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010,

do 2 de xullo, adoptada, como máximo, 18 meses antes de que a oferta pública de adquisición se fixese pública.

4. O órgano de administración da sociedade afectada deberá publicar un informe detallado sobre a oferta nos termos e prazos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 135. *Medidas de neutralización.*

1. As sociedades poderán decidir que se apliquen as seguintes medidas de neutralización:

a) A ineficacia, durante o prazo de aceptación da oferta, das restricións á transmisibilidade de valores previstas nos pactos parasociais referidos á dita sociedade.

b) A ineficacia, na xunta xeral de accionistas que decida sobre as posibles medidas de defensa a que se refire o artigo 134.1, das restricións ao dereito de voto previstas nos estatutos da sociedade afectada e nos pactos parasociais referidos á dita sociedade.

c) A ineficacia das restricións previstas na letra a) anterior e das que, sendo das previstas na letra b) anterior, se conteñan en pactos parasociais, cando tras unha oferta pública de adquisición, o oferente alcanzase unha porcentaxe igual ou superior ao 70 por cento do capital que confira dereitos de voto.

2. As cláusulas estatutarias que, directa ou indirectamente, fixen con carácter xeral o número máximo de votos que poden emitir un mesmo accionista, as sociedades pertencentes a un mesmo grupo ou quen actúe de forma concertada cos anteriores quedarán sen efecto cando, tras unha oferta pública de adquisición, o oferente alcanzase unha porcentaxe igual ou superior ao 70 por cento do capital que confira dereitos de voto, salvo que tal oferente ou o seu grupo ou quen actúe de forma concertada cos anteriores non estean suxeitos a medidas de neutralización equivalentes ou non as adoptasen.

3. A decisión de aplicar o punto 1 deste artigo deberá adoptala a xunta xeral de accionistas da sociedade, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e comunicarse á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos supervisores dos Estados membros en que as accións da sociedade estean admitidas a negociación, ou se solicítase a admisión. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facer pública esta comunicación nos termos e no prazo que se fixen regulamentariamente.

En calquera momento, a xunta xeral de accionistas da sociedade poderá revogar a decisión de aplicar o punto 1 deste artigo, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. A maioría exixida en virtude deste parágrafo debe coincidir coa exixida en virtude do parágrafo anterior.

4. Cando a sociedade decida aplicar as medidas descritas no punto 1 deberá prever unha compensación adecuada pola perda sufrida polos titulares dos dereitos alí mencionados.

5. As sociedades poderán deixar de aplicar as medidas de neutralización que teñan en vigor ao abeiro do disposto no punto 1 deste artigo cando sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición formulada por unha entidade ou grupo ou quen actúe de forma concertada cos anteriores, que non adoptasen medidas de neutralización equivalentes.

Calquera medida que se adopte en virtude do disposto no parágrafo anterior requirirá autorización da xunta xeral de accionistas, cos requisitos de quórum e maiorías previstos para a modificación de estatutos das sociedades anónimas no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, como máximo, dezaioito meses antes de que a oferta pública de adquisición se fixese pública.

6. Poderanse establecer regulamentariamente os demais aspectos cuxa regulación se xulgue necesaria para o desenvolvemento do disposto neste artigo.

Artigo 136. *Compravendas forzosas.*

1. Cando, a resultas dunha oferta pública de adquisición pola totalidade dos valores, nos termos dos artigos 128 a 133 e 137, o oferente posúa valores que representen, ao menos, o 90 por cento do capital que confire dereitos de voto e a oferta fose aceptada por titulares de valores que representen, ao menos, o 90 por cento dos dereitos de voto, distintos dos que xa constasen en poder do oferente:

- a) O oferente poderá exixir aos restantes titulares de valores que lle vendan os ditos valores a un prezo equitativo.
- b) Os titulares de valores da sociedade afectada poderán exixir do oferente a compra dos seus valores a un prezo equitativo.

2. Se, no suposto regulado neste artigo, os valores obxecto da compra ou venda forzosa, se encontran embargados como consecuencia de actos administrativos ou de resolucións xudiciais, ou existe sobre eles algún tipo de carga, incluídos gravames, dereitos reais limitados ou garantías financeiras, os valores allearanse libres de tales cargas, e estas pasarán a constituírse sobre o prezo pagado ou os valores entregados polo oferente como pagamento do prezo pola compravenda.

O depositario dos valores estará obrigado a manter en depósito o prezo da venda ou, de ser o caso, os valores entregados, pondo en coñecemento da autoridade xudicial ou administrativa que ordenase os embargos ou do titular de calquera outra carga a aplicación deste procedemento.

Se, unha vez aplicado o disposto neste punto, existe unha parte do prezo que resulta innecesaria para a satisfacción das obrigacións garantidas co embargo ou embargos practicados, ou coas cargas existentes sobre os valores, porase inmediatamente á disposición do titular destes.

3. Estableceranse regulamentariamente o procedemento e os requisitos aplicables á compravenda forzosa a que se refire este artigo.

Artigo 137. *Ofertas públicas de adquisición voluntarias.*

1. As ofertas públicas de adquisición de accións ou doutros valores que confiran directa ou indirectamente dereitos de voto nunha sociedade cotizada, formuladas de modo voluntario, deberán dirixirse a todos os seus titulares, estarán suxeitas ás mesmas regras de procedemento que as ofertas recollidas neste capítulo e poderán realizarse, nas condicións que se establezan regulamentariamente, por un número de valores inferior ao total.

A oferta obrigatoria recollida no artigo 128 non será exixible cando o control se adquira tras unha oferta voluntaria pola totalidade dos valores, dirixida a todos os seus titulares e que cumprise todos os requisitos recollidos neste capítulo.

2. Cando dentro dos dous anos anteriores ao anuncio relativo á oferta concorran algunha das circunstancias sinaladas no punto terceiro seguinte, o oferente deberá achegar un informe de experto independente sobre os métodos e criterios de valoración aplicados para determinar o prezo ofrecido, entre os cales se incluírán o valor medio do mercado nun determinado período, o valor liquidativo da sociedade, o valor da contraprestación pagada polo oferente polos mesmos valores nos doce meses previos ao anuncio da oferta, o valor teórico contable da sociedade e outros criterios de valoración obxectivos xeralmente aceptados que, en todo caso, aseguren a salvagarda dos dereitos dos accionistas.

No informe xustificárase a relevancia respectiva de cada un dos métodos empregados na valoración. O prezo ofrecido non poderá ser inferior ao maior entre o prezo equitativo a que se refire o artigo 130 e o que resulte de tomar en conta e con xustificación da súa respectiva relevancia os métodos contidos no informe.

Así mesmo, se a oferta se formula como troca de valores, ademais do anterior, deberase incluír, ao menos como alternativa, unha contraprestación ou prezo en efectivo equivalente financeiramente, como mínimo, á troca ofrecida.

Coa finalidade de que a oferta se adecue ao disposto neste punto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adaptar o procedemento administrativo, ampliando os prazos na medida necesaria e requirindo as informacións e os documentos que xulgue convenientes.

3. As circunstancias a que se refire o punto segundo anterior son as seguintes:

a) Que os prezos de mercado dos valores a que se dirixa a oferta presenten indicios razoables de manipulación, que motivasen a incoación dun procedemento sancionador pola Comisión Nacional de Valores por infracción do disposto no artigo 231, sen prexuízo da aplicación das sancións correspondentes, e sempre que se notificase ao interesado o correspondente prego de cargos.

b) Que os prezos de mercado, en xeral, ou da sociedade afectada en particular, se visen afectados por acontecementos excepcionais tales como catástrofes naturais, situacións de guerra ou calamidade ou outras derivadas de forza maior.

c) Que a sociedade afectada se vise suxeita a expropiacións, confiscacións ou outras circunstancias de igual natureza que poidan supor unha alteración significativa do valor real do seu patrimonio.

4. Poderanse establecer regulamentariamente os demais aspectos cuxa regulación se xulgue necesaria para o desenvolvemento do disposto neste artigo.

## TÍTULO V

### Empresas de servizos de investimento

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 138. *Concepto de empresa de servizos de investimento.*

1. As empresas de servizos de investimento son aquelas empresas cuxa actividade principal consiste en prestar servizos de investimento a terceiros, con carácter profesional, sobre os instrumentos financeiros sinalados no artigo 2.

2. As empresas de servizos de investimento, conforme o seu réxime xurídico específico, realizarán os servizos de investimento e os servizos auxiliares previstos neste capítulo, e poderán ser membros dos mercados secundarios oficiais se así o solicitan de conformidade co disposto no título IV.

3. As referencias que nesta lei se fan a empresas de servizos de investimento e autoridades de Estados membros da Unión Europea inclúen tamén as que pertencen a outros Estados do Espazo Económico Europeo.

Artigo 139. *Supostos de non aplicación.*

1. Esta lei non será de aplicación ás seguintes persoas:

a) Ás persoas que non realicen máis servizo de investimento que negociar por conta propia, excepto se estas persoas son creadores de mercado ou negocian por conta propia á marxe dun mercado regulado ou dun sistema multilateral de negociación de forma organizada, frecuente e sistemática, proporcionando un sistema accesible a terceiros con obxecto de entrar en negociación con eles.

b) Ás persoas que presten servizos de investimento que consistan exclusivamente na xestión de sistemas de participación de traballadores ou na prestación de servizos de investimento exclusivamente ás súas empresas matrices, ás súas filiais ou a outras filiais das súas empresas matrices.

c) Ás persoas que negocian por conta propia en instrumentos financeiros ou prestan servizos de investimento en instrumentos financeiros derivados sobre materias primas ou

contratos de derivados a que fai referencia o artigo 2.8 aos clientes da súa actividade principal, sempre que o fagan como actividade auxiliar con respecto á principal, cando se consideren como parte dun grupo, tal actividade principal non sexa a prestación de servizos de investimento no sentido desta lei ou de servizos bancarios segundo a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

d) Ás persoas cuxa actividade principal consiste en negociar por conta propia en materias primas ou instrumentos financeiros derivados sobre materias primas. Esta excepción non será aplicable cando as persoas que negocien por conta propia en materias primas ou derivados sobre materias primas formen parte dun grupo cuxa actividade principal sexa a prestación doutros servizos de investimento no sentido desta lei, ou de servizos bancarios de conformidade coa Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño.

e) Ás empresas que prestan servizos de investimento que consistan exclusivamente en negociar por conta propia en mercados de instrumentos financeiros derivados e en mercados de contado co único propósito de cubrir posicións en mercados de instrumentos financeiros derivados, ou que operen por conta doutros membros de tales mercados ou faciliten prezos para estes, e que estean avaladas por membros liquidadores do mesmo mercado, cando a responsabilidade do cumprimento dos contratos subscritos polas ditas empresas sexa asumida polos membros liquidadores do mesmo mercado.

f) Ás persoas que presten un servizo de investimento, cando o dito servizo se preste de maneira accesoria no marco dunha actividade profesional, e sempre que esta última estea regulada por disposicións legais ou regulamentarias ou por un código deontolóxico profesional que non exclúan a prestación do dito servizo.

g) Ás persoas que presten asesoramento en materia de investimentos no exercicio doutra actividade profesional non regulada por esta lei, sempre que a prestación do dito asesoramento non estea especificamente remunerada.

h) Aos membros do Sistema europeo de bancos centrais, a outros organismos nacionais con funcións similares ou a outros organismos públicos que se encarguen ou interveñan na xestión da débeda pública.

i) Aos organismos de investimento colectivo e fondos de pensións, aos seus depositarios e sociedades xestoras. Non obstante o anterior, esta lei aplicarase ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo en relación coas actividades descritas e nas condicións fixadas no artigo 145.2.

2. Non estarán suxeitos a esta lei os servizos que se presten como contraparte en operacións realizadas por organismos públicos que negocian débeda pública ou polo Banco de España, polo Banco Central Europeo ou por outros membros do Sistema europeo de bancos centrais, dentro das funcións que teñen asignadas pola lexislación aplicable.

#### Artigo 140. *Servizos e actividades de investimento.*

Consideraranse servizos de investimento os seguintes:

a) A recepción e transmisión de ordes de clientes en relación con un ou con máis instrumentos financeiros.

Entenderase comprendida neste servizo a posta en contacto de dous ou máis investidores para que executen operacións entre si sobre un ou máis instrumentos financeiros.

b) A execución das ditas ordes por conta de clientes.

c) A negociación por conta propia.

d) A xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento consonte os mandatos conferidos polos clientes.

e) A colocación de instrumentos financeiros sen base nun compromiso firme.



f) O aseguramento de instrumentos financeiros ou colocación de instrumentos financeiros sobre a base dun compromiso firme.

g) O asesoramento en materia de investimento, entendéndose por tal a prestación de recomendacións personalizadas a un cliente, sexa por petición deste ou por iniciativa da empresa de servizos de investimento, con respecto a unha ou máis operacións relativas a instrumentos financeiros. Non se considerará que constitúe asesoramento, para os efectos do previsto nesta letra, as recomendacións de carácter xenérico e non personalizadas que se poidan realizar no ámbito da comercialización de valores e instrumentos financeiros. Estas recomendacións terán o valor de comunicacións de carácter comercial.

h) A xestión de sistemas multilaterais de negociación.

#### Artigo 141. *Servizos auxiliares.*

Considéranse servizos auxiliares os seguintes:

a) A custodia e administración por conta de clientes dos instrumentos previstos no artigo 2.

b) A concesión de créditos ou préstamos a investidores, para que poidan realizar unha operación sobre un ou máis dos instrumentos previstos no artigo 2, sempre que na dita operación interveña a empresa que concede o crédito ou préstamo.

c) O asesoramento a empresas sobre estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, así como o asesoramento e demais servizos en relación con fusións e adquisicións de empresas.

d) Os servizos relacionados coas operacións de aseguramento de emisións ou de colocación de instrumentos financeiros.

e) A elaboración de informes de investimentos e análises financeiras ou outras formas de recomendación xeral relativas ás operacións sobre instrumentos financeiros.

Entenderase incluída nesta letra calquera información que, sen ter en conta as circunstancias persoais concretas do cliente a que vaia destinada, recomende ou propoña unha estratexia de investimento, de forma explícita ou implícita, sobre un ou varios instrumentos financeiros ou sobre os emisores de instrumentos financeiros, incluíndo calquera ditame sobre o valor ou o prezo actual ou futuro de tales instrumentos, sempre que a información estea destinada ás canles de distribución ou ao público e que se cumpran as seguintes condicións:

1.º Que o informe de investimento se cualifique como tal, ou como análise financeira ou calquera termo similar a estes, ou ben se presente como unha explicación obxectiva ou independente daqueles emisores ou instrumentos sobre os cales efectúen recomendacións.

2.º Que, cando a recomendación a faga unha empresa de servizos de investimento a un cliente non constituía asesoramento en materia de investimento de conformidade co establecido no artigo 140.g).

f) Os servizos de cambio de divisas, cando estean relacionados coa prestación de servizos de investimento.

g) Os servizos de investimento, así como os servizos auxiliares que se refiran ao subxacente non financeiro dos instrumentos financeiros derivados recollidos nos puntos 3, 4, 5 e 8 do artigo 2, cando estean vinculados á prestación de servizos de investimento ou aos servizos auxiliares.

Entenderase incluído o depósito ou entrega das mercadorías que teñan a condición de entregables.

#### Artigo 142. *Outras disposicións sobre os servizos de investimento e servizos auxiliares.*

1. A comercialización de servizos de investimento e a captación de clientes non constitúen en si mesmas servizos de investimento senón actividades previas a cada un dos servizos de investimento enumerados nos artigos precedentes, que poderán ser desenvolvidas de forma separada á prestación do servizo en si.

2. As empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se establezan, e sempre que se resolvan en forma adecuada os posibles riscos e conflitos de interese entre elas e os seus clientes, ou os que poidan xurdir entre os distintos clientes, poderán realizar as actividades previstas nos artigos anteriores, referidas a instrumentos non previstos no artigo 2 ou outras actividades accesorias que supoñan a prolongación do seu negocio, cando iso non desvirtúe o obxecto social exclusivo propio da empresa de servizos de investimento.

As empresas de servizos de investimento non poderán asumir funcións exclusivas de sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, de fondos de pensións ou de fondos de titulización.

3. O Goberno poderá modificar o contido da relación dos servizos de investimento e servizos auxiliares que figuran nos artigos anteriores para adaptalo ás modificacións que se establezan na normativa da Unión Europea. Así mesmo, o Goberno tamén poderá regular a forma de prestar os servizos de investimento e servizos auxiliares citados nos artigos anteriores.

#### Artigo 143. *Clases de empresas de servizos de investimento.*

1. Son empresas de servizos de investimento as seguintes:

- a) As sociedades de valores.
- b) As axencias de valores.
- c) As sociedades xestoras de carteiras.
- d) As empresas de asesoramento financeiro.

2. As sociedades de valores son aquelas empresas de servizos de investimento que poden operar profesionalmente, tanto por conta allea como por conta propia, e realizar todos os servizos de investimento e servizos auxiliares previstos nos artigos 140 e 141, respectivamente.

3. As axencias de valores son aquelas empresas de servizos de investimento que profesionalmente só poden operar por conta allea, con representación ou sen ela. Poderán realizar os servizos de investimento e os servizos auxiliares previstos nos artigos 140 e 141, respectivamente, con excepción dos previstos no artigo 140.c) e f), e no artigo 141.b).

4. As sociedades xestoras de carteiras son aquelas empresas de servizos de investimento que exclusivamente poden prestar os servizos de investimento previstos no artigo 140.d) e g). Tamén poderán realizar os servizos auxiliares previstos no artigo 141.c) e e).

5. As empresas de asesoramento financeiro son aquelas persoas físicas ou xurídicas que exclusivamente poden prestar os servizos de investimento previstos no artigo 140.g) e os servizos auxiliares previstos no artigo 141.c) e e).

En ningún caso, as actividades realizadas por estas empresas estarán cubertas polo fondo de garantía de investimentos regulado no título VI.

Así mesmo, estas empresas, así como as descritas no punto anterior, non poderán realizar operacións sobre valores ou efectivo en nome propio, salvo para, con suxeición ás limitacións que regulamentariamente se establezan, administrar o seu propio patrimonio. Estas empresas non estarán autorizadas a ter fondos ou valores de clientes polo que, en ningún caso, poderán colocarse en posición debedora con respecto aos seus clientes.

#### Artigo 144. *Reserva de actividade e denominación.*

1. Ningunha persoa ou entidade poderá, sen obter a preceptiva autorización e estar inscrita nos correspondentes rexistros administrativos, desenvolver con carácter profesional as actividades previstas no artigo 140 e no artigo 141.a), b), d), f) e g), en relación cos instrumentos financeiros recollidos no artigo 2 e, para tal efecto, comprenden as operacións sobre divisas.

Así mesmo, a comercialización de servizos de investimento e a captación de clientes só poderán realizalas profesionalmente, por si mesmas ou a través dos axentes regulados no artigo 146, as entidades que estean autorizadas a prestar tales servizos.

2. As denominacións de «sociedade de valores», «axencia de valores», «sociedade xestora de carteiras» e «empresa de asesoramento financeiro», así como as súas abreviaturas «S.V.», «A.V.», «S.X.C.» e «E.A.F.I.», respectivamente, quedan reservadas ás entidades inscritas nos correspondentes rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as cales están obrigadas a incluílas na súa denominación. Ningunha outra persoa ou entidade poderá utilizar tales denominacións ou abreviaturas nin a denominación de «empresa de servizos de investimento» nin calquera outra denominación ou abreviatura que induza a confusión.

3. As persoas ou entidades que incumpran o previsto nos dous puntos anteriores serán requiridas para que cesen inmediatamente na utilización das denominacións ou na oferta ou realización das actividades descritas. Se, no prazo de trinta días contado desde a notificación do requirimento, continúan utilizándoas ou realizándoas serán sancionadas con multas coercitivas por importe de até cincocentos mil euros, que poderán ser reiteradas con ocasión de posteriores requirimentos.

4. Será competente para a formulación dos requirimentos e para a imposición das multas a que se refire o punto anterior a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que tamén poderá facer advertencias públicas respecto á existencia desta conduta. Os requirimentos formularanse logo de audiencia da persoa ou entidade interesada e as multas imporanse consonte o procedemento previsto nesta lei.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo das demais sancións que procedan consonte o disposto no título VIII nin das demais responsabilidades, incluso de orde penal, que poidan ser exixibles.

5. O Rexistro Mercantil e os demais rexistros públicos non inscribirán aquelas entidades cuxo obxecto social ou cuxa denominación resulten contrarios ao disposto nesta lei. Cando, non obstante, tales inscricións se practicasen, serán nulas de pleno dereito, e deberase proceder á súa cancelación de oficio ou por petición da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta nulidade non prexudicará os dereitos de terceiros de boa fe, adquiridos conforme o contido dos correspondentes rexistros.

#### Artigo 145. *Outras entidades autorizadas a prestar servizos de investimento.*

1. As entidades de crédito, aínda que non sexan empresas de servizos de investimento segundo esta lei, poderán realizar habitualmente todos os servizos previstos nos artigos 140 e 141, sempre que o seu réxime xurídico, os seus estatutos e a súa autorización específica as habiliten para iso.

No procedemento polo cal se autoricen as entidades de crédito para a prestación de servizos de investimento ou servizos auxiliares será preceptivo o informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Así mesmo, ás entidades de crédito seranlles de aplicación as disposicións desta lei e as súas normas de desenvolvemento en canto á realización e disciplina dos servizos e actividades previstos nos artigos 140 e 141 e á súa posible participación nos mercados secundarios oficiais.

2. Serán de aplicación ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo que estean autorizadas para iso as normas previstas na esta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento que regulen a xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento, o asesoramento en materia de investimento, a custodia e administración das participacións dos fondos de investimento e, de ser o caso, das accións das sociedades de investimento. En particular, seranlles de aplicación, de ser o caso, coas especialidades que se poidan establecer regulamentariamente, os artigos 183, 185, 195 e 202 a 219.

Artigo 146. *Axentes de empresas de servizos de investimento.*

1. As empresas de servizos de investimento poderán designar axentes para a promoción e comercialización dos servizos de investimento e servizos auxiliares obxecto do seu programa de actividades. Igualmente, poderán sinalalos para realizar habitualmente fronte aos clientes, en nome da empresa de servizos de investimento, os servizos de investimento previstos no artigo 140.a) e e), así como para prestar asesoramento sobre os instrumentos financeiros e os servizos de investimento que a empresa ofrece.

Os axentes actuarán en todo momento por conta e baixo responsabilidade plena e incondicional das empresas de servizos de investimento que os contratasen.

2. Os axentes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Actuar en exclusiva para unha soa empresa de servizos de investimento, ou para varias do mesmo grupo.

b) Non exercer ningunha representación dos investidores nin desenvolver actividades que poidan entrar en conflito co bo desempeño das súas funcións.

c) Os requisitos de honorabilidade, coñecemento e experiencia do artigo 152.1.f).

d) Non recibir dos clientes, nin sequera transitoriamente, instrumentos financeiros ou diñeiro, nin percibir honorarios, comisións ou calquera outro tipo de remuneración do cliente.

e) Non subdelegar as súas actuacións.

3. As empresas de servizos de investimento deberán, como requisito previo ao nomeamento de axentes:

a) Dispor dos medios necesarios para controlar de forma efectiva a actuación dos seus axentes e facer cumprir as normas e os procedementos internos das entidades que lles resulten aplicables.

b) Asegurarse de que os axentes cumpren o disposto no punto 2.c), que non desenvolven actividades que poidan afectar negativamente a prestación dos servizos encomendados e que informan os clientes do nome da empresa de servizos de investimento a que representan e de que actúan no seu nome e pola súa conta cando se poñan en contacto ou antes de negociar con calquera cliente ou posible cliente.

c) Outorgarlles poder bastante para actuar en nome e por conta súa na prestación de servizos que se lles encomenden.

4. Desenvolverase regulamentariamente o disposto neste artigo e no seguinte e, en particular, estableceranse os demais requisitos a que estará suxeita a actuación dos axentes e das empresas de servizos de investimento a que presten os seus servizos.

Artigo 147. *Inscripción no rexistro de axentes.*

1. As empresas de servizos de investimento que contraten axentes deberán comunicalo á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que os inscribirá no rexistro sinalado no artigo 238.e), logo de inscrición dos poderes no Rexistro Mercantil e unha vez comprobado que o axente reúne acreditada honorabilidade, coñecemento e experiencia para poder comunicar con precisión ao cliente ou ao posible cliente toda a información pertinente sobre o servizo proposto. A inscrición no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores será requisito necesario para que os axentes poidan iniciar a súa actividade.

2. Cando a empresa de servizos de investimento conclúa a súa relación cun axente deberá comunicalo inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, para a súa anotación no correspondente rexistro.

3. Cando unha empresa de servizos de investimento española recorra a un axente vinculado establecido noutro Estado membro da Unión Europea, o axente vinculado inscribirase no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores cando o Estado

membro en que estea establecido non permita ás súas empresas de servizos de investimento nacionais a utilización de axentes vinculados.

4. As entidades de crédito que, de conformidade co disposto no artigo 145, estean autorizadas para a prestación de servizos de investimento poderán designar axentes nos termos e condicións establecidos neste artigo. Neste caso, os axentes inscribíranse no rexistro que, para tal efecto, exista no Banco de España e rexeranse polo disposto na normativa bancaria que lles sexa de aplicación, no que non resulte contradictorio co previsto neste artigo.

#### Artigo 148. *Contratación por vía electrónica.*

Consonte o que establezan as normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, habilítase o ministro de Economía e Competitividade para regular as especialidades da contratación de servizos de investimento de forma electrónica, garantindo a protección dos lexítimos intereses da clientela e sen prexuízo da liberdade de contratación que, nos seus aspectos substantivos e coas limitacións que poidan emanar doutras disposicións legais, deba presidir as relacións entre as empresas de servizos de investimento e a súa clientela.

## CAPÍTULO II

### **Autorización, rexistro, suspensión e revogación**

#### Artigo 149. *Autorización.*

1. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar a creación de empresas de servizos de investimento.

Na autorización farase constar a clase de empresa de servizos de investimento de que se trate, así como os servizos específicos de investimento e servizos auxiliares que se lle autoricen de entre os que figuren no programa de actividades a que se refire o punto 3.

2. A resolución administrativa será motivada e deberá notificarse dentro dos tres meses seguintes á recepción da solicitude, ou ao momento en que se complete a documentación exixible e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á recepción daquela. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anteriormente previsto, poderá entenderse desestimada.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará ao Ministerio de Economía e Competitividade, con periodicidade trimestral, os procedementos de autorización incoados con indicación dos elementos esenciais do expediente que se vai tramitar, e a súa finalización, sinalando o sentido da resolución adoptada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Xunto coa solicitude de autorización e, de ser o caso, os estatutos e demais documentos que regulamentariamente se determinen, deberase achegar, en todo caso, un programa de actividades en que, de modo específico, deberán constar cales daquelas previstas nos artigos 140 e 141 pretende realizar a empresa e con que alcance, así como a organización e os medios desta. As empresas de servizos de investimento non poderán realizar actividades que non consten expresamente na autorización a que se refire o punto 1.

Así mesmo, en ningún caso se concederá a autorización para a prestación unicamente de servizos auxiliares.

4. Para a prestación do servizo de xestión dun sistema multilateral de negociación tamén poderán ser autorizadas as sociedades reitoras de mercados secundarios oficiais, así como as entidades constituídas para o efecto por unha ou varias sociedades reitoras, que deben ter como obxecto social exclusivo a xestión do sistema e que deben estar participadas ao 100 por cento por unha ou varias sociedades reitoras, sempre que cumpran, nos termos e coas adaptacións que se establezan regulamentariamente, os requisitos das empresas de servizos de investimento para obter a autorización establecida

neste capítulo, con excepción da obrigaón de adherirse ao Fondo de Garantía de Inversións e do previsto no artigo 167.2.

Artigo 150. *Rexistro.*

1. Para que unha empresa de servizos de investimento, unha vez autorizada, poida iniciar a súa actividade, os promotores deberán constituír a sociedade e inscribila no Rexistro Mercantil e posteriormente no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que corresponda. Cando se trate de empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas, bastará coa inscrición no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará toda autorización concedida á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

Artigo 151. *Autorización de empresas de servizos de investimento controladas por outras empresas.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores consultará previamente coa autoridade supervisora competente do correspondente Estado membro da Unión Europea a autorización dunha empresa de servizos de investimento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a nova empresa vaia estar controlada por unha empresa de servizos de investimento, unha entidade de crédito, unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo autorizada no dito Estado.

b) Que o seu control vaia exercelo a empresa dominante dunha empresa de servizos de investimento, dunha entidade de crédito, unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo autorizada nese Estado.

c) Que o seu control vaian exercelo as mesmas persoas físicas ou xurídicas que controlen unha empresa de servizos de investimento, unha entidade de crédito, unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo autorizada nese Estado membro.

Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste artigo sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

2. A consulta a que se refire o punto anterior alcanzará, en especial, a avaliación da idoneidade dos accionistas e a honorabilidade, coñecemento e experiencia dos administradores e directivos da nova entidade ou da entidade dominante, e poderá reiterarse para a avaliación continuada do cumprimento, por parte das empresas de servizos de investimento españolas, dos ditos requisitos.

3. No caso de creación de empresas de servizos de investimento que vaian estar controladas de forma directa ou indirecta por unha ou por varias empresas autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea deberá suspenderse a concesión da autorización pedida, denegarse ou limitarse os seus efectos, cando fose notificada a España unha decisión adoptada pola Unión Europea ao comprobar que as empresas de servizos de investimento da Unión Europea non se benefician no dito Estado dun trato que ofrezca as mesmas condicións de competencia que ás súas entidades nacionais e que non se cumpren as condicións de acceso efectivo ao mercado.

Artigo 152. *Requisitos xerais de autorización.*

1. As entidades deberán cumprir os requisitos seguintes para obter a autorización como empresa de servizos de investimento:

a) Ter por obxecto social exclusivo a realización das actividades que sexan propias das empresas de servizos de investimento, segundo esta lei.

b) Revestir a forma de sociedade anónima, constituída por tempo indefinido, e que as accións integrantes do seu capital social teñan carácter nominativo. Regulamentariamente poderá preverse que a empresa de servizos de investimento revista outra forma de sociedade cando se trate de empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas xurídicas.

c) Cando se trate dunha entidade de nova creación, constituírse polo procedemento de fundación simultánea e non reservar vantaxes ou remuneracións especiais de ningunha clase aos seus fundadores.

d) Contar cun capital social mínimo totalmente desembolsado en efectivo e cos recursos propios mínimos que regulamentariamente se determinen en función dos servizos e actividades que se presten e do volume previsto da súa actividade.

Cando se trate de empresas de servizos de investimento que unicamente estean autorizadas a prestar o servizo de asesoramento en materia de investimento ou a recibir e transmitir ordes de investidores sen manter fondos ou valores mobiliarios que pertencen a clientes, e que por esta razón nunca poidan estar en situación debedora respecto dos ditos clientes, deberán subscribir un capital social mínimo ou un seguro de responsabilidade profesional, ou ben unha combinación de ambos, de conformidade co que se estableza regulamentariamente.

e) Contar con, ao menos, tres administradores ou, de ser o caso, que o consello de administración estea formado por non menos de tres membros. Regulamentariamente poderá exixirse un número maior de administradores en función dos servizos de investimento e auxiliares que a entidade vaia prestar. No caso das empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas xurídicas, a entidade poderá designar un administrador único.

f) Os presidentes, vicepresidentes, conselleiros ou administradores, directores xerais e asimilados a estes últimos deben posuír recoñecida honorabilidade, coñecemento e experiencia para o adecuado exercicio das súas funcións e estar en disposición de exercer un bo goberno da empresa de servizos de investimento. No caso de entidades dominantes de empresas de servizos de investimento, o requisito de honorabilidade tamén deberá concorrer nos presidentes, vicepresidentes, conselleiros ou administradores, directores xerais e asimilados a estes últimos e a maioría dos membros do consello de administración deberán posuír coñecemento e experiencia para o adecuado exercicio das súas funcións.

Así mesmo, os requisitos de honorabilidade, coñecemento e experiencia deberán concorrer nos responsables das funcións de control interno e outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade dunha empresa de servizos de investimento e da súa entidade dominante, conforme estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

g) Contar cos procedementos, medidas e medios necesarios para cumprir os requisitos de organización previstos no artigo 193.2 e 3.

h) Contar cun regulamento interno de conduta, axustado ás previsións desta lei, así como con mecanismos de control e de seguridade no ámbito informático e de procedementos de control interno adecuados, incluído, en particular, un réxime de operacións persoais dos conselleiros, directivos, empregados e apoderados da empresa.

i) Adherirse ao fondo de garantía de investimentos previsto no título VI, cando a regulación específica deste así o requira. Este requisito non resultará exixible ás empresas de asesoramento financeiro.

j) Presentar un plan de negocios que acredite razoablemente que o proxecto de empresa de servizos de investimento é viable no futuro.

k) Presentar documentación adecuada sobre as condicións e os servizos, funcións ou actividades que vaian ser subcontratadas ou externalizadas, de forma que poida verificarse que este feito non desnaturaliza ou deixa sen contido a autorización solicitada.

l) Contar con procedementos adecuados de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

No desenvolvemento regulamentario dos requisitos previstos neste punto deberá terse en conta a clase de empresa de servizos de investimento de que se trate e o tipo de

actividades que realice, en especial, en relación co establecemento do capital social mínimo e dos recursos propios mínimos previstos na letra d).

2. Cando a sociedade reitora do mercado secundario oficial solicite a autorización e as persoas que xestionen o sistema multilateral de negociación sexan as mesmas que as que xestionan o dito mercado, presumirase que esas persoas cumpren os requisitos establecidos na letra f).

#### Artigo 153. *Requisitos específicos para a autorización.*

1. As empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas deberán cumprir os seguintes requisitos para obter a correspondente autorización:

- a) Ter adecuada honorabilidade, coñecementos e experiencia de conformidade co establecido no artigo 152.1.f).
- b) Cumprir cos requisitos financeiros que se establezan regulamentariamente.
- c) Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 152.1.g) e h) nos termos que se establezan regulamentariamente.

2. Cando a solicitude de autorización se refira á prestación do servizo de xestión dun sistema multilateral de negociación, a empresa de servizos de investimento, a sociedade reitora ou, de ser o caso, a entidade constituída para o efecto por unha ou varias sociedades reitoras deberán, ademais, someter á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores un regulamento de funcionamento que, sen prexuízo das demais especificacións establecidas no artigo 320, deberá:

- a) Establecer normas claras e transparentes que regulen o acceso ao sistema multilateral de negociación de acordo coas condicións establecidas no artigo 69.2 e que fixen os criterios para determinar os instrumentos financeiros que poidan negociarse no sistema.
- b) Establecer normas e procedementos que regulen a negociación nestes sistemas de maneira xusta e ordenada, establecendo criterios obxectivos que permitan unha execución eficaz das ordes.

#### Artigo 154. *Caducidade da autorización.*

Declararase caducada a autorización a que se refire este capítulo se, transcorrido o prazo dun ano contado desde o día seguinte á data de notificación da resolución administrativa pola cal se concede a autorización, os promotores da empresa de servizos de investimento non solicitan, logo de cumprimento do establecido no punto anterior, a súa inscrición no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

#### Artigo 155. *Denegación da autorización.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores só poderá denegar a autorización para constituír unha empresa de servizos de investimento polas seguintes causas:

- a) Cando se incumpran os requisitos legais e regulamentarios previstos para obter e conservar a autorización.
- b) Cando, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considere adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter unha participación significativa, tal como se define no artigo 174. Entre outros factores, a idoneidade apreciarase en función:

- 1.º Da honorabilidade dos accionistas.
- 2.º Dos medios patrimoniais con que contén os ditos accionistas para atender os compromisos asumidos.



3.º Da posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectados polo alto risco daquelas.

As referencias efectuadas aos accionistas neste artigo entenderanse realizadas aos empresarios no caso das empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas.

c) A falta de transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade, ou a existencia de vínculos estreitos con outras empresas de servizos de investimento ou outras persoas físicas ou xurídicas que impidan o exercicio efectivo das funcións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en xeral, a existencia de graves dificultades para inspeccionala ou obter a información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas funcións supervisoras.

d) Cando as disposicións legais, regulamentarias ou administrativas dun Estado non membro da Unión Europea polas cales se rexan as persoas físicas ou xurídicas coas que a empresa de investimento manteña vínculos estreitos, ou as dificultades que supoña a súa aplicación, impidan o exercicio efectivo das funcións de supervisión.

e) A falta de honorabilidade, coñecemento, experiencia e capacidade para exercer un bo goberno da empresa por parte dos membros do consello de administración e das persoas que se encarguen da dirección efectiva da sociedade financeira mixta de carteira, cando a empresa de servizos de investimento vaia ser dependente daquela como integrante dun conglomerado financeiro.

f) A existencia de graves conflitos de interese entre os cargos, responsabilidades ou funcións desempeñados polos membros do consello de administración da empresa de servizos de investimento e outros cargos, responsabilidades ou funcións que exerzan de forma simultánea.

#### Artigo 156. *Modificacións estatutarias.*

1. As modificacións dos estatutos sociais das empresas de servizos de investimento suxeitaranse ao procedemento de autorización de novas entidades, ben que a solicitude de autorización deberá resolverse e notificarse aos interesados, dentro dos dous meses seguintes á súa presentación.

2. Cando a solicitude non sexa resolta neste prazo, entenderase estimada.

3. Todas as modificacións estatutarias deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil e no da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos prazos e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.

4. Non obstante o previsto no punto 1, non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas posteriormente á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa constancia no rexistro correspondente, as modificacións dos estatutos sociais que teñan por obxecto:

a) Cambio de domicilio dentro do territorio nacional, así como o cambio de denominación da empresa de servizos de investimento.

b) Incorporación aos estatutos das empresas de servizos de investimento de preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo, ou cumprimento de resolucións xudiciais ou administrativas.

c) As ampliacións de capital con cargo a reservas das empresas de servizos de investimento.

d) Aqueloutras modificacións para as cales a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en contestación en consulta previa ou, mediante resolución de carácter xeral, considerase innecesario, pola súa escasa relevancia, o trámite de autorización.

Artigo 157. *Modificación dos servizos de investimento autorizados.*

1. Toda alteración dos servizos específicos de investimento e servizos auxiliares inicialmente autorizados requirirá autorización previa outorgada conforme o procedemento de autorización de novas entidades e inscrición nos rexistros desta Comisión, na forma que regulamentariamente se determine.

2. Poderá denegarse a autorización se a entidade non cumpre o previsto nos artigos 152, 153, 155, 183, 185, 190 e 193 e, en especial, se a Comisión Nacional do Mercado de Valores considera insuficientes a organización administrativa e contable da entidade, os seus medios humanos e técnicos ou os seus procedementos de control interno.

3. Se, como consecuencia da alteración autorizada, a empresa de servizos de investimento restrinxe o ámbito das súas actividades procederase, de ser o caso, a liquidar as operacións pendentes ou a traspasar os valores, instrumentos e efectivo que lle confiasen os seus clientes. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar as medidas cautelares oportunas, incluída a intervención da liquidación das operacións pendentes.

Artigo 158. *Nomeamento de novos cargos de administración e dirección.*

1. O nomeamento de novos cargos de administración ou dirección das empresas de servizos de investimento e, de ser o caso, das súas entidades dominantes deberá ser obxecto de comunicación previa á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e nos prazos que regulamentariamente se determinen.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse aos ditos nomeamentos, de forma motivada no prazo de tres meses desde a recepción da comunicación, se se considera que tales persoas non gozan de honorabilidade ou experiencia suficiente, de conformidade co disposto no artigo 152.1.f) e g) ou cando existan motivos obxectivos e demostrables para crer que os cambios propostos poden pór en perigo a xestión adecuada e prudente da entidade ou do grupo a que pertenza.

3. No caso de novos cargos de administración ou dirección da entidade dominante da empresa de servizos de investimento que estean suxeitos a autorización doutros organismos supervisores bastará coa mera comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores dos novos cargos.

Artigo 159. *Modificacións estruturais.*

A transformación, fusión, escisión e segregación dunha rama de actividade, así como as demais operacións de modificación social que realice unha empresa de servizos de investimento ou que conduzan á creación dunha empresa de servizos de investimento, requirirán autorización previa, de acordo co procedemento establecido no artigo 149, coas adaptacións que regulamentariamente se sinalen, sen que en ningún caso a alteración social poida significar ningunha mingua dos requisitos que para a constitución das empresas de servizos de investimento estean establecidos legal ou regulamentariamente.

Artigo 160. *Revogación da autorización.*

A autorización concedida a unha empresa de servizos de investimento ou a unha das entidades a que se refire o artigo 145.2 ou a unha sucursal dunha entidade con sede en Estados non membros da Unión Europea poderá revogarse nos seguintes supostos:

- a) Se non dá comezo ás actividades autorizadas dentro dos doce meses seguintes á data da notificación da autorización, por causa imputable ao interesado.
- b) Se renuncia expresamente á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución.
- c) Se interrompe, de feito, as actividades específicas autorizadas durante un período superior a seis meses.

- d) Se durante un ano realiza un volume de actividade inferior ao normal que regulamentariamente se determine.
- e) Se incumpre de forma sobrevida calquera dos requisitos para a obtención da autorización, salvo que se dispoña algunha outra cousa en relación cos citados requisitos.
- f) En caso de incumprimento grave e sistemático das obrigacións previstas nos artigos 190.1.a) e 193.2.c), e) e f).
- g) Cando se dea o suposto previsto no artigo 180.1.
- h) Se a empresa de servizos de investimento ou a persoa ou entidade é declarada xudicialmente en concurso.
- i) Como sanción, segundo o previsto no título VIII desta lei.
- j) Se a empresa de servizos de investimento deixa de pertencer ao fondo de garantía de investimentos previsto no título VI.
- k) Cando se dea algunha das causas de disolución previstas nos artigos 360 e 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.
- l) Se obtivo a autorización en virtude de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

Artigo 161. *Procedemento de revogación da autorización.*

1. A revogación da autorización axustarase ao procedemento previsto nas normas que rexen o procedemento administrativo común das administracións públicas e a tramitación e a resolución corresponderán á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará ao Ministerio de Economía e Competitividade a revogación da autorización outorgada.

2. Non obstante, cando a causa de revogación que conorra sexa algunha das previstas nas letras a), b) ou h) do artigo anterior, bastará con dar audiencia á entidade interesada. Nos casos previstos nas letras i) e j) haberá que seguir os procedementos específicos previstos nesta lei.

3. A resolución que acorde a revogación será inmediatamente executiva. Unha vez notificada, a empresa de servizos interesada non poderá realizar novas operacións. A resolución deberá inscribirse no Rexistro Mercantil e no da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e será notificada á Autoridade Europea de Valores e Mercados. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e producirá desde entón efectos fronte a terceiros.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar que a revogación implique a disolución forzosa da entidade. Cando a disolución afecte membros do mercado, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e os órganos reitores dos mercados secundarios oficiais, por si mesmos ou por requirimento daquela, poderán acordar todas as medidas cautelares que se consideren pertinentes en prol da protección dos investidores e do funcionamento regular dos mercados de valores e, en especial:

- a) Acordar o traspaso a outra entidade dos valores negociables, instrumentos financeiros e efectivo que lle confiasen os seus clientes.
- b) Exixir algunha garantía específica aos liquidadores designados pola sociedade.
- c) Nomear os liquidadores.
- d) Intervir as operacións de liquidación. Se en virtude do previsto neste precepto, ou noutros desta lei, hai que nomear liquidadores ou interventores da operación de liquidación, será de aplicación, coas adaptacións pertinentes, o previsto no título III, capítulo V, da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

5. Cando a revogación non supoña a disolución da empresa de servizos de investimento, deberá proceder de forma ordenada a liquidar as operacións pendentes e, de ser o caso, a traspasar os valores negociables, instrumentos financeiros e efectivo que lle confiasen os seus clientes. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar

as medidas cautelares oportunas, incluída a intervención da liquidación das operacións pendentes.

6. Cando unha empresa de servizos de investimento acorde a súa disolución por algunha das causas previstas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, entenderase revogada a autorización e a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar, para a súa ordenada liquidación, calquera das medidas sinaladas no punto 4 deste artigo.

7. A revogación da autorización concedida a unha empresa de servizos de investimento con sede nun Estado non membro da Unión Europea determinará a revogación da autorización da sucursal operante en España.

8. No caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña coñecemento de que a unha empresa de servizos de investimento doutro Estado membro da Unión Europea operante en España lle foi revogada a autorización, acordará de inmediato as medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades e se salvagarden os intereses dos investidores. Sen prexuízo das facultades da súa autoridade supervisora e en colaboración con ela, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar as medidas previstas nesta lei para garantir unha correcta liquidación.

#### Artigo 162. *Suspensión da autorización.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender, con carácter total ou parcial, os efectos da autorización concedida a unha empresa de servizos de investimento. Cando a suspensión sexa parcial, afectará algunhas actividades ou o alcance con que estas se autorizaron.

2. A suspensión poderá acordarse cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Apertura dun expediente sancionador por infracción grave ou moi grave.
- b) Cando se dea algunha das causas previstas no artigo 160.e), f), h), j) ou l), mentres se tramite o procedemento de revogación.
- c) Cando se dea o suposto previsto no artigo 178.
- d) Cando a empresa non realice as achegas ao fondo de garantía de investimentos previsto no título VI a que pertenza.
- e) Como sanción, segundo o previsto no título VIII.

3. A suspensión só se acordará cando, dándose unha das causas previstas no número anterior, a medida sexa necesaria para asegurar a solvencia da entidade ou para protexer os investidores. Non se poderá acordar, salvo que se trate dunha sanción, por un prazo superior a un ano, prorrogable por outro máis.

4. A medida de suspensión de actividades acordarse e producirá os seus efectos segundo o previsto no artigo 161, salvo cando se dea algún suposto que teña un réxime específico nesta lei.

#### Artigo 163. *Lexitimación para solicitar a declaración de concurso.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará lexitimada para solicitar a declaración de concurso das empresas de servizos de investimento, sempre que dos estados contables remitidos polas entidades ou das comprobacións realizadas polos servizos da propia Comisión Nacional do Mercado de Valores resulte que se encontran en estado de insolvencia conforme o establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

## CAPÍTULO III

**Sucursais e libre prestación de servizos**

Artigo 164. *Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento españolas en Estados membros da Unión Europea.*

As empresas de servizos de investimento españolas poderán prestar no territorio doutros Estados membros da Unión Europea os servizos de investimento, así como os servizos auxiliares para os cales estean autorizadas, xa sexa a través do establecemento dunha sucursal, xa sexa mediante a libre prestación de servizos, nos termos establecidos neste capítulo.

Artigo 165. *Apertura de sucursais en Estados membros da Unión Europea.*

1. Toda empresa de servizos de investimento española que desexe establecer unha sucursal no territorio doutro Estado membro da Unión Europea deberá notificarllo á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Na notificación deberá indicarse:

- a) Os Estados membros en cuxo territorio se propón establecer unha sucursal.
- b) Un programa de actividades en que se especifiquen, entre outros aspectos, os servizos de investimento, así como os servizos auxiliares que se propón levar a cabo e a estrutura organizativa da sucursal, ademais da indicación de se a sucursal prevé utilizar axentes vinculados.
- c) O enderezo no Estado membro de acollida onde se pode obter documentación.
- d) O nome dos directivos responsables da xestión da sucursal.

2. Salvo que teña razóns para dúbida da idoneidade da estrutura administrativa ou da situación financeira da entidade, tendo en conta as actividades que esta se propoña realizar, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá enviar toda a información remitida pola empresa de servizos de investimento española á autoridade competente do Estado membro de acollida no prazo de tres meses a partir da súa recepción, e informar debidamente disto a empresa de servizos de investimento.

Ademais, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá remitir á autoridade competente do Estado membro de acollida os datos sobre o fondo de garantía de investimentos a que a entidade estea adherida, así como calquera modificación que poida producirse ao respecto.

3. Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores acorda non remitir a información ao Estado membro de acollida por calquera das causas sinaladas no punto anterior, deberá comunicalo á empresa de servizos de investimento no prazo de tres meses desde a recepción da información, indicando as razóns da súa negativa.

4. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados consonte o disposto no punto 1, a empresa de servizos de investimento deberá comunicalo por escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores como mínimo un mes antes de facela efectiva. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicarllo á autoridade competente do Estado membro de acollida.

5. A sucursal poderá establecerse e iniciar as súas actividades cando recibise a comunicación da autoridade competente do Estado membro de acollida ou, en ausencia desta, nun prazo de dous meses a partir da data da comunicación da Comisión Nacional do Mercado de Valores a aquela autoridade competente.

6. Cando a empresa de servizos de investimento española utilice un axente establecido noutro Estado membro da Unión Europea, este axente asimilárase a unha sucursal e estará suxeito ao réxime establecido neste artigo para as sucursais.

Artigo 166. *Libre prestación de servizos en Estados membros da Unión Europea.*

Toda empresa de servizos de investimento española que, en réxime de libre prestación de servizos, desexe prestar por primeira vez servizos no territorio doutro Estado membro da Unión Europea ou desexe modificar a gama de servizos ou actividades prestados baixo este réxime, deberá notificalo á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Na notificación deberá indicarse:

- a) O Estado membro en que teña previsto operar.
- b) Un programa de actividades en que se especifiquen, entre outras cousas, os servizos de investimento, así como os servizos complementarios que se propón levar a cabo e a indicación de se se prevé utilizar axentes vinculados no territorio dos Estados membros en que pensa prestar servizos. Cando a empresa de servizos de investimento teña previsto utilizar axentes vinculados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará, por petición da autoridade competente do Estado membro de acollida e nun prazo de tempo razoable, a identidade dos axentes vinculados que aquela teña intención de utilizar no dito Estado membro. A Comisión Nacional do Mercado de Valores dará acceso a esa información á Autoridade Europea de Valores e Mercados, de conformidade co procedemento e consonte as condicións previstas no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010.

Artigo 167. *Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento españolas en Estados non membros da Unión Europea.*

1. As empresas de servizos de investimento españolas que pretendan abrir unha sucursal ou prestar servizos sen sucursal nun Estado non membro da Unión Europea deberán obter previamente unha autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento aplicables a este suposto.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados das dificultades xerais a que se enfronten as empresas de servizos de investimento á hora de establecerse ou de prestar servizos de investimento nun Estado non membro da Unión Europea.

3. Tamén quedará suxeita á autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores a creación por unha empresa de servizos de investimento española ou por un grupo de empresas de servizos de investimento españolas dunha empresa de servizo de investimento estranxeira, ou a adquisición dunha participación nunha empresa xa existente, cando a dita empresa de servizos de investimento estranxeira vaia ser constituída ou se encontre domiciliada nun Estado que non sexa membro da Unión Europea. Determinaranse regulamentariamente a información que deba incluírse na solicitude.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo de tres meses contado desde a recepción de toda a información requirida, resolverá sobre a petición. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anteriormente previsto, poderase entender estimada.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá denegar a petición cando, atendendo á situación financeira da empresa de servizos de investimento ou á súa capacidade de xestión, considere que o proxecto pode perturbar o bo desenvolvemento das súas actividades en España, cando, vistas a localización e as características do proxecto, non se poida asegurar a efectiva supervisión do grupo, en base consolidada, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou cando a actividade da entidade dominada non quede suxeita a supervisión efectiva por ningunha autoridade supervisora nacional.

Artigo 168. *Empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. As empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderán realizar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben

en réxime de libre prestación de servizos, servizos de investimento e servizos auxiliares. Será imprescindible que a autorización, os estatutos e o réxime xurídico da entidade a habiliten para exercer as actividades que pretende realizar. En calquera caso, os servizos auxiliares só se poderán prestar xunto cun servizo de investimento.

2. En ningún caso se poderá condicionar o establecemento de sucursais ou a libre prestación de servizos a que se refire o punto anterior á obrigaón de obter unha autorización adicional, nin á de achegar un fondo de dotación, ou a calquera outra medida de efecto equivalente.

Artigo 169. *Procedemento de apertura e peche de sucursais en España.*

1. A apertura en España de sucursais de empresas de servizos de investimento autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea non requirirá autorización previa.

2. Malia o disposto no punto anterior, a apertura da sucursal estará condicionada a que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe da empresa de servizos de investimento. Esta comunicación deberá conter a información indicada no artigo 165.1.

3. Unha vez recibida a comunicación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará a súa recepción á empresa de servizos de investimento, que deberá inscribir a sucursal no Rexistro Mercantil e no rexistro correspondente da Comisión Nacional do Mercado de Valores e comunicar a aquela a data do inicio efectivo das súas actividades. Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non efectúa esta comunicación, a sucursal poderá establecerse, inscribíndose no Rexistro Mercantil e no da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e iniciar as súas actividades no prazo de dous meses a partir da data da comunicación da autoridade competente do Estado de orixe.

4. Transcorrido un ano desde que se notificase á empresa de servizos de investimento a recepción da comunicación efectuada pola súa autoridade supervisora sen que se inscribise a sucursal no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o procedemento entenderase caducado.

5. En caso de peche, a sucursal deberá comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores esta situación ao menos con tres meses de antelación á data prevista para iso.

6. Cando a empresa de servizos de investimento recorra a un axente establecido nun Estado membro da Unión Europea distinto do Estado membro de orixe da empresa de servizos de investimento, o axente vinculado asimilárase á sucursal e estará suxeito ao disposto nesta lei para as sucursais.

Artigo 170. *Supervisión de sucursais en España*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores asumirá a responsabilidade de asegurarse que os servizos prestados pola sucursal en territorio español cumpren as obrigaóns establecidas nos artigos 89 a 92, 209 a 218 e 221 a 224 e as obrigaóns establecidas no título X, capítulo III, e as medidas adoptadas de conformidade con estes.

En consecuencia, a Comisión Nacional do Mercado de Valores terá dereito a examinar as medidas adoptadas pola sucursal e a pedir as modificacións estritamente necesarias para garantir o cumprimento do disposto en tales artigos e nas medidas adoptadas de conformidade con eles, respecto dos servizos ou actividades prestados pola sucursal en territorio español.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores asumirá o control da obrigaón establecida no artigo 193.2.d) en canto ao rexistro das operacións realizadas pola sucursal, sen prexuízo de que a autoridade competente do Estado de orixe teña un acceso directo a ese rexistro.

3. O disposto nos dous puntos anteriores resultará tamén de aplicación no caso de sucursais de entidades de crédito da Unión Europea autorizadas para prestaren servizos de investimento en territorio español.

4. Sen prexuízo do sinalado nos dous puntos anteriores, a autoridade competente do Estado membro de orixe poderá, no exercicio das súas responsabilidades e tras informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, realizar inspeccións «in situ» desa sucursal.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir, con fins estatísticos, que todas as empresas de servizos de investimento comunitarias que teñan sucursais en territorio español a informen periodicamente sobre as actividades desas sucursais.

#### Artigo 171. *Libre prestación de servizos en España.*

1. A realización en España por primeira vez de actividades ou servizos de investimento e servizos auxiliares, en réxime de libre prestación de servizos, por parte de empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, poderá iniciarse unha vez que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe da entidade, nos termos indicados no artigo 166.

2. Cando a empresa de servizos de investimento teña a intención de utilizar axentes vinculados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar á autoridade competente do Estado de orixe a comunicación, nun prazo de tempo razoable, da identidade dos axentes vinculados que a entidade teña a intención de utilizar no territorio español. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá decidir facer pública esta información.

#### Artigo 172. *Medidas preventivas.*

1. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos claros e demostrables para crer que unha empresa de servizos de investimento autorizada noutro Estado membro da Unión Europea que opera en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos infrinxe obrigacións derivadas de disposicións nacionais adoptadas en virtude da Directiva 2004/39/CE, comunicará os feitos á autoridade competente do Estado membro de orixe.

No caso de que, malia as medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe, a empresa de servizos de investimento persista nunha actuación claramente prexudicial para os intereses dos investidores en España ou para o funcionamento correcto dos mercados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, adoptará todas as medidas pertinentes, incluída a posibilidade de impedir que as empresas de servizos de investimento infractoras efectúen novas operacións en territorio español. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sen demora acerca destas medidas a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá instar a Autoridade Europea de Valores e Mercados a actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobe que a sucursal en España dunha empresa de servizos de investimento comunitaria non cumpre as obrigacións establecidas nos artigos 89 a 92, 209 a 218 e 221 a 224, e no título X, capítulo III desta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, exixirá á empresa de servizos de investimento que poña fin á súa situación irregular.

Se a empresa de servizos de investimento non adopta as medidas oportunas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores tomará todas as medidas necesarias para pór fin a esta situación e deberá informar as autoridades competentes do Estado membro de orixe da natureza das medidas adoptadas.

Se, malia as medidas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, a empresa continúa infrinxindo as disposicións contidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar as autoridades competentes do Estado membro de orixe, poderá sancionala e, de ser o caso,



prohibirle a realización de novas operacións en territorio español. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados sen demora acerca destas medidas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá instar a Autoridade Europea de Valores e Mercados a actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010.

3. Toda medida adoptada en aplicación do disposto neste artigo que implique sancións ou restricións das actividades dunha empresa de investimento deberá ser debidamente motivada e comunicada á empresa de servizos de investimento afectada.

4. O disposto neste artigo resultará tamén de aplicación no caso de entidades de crédito doutros Estados membros da Unión Europea autorizadas para prestar servizos de investimento en territorio español, ben en réxime de libre prestación de servizos, ben en réxime de liberdade de establecemento.

#### Artigo 173. *Empresas de servizos de investimento autorizadas en Estados non membros da Unión Europea.*

1. Ás empresas de servizos de investimento non autorizadas en Estados membros da Unión Europea que pretendan abrir en España unha sucursal seralles de aplicación o procedemento de autorización previa previsto no capítulo II coas adaptacións que regulamentariamente se establezan. Se pretenden prestar servizos sen sucursal, deberán ser autorizadas na forma e coas condicións que regulamentariamente se fixen.

2. A autorización a que se refire o punto anterior poderá ser denegada ou condicionada, por motivos prudenciais, por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina dos mercados de valores españois.

3. As empresas de servizos de investimento con sede en Estados non membros da Unión Europea que operen en España estarán suxeitas a esta lei e ás súas normas de desenvolvemento.

### CAPÍTULO IV

#### Participacións significativas

##### Artigo 174. *Participacións significativas.*

1. Para efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha empresa de servizos de investimento española aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da empresa.

Tamén terá a consideración de participación significativa aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable na empresa. Regulamentariamente determinarase, tendo en conta as características dos distintos tipos de empresas de servizos de investimento, cando se deba presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer a dita influencia notable, tendo en conta para estes efectos, entre outros, a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do seu consello de administración.

2. O disposto neste título para as empresas de servizos de investimento entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas nesta lei e das regras especiais establecidas na disposición adicional sexta e nos artigos 48 e 99, así como nas súas normas de desenvolvemento.

##### Artigo 175. *Deber de notificación.*

1. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise, directa ou indirectamente, unha participación nunha empresa de servizos de investimento española, de tal forma que a súa porcentaxe de dereitos de voto

ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 5 por cento, comunicarlle inmediatamente por escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores e á empresa de servizos de investimento correspondente, indicando a contía da participación alcanzada.

2. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, no sucesivo o adquirente potencial, decidise adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento española ou ben incrementar, directa ou indirectamente, a participación nela de tal forma que ou a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou ben que en virtude da adquisición se poida chegar a controlar a empresa de servizos de investimento, no sucesivo, a adquisición proposta, notificarallo previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da participación prevista e incluíndo toda a información que regulamentariamente se determine. Esta información deberá ser pertinente para a avaliación e proporcional e adecuada á natureza do adquirente potencial e da adquisición proposta.

Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste artigo sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto neste punto, non se terán en conta os dereitos de voto ou o capital resultante do aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros nin da colocación de instrumentos financeiros baseada nun compromiso firme, sempre que tales dereitos non se exerzan para intervir na administración do emisor e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

3. Así mesmo, as empresas de servizos de investimento informarán a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en canto teñan coñecemento diso, das adquisicións ou cesións de participacións no seu capital que traspasen algún dos niveis sinalados nos puntos anteriores deste artigo.

4. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba dúas ou máis notificacións referidas á mesma empresa de servizos de investimento, tratará todos os adquirentes potenciais de forma non discriminatoria.

#### Artigo 176. *Avaliación da adquisición proposta.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, coa finalidade de garantir unha xestión sa e prudente da empresa de servizos de investimento en que se propón a adquisición, e atendendo á posible influencia do adquirente potencial sobre ela, avaliará a idoneidade deste e a solidez financeira da adquisición proposta, de acordo cos seguintes criterios:

- a) A honorabilidade comercial e profesional do adquirente potencial.
- b) A honorabilidade comercial e profesional e a experiencia de administradores e directivos que vaian dirixir a actividade da empresa de servizos de investimento como consecuencia da adquisición proposta.
- c) A solvencia financeira do adquirente potencial para atender os compromisos asumidos, en especial en relación co tipo de actividade que se exerza ou estea previsto exercer na empresa de servizos de investimento en que se propón a adquisición.
- d) A capacidade da empresa de servizos de investimento de cumprir de forma duradeira coas obrigacións establecidas na normativa que lle sexa de aplicación. En particular, cando proceda, valorará se o grupo de que pasará a formar parte conta cunha estrutura que non impida exercer unha supervisión eficaz, e que permita proceder a un intercambio efectivo de información entre as autoridades competentes para levar a cabo tal supervisión e determinar a repartición de responsabilidades entre elas.
- e) Que non existan indicios racionais que permitan supor:

1.º Que, en relación coa adquisición proposta, se están efectuando, se efectuaron ou se intentou efectuar operacións de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo no sentido previsto na normativa de prevención de tales actividades; ou,

2.º que a citada adquisición non poida aumentar o risco de que se efectúen tales operacións.

2. Tan pronto como reciba a notificación a que se refire o artigo 175, a Comisión Nacional do Mercado de Valores solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, co fin de obter unha valoración adecuada deste criterio. Coa dita solicitude a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá ao Servizo Executivo tanta información recibise do adquirente potencial ou dispoña en exercicio das súas competencias que poida ser relevante para a valoración deste criterio. O Servizo Executivo deberá remitir o informe á Comisión Nacional do Mercado de Valores no prazo máximo de trinta días hábiles contado desde o día seguinte a aquel en que recibise a solicitude coa información sinalada.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá dun prazo de sesenta días hábiles contado desde a data en que efectuase o aviso de recepción da notificación a que se refire o artigo 175, para realizar a avaliación a que se refire o punto anterior e, de ser o caso, oporse á adquisición proposta. O xustificante de recepción realizarase por escrito no prazo de dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que se lle xunte toda a información que resulte exixible conforme o artigo 175, e nel indicarse ao adquirente potencial a data exacta en que remata o prazo de avaliación. Nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a notificación non contén toda a información exixible, requirirase o adquirente potencial para que, nun prazo de dez días, emende falta ou xunte a información preceptiva, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da adquisición proposta.

Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se pronuncia no prazo anterior, entenderase que non existe oposición.

4. Se o considera necesario, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información adicional á que, con carácter xeral, procede exixir consonte o establecido no artigo 175, para avaliar convenientemente a adquisición proposta. Esta solicitude farase por escrito e nela especificarase a información adicional necesaria. Cando a solicitude de información adicional se realice dentro dos cincuenta primeiros días hábiles do prazo establecido no punto 3, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá interromper o cómputo do dito prazo, por unha única vez, durante o período que medie entre a data da solicitude de información adicional e a data de recepción desta. Esta interrupción poderá ter unha duración máxima de vinte días hábiles, que se poderá prolongar até trinta días, nos supostos que regulamentariamente se determinen.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores só poderá oporse á adquisición proposta cando haxa motivos razoables para iso sobre a base dos criterios establecidos no punto 1 ou se a información achegada polo adquirente potencial está incompleta. Se unha vez finalizada a avaliación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores presenta obxeccións á adquisición proposta, informará diso o adquirente potencial, por escrito e motivando a súa decisión, no prazo de dous días hábiles, sen que en ningún caso se poida exceder o prazo máximo para realizar a avaliación. Cando non se opoña á adquisición proposta, poderá establecer un prazo máximo para a súa conclusión e, cando proceda, prolongalo.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores non poderá impor condicións previas en canto á contía da participación que deba adquirirse nin terá en conta as necesidades económicas do mercado ao realizar a avaliación.

7. As decisións adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores mencionarán as posibles observacións ou reservas expresadas pola autoridade competente da supervisión do adquirente potencial, consultada nos termos do artigo 177.

8. Por petición do adquirente potencial ou de oficio, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer públicos os motivos que xustifican a súa decisión, sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.

Artigo 177. *Colaboración entre autoridades supervisoras.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao realizar a avaliación a que se refire o artigo 176.1, consultará as autoridades responsables da supervisión noutros Estados membros da Unión Europea, cando o adquirente potencial sexa:

a) Unha entidade de crédito, entidade aseguradora ou reaseguradora, empresa de servizos de investimento ou sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

b) A sociedade matriz dunha entidade de crédito, dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

c) Unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito, dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao realizar a avaliación a que se refire o punto anterior, consultará:

a) O Banco de España, sempre que o adquirente potencial sexa unha entidade de crédito, ou unha sociedade matriz dunha entidade de crédito, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito.

b) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sempre que o adquirente potencial sexa unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou unha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha sociedade matriz dunha entidade aseguradora ou reaseguradora ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade aseguradora ou reaseguradora ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores atenderá reciprocamente as consultas que lle remitan as autoridades responsables da supervisión dos adquirentes potenciais doutros Estados membros e, de ser o caso, o Banco de España ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Ademais facilitaralles de oficio e sen atrasos inxustificadas toda a información que resulte esencial para a avaliación, así como o resto de información que soliciten, sempre e cando esta resulte oportuna para a avaliación.

Artigo 178. *Efectos do incumprimento das obrigacións.*

Cando se efectúe unha adquisición das reguladas no artigo 175 sen lla ter notificado previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, téndolla notificado, non transcorrese aínda o prazo previsto no artigo 176.3, ou se media a oposición expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente até que a Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha vez recibida e avaliada a información necesaria sobre os adquirentes, os xulgue idóneos. Se, non obstante, chegan a exercerse, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto no capítulo IX do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, estando lexitimada para o efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Poderase acordar a suspensión de actividades prevista no artigo 162.

c) De ser preciso, acordarase a intervención da empresa ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no título VIII.

d) Imporanse as sancións previstas no título VIII.

Artigo 179. *Redución de participacións significativas.*

1. Toda persoa física ou xurídica que decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento, notificarallo primeiro á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da operación proposta e o prazo previsto para levala a cabo. Esta persoa deberá tamén notificar se decidiu reducir a súa participación significativa de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuída sexa inferior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou que poida perder o control da empresa de servizos de investimento.

2. O incumprimento deste deber será sancionado segundo o previsto no título VIII.

Artigo 180. *Medidas preventivas.*

1. Cando existan razóns fundadas e acreditadas relativas a que a influencia exercida polas persoas que posúan unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento poida resultar en detrimento da súa xestión sa e prudente e danar gravemente a súa situación financeira, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) As previstas no punto 178.a) e b), ben que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder os tres anos.

b) Con carácter excepcional, a revogación da autorización.

2. Ademais, poderanse impor as sancións que procedan segundo o previsto no título VIII.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores dará conta razoada ao Ministerio de Economía e Competitividade das decisións tomadas en virtude deste artigo.

Artigo 181. *Comunicación de estrutura accionarial.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e coa periodicidade que regulamentariamente se estableza, sobre a composición do seu accionariado ou sobre as alteracións que nel se produzan. Tal información comprenderá necesariamente a relativa á participación doutras entidades financeiras no seu capital, calquera que sexa a súa contía. Establecerase regulamentariamente en que casos a información subministrada terá carácter público.

2. Ademais, ao menos unha vez ao ano, as empresas de servizos de investimento deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores da identidade dos accionistas que posúan participacións significativas, indicando o volume de tales participacións.

## CAPÍTULO V

### **Idoneidade, goberno corporativo e requisitos de información**

Artigo 182. *Requisitos de idoneidade.*

1. Considerarase que concorre a honorabilidade requirida neste título en quen viñese mostrando unha conduta persoal, comercial e profesional que non suscite dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da empresa de servizos de investimento.

Para valorar a concorrencia de honorabilidade deberá considerarse toda a información dispoñible, de acordo cos parámetros que se determinen regulamentariamente. En todo caso, tal información deberá incluír a relativa á condena pola comisión de delitos ou faltas e a sanción pola comisión de infraccións administrativas.

2. Considerarase que posúen os coñecementos e experiencia requiridos neste título para exercer as súas funcións nas empresas de servizos de investimento aqueles que

conten coa formación de nivel e perfil adecuado, en particular, nas áreas de valores e servizos financeiros, e experiencia práctica derivada das súas anteriores ocupacións durante un tempo suficiente.

3. Teranse en conta, para os efectos de valorar a disposición dos membros do consello de administración para exercer un bo goberno exixida neste título, a presenza de potenciais conflitos de interese que xeren influencias indebidas de terceiros e a capacidade de dedicar o tempo suficiente para levar a cabo as funcións correspondentes.

**Artigo 183. *Selección e avaliación de membros do consello de administración, directores xerais e asimilados.***

1. As empresas de servizos de investimento deberán velar en todo momento polo cumprimento dos requisitos de idoneidade previstos nesta lei. Para tales efectos, deberán contar, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, con unidades e procedementos internos adecuados para levar a cabo a selección e avaliación continua dos membros do seu consello de administración e dos seus directores xerais ou asimilados, e das persoas que asuman funcións de control interno ou ocupen postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da empresa de servizos de investimento, conforme o establecido neste artigo.

2. A valoración da idoneidade dos cargos anteriores de conformidade cos criterios de honorabilidade, experiencia e bo goberno establecidos nesta lei será realizada tanto pola propia empresa de servizos de investimento como pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos que se prevexan regulamentariamente.

3. En caso de incumprimento dos requisitos de honorabilidade, coñecemento e experiencia e bo goberno, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá:

- a) Revogar a autorización, de modo excepcional, de acordo co previsto no artigo 160.
- b) Requirir a suspensión temporal ou o cesamento definitivo do cargo de conselleiro ou director xeral ou asimilado ou a emenda das deficiencias identificadas en caso de falta de honorabilidade, coñecementos ou experiencia adecuados ou de capacidade para exercer un bo goberno.

Se a empresa de servizos de investimento non executa tales requirimentos no prazo sinalado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta poderá acordar a suspensión temporal ou o cesamento definitivo do cargo correspondente, de conformidade co procedemento previsto no artigo 311.

**Artigo 184. *Réxime de incompatibilidades e limitacións.***

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o número máximo de cargos que un membro do consello de administración ou un director xeral ou asimilado pode ocupar simultaneamente, tendo en conta as circunstancias particulares e a natureza, dimensión e complexidade das actividades da entidade.

Os membros do consello de administración con funcións executivas e os directores xerais e asimilados de empresas de servizos de investimento non poderán ocupar ao mesmo tempo máis cargos que os previstos para as entidades de crédito no artigo 26 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar os cargos mencionados no punto anterior a ocupar un cargo non executivo adicional se considera que iso non impide o correcto desempeño das súas actividades na empresa de servizos de investimento. Esta autorización deberá ser comunicada á Autoridade Bancaria Europea.

3. Non obstante o anterior, este artigo non será de aplicación ás empresas de servizos de investimento que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Non están autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a),
- b) Prestan unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140. a), b), d) e g), e

c) Non se lles permite ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

#### Artigo 185. *Normas de goberno corporativo.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán contar con sólidos procedementos de goberno corporativo, incluída unha estrutura organizativa clara, adecuada e proporcionada ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, e con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes.

Para tales efectos, o consello de administración das empresas de servizos de investimento deberá definir un sistema de goberno corporativo que garanta unha xestión eficaz e prudente da entidade e que inclúa a adecuada repartición de funcións na organización e na prevención de conflitos de intereses.

2. O sistema de goberno corporativo rexeráse polos seguintes principios:

a) A responsabilidade da administración e xestión da entidade, a aprobación e vixilancia da aplicación dos seus obxectivos estratéxicos, a súa estratexia de risco e o seu goberno interno recaerán no consello de administración.

b) O consello de administración garantirá a integridade dos sistemas de información contable e financeira, incluídos o control financeiro e operativo, e o cumprimento da lexislación aplicable.

c) O consello de administración deberá supervisar o proceso de divulgación de información e as comunicacións relativas á empresa de servizos de investimento.

d) O consello de administración é responsable de garantir unha supervisión efectiva da alta dirección.

e) O presidente do consello de administración non poderá exercer simultaneamente o cargo de conselleiro delegado, salvo que a entidade o xustifique e a Comisión Nacional do Mercado de Valores o autorice.

3. O consello de administración viviará a aplicación do sistema de goberno corporativo e responderá dela. Para isto, deberá controlar e avaliar periodicamente a eficacia do sistema e adoptar as medidas adecuadas para resolver as súas deficiencias.

4. As empresas de servizos de investimento contarán cunha páxina web onde darán difusión á información pública prevista neste capítulo e comunicarán o modo en que cumpren as obrigacións de goberno corporativo.

5. Para efectos do previsto nesta lei, equipararase o consello de administración a calquera órgano equivalente das empresas de servizos de investimento.

6. As restantes entidades que presten servizos de investimento, de conformidade co disposto neste título, deberán contar cunha estrutura organizativa clara, adecuada e proporcionada ao carácter, escala e complexidade dos servizos de investimento que presten.

#### Artigo 186. *Comité de nomeamentos.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán constituír un comité de nomeamentos integrado por membros do consello de administración que non desempeñen funcións executivas na entidade. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar que unha empresa de servizos de investimento, por razón do seu tamaño, da súa organización interna, da natureza, do alcance ou da escasa complexidade das súas actividades, poida constituír o citado comité de maneira conxunta co comité de remuneracións, ou ben quede exenta deste requisito.

2. O comité de nomeamentos establecerá un obxectivo de representación para o sexo menos representado no consello de administración e elaborará orientacións sobre como alcanzar o dito obxectivo.

*Artigo 187. Excepcións ao comité de nomeamentos.*

1. Non será de aplicación o previsto no artigo 186 ás empresas de servizos de investimento que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Non estar autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a).
- b) Prestar unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140.a), b), d) e g).
- c) Non estar autorizadas para ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

2. Tampouco será de aplicación o disposto no artigo 186 a aquelas empresas de servizos de investimento autorizadas exclusivamente a prestar o servizo a que se refire o artigo 140.h).

*Artigo 188. Obrigacións en materia de remuneracións.*

1. As empresas de servizos de investimento disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, de políticas de remuneracións coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva.

2. A política de remuneracións aplicarase ás categorías de empregados cuxas actividades profesionais incidan de maneira significativa no seu perfil de risco, a nivel de grupo, sociedade matriz e filial. En particular, aplicarase aos altos directivos, aos empregados que asumen riscos para a empresa de servizos de investimento, aos que exercen funcións de control, así como a todo traballador que reciba unha remuneración global que o inclúa no mesmo baremo de remuneración que os anteriores, cuxas actividades profesionais incidan de maneira importante no perfil de risco da entidade.

3. As empresas de servizos de investimento presentarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores tanta información lles requira esta para o cumprimento das obrigacións en materia de remuneracións e, en particular, unha lista en que se indique as categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco. Esta lista deberase presentar anualmente e, en todo caso, cando se producisen alteracións significativas nas listas presentadas.

4. A política de remuneracións determinarase de conformidade cos principios xerais previstos para as entidades de crédito no artigo 33 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

5. No que respecta aos elementos variables da remuneración, aplicaranse os principios previstos para as entidades de crédito no artigo 34 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

6. As empresas de servizos de investimento deberán constituír un comité de remuneracións. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar que unha empresa de servizos de investimento, por razón do seu tamaño, da súa organización interna, da natureza, do alcance ou da escasa complexidade das súas actividades, poida constituír o citado comité de maneira conxunta co comité de nomeamentos, ou ben quede exenta deste requisito.

7. No caso de empresas de servizos de investimento que reciban apoio financeiro público aplicaranse, ademais das regras establecidas no artigo 33 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as contidas, para as entidades de crédito, no artigo 35 da dita lei e na súa normativa de desenvolvemento, coas adaptacións que, de ser o caso, sexan necesarias debido á natureza da entidade.

*Artigo 189. Excepcións ás obrigacións en materia de remuneracións.*

1. Non será de aplicación o previsto no artigo 188 ás empresas de servizos de investimento que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Non estar autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a).



b) Prestar unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140.a), b), d) e g).

c) Non estar autorizadas para ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

2. Tampouco será de aplicación o disposto no artigo 188 a aquelas empresas de servizos de investimento autorizadas exclusivamente a prestar o servizo a que se refire o artigo 140.h).

## CAPÍTULO VI

### Sistemas, procedementos e mecanismos de xestión

#### Artigo 190. *Requisitos financeiros.*

1. Son obrigacións das empresas de servizos de investimento as seguintes:

a) As derivadas do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo.

Non obstante, non serán de aplicación as obrigacións do parágrafo anterior, nos termos e coas excepcións previstas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, ás empresas de servizos de investimento non autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a), que presten unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140.a), b), d) e g) desta lei, e ás que non se permite ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

Os cálculos co fin de verificar o cumprimento polas empresas de servizos de investimento das obrigacións establecidas nesta letra a) levaranse a cabo ao menos semestralmente, facendo coincidir as datas de referencia da información coas do final do semestre natural.

As empresas de servizos de investimento comunicarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e co contido que ela determine, os resultados e todos os elementos de cálculo necesarios.

b) As empresas de servizos de investimento deberán manter os volumes mínimos de investimento en determinadas categorías de activos líquidos e de baixo risco que, co fin de salvagardar a súa liquidez, regulamentariamente se establezan.

c) O financiamento das empresas de servizos de investimento, cando revista formas distintas da participación no seu capital, deberá axustarse ás limitacións que regulamentariamente se establezan.

2. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun grupo consolidable, excepto aquelas a que se refire o segundo parágrafo da letra a) do punto anterior, disporán especificamente de estratexias e procedementos sólidos, eficaces e exhaustivos co fin de avaliar e manter de forma permanente os importes, os tipos e a distribución do capital interno que consideren adecuados para cubrir a natureza e o nivel dos riscos aos cales estean ou poidan estar expostos. Tales estratexias e procedementos serán periodicamente obxecto de exame interno co fin de garantir que sigan sendo exhaustivos e proporcionais á índole, escala e complexidade das actividades da entidade interesada.

#### Artigo 191. *Información sobre solvencia.*

1. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos consolidables, deberán facer pública, en canto sexa posible e ao menos con periodicidade anual, debidamente integrada nun só documento denominado «Información sobre solvencia», a

información a que se refire a parte oitava do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e nos termos en que na dita parte se establecen.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás empresas matrices que publiquen con periodicidade anual, xa sexa integramente ou mediante referencias a información equivalente, unha descrición da súa estrutura xurídica e goberno e da estrutura organizativa do grupo.

3. A divulgación, en cumprimento dos requirimentos da lexislación mercantil ou do mercado de valores, dos datos a que se refire o punto 1 non eximirá da súa inclusión no documento «Información sobre solvencia» na forma prevista polo dito punto.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir ás entidades obrigadas a divulgar a información a que se refire o punto 1:

a) A verificación por auditores de contas ou expertos independentes, ou por outros medios satisfactorios ao seu xuízo, das informacións que non estean cubertas pola auditoría de contas, de conformidade co disposto na Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, respecto do réxime de independencia a que se encontran suxeitos os auditores de contas.

b) A divulgación dunha ou varias das ditas informacións, ben de maneira independente en calquera momento, ben con frecuencia superior á anual, e a que establezan prazos máximos para a divulgación.

c) O emprego para a divulgación de medios e lugares distintos dos estados financeiros.

5. O establecido neste artigo non será de aplicación ás empresas de servizos de investimento a que se refire o artigo 190.1.a), segundo parágrafo.

#### Artigo 192. *Informe anual de empresas de servizos de investimento.*

1. As empresas de servizos de investimento remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores e publicarán anualmente, especificando os países onde estean establecidas, a seguinte información en base consolidada para cada exercicio:

- a) Denominación, natureza e situación xeográfica da actividade.
- b) Volume de negocio.
- c) Número de empregados a tempo completo.
- d) Resultado bruto antes de impostos.
- e) Impostos sobre o resultado.
- f) Subvencións ou axudas públicas recibidas.

2. A información a que se refire o punto anterior será publicada como anexo dos estados financeiros da entidade auditados de acordo coa normativa reguladora de auditoría de contas.

3. As entidades farán público no seu informe anual de empresas de servizos de investimento, entre os indicadores clave, o rendemento dos seus activos, que se calculará dividindo o beneficio neto polo balance total.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá dispoñibles estes informes na súa páxina web.

5. O establecido neste artigo non será de aplicación ás empresas de servizos de investimento a que se refire o artigo 190.1.a), segundo parágrafo.

#### Artigo 193. *Requisitos de organización interna.*

1. As empresas de servizos de investimento exercerán a súa actividade con respecto ás normas de goberno corporativo e aos requisitos de organización interna establecidos nesta lei e demais lexislación aplicable.

2. As empresas de servizos de investimento e as restantes entidades que, de conformidade co disposto neste título, presten servizos de investimento deberán definir e

aplicar políticas e procedementos adecuados para garantir que a empresa, os seus directivos, o seu persoal e os seus axentes cumpran as obrigacións que a normativa do mercado de valores lles impón.

Para tal efecto, deberán:

a) Dispor dunha unidade que garanta o desenvolvemento da función de cumprimento normativo baixo o principio de independencia con respecto a aquelas áreas ou unidades que desenvolvan as actividades de prestación de servizos de investimento sobre as cales xire o exercicio daquela función. Deberá asegurarse a existencia de procedementos e controis para garantir que o persoal cumpre as decisións adoptadas e as funcións encomendadas.

A función de cumprimento normativo deberá controlar e avaliar regularmente a adecuación e a eficacia dos procedementos establecidos para a detección de riscos, e as medidas adoptadas para facer fronte a posibles deficiencias, así como asistir e asesorar as persoas competentes responsables da realización dos servizos de investimento para o cumprimento das funcións.

b) Dispor de sistemas de información que aseguren que o seu persoal coñece as obrigacións, os riscos e as responsabilidades derivadas da súa actuación e a normativa aplicable aos servizos de investimento que presten.

c) Dispor de medidas administrativas e de organización adecuadas para evitar que os posibles conflitos de interese regulados no artigo 195 prexudiquen os seus clientes.

Así mesmo, deberán establecer medidas de control das operacións que realicen, con carácter persoal, os membros dos seus órganos de administración, empregados, axentes e demais persoas vinculadas á empresa, cando tales operacións poidan entrañar conflitos de interese ou vulnerar, en xeral, o establecido nesta lei.

d) Levar rexistros de todas as operacións sobre valores e instrumentos financeiros e servizos de investimento que presten de forma que se poida comprobar que cumpriron todas as obrigacións que esta lei lles impón en relación cos seus clientes.

Os datos que se deben incluír nos rexistros de operacións serán os previstos no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006. Os demais aspectos relativos á obrigaçión de xestión do rexistro determinaranse regulamentariamente.

Así mesmo, deberán informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma que regulamentariamente se determine, das operacións que efectúen, de conformidade co disposto no artigo 89.

e) Adoptar as medidas adecuadas para protexer os instrumentos financeiros que lles confían os seus clientes e evitar a súa utilización indebida. En particular, non poderán utilizar por conta propia os instrumentos financeiros dos clientes, salvo cando estes manifesten o seu consentimento expreso. Así mesmo, deberán manter unha separación efectiva entre os valores e instrumentos financeiros da empresa e os de cada cliente. Os rexistros internos da entidade deberán permitir coñecer, en todo momento e sen demora, e especialmente en caso de insolvencia da empresa, a posición de valores e operacións en curso de cada cliente.

Unha vez iniciado o procedemento concursal dunha entidade depositaria de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España e do FROB, poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade dos valores depositados por conta dos seus clientes, incluso se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que preste o servizo de depósito. Para estes efectos, tanto o xuíz competente como os órganos do procedemento concursal facilitarán o acceso da entidade á cal vaian traspasar os valores á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se fagan chegar ao cliente, de acordo coas normas do sistema de compensación, liquidación e rexistro, os valores comprados ou o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da venda dos valores.

f) Elaborar e manter actualizado un plan xeral de viabilidade que recolla as medidas que se vaian adoptar para restaurar a viabilidade e a solidez financeira da empresa de

servizos de investimento en caso de que estas sufran algunha deterioración significativa. O plan será sometido a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá exixir a modificación do seu contido.

3. Así mesmo, as entidades que presten servizos de investimento deberán:

a) Dispor de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean expostas ou poidan estarlo, e dispor de mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables adecuados. Así mesmo, deberán contar con políticas e prácticas de remuneración que sexan compatibles cunha xestión adecuada e eficaz de riscos e que a promovan.

A organización deberá contar cun órgano de verificación que desempeñe a función de auditoría interna baixo o principio de independencia con respecto a aquelas áreas ou unidades que desenvolvan as actividades de prestación de servizos de investimento sobre as cales xire o exercicio daquela función.

A función de auditoría interna deberá elaborar e manter un plan de auditoría dirixido a examinar e avaliar a adecuación e a eficacia dos sistemas, mecanismos de control interno e disposicións da empresa de servizos de investimento, formular recomendacións a partir dos traballos realizados na súa execución e verificar o seu cumprimento.

b) Adoptar medidas adecuadas para garantir, en caso de incidencias, a continuidade e regularidade na prestación dos seus servizos. Deberán contar, especialmente, con mecanismos de control e salvagarda dos seus sistemas informáticos e con plans de continxencia ante danos ou catástrofes.

c) Adoptar as medidas adecuadas, en relación cos fondos que lles confían os seus clientes, para protexer os seus dereitos e evitar unha utilización indebida daqueles. As entidades non poderán utilizar por conta propia fondos dos seus clientes, salvo nos supostos excepcionais que se poidan establecer regulamentariamente e sempre con consentimento expreso do cliente. Os rexistros internos da entidade deberán permitir coñecer, en todo momento e sen demora, e especialmente en caso de insolvencia da empresa, a posición de fondos de cada cliente.

En particular, as contas que manteñan a nome de clientes serán de carácter instrumental e transitorio e deberán estar relacionadas coa execución de operacións realizadas por conta deles. Os clientes da entidade manterán o dereito de propiedade sobre os fondos entregados á entidade incluso cando estes se materialicen en activos a nome da entidade e por conta de clientes.

d) Adoptar as medidas necesarias para que o risco operacional non aumente de forma indebida cando confíen a un terceiro a realización de servizos de investimento ou o exercicio de funcións esenciais para a prestación dos servizos de investimento. Cando se deleguen en terceiros funcións de control interno, as entidades coidarán de que isto non diminúa a súa capacidade de control interno e garantirán o necesario acceso do supervisor competente á información. En ningún caso poderán delegar funcións en terceiros cando iso diminúa a capacidade de control interno ou a de supervisión do órgano supervisor competente. Corresponderá á entidade comprobar que a persoa ou entidade en que pretenda delegar funcións cumpre os requisitos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

As entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán respectar os requisitos de organización interna recollidos neste punto, coas especificacións que regulamentariamente se determinen, e corresponderán ao Banco de España as facultades de supervisión, inspección e sanción destes requisitos. Ás citadas entidades non lles resultará aplicable a prohibición de utilizar por conta propia os fondos dos seus clientes que se establece na letra c) anterior.

4. Os sistemas, procedementos e mecanismos recollidos neste artigo serán exhaustivos e proporcionados á natureza, escala e complexidade dos riscos inherentes ao modelo empresarial e ás actividades da entidade. Así mesmo, configuraranse consonte criterios técnicos que garantan unha adecuada xestión e o tratamento dos riscos que regulamentariamente se determinen.

Estableceranse regulamentariamente o contido e os requisitos dos procedementos, rexistros e medidas sinalados neste artigo. Así mesmo, estableceranse regulamentariamente os requisitos de organización interna exixibles ás empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas.

Artigo 194. *Xestión do risco e comité de riscos.*

1. O consello de administración é o responsable dos riscos que asuma unha empresa de servizos de investimento. Para estes efectos, as empresas de servizos de investimento deberán establecer canles eficaces de información ao consello de administración sobre as políticas de xestión de riscos da empresa e todos os riscos importantes a que esta se enfrenta.

2. No exercicio da súa responsabilidade sobre xestión de riscos, o consello de administración deberá:

a) Dedicar tempo suficiente á consideración das cuestións relacionadas cos riscos. En particular, participará activamente na xestión de todos os riscos substanciais recollidos no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e nas normas de solvencia establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, velará para que se asignen recursos adecuados para a xestión de riscos e intervirá, en particular, na valoración dos activos, no uso de cualificacións crediticias externas e nos modelos internos relativos a estes riscos.

b) Aprobar e revisar periodicamente as estratexias e políticas de asunción, xestión, supervisión e redución dos riscos a que a empresa de servizos de investimento estea ou poida estar exposta, incluídos os que presente a conxuntura macroeconómica en que opera en relación coa fase do ciclo económico.

3. As empresas de servizos de investimento deberán dispor dunha unidade ou órgano que asuma a función de xestión de riscos proporcional á natureza, escala e complexidade das súas actividades, independente das funcións operativas, que teña autoridade, rango e recursos suficientes, así como o oportuno acceso ao consello de administración.

4. As empresas de servizos de investimento deberán constituír un comité de riscos. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar que unha empresa de servizos de investimento, por razón do seu tamaño, da súa organización interna, da natureza, do alcance ou da escasa complexidade das súas actividades, poida asignar as funcións do comité de risco á comisión mixta de auditoría ou ben quede exenta da constitución deste comité.

Non obstante o anterior, este artigo non será de aplicación ás empresas de servizos de investimento que cumpran os requisitos seguintes:

a) Non estar autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a).

b) Prestar unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140.a), b), d) e g).

c) Non estar autorizadas para ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

Este artigo tampouco será de aplicación a aquelas empresas de servizos de investimento autorizadas exclusivamente a prestar o servizo a que se refire o artigo 140.h).

Artigo 195. *Conflitos de interese.*

1. De conformidade co disposto no artigo 193.2.c), as empresas que presten servizos de investimento deberán organizarse e adoptar medidas para detectar posibles conflitos de interese entre os seus clientes e a propia empresa ou o seu grupo, incluídos os seus directivos, empregados, axentes ou persoas vinculadas con ela, directa ou indirectamente, por unha relación de control; ou entre os diferentes intereses de dous ou máis dos seus clientes, fronte a cada un dos cales a empresa manteña obrigacións.

Para tales efectos, non se considerará suficiente que a empresa poida obter un beneficio se non existe tamén un posible prexuízo para un cliente; ou que un cliente poida obter unha ganancia ou evitar unha perda, se non existe a posibilidade de perda concomitante dun cliente.

2. Igualmente, as empresas de servizos de investimento deberán aprobar, aplicar e manter unha política de xestión dos conflitos de interese que sexa eficaz e apropiada á súa organización, destinada a impedir que os conflitos de interese prexudiquen os intereses dos seus clientes.

Nos grupos de empresas de servizos de investimento, cada unha das entidades financeiras integradas deberá adoptar as medidas precisas para resolver adecuadamente os posibles conflitos de interese entre os clientes de distintas entidades do grupo.

3. Cando as medidas organizativas ou administrativas adoptadas para xestionar o conflito de interese non sexan suficientes para garantir, con razoable certeza, que se previrán os riscos de prexuízo para os intereses do cliente, a empresa de servizos de investimento deberá revelar previamente a natureza e a orixe do conflito ao cliente antes de actuar por conta del.

4. Estableceranse regulamentariamente as regras para a identificación e rexistro dos conflitos de interese e as medidas, requisitos organizativos e políticas que se deban adoptar para garantir a independencia do persoal que exerce actividades que impliquen risco de conflito de interese, así como a información que se lles deba subministrar aos clientes afectados ou ao público en xeral.

#### Artigo 196. *Requisito combinado de colchóns de capital.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán cumprir en todo momento o requisito combinado de colchóns de capital, entendido como o total do capital de nivel 1 ordinario definido no artigo 26 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, necesario para cumprir coa obrigaçión de dispor dun colchón de conservación de capital, máis, se procede:

- a) Un colchón de capital anticíclico específico de cada entidade.
- b) Un colchón para as entidades de importancia sistémica mundial (EISM).
- c) Un colchón para outras entidades de importancia sistémica (OEIS).
- d) Un colchón contra riscos sistémicos.

Esta obrigaçión cumprirse sen prexuízo dos requisitos de recursos propios establecidos no artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e daqueles outros que, de ser o caso, poida exixir a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en virtude do establecido no artigo 260.

2. Estes colchóns calcularanse conforme o disposto no título II, capítulo III da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

3. Non obstante o anterior, estes colchóns non se aplicarán ás empresas de servizos de investimento non autorizadas a realizar as actividades establecidas nas letras c) e f) do artigo 140.

Así mesmo, non serán de aplicación ás pequenas e medianas empresas de servizos de investimento, sempre que, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, iso non supoña unha ameaza para a estabilidade do sistema financeiro español, o colchón de conservación do capital e o colchón anticíclico.

Para estes efectos, entenderase por pequena e mediana empresa a definida de conformidade coa Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

4. O capital ordinario de nivel 1 requirido para satisfacer cada un dos distintos colchóns conforme o disposto nos puntos 1 e 2 non poderá ser utilizado para satisfacer o resto de colchóns e os requisitos de recursos propios a que se refire o último parágrafo do punto 1, salvo o disposto pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación cos colchóns para entidades de importancia sistémica e cos colchóns contra riscos sistémicos.

5. O cumprimento dos requisitos de colchóns de capital deberá realizarse de maneira individual, consolidada ou subconsolidada de acordo co que se estableza regulamentariamente, consonte a parte primeira, título II do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

6. Cando unha empresa ou grupo incumpra a obrigaón establecida no punto 1, quedará suxeita a restricións en materia de distribucións relacionadas co capital ordinario de nivel 1, en virtude do disposto no artigo 48 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e deberá presentar á Comisión Nacional do Mercado de Valores un plan de conservación de capital conforme o disposto no artigo 49 da dita lei.

#### Artigo 197. *Notificación de infraccións.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán dispor de procedementos adecuados para que os seus empregados poidan notificar infraccións a nivel interno a través dunha canle independente, específica e autónoma.

2. Estes procedementos deberán garantir a confidencialidade tanto da persoa que informa das infraccións como das persoas físicas presuntamente responsables da infracción.

3. Así mesmo, deberase garantir que os empregados que informen das infraccións cometidas na entidade sexan protexidos fronte a represalias, discriminacións e calquera outro tipo de trato inxusto.

## TÍTULO VI

### Fondo de Garantía de Inversións

#### Artigo 198. *Fondo de Garantía de Inversións.*

1. O Fondo de Garantía de Inversións encargarse de asegurar a cobertura a que se refire o artigo 201.1 con ocasión da realización dos servizos previstos no artigo 140, así como do servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a).

2. O Fondo de Garantía de Inversións constituirase como patrimonio separado, sen personalidade xurídica, cuxa representación e xestión se encomendará a unha sociedade xestora que terá a forma de sociedade anónima, e cuxo capital se distribuirá entre as empresas de servizos de investimento adheridas na mesma proporción en que efectúen as súas achegas ao fondo.

3. Os orzamentos da sociedade xestora, os seus estatutos sociais, así como as súas modificacións requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A igual aprobación se someterá o orzamento estimativo dos fondos que elaborará a sociedade xestora.

Con obxecto de permitir a incorporación de novos accionistas á sociedade xestora como resultado da adhesión de empresas de servizos de investimento a un fondo ou o cesamento de quen ten esa condición de accionista, adaptaranse as participacións no capital de cada un dos accionistas na sociedade xestora nos termos que se determinen regulamentariamente. O resultado deste proceso de adaptación será comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. O nomeamento dos membros do Consello de Administración e do director ou directores xerais das sociedades xestoras exixirá a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Integrarase no Consello de Administración un representante da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con voz e sen voto, quen velará polo cumprimento das normas reguladoras da actividade do fondo. Así mesmo e coas mesmas funcións, cada comunidade autónoma con competencias na materia en que exista mercado secundario oficial designará un representante no dito Consello de Administración.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender todo acordo do Consello de Administración que se considere contrario ás ditas normas e aos fins propios do fondo.

Artigo 199. *Adhesión.*

1. Deberán adherirse ao Fondo de Garantía de Investimentos todas as empresas de servizos de investimento españolas, coa excepción prevista no artigo 152.1.i) para as empresas de asesoramento financeiro.

2. As sucursais de empresas estranxeiras poderán adherirse se son da Unión Europea.

3. O réxime de adhesión das sucursais de empresas dun Estado terceiro axustarase aos termos que se establezan regulamentariamente.

4. O fondo cubrirá as operacións que realicen as empresas adheridas a el dentro ou fóra do territorio da Unión Europea, segundo corresponda a cada tipo de empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

5. Así mesmo, establecerase regulamentariamente:

a) O réxime específico de adhesión das empresas de servizos de investimento de nova creación.

b) As excepcións de adhesión ao fondo daquelas empresas de servizos de investimento que non incorran nos riscos mencionados no artigo 198.1.

Artigo 200. *Exclusión.*

1. Unha empresa de servizos de investimento só poderá ser excluída do fondo cando incumpra as súas obrigacións con el.

2. A exclusión implicará a revogación da autorización concedida á empresa.

3. A garantía proporcionada polo fondo alcanzará os clientes que efectuasen os seus investimentos até ese momento.

4. Será competente para acordar a exclusión a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe da sociedade xestora do fondo.

Daráselle a difusión adecuada ao acordo de exclusión de forma que se garanta que os clientes da empresa de servizos de investimento afectada teñan coñecemento inmediato da medida adoptada.

5. Antes de adoptar esta decisión, deberán acordarse as medidas necesarias, incluída a exixencia de recargas sobre as cotas non aboadas, para que a empresa de servizos de investimento cumpra as súas obrigacións.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores tamén poderá acordar a suspensión prevista no artigo 162. A sociedade xestora do fondo colaborará coa Comisión Nacional do Mercado de Valores para conseguir a maior efectividade das medidas acordadas.

Artigo 201. *Execución das garantías.*

1. Os investidores que non poidan obter directamente dunha entidade adherida ao fondo o reembolso das cantidades de diñeiro ou a restitución dos valores ou instrumentos que lles pertencen poderán solicitar á súa sociedade xestora a execución da garantía que presta o fondo, cando se produza calquera das seguintes circunstancias:

a) Que a entidade fose declarada en concurso.

b) Que se teña xudicialmente por solicitada a declaración de concurso da entidade.

c) Que a Comisión Nacional do Mercado de Valores declare que a empresa de servizos de investimento non pode, aparentemente e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprir as obrigacións contraídas cos investidores, sempre que os investidores solicitasen á empresa de servizos de investimento a devolución de fondos ou valores que lle confiasen e non obtivesen satisfacción por parte dela nun prazo máximo de vinte e un días hábiles.



2. Unha vez feita efectiva a garantía polo fondo, este subrogarase nos dereitos que os investidores teñan fronte á empresa de servizos de investimento, até un importe igual á cantidade que lles fose aboada como indemnización.

3. No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á empresa de servizos de investimento fosen restituídos por aquela con posterioridade ao pagamento do importe garantido polo fondo, este poderá resarcirse do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o valor dos que se deba restituír é maior que a diferenza entre o dos que foron confiados á empresa de servizos de investimento e o importe pagado ao investidor. Para tal fin, está facultado a allealos na contía que resulte procedente, conforme as prescricións que se establezan regulamentariamente.

4. O Goberno queda facultado para regular, en todo o non previsto nesta lei, o réxime de funcionamento do Fondo de Garantía de Investimentos e o alcance da garantía que vaian proporcionar. En especial, poderá determinar:

- a) O importe da garantía e a forma e o prazo en que esta se fará efectiva.
- b) Os investidores excluídos da garantía, entre os cales figurarán os de carácter profesional ou institucional e os especialmente vinculados á empresa incumpridora.
- c) O réxime orzamentario e financeiro, tanto das sociedades xestoras como dos fondos de garantía de investimentos, que regulará, entre outras cuestións, as súas posibilidades de endebedamento e a forma en que as primeiras poden repercutir os seus gastos de funcionamento nos segundos.
- d) O réxime de investimento dos recursos que integren o patrimonio dos fondos, que se inspirará nos principios de rendibilidade e liquidez para cumprir con rapidez os seus compromisos.
- e) As regras para determinar o importe das achegas que deban facer as entidades adheridas, que deberán ser suficientes para a cobertura da garantía proporcionada.
- f) A periodicidade con que se deberán facer as achegas e o réxime de morosidade.

## TÍTULO VII

### Normas de conduta

#### CAPÍTULO I

#### Normas de conduta aplicables a quen preste servizos de investimento

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Suxeitos obrigados e clasificación de clientes*

Artigo 202. *Suxeitos obrigados.*

1. Quen preste servizos de investimento deberá respectar:
  - a) As normas de conduta contidas neste capítulo.
  - b) Os códigos de conduta que, en desenvolvemento das normas a que se refire a letra a) aprobe o Goberno ou, coa súa habilitación expresa, o ministro de Economía e Competitividade, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
  - c) As normas de conduta contidas nos seus propios regulamentos internos de conduta.
2. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerán o contido mínimo dos regulamentos internos de conduta.

Artigo 203. *Clases de clientes.*

Para efectos do disposto neste título, as empresas de servizos de investimento clasificarán os seus clientes en profesionais e retalistas. Igual obrigaón será aplicable ás

demais empresas que presten servizos de investimento respecto dos clientes aos cales lles presten ou ofrezan tales servizos.

Artigo 204. *Cientes retallistas.*

Consideraranse clientes retallistas todos aqueles que non sexan profesionais.

Artigo 205. *Cientes profesionais.*

1. Terán a consideración de clientes profesionais aqueles aos cales se lles presuman a experiencia, os coñecementos e a cualificación necesarios para tomar as súas propias decisións de investimento e valorar correctamente os seus riscos.

2. En particular, terán a consideración de cliente profesional:

a) As entidades financeiras e demais persoas xurídicas que para poder operar nos mercados financeiros deban ser autorizadas ou reguladas por Estados, sexan ou non membros da Unión Europea.

Incluiranse entre elas:

- 1.º As entidades de crédito,
- 2.º As empresas de servizos de investimento,
- 3.º As entidades aseguradoras ou reaseguradoras,
- 4.º As institucións de investimento colectivo e as súas sociedades xestoras,
- 5.º As entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado,
- 6.º Os fondos de pensións e as súas sociedades xestoras,
- 7.º Os fondos de titulización e as súas sociedades xestoras,
- 8.º Os que operen habitualmente con materias primas e con derivados de materias primas, así como operadores que contraten en nome propio e outros investidores institucionais.

b) Os Estados e administracións rexionais, os organismos públicos que xestionen a débeda pública, os bancos centrais e organismos internacionais e supranacionais, como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo, o Banco Europeo de Investimentos e outros de natureza similar.

c) Os empresarios que individualmente reúnan, ao menos, dúas das seguintes condicións:

- 1.º Que o total das partidas do activo sexa igual ou superior a 20 millóns de euros;
- 2.º Que o importe da súa cifra anual de negocios sexa igual ou superior a 40 millóns de euros;
- 3.º Que os seus recursos propios sexan iguais ou superiores a 2 millóns de euros.

d) Os investidores institucionais que, non estando incluídos na letra a), teñan como actividade habitual investir en valores ou noutros instrumentos financeiros.

3. As entidades sinaladas nos puntos anteriores consideraranse clientes profesionais sen prexuízo de que poidan solicitar un trato non profesional e de que as empresas de servizos de investimento poidan acordar concederlles un nivel de protección superior.

4. O Goberno e, coa súa habilitación expresa, o ministro de Economía e Competitividade ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán determinar a forma de cálculo das magnitudes sinaladas neste artigo e no artigo seguinte e fixar requisitos para os procedementos que as entidades establezan para clasificar os clientes.

Artigo 206. *Solicitud de tratamento como cliente profesional.*

1. Terá tamén a consideración de cliente profesional o resto de clientes non incluídos no artigo 205 que o soliciten con carácter previo e renunciem de forma expresa ao seu

tratamento como clientes retalistas. Non obstante, en ningún caso se considerará que os clientes que soliciten ser tratados como profesionais posúen uns coñecementos e unha experiencia do mercado comparables ás categorías de clientes profesionais enumeradas nas letras a) a d) do artigo 205.2.

2. A admisión da solicitude e renuncia previstas no punto anterior quedará condicionada a que a empresa que preste o servizo de investimento efectúe a adecuada avaliación da experiencia e coñecementos do cliente en relación coas operacións e servizos que solicite e se asegure de que pode tomar as súas propias decisións de investimento e comprende os seus riscos. Ao levar a cabo a citada avaliación, a empresa deberá comprobar que se cumpren, ao menos, dous dos seguintes requisitos:

- a) Que o cliente realizou operacións de volume significativo no mercado de valores, cunha frecuencia media de máis de dez por trimestre durante os catro trimestres anteriores,
  - b) Que o valor do efectivo e dos valores depositados sexa superior a 500.000 euros,
- ou
- c) Que o cliente ocupe ou ocupase, durante ao menos un ano, un cargo profesional no sector financeiro que requira coñecementos sobre as operacións ou servizos previstos.

#### Artigo 207. *Operacións con contrapartes elixibles.*

1. Para efectos do disposto neste artigo, terán a consideración de contrapartes elixibles as seguintes entidades:

- a) As empresas de servizos de investimento,
- b) As entidades de crédito,
- c) As entidades aseguradoras e reaseguradoras,
- d) As institucións de investimento colectivo e as súas sociedades xestoras,
- e) As entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado,
- f) Os fondos de pensións e as súas sociedades xestoras,
- g) Outras entidades financeiras autorizadas ou reguladas pola lexislación comunitaria ou polo dereito nacional dun Estado membro,
- h) As empresas sinaladas no artigo 139.1 letras d) e e), e
- i) Os gobernos nacionais e os seus servizos correspondentes, incluídos os que negocian débeda, bancos centrais e organismos supranacionais. Tamén terán tal consideración as entidades de terceiros países equivalentes e as comunidades autónomas.

2. Así mesmo, se se solicita, tamén se considerarán contrapartes elixibles as empresas que cumpran os requisitos que se establecen no artigo 206, caso en que só será recoñecida como contraparte elixible no relativo aos servizos ou operacións para os cales poida ser tratada como cliente profesional. Entenderanse incluídas as empresas de terceiros países que estean suxeitas a requisitos e condicións equivalentes.

3. As empresas que presten servizos de investimento autorizadas para executar ordes por conta de terceiros, negociar por conta propia ou recibir e transmitir ordes poderán realizar estas operacións e os servizos auxiliares directamente relacionados con elas coas entidades sinaladas nos puntos anteriores, sen necesidade de cumprir as obrigacións establecidas nos artigos 209 a 218 e 221 a 224, sempre que aquelas entidades sexan informadas previamente diso e non soliciten expresamente que se lles apliquen.

4. No caso das entidades sinaladas no punto 1, a súa clasificación como contraparte elixible entenderase sen prexuízo do dereito destas entidades a solicitar, ben de forma xeral ou ben para cada operación, o trato como cliente. Neste caso, a súa relación coa empresa de servizos de investimento quedará suxeita ao disposto nos artigos 209 a 218 e 221 a 224.

5. No caso das empresas sinaladas no punto 2, a súa clasificación como contraparte elixible requirirá que se obteña a confirmación expresa de que a empresa accede a ser tratada como unha contraparte elixible, de forma xeral ou para cada operación.

6. Cando a operación se realice en relación cunha empresa domiciliada noutro Estado membro da Unión Europea, deberase respectar a clasificación da empresa que determine a lexislación do dito Estado.

*Sección 2.<sup>a</sup> Deberes de actuación e de información*

*Artigo 208. Obrigación de dilixencia e transparencia.*

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán comportarse con dilixencia e transparencia en interese dos seus clientes, coidando de tales intereses como se fosen propios e, en particular, observando as normas establecidas neste capítulo e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

2. En concreto, non se considerará que as empresas de servizos de investimento actúan con dilixencia e transparencia e en interese dos seus clientes se, en relación coa provisión dun servizo de investimento ou dun servizo auxiliar, pagan ou perciben algún honorario ou comisión, ou proporcionan ou reciben algún beneficio non monetario que non se axuste ao establecido nas disposicións que desenvolvan esta lei.

*Artigo 209. Deber xeral de información.*

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán manter os seus clientes adecuadamente informados en todo momento.

2. Toda información dirixida aos clientes, incluída a de carácter publicitario, deberá ser imparcial, clara e non enganosa. As comunicacións publicitarias deberán ser identificables con claridade como tales.

3. Aos clientes, incluídos os clientes potenciais, proporcionaráselles, de maneira comprensible, información adecuada sobre:

- a) A entidade e os servizos que presta;
- b) Os instrumentos financeiros e as estratexias de investimento, e
- c) Os centros de execución de ordes e os gastos e custos asociados.

4. A información a que se refire o punto anterior permitiralles aos clientes, incluídos os clientes potenciais, comprender a natureza e os riscos do servizo de investimento e do tipo específico de instrumento financeiro que se ofrece e poderán, por tanto, tomar decisións sobre os investimentos con coñecemento de causa.

5. A información a que se refire o punto 3 poderá facilitarse nun formato normalizado.

6. Para os efectos previstos neste capítulo, considerarase cliente potencial aquela persoa que tivese un contacto directo coa entidade para a prestación dun servizo de investimento, por iniciativa de calquera das partes.

*Artigo 210. Orientacións e advertencias sobre os riscos asociados aos instrumentos financeiros e ás estratexias de investimento.*

1. A información referente aos instrumentos financeiros e ás estratexias de investimento prevista no artigo 209.3.b) deberá incluír orientacións e advertencias apropiadas sobre os riscos asociados a tales instrumentos ou estratexias.

2. No caso de valores distintos de accións emitidos por unha entidade de crédito, a información que se entregue aos investidores deberá incluír información adicional para lle destacar ao investidor as diferenzas destes produtos e os depósitos bancarios ordinarios en termos de rendibilidade, risco e liquidez.

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán precisar os termos da citada información adicional.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir que na información que se entregue aos investidores con carácter previo á adquisición dun produto se inclúan cantas advertencias considere necesarias relativas ao instrumento financeiro e, en

particular, aquelas que destaquen que se trata dun produto non adecuado para investidores non profesionais debido á súa complexidade. Igualmente, poderá requirir que estas advertencias se inclúan nos elementos publicitarios.

Artigo 211. *Deber de información sobre o servizo prestado.*

O cliente deberá recibir da entidade informes adecuados sobre o servizo prestado. Cando proceda, estes informes incluírán os custos das operacións e servizos realizados por conta do cliente.

Artigo 212. *Deber xeral das entidades de coñecer os seus clientes.*

As entidades que presten servizos de investimento deberán asegurarse en todo momento de que dispoñen de toda a información necesaria sobre os seus clientes, consonte o que establecen os seguintes artigos.

Artigo 213. *Avaliación da idoneidade.*

1. Cando se preste o servizo de asesoramento en materia de investimentos ou de xestión de carteiras, a entidade obterá a información necesaria sobre os seus clientes e, de ser o caso, sobre os clientes potenciais, en relación cos seguintes aspectos, coa finalidade de que a entidade lles poida recomendar os servizos de investimento e os instrumentos financeiros que máis lles conveñan:

- a) Cos seus coñecementos e experiencia no ámbito de investimento correspondente ao tipo de produto ou de servizo concreto de que se trate,
- b) Coa súa situación financeira, e
- c) Cos seus obxectivos de investimento.

2. No caso de clientes profesionais, a entidade non terá que obter información sobre os coñecementos e experiencia do cliente.

3. Cando a entidade non obteña a información prevista no punto anterior, non lle recomendará servizos de investimento ou instrumentos financeiros ao cliente ou cliente potencial.

4. A entidade proporcionará ao cliente, por escrito ou mediante outro soporte duradeiro, unha descrición de como se axusta a recomendación realizada ás características e aos obxectivos do investidor.

Artigo 214. *Avaliación da conveniencia.*

1. Cando se presten servizos distintos do servizo de asesoramento en materia de investimentos ou de xestión de carteiras, a empresa de servizos de investimento deberá solicitar ao cliente, incluídos, de ser o caso, os clientes potenciais, que faciliten información sobre os seus coñecementos e experiencia no ámbito de investimento correspondente ao tipo concreto de produto ou servizo ofrecido ou solicitado, coa finalidade de que a entidade poida avaliar se o servizo ou produto de investimento é adecuado para o cliente.

2. A entidade entregará unha copia ao cliente do documento que recolla a avaliación realizada conforme este artigo.

3. Cando, con base na información prevista no punto 1, a entidade considere que o produto ou o servizo de investimento non é adecuado para o cliente, así llo advertirá.

4. Cando o cliente non proporcione a información indicada no punto 1 ou esta sexa insuficiente, a entidade advertirao de que a dita decisión lle impide determinar se o servizo de investimento ou produto previsto é adecuado para el.

5. En caso de que o servizo de investimento se preste en relación cun instrumento complexo segundo o establecido no artigo 217, exixirase que o documento contractual inclúa, xunto á sinatura do cliente, unha expresión manuscrita, nos termos que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola cal o investidor manifieste que foi

advertido de que o produto non lle resulta conveniente ou de que non foi posible avaliálo nos termos deste artigo.

Artigo 215. *Rexistro actualizado de clientes avaliados e produtos non adecuados.*

As entidades que presten servizos de investimento deberán manter, en todo momento, un rexistro actualizado de clientes e produtos non adecuados en que reflectan, para cada cliente, os produtos cuxa conveniencia fose avaliada con resultado negativo, nos termos que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 216. *Exención da análise da conveniencia.*

Cando a entidade preste o servizo de execución ou recepción e transmisión de ordes de clientes, con ou sen prestación de servizos auxiliares, non terá que seguir o procedemento descrito no artigo 214 sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a orde se refira a instrumentos financeiros non complexos,
- b) Que o servizo se preste por iniciativa do cliente,
- c) Que a entidade informase o cliente con claridade de que non está obrigada a avaliar a adecuación do instrumento ofrecido ou do servizo prestado e que, por tanto, o cliente non goza da protección establecida no punto anterior. Esta advertencia poderá realizarse nun formato normalizado, e
- d) Que a entidade cumpra o disposto no artigo 193.2.c).

Artigo 217. *Instrumentos financeiros non complexos.*

1. Para os efectos do previsto neste capítulo, terán a consideración de instrumentos financeiros non complexos os seguintes:

- a) As accións admitidas a negociación nun mercado regulado ou nun mercado equivalente dun terceiro país, para cuxos efectos se considerarán mercados equivalentes de terceiros países aqueles que cumpran uns requisitos equivalentes aos establecidos no título IV desta lei. A Comisión Europea publicará unha lista dos mercados que deban considerarse equivalentes.
- b) Os instrumentos do mercado monetario.
- c) As obrigacións ou outras formas de débeda titulizadas, salvo que incorporen un derivado implícito.
- d) As participacións de institucións de investimento colectivo harmonizadas a nivel europeo.

2. Ademais dos instrumentos previstos no punto anterior, terán tamén a consideración de instrumentos financeiros non complexos aqueles nos cales concorran as seguintes condicións:

- a) Que existan posibilidades frecuentes de venda, reembolso ou outro tipo de liquidación do dito instrumento financeiro a prezos publicamente dispoñibles para os membros no mercado e que sexan prezos de mercado ou prezos ofrecidos, ou validados, por sistemas de avaliación independentes do emisor,
- b) Que non impliquen perdas reais ou potenciais para o cliente que excedan o custo de adquisición do instrumento, e
- c) Que exista á disposición do público información suficiente sobre as súas características. Esta información deberá ser comprensible de modo que permita a un cliente retailista medio emitir un xuízo fundado para decidir se realiza unha operación nese instrumento.

3. Para efectos do previsto neste capítulo, non se considerarán instrumentos financeiros non complexos:

- a) Os valores que dean dereito a adquirir ou a vender outros valores negociables ou que dean lugar á súa liquidación en efectivo, determinada por referencia a valores

negociables, divisas, tipos de xuro ou rendementos, materias primas ou outros índices ou medidas, e

- b) Os instrumentos financeiros sinalados no artigo 2, puntos 2 a 8.

Artigo 218. *Rexistro de contratos.*

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán crear un rexistro que inclúa o contrato ou os contratos que teñan por obxecto o acordo entre a empresa e o cliente e nos cales se deberán concretar os dereitos e as obrigacións das partes e demais condicións en que a empresa prestará o servizo ao cliente.

2. Será obrigatorio que consten por escrito os contratos subscritos con clientes retallistas. Para a prestación do servizo de asesoramento en materia de investimentos aos ditos clientes bastará a constancia escrita ou fidedigna da recomendación personalizada.

Artigo 219. *Servizos de investimento como parte dun produto financeiro.*

As obrigacións de información e rexistro previstas nos artigos 209 a 218 serán de aplicación aos servizos de investimento que se ofrezan como parte doutros produtos financeiros, sen prexuízo da aplicación a estes últimos da súa normativa específica, especialmente aquela relacionada coa valoración dos riscos e cos requisitos de información que se lles debe subministrar aos clientes.

Artigo 220. *Cumprimento das obrigacións de información no caso de prestación de servizos por medio doutra empresa de servizos de investimento.*

1. Cando unha entidade preste servizos de investimento ou servizos auxiliares en nome dun cliente seguindo instrucións doutra empresa de servizos de investimento, poderá basearse na información que sobre o cliente lle transmita esta última. Neste caso, a empresa que remita as instrucións será responsable de que a información sobre o cliente sexa completa e exacta.

2. Así mesmo, a empresa que reciba as instrucións poderá basearse en recomendacións proporcionadas ao cliente por outra empresa de servizos de investimento con respecto ao servizo ou á operación en cuestión. Neste caso, a que remita as instrucións será responsable da adecuación para o cliente das recomendacións ou asesoramento proporcionado.

3. En calquera caso, a empresa que reciba as instrucións ou ordes será a responsable da realización do servizo ou a operación, sobre a base da información ou recomendacións recibidas, de conformidade coas disposicións pertinentes deste capítulo.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Xestión e execución de ordes de clientes*

Artigo 221. *Obrigacións relativas á xestión e execución de ordes.*

1. As persoas ou entidades que presten servizos de investimento deberán, cando executen ordes de clientes, xa presten este servizo de forma independente ou en conxunción con outro:

- a) Adoptar as medidas razoables para obter o mellor resultado posible para as operacións dos seus clientes tendo en conta o prezo, os custos, a rapidez e probabilidade na execución e liquidación, o volume, a natureza da operación e calquera outro elemento relevante para a execución da orde.

- b) Dispor de procedementos e sistemas de xestión de ordes, nos termos que se determinen regulamentariamente, que permitan a súa rápida e correcta execución e posterior asignación, de forma que non se prexudique ningún cliente cando se realizan operacións para varios deles ou se actúa por conta propia. Tales procedementos ou sistemas permitirán a execución de ordes de clientes, que sexan equivalentes, consonte o momento en que foron recibidas pola empresa de servizos de investimento.

2. Para cumprir o disposto na letra a) do punto anterior, as entidades deberán contar cunha política de execución de ordes que definirá a importancia relativa atribuída ao prezo, aos custos, á rapidez e eficiencia na execución e liquidación, e a calquera outro elemento que xulguen relevante para a execución da orde.

Esta política de execución de ordes deberá incluír, para cada clase de instrumento, información sobre os distintos mercados, sistemas ou calquera outro centro de negociación en que a empresa execute as ordes dos seus clientes e os factores que inflúan na elección do centro de negociación. Será necesario que a entidade identifique aqueles centros que, ao seu xuízo, permitan obter sistematicamente o mellor resultado posible para a execución das ordes dos clientes.

3. Regulamentariamente estableceranse:

- a) Os requisitos mínimos dos sistemas e os procedementos de xestión de ordes,
- b) A forma de considerar os custos e comisións asociados á execución,
- c) As regras para a selección dos distintos sistemas ou mercados e para a execución de ordes a prezo limitado, e
- d) Os demais aspectos relativos á política de xestión e execución de ordes.

*Artigo 222. Deber de informar sobre a política de execución de ordes.*

1. A entidade deberá informar os seus clientes sobre a súa política de execución de ordes e será necesario que obteña o seu consentimento antes de llela aplicar.

2. Cando esta política permita que a entidade execute as ordes á marxe dos mercados regulados e dos sistemas multilaterais de negociación, os clientes deberán coñecer este aspecto e prestar o seu consentimento previo e expreso antes de proceder á execución das ordes á marxe dos mercados ou sistemas sinalados. O consentimento poderase obter de maneira xeral ou para cada operación en particular.

3. A entidade deberá estar en condicións de demostrar aos seus clientes, por petición destes, que executaron as súas ordes de conformidade coa política de execución da empresa.

*Artigo 223. Supostos específicos de execución das ordes.*

1. Cando o cliente dea instrucións específicas sobre a execución da súa orde, a empresa executará a orde seguindo a instrución específica.

2. Cando se trate de ordes de clientes retalistas que non desen instrucións específicas, o mellor resultado posible determinarase en termos de contraprestación total, composta polo prezo do instrumento financeiro e os custos relacionados coa execución, que incluírán todos os gastos contraídos polo cliente que estean directamente relacionados coa execución da orde, incluídas as comisións do centro de execución, as de compensación e liquidación e aquelas outras pagadas a terceiros implicados na execución da orde.

*Artigo 224. Supervisión da política de execución de ordes polas entidades.*

1. As entidades supervisarán a efectividade dos seus sistemas e da súa política de execución de ordes con obxecto de detectar e, de ser o caso, corrixir calquera deficiencia. En particular, comprobarán periodicamente se os centros de execución incluídos na política de execución de ordes proporcionan os mellores resultados posibles para o cliente ou se é necesario cambiar os seus sistemas de execución.

2. As entidades notificarán aos seus clientes calquera cambio importante nos seus sistemas ou na súa política de execución de ordes.



## CAPÍTULO II

**Abuso de mercado***Artigo 225. Suxeitos obrigados.*

1. As empresas de servizos de investimento, as entidades de crédito, as institucións de investimento colectivo, os emisores, os analistas e, en xeral, cantas persoas ou entidades realicen, de forma directa ou indirecta, actividades relacionadas cos mercados de valores, deberán respectar as normas contidas neste capítulo.

2. Así mesmo, as entidades ás cales resulte de aplicación o disposto nos artigos 228 e 230 seguintes deberán elaborar, remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores e cumprir un regulamento interno de conduta en que incorporarán as previsións contidas nos ditos artigos e nas súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo, remitirán un compromiso por escrito que garanta a actualización dos ditos regulamentos internos de conduta e que o seu contido é coñecido, comprendido e aceptado por todas as persoas pertencentes á organización ás cales resulte de aplicación.

3. Naqueles casos en que se detecte que o contido dun regulamento interno de conduta non se axusta ao disposto nos puntos anteriores ou non é adecuado á natureza ou ao conxunto de actividades que a entidade ou grupo desenvolve, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirilo para que incorpore ao regulamento cantas modificacións ou adicións xulgue necesarias.

*Artigo 226. Información privilexiada.*

1. Considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto que se refira directa ou indirectamente a un ou varios valores negociables ou instrumentos financeiros dos comprendidos dentro do ámbito de aplicación desta lei, ou a un ou varios emisores dos citados valores negociables ou instrumentos financeiros, que non se fixese pública e que, de se facer ou ter feito pública, podería influír ou influírse de maneira apreciable sobre a súa cotización nun mercado ou sistema organizado de contratación.

2. O disposto no punto anterior será de aplicación tamén aos valores negociables ou instrumentos financeiros respecto dos cales se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun mercado ou sistema organizado de contratación.

3. En relación cos instrumentos financeiros derivados sobre materias primas, considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto que non se fixese pública e que se refira directa ou indirectamente a un ou a varios deses instrumentos financeiros derivados que os usuarios dos mercados en que se negocien eses produtos esperarían recibir consonte as prácticas de mercado aceptadas en tales mercados.

*Artigo 227. Obrigacións e prohibicións para quen dispoña de información privilexiada.*

1. Todo o que dispoña de información privilexiada deberá absterse de executar por conta propia ou allea, directa ou indirectamente, algunha das condutas seguintes:

a) Preparar ou realizar calquera tipo de operación sobre os valores negociables ou sobre os instrumentos financeiros dos mencionados no artigo anterior a que a información se refira, ou sobre calquera outro valor, instrumento financeiro ou contrato de calquera tipo, negociado ou non nun mercado secundario, que teña como subxacente os valores negociables ou instrumentos financeiros a que a información se refira.

Exceptúase a preparación e realización das operacións cuxa existencia constitúe, en si mesma, a información privilexiada, así como as operacións que se realicen en cumprimento dunha obrigaón, xa vencida, de adquirir ou ceder valores negociables ou instrumentos financeiros, cando esta obrigaón estea recollida nun acordo celebrado antes de que a persoa de que se trate estea en posesión da información privilexiada, ou outras operacións efectuadas de conformidade coa normativa aplicable.

b) Comunicar a dita información a terceiros, salvo no exercicio normal do seu traballo, profesión ou cargo.

c) Recomendar a un terceiro que adquira ou ceda valores negociables ou instrumentos financeiros ou que faga que outro os adquira ou ceda baseándose na dita información.

As prohibicións establecidas neste punto aplícanse a calquera persoa que posúa información privilexiada cando a dita persoa saiba, ou debese saber, que se trata desta clase de información.

As prohibicións establecidas neste punto aplícanse tamén aos administradores e aos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual en relación con calquera operación sobre valores da propia sociedade ou das sociedades filiais, asociadas ou vinculadas, sobre as cales dispoñan, por razón do seu cargo, información privilexiada ou reservada, así como suxerir a súa realización a calquera persoa mentres esa información non se dea a coñecer publicamente.

2. As prohibicións establecidas no punto anterior non son de aplicación ás operacións efectuadas para executar a política monetaria, de tipo de cambio ou de xestión da débeda pública por parte dun Estado membro da Unión Europea, do Sistema europeo de bancos centrais, dun banco central nacional ou doutro organismo oficialmente designado para tal efecto, ou por parte de calquera outra persoa que actúe en nome destes. Tampouco se aplicarán ás operacións sobre accións propias no marco de programas de recompra efectuadas polos emisores nin á estabilización dun valor negociable ou instrumento financeiro, sempre que estas operacións se realicen nas condicións que se fixen regulamentariamente.

3. Todas as persoas ou entidades que actúen nos mercados de valores ou exerzan actividades relacionadas con eles e, en xeral, calquera que posúa información privilexiada teñen a obriga de salvagardala, sen prexuízo do seu deber de comunicación e colaboración coas autoridades xudiciais e administrativas nos termos previstos nesta ou noutras leis. Polo tanto, adoptarán as medidas adecuadas para evitar que tal información poida ser obxecto de utilización abusiva ou desleal e, de ser o caso, tomarán de inmediato as necesarias para corrixir as consecuencias que disto derivasen.

4. Os organismos públicos que faciliten estatísticas que poidan ter repercusións importantes nos mercados financeiros difundirán de modo correcto e transparente.

5. Facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para establecer, respecto ás diferentes categorías de persoas ou entidades e das súas operacións no mercado de valores, medidas concretas para a salvagarda da información privilexiada posuída.

#### Artigo 228. *Información relevante, obrigados a difundila e publicidade.*

1. Considerarase información relevante toda aquela cuxo coñecemento poida afectar un investidor razoablemente para adquirir ou transmitir valores ou instrumentos financeiros e, por tanto, poida influír de forma sensible na súa cotización nun mercado secundario.

2. Os emisores de valores están obrigados a facer pública e difundir, nos termos que regulamentariamente se establezan, inmediatamente ao mercado toda información relevante. Así mesmo, remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores esa información para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 238.

3. A comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facerse simultaneamente á súa difusión por calquera outro medio e tan pronto como sexa coñecido o feito, se adoptase a decisión ou se asinase o acordo ou contrato con terceiros de que se trate. O contido da comunicación deberá ser veraz, claro, completo e, cando así o exixa a natureza da información, cuantificado, de maneira que non induza a confusión ou engano. Os emisores de valores difundirán tamén esta información nas súas páxinas da internet. Non obstante, cando a información relevante poida perturbar o normal desenvolvemento das operacións sobre os valores do emisor ou pór en perigo a protección dos investidores,

o emisor deberá comunicar a información relevante, con carácter previo á súa publicación, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a difundirá inmediatamente.

4. Un emisor poderá, baixo a súa propia responsabilidade, atrasar a publicación e difusión da información relevante cando considere que a información prexudica os seus intereses lexítimos, sempre que tal omisión non sexa susceptible de confundir o público e que o emisor poida garantir a confidencialidade da dita información. O emisor informará inmediatamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. Facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver, respecto ás obrigacións establecidas neste artigo, os procedementos e as formas de efectuar as comunicacións anteriores, determinar o prazo durante o cal se publicará nas páxinas da internet dos emisores a información relevante, así como para precisar os demais aspectos a que este se refire.

*Artigo 229. Obrigacións das entidades que presten servizos de investimento en relación coa información privilexiada.*

1. Todas as entidades ou grupos de entidades que presten servizos de investimento e as demais entidades que actúen ou presten servizos de asesoramento de investimento nos mercados de valores teñen a obrigaón de establecer as medidas necesarias para impedir o fluxo de información privilexiada entre as súas distintas áreas de actividade, de forma que se garanta que cada unha destas adopte de maneira autónoma as súas decisións referentes ao ámbito dos mercados de valores e, así mesmo, se eviten conflitos de interese.

2. En particular, estas entidades están obrigadas a:

a) Establecer áreas separadas de actividade dentro da entidade ou do grupo a que pertencen, sempre que actúen simultaneamente en varias delas. En particular, deberán constituírse en áreas separadas, ao menos, cada un dos departamentos que desenvolvan as actividades de xestión de carteira propia, xestión de carteira allea e análise.

b) Establecer adecuadas barreiras de información entre cada área separada e o resto da organización e entre cada unha das áreas separadas.

c) Definir un sistema de decisión sobre investimentos que garanta que estas se adopten autonomamente dentro da área separada.

d) Elaborar e manter actualizada unha lista de valores e instrumentos financeiros sobre os cales se dispón de información privilexiada e unha relación de persoas e datas en que tivesen acceso a tal información.

3. Ademais, todas as entidades e grupos de entidades que realicen, publiquen ou difundan informes ou recomendacións sobre sociedades emisoras de valores ou instrumentos financeiros cotizados deberán comportarse de forma leal e imparcial, deixando constancia en lugar destacado nos seus informes, publicacións ou recomendacións das vinculacións relevantes, incluídas as relacións comerciais, e da participación estable que a entidade ou o grupo manteña ou vaia manter coa empresa obxecto da análise, así como que o documento non constitúe unha oferta de venda ou subscripción de valores.

4. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán establecer medidas de carácter obrigatorio en desenvolvemento deste artigo e, en concreto, a obrigaón de que estas entidades contén cun regulamento interno de conduta específico para o servizo de asesoramento de investimentos.

*Artigo 230. Obrigacións dos emisores de valores en relación coa información privilexiada.*

1. Os emisores de valores, durante as fases de estudo ou negociación de calquera tipo de operación xurídica ou financeira que poida influír de maneira apreciable na cotización dos valores ou instrumentos financeiros afectados, teñen a obrigaón de:

a) Limitar o coñecemento da información estritamente a aquelas persoas, internas ou externas á organización, ás que sexa imprescindible.

b) Levar, para cada operación, un rexistro documental en que consten os nomes das persoas a que se refire o punto anterior e a data en que cada unha delas coñeceu a información.

c) Advertir expresamente as persoas incluídas no rexistro do carácter da información e do seu deber de confidencialidade e da prohibición do seu uso.

d) Establecer medidas de seguridade para a custodia, arquivamento, acceso, reprodución e distribución da información.

e) Vixiar a evolución no mercado dos valores por eles emitidos e as noticias que os difusores profesionais de información económica e os medios de divulgación emitan e os poidan afectar.

f) No suposto de que se produza unha evolución anormal dos volumes contratados ou dos prezos negociados e existan indicios racionais de que tal evolución se está producindo como consecuencia dunha difusión prematura, parcial ou distorsionada da operación, difundir de inmediato un feito relevante que informe de forma clara e precisa do estado en que se encontra a operación en curso ou que conteña un avance da información que se vaia subministrar, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 228.4.

2. Os emisores de valores están obrigados a someter a realización de operacións sobre as súas propias accións ou instrumentos financeiros a eles referenciados a medidas que eviten que as decisións de investimento ou desinvestimento se poidan ver afectadas polo coñecemento de información privilexiada.

3. Os emisores teñen igualmente a obrigaçión de someter os membros do seu órgano de administración, os directivos tal e como estes se definan regulamentariamente e o persoal integrado nas áreas relacionadas coas actividades do mercado de valores, a medidas que impidan o uso de información privilexiada sobre os valores e instrumentos financeiros emitidos pola propia entidade ou outras do seu grupo.

4. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán establecer medidas con carácter obrigatorio en desenvolvemento deste artigo. En especial, determinarán a forma e os prazos en que os administradores e directivos, e aquelas persoas que teñan un vínculo estreito con eles, deben informar a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o público en xeral sobre as adquisicións de valores e instrumentos financeiros emitidos pola entidade en que desempeñan tales cargos ou referenciados a estes.

#### Artigo 231. *Condutas prohibidas en relación coa libre formación dos prezos.*

1. Toda persoa ou entidade que actúe ou se relacione no mercado de valores debe absterse da preparación ou realización de prácticas que falseen a libre formación dos prezos. Como tales entenderanse as seguintes:

a) As operacións ou ordes:

1.º Que proporcionen ou poidan proporcionar indicios falsos ou enganosos en canto á oferta, á demanda ou ao prezo dos valores negociables ou instrumentos financeiros.

2.º Que aseguren, por medio dunha persoa ou de varias persoas que actúen de maneira concertada, o prezo dun ou varios instrumentos financeiros nun nivel anormal ou artificial, a menos que a persoa que efectúase as operacións ou emitise as ordes demostre a lexitimidade das súas razóns e que estas se axustan ás prácticas de mercado aceptadas no mercado regulado de que se trate.

b) Operacións ou ordes que empreguen dispositivos ficticios ou calquera outra forma de engano ou maquiación.

c) Difusión de información a través dos medios de comunicación, incluída a internet, ou a través de calquera outro medio, que proporcione ou poida proporcionar indicios falsos ou enganosos en canto aos instrumentos financeiros, incluída a propagación de rumores e noticias falsas ou enganosas, cando a persoa que as divulgou soubese ou debese saber que a información era falsa ou enganosa. Con respecto aos xornalistas que actúen a título

profesional, a dita divulgación de información avaliarase tendo en conta as normas que rexen a súa profesión, a menos que as ditas persoas obteñan directa ou indirectamente unha vantaxe ou beneficio da mencionada difusión de información.

2. Non obstante, non se considerarán incluídas no punto anterior as operacións ou ordes a que se refire o artigo 227.2 e, en xeral, as efectuadas de conformidade coa normativa aplicable.

3. Facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver, respecto á prohibición establecida neste artigo, unha relación e descrición non exhaustiva das prácticas concretas contrarias á libre formación dos prezos.

#### Artigo 232. *Comunicación de operacións sospeitosas.*

1. As entidades que efectúen operacións con instrumentos financeiros deberán avisar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, coa maior celeridade posible, cando consideren que existen indicios razoables para sospeitar que unha operación utiliza información privilexiada ou constitúe unha práctica que falsea a libre formación dos prezos.

Serán entidades obrigadas a comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as empresas de servizos de investimento e entidades de crédito españolas, incluídas as filiais de entidades estranxeiras, así como as sucursais de empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito non comunitarias. De ser o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá a comunicación de operación sospeitosa á autoridade supervisora do Estado membro en que radique o mercado en que se realizase tal operación.

2. A comunicación de operación sospeitosa poderá realizarse por carta, correo electrónico, fax ou teléfono. Neste último caso, será necesario que se dea confirmación por escrito a solicitude da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. A comunicación conterá a seguinte información:

a) A descrición das operacións, incluído o tipo de orde e o método de negociación utilizado.

b) As razóns que leven a sospeitar que a operación se realiza utilizando información privilexiada ou que constitúe unha práctica que falsea a libre formación dos prezos.

c) Os medios de identificación das persoas por conta das cales se realizaron as operacións e, de ser o caso, daquelas outras implicadas nas operacións.

d) Se a persoa suxeita á obriga de notificar actúa por conta propia ou por conta de terceiros.

e) Calquera outra información pertinente relativa ás operacións sospeitosas.

Se no momento de efectuar a comunicación a entidade non dispón de tal información, deberá ao menos mencionar as razóns polas cales considera que se trata dunha operación sospeitosa, sen prexuízo da obriga de remitir a información complementaria en canto esta estea dispoñible.

4. As entidades que comuniquen operacións sospeitosas á Comisión Nacional do Mercado de Valores estarán obrigadas a gardar silencio sobre a dita comunicación salvo, de ser o caso, o disposto nas disposicións legais vixentes. En calquera caso, a comunicación de boa fe non poderá implicar responsabilidade de ningunha clase nin suporá violación das prohibicións de revelación de información en virtude de contratos ou de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas.

5. A identidade da entidade que efectúe a comunicación de operación sospeitosa estará suxeita ao segredo profesional establecido no punto catro do artigo 248.

## TÍTULO VIII

### Réxime de supervisión, inspección e sanción

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 233. *Ámbito da supervisión, inspección e sanción.*

1. Quedan suxeitas ao réxime de supervisión, inspección e sanción establecido nesta lei, a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) As seguintes persoas e entidades, no que se refire ao cumprimento desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, así como das normas de dereito da Unión Europea que conteñan preceptos especificamente referidos a elas:

1.º As sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores. Queda excluído o Banco de España.

2.º A Sociedade de Bolsas e as sociedades que teñan a titularidade da totalidade das accións ou dunha participación que atribúa o control, directo ou indirecto, das entidades previstas no número anterior.

3.º As empresas de servizos de investimento españolas. Esta competencia esténdese a calquera oficina ou centro dentro ou fóra do territorio nacional.

4.º As empresas de servizos de investimento autorizadas en Estados non membros da Unión Europea que operen en España.

5.º Os axentes das entidades que presten servizos de investimento.

6.º A sociedade xestora do fondo de garantía de investimentos.

7.º Quen, non estando incluído nas letras precedentes, teña a condición de membro dalgún mercado secundario oficial ou dos sistemas de compensación e liquidación das súas operacións.

b) As axencias de cualificación crediticia establecidas en España e rexistradas en virtude do título III, capítulo I do Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre axencias de cualificación crediticia, as persoas que participan nas actividades de cualificación, as entidades cualificadas ou terceiros vinculados, os terceiros aos cales as axencias de cualificación crediticia subcontratasen algunhas das súas funcións ou actividades e as persoas relacionadas ou conectadas de calquera outra forma coas axencias ou coas actividades de cualificación crediticia.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores é a autoridade competente en España, para efectos do previsto no Regulamento (CE) 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, e exercerá as súas competencias de conformidade co que se estableza na normativa da Unión Europea sobre axencias de cualificación crediticia.

c) As seguintes persoas e entidades, en canto ás súas actuacións relacionadas co mercado de valores:

1.º Os emisores de valores.

2.º As entidades de crédito e os seus axentes. Esa competencia esténdese a calquera sucursal aberta fóra do territorio nacional, así como ás entidades de crédito autorizadas en Estados non membros da Unión Europea que operen en España.

3.º As empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que operen en España, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, incluíndo os seus axentes vinculados e sucursais en territorio nacional, así como, nos mesmos termos, as sucursais en España de entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.

4.º As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo en canto presten servizos de investimento.

5.º As restantes persoas físicas ou xurídicas, en canto se poidan ver afectadas polas normas desta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento.

6.º As axencias de cualificación crediticia rexistradas por outra autoridade competente da Unión Europea en virtude do título III, capítulo I do Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, e as axencias de cualificación que reciben a certificación por equivalencia en virtude do artigo 5 do citado regulamento. A Comisión Nacional do Mercado de Valores exercerá as súas competencias de conformidade co que se estableza na normativa da Unión Europea sobre axencias de cualificación crediticia.

d) As persoas residentes ou domiciliadas en España que controlen, directa ou indirectamente, empresas de servizos de investimento noutros Estados membros da Unión Europea, dentro do marco da colaboración coas autoridades responsables da supervisión das ditas empresas, así como os titulares de participacións significativas para os efectos do cumprimento do previsto no capítulo IV do título V.

e) As entidades que formen parte dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento recollidas no artigo 258, para os únicos efectos do cumprimento a nivel consolidado dos requirimentos de recursos propios e das limitacións que se poidan establecer sobre os investimentos, operacións ou posicións que impliquen riscos elevados.

f) As entidades que forman parte dos grupos consolidables de que sexan dominantes as entidades a que se refire a letra a). 1.º e 2.º, para os únicos efectos do cumprimento da obrigaición de consolidar as súas contas anuais e das limitacións que se poidan establecer en relación coa súa actividade e equilibrio patrimonial.

g) As sociedades financeiras de carteira, as sociedades financeiras mixtas de carteiras e as sociedades mixtas de carteira, de acordo co artigo 4.1.20 e 21, respectivamente, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, entre cuxas filiais se encontren empresas de servizos de investimento.

h) As persoas físicas e entidades non financeiras mencionadas no artigo 258.3, para os únicos efectos previstos nese punto.

i) Calquera persoa ou entidade, para os efectos de comprobar se infrinxe as reservas de denominación e actividade previstas nos artigos 143 a 147. No caso de persoas xurídicas, as competencias que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores segundo os puntos anteriores poderán exercerse sobre quen ocupe cargos de administración, dirección ou asimilados nelas.

j) As persoas físicas e xurídicas que realicen operacións sometidas ao Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo de 2012.

k) As persoas físicas e xurídicas que realicen operacións sometidas ao Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

2. Corresponderá á administración concursal dunha entidade emisora de valores ou dunha entidade rexistrada suxeita a procedemento concursal o cumprimento das obrigaicións de remisión de información fronte á Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas nesta lei para os seus administradores e directivos, cando estes fosen substituídos por aquela.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das competencias de supervisión, inspección e sanción que correspondan ás comunidades autónomas que as teñan atribuídas sobre os organismos reitores de mercados secundarios de ámbito autonómico e, en relación coas operacións sobre valores admitidos a negociación unicamente neles, sobre as demais persoas ou entidades relacionadas nos dous primeiros puntos anteriores. Para os efectos do exercicio das ditas competencias, terán carácter básico os correspondentes preceptos deste título, salvo as referencias contidas neles a órganos ou entidades estatais. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá subscribir convenios con comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores co obxecto de coordinar as súas respectivas actuacións.

4. Respecto ao establecido nos artigos 226, 227, 228 e 231, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores será competente non só dos actos levados a cabo en territorio español ou fóra del que se refiran a valores negociables e demais instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou para os cales se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun de tales mercados, senón tamén respecto dos actos levados a cabo en territorio español en relación con valores negociables e demais instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado regulado doutro Estado membro da Unión Europea ou para os cales se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun de tales mercados.

5. Sen prexuízo do disposto nesta lei, o Banco de España exercerá facultades de supervisión e inspección sobre os membros do mercado de débeda pública en anotacións, os titulares de conta a nome propio e sobre as entidades xestoras, así como sobre as actividades relacionadas co mercado de valores realizadas por entidades inscritas nos rexistros ao seu cargo a que se refire o artigo 145.

En todos os casos de confluencia de competencias de supervisión e inspección entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España, ambas as institucións coordinarán as súas actuacións baixo o principio de que a tutela do funcionamento dos mercados de valores, incluíndo as cuestións de organización interna sinaladas no artigo 193.2, corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e a tutela da solvencia, así como as restantes cuestións de organización interna, recae sobre a institución que mantéña o correspondente rexistro.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España deberán subscribir convenios co obxecto de coordinar as respectivas competencias de supervisión e inspección.

#### Artigo 234. *Facultades de supervisión e inspección.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá de todas as facultades de supervisión e inspección necesarias para o exercicio das súas funcións. Estas facultades poderaas exercer:

- a) Directamente, sen prexuízo da facultade de solicitar a colaboración de terceiros nos termos establecidos no artigo 235.
- b) En colaboración con outras autoridades, nacionais ou estranxeiras, nos termos previstos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.
- c) Mediante solicitude ás autoridades xudiciais competentes. En particular, poderá solicitar o embargo ou a conxelación de activos.

2. Na forma e coas limitacións establecidas no ordenamento xurídico, as facultades de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores incluírán, ao menos, as seguintes potestades:

- a) Acceder a calquera documento baixo calquera forma e recibir unha copia del.
- b) Requirir de calquera persoa a remisión de información no prazo que razoablemente fixe a Comisión Nacional do Mercado de Valores e, se é necesario, citar e tomar declaración a unha persoa para obter información.
- c) Realizar inspeccións con presenza física en calquera oficina ou dependencia.
- d) Requirir os rexistros telefónicos e de tráfico de datos de que dispoñan.
- e) Requirir o cesamento de toda práctica que sexa contraria ás disposicións establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como requirir que non se repita a dita práctica no futuro.
- f) Solicitar o embargo ou a conxelación de activos.
- g) Exixir a prohibición temporal para exercer actividade profesional.
- h) Requirir dos auditores das empresas de servizos de investimento e das entidades do artigo 233.1.a).1.º e 2.º calquera información que obtivesen no exercicio da súa función.



i) Adoptar calquera tipo de medida para asegurarse que as persoas e entidades sometidas á súa supervisión cumpren coas normas e disposicións aplicables, ou cos requirimentos de emenda ou corrección realizados, para o cal poderán exixir a tales persoas e entidades, illada ou colectivamente e para tal fin, a achega de informes de expertos independentes, auditores ou dos seus órganos de control interno ou cumprimento normativo.

j) Acordar a suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que as persoas físicas ou xurídicas poidan facer no mercado de valores.

k) Acordar a suspensión ou exclusión da negociación dun instrumento financeiro, xa sexa nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación.

l) Remitir asuntos para o seu procesamento penal.

m) Autorizar auditores ou expertos para levar a cabo verificacións ou investigacións, de acordo co previsto no artigo 253.6.c).

n) No exercicio da función de comprobación da información periódica a que se refire o artigo 122.2, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá:

1.º Solicitar dos auditores de contas dos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, mediante requirimento escrito, cantas informacións ou documentos sexan necesarios, de conformidade co establecido na Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.

A revelación polos auditores de contas das informacións requiridas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores consonte o disposto neste artigo non constituirá incumprimento do deber de segredo.

2.º Exixir aos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea a publicación de informacións adicionais, conciliacións, correccións ou, de ser o caso, reformulacións da información periódica.

ñ) Solicitar, por medio dos seus empregados, a información sobre o grao de cumprimento das normas que afectan os mercados de valores polas entidades supervisadas, sen revelar aqueles a súa condición de persoal da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en especial, respecto do modo en que os seus produtos financeiros están a ser comercializados, así como sobre as boas ou malas prácticas que tales entidades poidan estar levando a cabo.

o) Requirir, por escrito ou verbalmente, ás persoas e entidades enumeradas no punto anterior que fagan pública de maneira inmediata a información que aquela coide pertinente sobre as súas actividades relacionadas co mercado de valores ou que poidan influír neste. De non o faceren directamente os obrigados, farao a propia Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As actuacións de comprobación e investigación, incluída a toma de declaración, poderanse desenvolver, á elección dos servizos da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da entidade ou persoa inspeccionada ou do seu representante.

b) Nos propios locais da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou doutros organismos da administración.

Cando as actuacións de comprobación e investigación se desenvolvan nos lugares sinalados na letra a) anterior, observarase a xornada laboral destes, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas e días.

4. As medidas a que se refire o punto 2. e), g), i), j) e k) poderán adoptarse como medida cautelar no transcurso dun expediente sancionador ou como medida á marxe do exercicio da potestade sancionadora, sempre que sexa necesario para a eficaz protección

dos investidores ou o correcto funcionamento dos mercados, e manteranse mentres permaneza a causa que as motivou.

5. Cando as medidas recollidas no punto 2.e), g), j) e n) se exerzan sobre entidades suxeitas á supervisión do Banco de España, xa sexa con carácter cautelar nun procedemento sancionador, xa sexa á marxe do exercicio da potestade sancionadora, deberán ser notificadas con carácter previo ao citado organismo.

Así mesmo, cando se trate das medidas recollidas no punto 2.f) será preceptivo o informe previo do dito organismo.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no exercicio das facultades de supervisión e inspección previstas nesta lei, poderá comunicar e requirir, ás entidades previstas nos artigos 143, 145, 146, 233.1.a).1.º a 5.º e 233.1.c).1.º a 3.º, por medios electrónicos, as informacións e medidas recollidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

As entidades referidas terán obrigación de habilitar, no prazo que se fixe para iso, os medios técnicos requiridos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para a eficacia dos seus sistemas de notificación electrónica, de conformidade co disposto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O sistema de notificación electrónica, que respectará os principios e as garantías da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e das normas que rexen o procedemento administrativo común das administracións públicas, permitirá acreditar a data e a hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

Cando, existindo constancia da posta á disposición do acto obxecto de notificación, transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 41.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. Os feitos constatados no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección polo persoal autorizado da Comisión Nacional do Mercado de Valores terán valor probatorio sen prexuízo das probas que, en defensa dos seus respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou presentar as persoas ou entidades interesadas.

8. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer pública calquera medida adoptada, como consecuencia do incumprimento das normas aplicables, a menos que a súa divulgación poida pór en grave risco os mercados de valores ou causar un prexuízo desproporcionado ás persoas afectadas.

9. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, que terá a condición de autoridade competente para efectos do previsto nos regulamentos (UE) n.º 236/2012 e n.º 648/2012, disporá das facultades contidas neste artigo que sexan necesarias para cumprir coas funcións e tarefas que lle sexan asignadas en réxime de delegación ou de cooperación con outras autoridades competentes.

O Banco de España e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións porán inmediatamente en coñecemento da Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera incumprimento efectivo, ou a existencia de indicios fundados do previsible incumprimento, das obrigacións establecidas nos artigos 11.3 e 11.4 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

10. O acceso ás informacións e datos requiridos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das súas funcións de inspección e supervisión está amparado polo artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos aos cales se accede unicamente se empregarán para o exercicio das mencionadas potestades nos termos previstos nesta lei.

#### Artigo 235. *Colaboración de axentes externos nas funcións de supervisión e inspección.*

1. Para o mellor exercicio das funcións de supervisión que ten legalmente atribuídas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, en caso de necesidade debidamente motivada, empregar os antecedentes que deriven da colaboración que para o efecto

requira de auditores de contas, consultores ou outros expertos independentes, que se deberán axustar, en todo caso, ás normas e instrucións que tal organismo determine.

2. En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para valorar o grao de cumprimento das normas que afectan os mercados de valores polas entidades supervisadas e, en especial, sobre as prácticas de comercialización de instrumentos financeiros, poderá solicitar a colaboración de expertos mediante a emisión de informes.

Para a elaboración destes informes, os expertos designados, así como os seus empregados, poderán actuar de forma anónima, sen revelar a súa actuación por conta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. A actuación en réxime de colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores de conformidade co previsto neste punto non suporá, en ningún caso, o exercicio de potestades administrativas.

#### Artigo 236. *Obrigacións de colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. En virtude do disposto no artigo 234, as persoas físicas e xurídicas enumeradas no artigo 233.1 quedan obrigadas a pór á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal sexa o seu soporte, esta considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase, incluídas as conversas telefónicas de índole comercial que fosen gravadas co consentimento previo do cliente ou investidor.

2. As persoas físicas están obrigadas a comparecer ante citacións da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a toma de declaración.

3. Os órganos e organismos de calquera Administración pública; as cámaras e corporacións, colexios, consellos de colexios e asociacións profesionais; as demais entidades públicas, incluídas as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e quen, en xeral, exerza funcións públicas, estarán obrigados a colaborar e subministrar á Comisión Nacional do Mercado de Valores cantos datos, documentos, rexistros, informes e antecedentes resulten necesarios para o exercicio pola Comisión Nacional do Mercado de Valores das funcións recollidas no artigo 17, sexa cal sexa o seu soporte, a través dos requirimentos concretos e no prazo indicado, e a prestarlle o concurso, auxilio e protección para o exercicio das súas funcións.

4. Os auditores de empresas de servizos de investimento están obrigados ao deber de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 22/2015, do 20 de xullo.

5. Na medida en que sexa necesario para o eficaz exercicio pola Comisión Nacional do Mercado de Valores das súas funcións de supervisión e inspección, as persoas ou entidades que presten calquera tipo de servizo profesional ás persoas comprendidas no artigo 233.1 están obrigadas a facilitar cantos datos e informacións lles sexan requiridos por esta, de conformidade co disposto, de ser o caso, na normativa específica que regule a súa profesión ou actividade.

#### Artigo 237. *Publicación de información relevante.*

Coas excepcións previstas no artigo 248, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá ordenar aos emisores de valores e a calquera entidade relacionada cos mercados de valores que poñan en coñecemento inmediato do público feitos ou informacións relevantes que poidan afectar a negociación deste. Na súa falta, poderao facer ela mesma.

#### Artigo 238. *Rexistros públicos en relación cos mercados de valores.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá, co carácter de rexistros oficiais, aos que o público terá libre acceso:

a) Un rexistro das entidades que teñan encomendada a xestión do rexistro contable correspondente a cada unha das emisións de valores representados mediante anotacións na conta.

- b) Un rexistro que conterá os folletos informativos aprobados pola Comisión en virtude do previsto nesta lei.
- c) Un rexistro dos documentos a que se refire o artigo 7 e, en xeral, dos referidos no artigo 36.1.a) e b).
- d) Un rexistro das empresas de servizos de investimento que operen en España e, de ser o caso, dos seus administradores, directivos e asimilados.
- e) Un rexistro dos axentes ou apoderados que actúen, con carácter habitual, por conta das empresas de servizos de investimento.
- f) Un rexistro de información regulada, que deberá incluír a información sinalada nos artigos 118 a 122, 123.1, 125, 126 e 228. Tamén se incluírán os requirimentos oficiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a remisión, ampliación ou revisión do contido da información a que fai referencia os artigos 118 a 122.
- g) Un rexistro das sociedades cotizadas previstas no artigo 77.1.
- h) Un rexistro en que, de conformidade co disposto no artigo 275.2, se farán constar as sancións impostas nos últimos cinco anos pola comisión de infraccións graves e moi graves ás persoas físicas e xurídicas suxeitas ao ámbito de supervisión, inspección e sanción previsto neste título.
- i) Un rexistro dos mercados secundarios oficiais, de cuxo contido e modificacións serán informados os organismos supervisores dos demais Estados membros da Unión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados.
- j) Un rexistro dos sistemas multilaterais de negociación españois.
- k) Un rexistro das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento que realicen a actividade regulada no título X, capítulo III.
- l) Un rexistro de axencias de cualificación crediticia establecidas en España e que fosen rexistradas de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009.
- m) Os sistemas de compensación, liquidación e rexistro e as entidades de contrapartida central a que se refiren os artigos 97 e 103, respectivamente.
- n) Un rexistro de fondos de activos bancarios a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, en que se inscribirán os feitos e actos suxeitos a rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme a normativa aplicable.
- ñ) Un rexistro das plataformas de financiamento participativo.
- o) Un rexistro de fondos de titulización, en que se inscribirán os feitos e actos suxeitos a rexistro na Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme a normativa aplicable.

A incorporación aos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores da información periódica e dos folletos informativos só implicará o recoñecemento de que aqueles conteñen toda a información requirida polas normas que fixen o seu contido e en ningún caso determinará responsabilidade da Comisión Nacional do Mercado de Valores pola falta de veracidade da información contida neles.

O rexistro oficial previsto no punto f) terá a consideración de mecanismo central para o almacenamento da información a que se refire este artigo, nos termos que se establezan regulamentariamente.

#### Artigo 239. *Servizos de reclamacións.*

1. O Ministerio de Economía e Competitividade regulará, sen prexuízo das competencias na materia das comunidades autónomas, a constitución pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de se considerar necesario, polos organismos reitores dos mercados secundarios oficiais de valores, polas entidades centrais de contrapartida e polos depositarios centrais de valores, de servizos destinados a atender as reclamacións que, en materias da súa competencia, poida formular o público, así como a asesoralo sobre os seus dereitos e as canles legais existentes para o seu exercicio.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados a existencia dun procedemento de reclamacións para resolución extraxudicial dos conflitos dos usuarios de servizos financeiros en relación coa prestación de servizos de investimento e servizos auxiliares por empresas de investimento.

Artigo 240. *Publicidade.*

O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinarán os casos en que a publicidade das actividades recollidas nesta lei estará sometida a autorización ou a outra modalidade de control administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e aprobará, en xeral, as normas especiais a que esta de deberá suxeitar.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores exercerá as accións procedentes con obxecto de conseguir a cesación ou rectificación da publicidade que resulte contraria ás disposicións a que se refire o parágrafo anterior ou que, en xeral, deba reputarse ilícita conforme as normas xerais en materia publicitaria, sen prexuízo das sancións que resulten aplicables de acordo co capítulo seguinte.

Artigo 241. *Obrigacións de información contable.*

1. As contas e os informes de xestión individuais e consolidados correspondentes a cada exercicio das entidades citadas no artigo 233.1.a) deberán ser aprobadas, dentro dos catro meses seguintes ao peche daquel, pola súa correspondente xunta xeral, logo de realización da auditoría de contas.

2. Sen prexuízo do establecido no libro I, título III do Código de comercio, facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España ou o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para establecer e modificar, en relación coas entidades citadas no punto anterior, as normas contables e os modelos a que se deben axustar os seus estados financeiros, así como os referidos ao cumprimento dos coeficientes que se establezan, dispoñendo a frecuencia e o detalle con que os correspondentes datos deberán ser subministrados á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou ser feitos públicos con carácter xeral polas propias entidades. Esta facultade non terá máis restricións que a exigencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para todas as entidades dunha mesma categoría e semellantes para as diversas categorías.

A orde ministerial en que se estableza a habilitación determinará os informes que, de ser o caso, serán preceptivos para o establecemento e modificación das sinaladas normas e modelos, así como para a resolución de consultas sobre esa normativa.

Así mesmo, facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para regular os rexistros, as bases de datos internos ou estatísticos e os documentos que deben levar as entidades enumeradas no artigo 233.1.a) así como, en relación coas súas operacións de mercado de valores, as demais entidades previstas no artigo 145.

3. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España ou o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas terán as mesmas facultades previstas no punto anterior en relación cos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento e cos grupos consolidables cuxa entidade matriz sexa algunha das citadas no artigo 233.1.a) 1º e 2º. O exercicio destas facultades requirirá os informes preceptivos que, de ser o caso, se determinen na orde ministerial de habilitación.

## CAPÍTULO II

**Cooperación con outras autoridades**

Artigo 242. *Cooperación con outras autoridades supervisoras nacionais.*

1. O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Ministerio de Economía e Competitividade, dentro das súas respectivas competencias legais sobre o control e a inspección das entidades financeiras, cooperarán estreitamente coa finalidade de harmonizar no que resulte conveniente e mellorar, con base na súa experiencia mutua, os criterios e programas que amparen as técnicas e prácticas de supervisión que utilicen no exercicio daquelas competencias.

2. Para tal efecto, intercambiarán periodicamente as informacións que sexan relevantes, en especial, as referidas a asegurar a maior calidade das técnicas empregadas, e poderán subscribir un ou varios convenios que teñan por obxecto a normalización de tales intercambios, a homoxeneización de procedementos ou prácticas concretos e, de ser o caso, articular os instrumentos que permitan o seguimento dos obxectivos mencionados.

Artigo 243. *Solicitud de informe previo e de información.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá solicitar informe previo ao Banco de España ou á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones, segundo corresponda, para a adopción de calquera das seguintes decisións en relación coas contrapartes sometidas á súa respectiva supervisión prudencial:

a) As decisións relativas á existencia de procedementos de xestión do risco e á suficiencia do capital das contrapartes financeiras, para os efectos do previsto no artigo 11.3 e 4 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

b) A aplicación das exencións ás operacións intragrupo a que se refiren o artigo 4.2 e o artigo 11.5 e seguintes do citado regulamento.

2. As decisións que poida adoptar a Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire a letra a) anterior deberanse basear, en todo caso, no informe que emita a autoridade responsable da supervisión prudencial da correspondente entidade.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir ao Banco de España e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones tanta información resulte necesaria para o exercicio das competencias de supervisión, inspección e sanción relativas á aplicación do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

Artigo 244. *Cooperación con outras autoridades supervisoras da Unión Europea.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará con outras autoridades competentes da Unión Europea sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas nesta lei e, para tal fin, fará uso de todas as facultades que esta lle atribúe e as establecidas no Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores prestará axuda a outras autoridades competentes da Unión Europea. En particular, intercambiará información e colaborará en actividades de investigación ou supervisión.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exercer os seus poderes para fins de cooperación, incluso en casos en que o comportamento investigado non constituía unha infracción da normativa vixente en España.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará coa Autoridade Europea de Valores e Mercados. En particular, proporcionaralle sen demora toda a información que requira para o cumprimento das funcións que ten asignadas de conformidade co artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010.

4. Ao exercer as súas facultades sancionadoras e de investigación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará con outras autoridades competentes da Unión

Europea para garantir que as sancións ou medidas produzan os resultados desexados e coordinará a súa actuación con outras autoridades cando se trate de casos transfronteirizos.

Artigo 245. *Intercambio de información.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitará inmediatamente á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á Autoridade Bancaria Europea e ás autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea a información necesaria para o desempeño das súas funcións que estas lle requiran.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores non transmitirá a información recibida de autoridades competentes doutros países a outros organismos ou persoas físicas e xurídicas sen o consentimento expreso das autoridades competentes que a divulgasen.

En todo caso, a información recibida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou transmitida por esta unicamente poderá utilizarse para os fins para os cales as ditas autoridades desen o seu consentimento no exercicio das súas funcións, en especial:

a) Para verificar o cumprimento das condicións que regulan o acceso á actividade das empresas de servizos de investimento e facilitar a supervisión, sobre unha base individual ou consolidada, do exercicio da dita actividade, especialmente no que respecta ás exixencias de adecuación do capital impostas pola normativa aplicable, aos procedementos administrativos e contables e aos mecanismos de control interno.

b) Para supervisar o funcionamento apropiado dos centros de negociación.

c) Para impor sancións.

d) En caso de recurso administrativo contra decisións das autoridades competentes.

e) En procedementos xudiciais.

f) En mecanismos extraxudiciais para resolver as denuncias dos investidores.

3. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá transmitir a información recibida doutras autoridades competentes ao Banco de España e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. Malia o previsto no punto 2, en circunstancias debidamente xustificadas a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá transmitir a información a outros organismos ou persoas físicas e xurídicas sen o consentimento expreso das autoridades competentes que a divulgasen e unicamente para os fins para os cales as ditas autoridades desen o seu consentimento. Neste caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores informará inmediatamente diso a autoridade competente do Estado que enviou a información.

5. O disposto nos puntos anteriores deberá aplicarse, en canto ao réxime aplicable á solicitude de subministración ou intercambio de información, de acordo co establecido no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

6. O disposto neste artigo non impedirá que a Comisión Nacional do Mercado de Valores transmita a información confidencial necesaria para o exercicio das súas funcións aos seguintes organismos:

a) Á Autoridade Europea de Valores e Mercados e á Xunta Europea de Riscos Sistémicos, observando as limitacións relativas a información específica sobre empresas concretas e aos efectos sobre Estados non membros da Unión Europea que se prevén no Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010, e no Regulamento (UE) n.º 1092/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, relativo á supervisión macroprudencial do sistema financeiro na Unión Europea e polo que se crea unha Xunta Europea de Risco Sistémico, respectivamente.

b) Ao Sistema europeo de bancos centrais e ao Banco Central Europeo, na súa condición de autoridades monetarias.

c) Ao Banco de España e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

De igual modo, tampouco se lles impedirá a estes organismos comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a información que esta poida necesitar para desempeñar as funcións que lle corresponden consonte esta lei.

*Artigo 246. Consulta previa a outras autoridades competentes da Unión Europea.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, con carácter previo á adopción de decisións que poidan afectar o exercicio das funcións de supervisión por parte das autoridades competentes interesadas doutro Estado membro da Unión Europea, consultaraas coas ditas autoridades, facilitando a información que resulte esencial ou pertinente, en atención á importancia da materia de que se trate.

En particular, deberase realizar a oportuna consulta antes de adoptar as seguintes decisións:

- a) As previstas no título V, capítulo IV en relación coa adquisición de participacións significativas, con independencia do alcance do cambio no accionariado que se vexa afectado pola decisión correspondente.
- b) Os informes que se deban emitir nas operacións de fusión, escisión ou calquera outra modificación relevante na organización ou na xestión dunha empresa de servizos de investimento.
- c) As sancións pola comisión de infraccións moi graves e graves que, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, se consideren de especial relevancia.
- d) As medidas de intervención e substitución a que se refire o artigo 311.
- e) A solicitude de recursos propios adicionais, consonte o previsto no artigo 260.2, así como a imposición de limitacións ao uso de métodos internos de medición do risco operacional.

Nos supostos recollidos nos letras c), d) e e), deberase consultar en todo caso a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión consolidada do grupo eventualmente afectado pola decisión.

Con carácter excepcional, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá omitir a consulta previa á autoridade competente interesada doutro Estado membro da Unión Europea cando concorran circunstancias de urxencia ou cando a dita consulta poida comprometer a eficacia das decisións que se vaian adoptar, e deberá informar sen demora as citadas autoridades, en canto a decisión se adoptase.

*Artigo 247. Cooperación coas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá subscribir acordos de cooperación que prevexan o intercambio de información coas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea, sempre e cando a información revelada goce dunha garantía de segredo profesional ao menos equivalente á exigida en virtude do artigo 90 e exista reciprocidade. Este intercambio de información deberá estar destinado á realización das tarefas encomendadas ás autoridades competentes. A Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados a subscripción dos acordos de cooperación a que se refire este punto.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá transferir datos persoais a Estados non membros da Unión Europea, de conformidade co título V da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá subscribir acordos de cooperación que prevexan o intercambio de información con autoridades, organismos e persoas físicas e xurídicas de terceiros países responsables:

- a) Da supervisión de entidades de crédito, entidades aseguradoras ou reaseguradoras, outras organizacións financeiras e mercados financeiros.



b) Do concurso en que se producise a apertura da fase de liquidación das empresas de servizos de investimento e outros procedementos similares.

c) Da realización das auditorías de contas obrigatorias das empresas de servizos de investimento, entidades de crédito, entidades aseguradoras ou reaseguradoras e outras entidades financeiras, no exercicio das súas funcións de supervisión, ou a administración de réximes de indemnización, no exercicio das súas funcións.

d) A supervisión dos órganos que interveñen no concurso en que se producise a apertura da fase de liquidación das empresas de servizos de investimento e outros procedementos similares.

Este intercambio de información debe estar destinado ao desempeño das tarefas das ditas autoridades ou organismos ou persoas físicas ou xurídicas.

4. Cando a información que vaia transmitir a Comisión Nacional do Mercado de Valores proceda doutro Estado membro da Unión Europea, esta só poderá divulgarse co acordo expreso das autoridades competentes que a transmitisen e, de ser o caso, soamente para os fins para os que tales autoridades desen o seu consentimento. A mesma disposición se aplicará á información facilitada polas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea.

#### Artigo 248. *Segredo profesional.*

1. As informacións ou datos confidenciais que a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outras autoridades competentes recibisen no exercicio das súas funcións relacionadas coa supervisión e inspección previstas nesta ou noutras leis non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade. A reserva entenderase levantada desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que aquela se refira.

Sen prexuízo do disposto neste artigo e dos supostos previstos polo dereito penal, ningunha información confidencial que poida recibir no exercicio das súas funcións poderá ser divulgada a persoa ou autoridade ningunha, salvo de forma xenérica ou colectiva que impida a identificación concreta das empresas de servizos de investimento, sociedades reitoras dos mercados, mercados regulados ou calquera outra persoa a que se refira esta información.

2. O acceso das Cortes Xerais á información sometida ao deber de segredo realizarase a través do presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co previsto nos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, o presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar motivadamente dos órganos competentes da Cámara a celebración de sesión secreta ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas.

Os membros dunha comisión parlamentaria de investigación que reciban información de carácter reservado estarán obrigados a adoptar as medidas pertinentes que garantan a súa reserva.

3. Todas as persoas que desempeñen ou desempeñasen unha actividade para a Comisión Nacional do Mercado de Valores e tivesen coñecemento de datos de carácter reservado están obrigadas a gardar segredo. O incumprimento desta obrigaón determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño, nin publicar, comunicar, exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de ter cesado no servizo, salvo expreso permiso outorgado polo órgano competente da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Se o dito permiso non é concedido, a persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que diso emane.

4. Exceptúanse da obrigaón de segredo regulado neste artigo:

a) Cando o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados para fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que as entidades individuais non poidan ser identificadas nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes ou polo Ministerio Fiscal nun proceso penal, ou nun xuízo civil, ben que neste último caso a obrigação de segredo se manterá en todo o relativo ás exixencias prudenciais dunha empresa de servizos de investimento.

d) As informacións que, no marco de procedementos concursais dunha empresa de servizos de investimento, sexan requiridas polas autoridades xudiciais, sempre que non versen sobre terceiros implicados no reflotamento da entidade.

e) As informacións que, no marco dos recursos administrativos ou xurisdicionais interpostos sobre resolucións administrativas ditadas en materia de ordenación e disciplina dos mercados de valores, sexan requiridas polas autoridades administrativas ou xudiciais competentes.

f) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que facilitar, para o cumprimento das súas respectivas funcións, ás comunidades autónomas con competencias en materia de bolsas de valores, ao Banco de España, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, ás sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais co obxecto de garantir o funcionamento regular destes; aos fondos de garantía de investidores; aos interventores ou síndicos dunha empresa de servizos de investimento ou dunha entidade do seu grupo, designados nos correspondentes procedementos administrativos ou xudiciais, e aos auditores de contas das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos.

g) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que facilitar ás autoridades responsables da loita contra o branqueo de capitais en aplicación da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como as comunicacións que, de modo excepcional, se poidan realizar en virtude do disposto nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, logo de autorización indelegable do ministro de Economía e Competitividade. Para estes efectos, deberán terse en conta os acordos de colaboración formalizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores con autoridades supervisoras doutros países.

h) As informacións requiridas por unha comisión parlamentaria de investigación, nos termos establecidos pola súa lexislación específica.

i) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores decida facilitar a un sistema ou cámara de compensación e liquidación dun mercado español, cando considere que son necesarias para garantir o correcto funcionamento de tales sistemas ante calquera incumprimento, ou posible incumprimento, que se produza no mercado.

j) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que facilitar, para o cumprimento das súas funcións, á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á Xunta Europea de Risco Sistémico, aos organismos ou autoridades doutros países en que recaia a función pública de supervisión das entidades de crédito, das entidades aseguradoras ou reaseguradoras, doutras institucións financeiras e dos mercados financeiros, ou a xestión dos sistemas de garantía de depósitos ou indemnización dos investidores, sempre que exista reciprocidade e que os organismos e autoridades estean sometidos a segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

k) As informacións que por razóns de supervisión prudencial ou sanción das empresas de servizos de investimento e entidades ou institucións financeiras e mercados suxeitos ao ámbito desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña que dar a coñecer ao Ministerio de Economía e Competitividade ou ás autoridades das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores.

l) A información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores publique de acordo co disposto no artigo 176.8.

m) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilite ás autoridades supervisoras españolas en materia enerxética e ás autoridades supervisoras

do Mercado Ibérico da Enerxía Eléctrica e que sexan necesarias para o cumprimento das súas funcións de supervisión dos ditos mercados. Para estes efectos, deberán terse en conta os acordos de colaboración formalizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores con outras autoridades. A información comunicada só poderá ser divulgada mediante consentimento expreso da Comisión.

n) A información comunicada á Autoridade Bancaria Europea en virtude da normativa vixente e, en particular, a establecida nos artigos 31 e 35 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Bancaria Europea), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/78/CE da Comisión. Non obstante o anterior, a dita información estará suxeita a segredo profesional.

ñ) A información facilitada á Xunta Europea de Risco Sistémico, cando esta información sexa pertinente para o desempeño das súas funcións estatutarias conforme o Regulamento (UE) n.º 1092/2010, do 24 de novembro de 2010.

5. As autoridades xudiciais que reciban da Comisión Nacional do Mercado de Valores información de carácter reservado estarán obrigadas a adoptar as medidas pertinentes que garantan a reserva durante a tramitación do proceso de que se trate. As restantes autoridades, persoas ou entidades que reciban información de carácter reservado quedarán suxeitas ao segredo profesional regulado neste artigo e non poderán utilizala senón no marco do cumprimento das funcións que teñan legalmente establecidas.

6. A transmisión de información reservada aos organismos e autoridades de países non pertencentes ao Espazo Económico Europeo a que se refire o punto 4.j) estará condicionada, cando a información se orixinase noutro Estado membro, á conformidade expresa da autoridade que a transmite, e só poderá ser comunicada aos destinatarios citados para os efectos para os que a dita autoridade dese o seu acordo. Igual limitación se aplicará ás informacións ás cámaras e organismos mencionados no punto 4.i) e ás informacións requiridas polo Tribunal de Contas e polas comisións de investigación das Cortes Xerais.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará á Autoridade Bancaria Europea a identidade das autoridades ou organismos aos cales poderá transmitir datos, documentos ou informacións, de conformidade co punto 4.d) e f), en relación co Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

#### Artigo 249. *Negativa a cooperar ou ao intercambio de información.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá negarse a dar curso a unha solicitude de cooperación nunha investigación, a unha verificación «in situ» ou a unha supervisión, conforme o artigo 253.4 a 6, ou a intercambiar información conforme o artigo 245.1 a 5 e 253.1, soamente en caso de que:

- a) Tal investigación, verificación «in situ», supervisión ou intercambio de información poida atentar contra a soberanía, a seguridade ou a orde pública.
- b) Se incoase un procedemento xudicial polos mesmos feitos e contra as mesmas persoas.
- c) Se ditase xa unha resolución xudicial firme con respecto ás mesmas persoas e aos mesmos feitos.

En caso de denegación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificarállelo debidamente á autoridade competente solicitante e á Autoridade Europea de Valores e Mercados e facilitaralles a maior información posible ao respecto.

#### Artigo 250. *Cooperación coas autoridades xudiciais.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores prestará tanta colaboración lle sexa requirida pola autoridade xudicial ou polo Ministerio Fiscal en prol do esclarecemento de feitos relacionados cos mercados de valores que poidan revestir carácter delituoso.

*Artigo 251. Cooperación en materia de supervisión prudencial de empresas de servizos de investimento.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa condición de autoridade responsable da supervisión en materia de solvencia dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, colaborará coas autoridades supervisoras da Unión Europea. Para tal fin:

a) Coordinará a recollida de información e difundirá entre as restantes autoridades responsables da supervisión de empresas de servizos de investimento do grupo a información que considere importante en situacións tanto normais como urxentes.

b) Planificará e coordinará as actividades de supervisión en situacións normais, en relación, entre outras, coas actividades previstas nos artigos 190, 196, 260 e 261 vinculadas á supervisión consolidada, e nas disposicións relativas a criterios técnicos concernentes á organización e ao tratamento dos riscos, en colaboración coas autoridades competentes implicadas.

c) Planificará e coordinará as actividades de supervisión, en colaboración coas autoridades competentes implicadas e, de ser o caso, cos bancos centrais en situacións de urxencia ou en previsión de tales situacións e, en particular, naqueles casos en que exista unha evolución adversa das empresas de servizos de investimento ou dos mercados financeiros valéndose, sempre que sexa posible, das canles de comunicación específicas existentes para facilitar a xestión de crises. Regulamentariamente poderá determinarse o contido desta planificación e coordinación.

d) Cooperará estreitamente con outras autoridades competentes con responsabilidade supervisora sobre as empresas de servizos de investimento estranxeiras, matrices, filiais ou participadas, do mesmo grupo, nos termos previstos no artigo 247.

e) Subscribirá acordos de coordinación e cooperación con outras autoridades competentes que teñan por obxecto facilitar e establecer unha supervisión eficaz dos grupos encomendados á súa supervisión e asumir as tarefas adicionais que resulten de tales acordos e co contido que regulamentariamente se estableza.

En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá subscribir un acordo bilateral, de conformidade co artigo 28 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, para delegar a súa responsabilidade de supervisión dunha entidade filial nas autoridades competentes que autorizen e supervisen a empresa matriz, co fin de que estas se ocupen da vixilancia da filial consonte as disposicións previstas nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá informar a Autoridade Bancaria Europea da existencia e do contido de tales acordos.

f) Cooperará coa Autoridade Bancaria Europea para efectos do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

*Artigo 252. Cooperación en materia de supervisión de mercados secundarios oficiais.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá mecanismos de cooperación proporcionados coa autoridade competente do Estado membro de acollida cando os mercados secundarios oficiais establezan mecanismos noutros Estados membros da Unión Europea para permitir o acceso remoto e as operacións dese mercado e cando, dada a situación dos mercados de valores no Estado membro de acollida, os mercados secundarios oficiais cobrasen unha importancia substancial para o funcionamento dos mercados e a protección dos investidores nese Estado.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a autoridade competente dun mercado regulado doutro Estado membro da Unión Europea establecerán mecanismos de cooperación proporcionados cando o dito mercado establecese en territorio español mecanismos para garantir o acceso remoto e as operacións realizadas en España e cando, dada a situación dos mercados de valores españois, cobrasen unha

importancia substancial para o funcionamento dos mercados e a protección dos investidores en España.

3. Para efectos do disposto neste artigo, entenderase que as operacións revisten unha importancia substancial cando se cumpra o disposto no artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

Artigo 253. *Cooperación en materias da Directiva 2004/39/CE.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá comunicar ás autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea información relacionada coas materias reguladas nas normas nacionais que traspoñan a Directiva 2004/39/CE, do 21 de abril de 2004.

En tales casos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá indicar se a información só se pode divulgar co seu consentimento expreso.

Así mesmo, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba información das autoridades competentes doutros Estados membros e esas autoridades indicasen que a información só se pode divulgar co seu consentimento expreso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá utilizar esa información exclusivamente para os fins que autorizase esa autoridade.

2. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos fundados para sospeitar que entidades non suxeitas á súa supervisión están realizando ou realizaron no territorio doutro Estado membro da Unión Europea actividades contrarias ás disposicións nacionais polas que se traspuxese a Directiva 2004/39/CE, do 21 de abril de 2004, notificarállelo de maneira tan específica como sexa posible á autoridade competente do dito Estado membro e á Autoridade Europea de Valores e Mercados. Esta comunicación entenderase sen prexuízo das competencias que poida exercer a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Así mesmo, cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha notificación da autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea que teña motivos fundados para sospeitar de que entidades non suxeitas á súa supervisión están realizando ou realizaron en territorio español actividades contrarias a esta lei, e ás súas disposicións de desenvolvemento, deberá adoptar as medidas oportunas para corrixir esta situación. Ademais, comunicará á autoridade competente notificante e á Autoridade Europea de Valores e Mercados o resultado da súa intervención e, na medida do posible, os avances intermedios significativos.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá pedir a cooperación doutras autoridades competentes da Unión Europea nunha actividade de supervisión, para unha verificación «in situ» ou unha investigación relacionada coas materias reguladas nas normas nacionais que traspoñan a Directiva 2004/39/CE, do 21 de abril de 2004, así como coas materias relacionadas co Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009.

5. Cando se trate de empresas de servizos de investimento, autorizadas noutro Estado membro, que sexan membros remotos dun mercado secundario oficial, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá optar por dirixirse a elas directamente, caso en que informará debidamente a autoridade competente do Estado membro de orixe do membro remoto.

6. En caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha solicitude relativa a unha verificación *in situ* ou a unha investigación, no marco das súas competencias:

- a) Realizará ela mesma a verificación ou investigación,
- b) Permitirá que a realicen as autoridades que presentasen a solicitude, ou
- c) Permitirá que a realicen auditores ou expertos.

Artigo 254. *Cooperación en materia de abuso de mercado.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, en relación coas materias reguladas no título VII, capítulo II, ou na súa normativa de desenvolvemento, poderá pedir ás autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea que realicen unha investigación no seu territorio. Tamén poderá solicitar que se permita que membros do seu persoal acompañen o persoal da autoridade competente desoutro Estado membro no transcurso da investigación.

Se a solicitude da Comisión Nacional do Mercado de Valores é rexeitada ou non se lle dá curso dentro dun prazo razoable, aquela poderao pór en coñecemento da Autoridade Europea de Valores e Mercados.

2. Analogamente, as autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea poderán solicitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a realización de investigacións en relación coas materias sinaladas anteriormente e nas mesmas condicións.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá negarse a dar curso ás solicitudes de investigación a que se refire o punto anterior, ou a que o seu persoal estea acompañado do persoal da autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea, cando isto poida ir en prexuízo da soberanía, da seguridade ou da orde pública, ou cando se incoase un procedemento xudicial polos mesmos feitos e contra as mesmas persoas ante as autoridades españolas, ou cando sobre aqueles ditase unha sentenza firme un xuíz ou tribunal español polos mesmos feitos. Neste caso, notificaráselle debidamente á autoridade competente que formulou o requirimento, á cal se lle facilitará información o máis detallada posible sobre tal procedemento ou sentenza.

4. Todas as solicitudes de asistencia que realicen ou reciban ao abeiro do disposto nos puntos 1 e 2 as comunidades autónomas con competencia na materia se tramitarán a través da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará as medidas necesarias para recompilar e transmitir, coa maior brevidade, a información sobre materias reguladas no título VII, capítulo II, que lle sexa solicitada polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea.

En caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores non poida transmitir a información solicitada de forma inmediata, comunicará as razóns á autoridade solicitante.

6. A información proporcionada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude do punto anterior estará amparada polo segredo profesional.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá negarse a dar curso a unha solicitude de información de conformidade co disposto no artigo 249.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información sobre as materias reguladas no título VII, capítulo II, ás autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea.

A información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba de acordo co disposto neste punto só se poderá utilizar no marco dos procedementos administrativos ou xudiciais relacionados especificamente co exercicio das súas funcións, salvo cando a autoridade que remitiu a información autorizase a súa utilización con outros fins ou a transmisión ás autoridades competentes doutros Estados.

Cando a solicitude de información remitida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores á autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea sexa rexeitada ou non se lle dea curso nun prazo razoable, porase en coñecemento da Autoridade Europea de Valores e Mercados.

8. En caso de que unha solicitude de cooperación ou de información fose rexeitada, a Autoridade Europea de Valores e Mercados poderá asistir as autoridades para chegar a un acordo, de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010, sen prexuízo das posibilidades de denegación recollidas no artigo 249 desta lei e da capacidade de actuación da Autoridade Europea de Valores e Mercados en caso de incumprimento do dereito da Unión, recoñecida no artigo 17 do citado regulamento.

Artigo 255. *Cooperación en materia de sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores.*

1. De conformidade cos estándares internacionais e co dereito da Unión Europea relativo ás entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e demais infraestruturas do mercado financeiro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España velarán para que o funcionamento dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores nacionais preserve a estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto. Con este obxectivo, as ditas autoridades avaliarán o grao de adaptación dos procedementos das infraestruturas de mercado españolas ás mellores prácticas e recomendacións internacionais e elaborarán e publicarán un informe bienal.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España subscribirán un convenio de colaboración co obxecto de desenvolver o labor previsto no punto anterior. Este convenio determinará as súas respectivas funcións e responsabilidades na materia, así como o sistema de intercambio de información entre ambas as autoridades.

3. O previsto nesta disposición non alterará as competencias respectivas outorgadas a cada unha destas autoridades pola súa normativa reguladora.

### CAPÍTULO III

#### Supervisión prudencial

Artigo 256. *Programa supervisor.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará, ao menos unha vez ao ano, un programa supervisor en relación coas seguintes empresas de servizos de investimento:

a) Aquelas cuxos resultados nas probas de resistencia a que se refire o artigo 257, ou no proceso de supervisión e avaliación, poñan de manifesto a existencia de riscos significativos para a súa solidez financeira ou revelen o incumprimento da normativa de solvencia.

b) As que supoñen un risco sistémico para o sistema financeiro.

c) Calquera outra que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere necesaria no exercicio das súas funcións supervisoras.

2. Este programa conterá, ao menos, a información a que se refire o artigo 5.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, á vista dos resultados do programa, poderá adoptar as medidas que considere oportunas en cada caso, entre as que se encontran as establecidas no artigo 55.3 da citada lei.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta, ao establecer o seu programa supervisor, a información recibida das autoridades doutros Estados membros en relación coas sucursais de empresas de servizos de investimento alí establecidas. Para estes mesmos efectos, terá tamén en consideración a estabilidade do sistema financeiro dos ditos Estados membros.

4. Este artigo 256 e o artigo 257 non serán de aplicación ás empresas de servizos de investimento non autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 141.a), que presten unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 140.a), b), d) e g), e ás cales non se permite ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca poidan estar en situación debedora respecto de tales clientes.

Artigo 257. *Probas de resistencia.*

1. Ao menos unha vez ao ano, a Comisión Nacional do Mercado de Valores someterá a probas de resistencia ás empresas de servizos de investimento suxeitas á súa supervisión, co fin de facilitar o proceso de revisión e avaliación previsto no artigo 256.

2. Para tal fin, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer súas e transmitir como tales ás entidades e grupos as guías que aprobe a Autoridade Bancaria Europea para estes efectos.

*Artigo 258. Obrigacións de consolidación.*

1. Para o cumprimento dos niveis mínimos de recursos propios e limitacións exixibles en virtude do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, as empresas de servizos de investimento consolidarán os seus estados contables cos das demais empresas de servizos de investimento e entidades financeiras que constitúan con elas unha unidade de decisión, segundo o previsto no artigo 42 do Código de comercio e conforme o disposto polo dito regulamento.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir ás entidades suxeitas a consolidación canta información sexa necesaria para verificar as consolidacións efectuadas e analizar os riscos asumidos polo conxunto das entidades consolidadas, así como, con igual obxecto, inspeccionar os seus libros, documentación e rexistros.

Cando das relacións económicas, financeiras ou xerenciais dunha empresa de servizos de investimento con outras entidades caiba presumir a existencia dunha relación de control no sentido deste artigo, sen que as entidades procedesen á consolidación das súas contas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información a esas entidades ou inspeccionalas, para os efectos de determinar a procedencia da consolidación.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información das persoas físicas e inspeccionar as entidades non financeiras coas cales exista unha relación de control, conforme o previsto no artigo 42 do Código de comercio, para efectos de determinar a súa incidencia na situación xurídica, financeira e económica das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables.

4. O deber de consolidación establecido no artigo 42 do Código de comercio entenderase cumprido mediante a consolidación a que se refiren os puntos anteriores por aqueles grupos de sociedades cuxa entidade dominante sexa unha empresa de servizos de investimento, ou por aqueloutros que teñan como dominante unha sociedade cuxa actividade principal sexa a tenza de participacións en empresas de servizos de investimento. Este deber entenderase cumprido, así mesmo, para os grupos dos organismos reitores dos mercados secundarios oficiais, das entidades centrais de contrapartida e dos depositarios centrais de valores.

Isto enténdese sen prexuízo da obrigaçión de consolidar entre si que poida existir para as filiais que non sexan entidades financeiras, nos casos que proceda de acordo co sinalado artigo 42 do Código de comercio.

*Artigo 259. Supervisión prudencial das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables.*

1. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa condición de autoridade responsable da supervisión das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables:

a) Revisar os sistemas, xa sexan acordos, estratexias, procedementos ou mecanismos de calquera tipo, aplicados para dar cumprimento á normativa de solvencia contida nesta lei e ás disposicións que a desenvolvan, así como no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

b) Determinar se os sistemas, os recursos propios e a liquidez mantidos polas empresas de servizos de investimento garanten unha xestión sa e prudente e unha cobertura sólida dos seus riscos.

c) Determinar, a partir da revisión e da avaliación mencionadas nos parágrafos precedentes, se os sistemas mencionados na letra a) e os fondos propios e a liquidez mantidos garanten unha xestión e cobertura sólida, respectivamente, dos seus riscos.



As análises e as avaliacións mencionadas nos parágrafos anteriores actualizaranse con periodicidade ao menos anual.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no desenvolvemento das súas funcións como autoridade responsable da supervisión das empresas de servizos de investimento e dos seus grupos consolidables:

a) Tomará debidamente en consideración a posible incidencia das súas decisións na estabilidade do sistema financeiro de todos os demais Estados membros afectados, en particular, en situacións de urxencia, baseándose na información dispoñible no momento.

b) Terá en conta a converxencia de instrumentos e prácticas de supervisión no ámbito da Unión Europea.

c) Cooperará coas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, como partes no Sistema Europeo de Supervisión Financeira (SESF), con confianza e pleno respecto mutuo, en particular para garantir o fluxo de información pertinente e fiable entre elas e outras partes do SESF, de conformidade co principio de cooperación leal establecido no artigo 4.3 do Tratado da Unión Europea.

d) Participará nas actividades da Autoridade Bancaria Europea e, cando corresponda, nos colexios de supervisores.

e) Fará o posible por cumprir as directrices e recomendacións que formule a Autoridade Bancaria Europea, de conformidade co artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, e aterse ás advertencias e recomendacións que formule a Xunta Europea de Risco Sistémico, de conformidade co artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 1092/2010, do 24 de novembro de 2010.

f) Cooperará estreitamente coa Xunta Europea de Risco Sistémico.

#### Artigo 260. *Medidas de supervisión prudencial.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores exixirá ás empresas de servizos de investimento ou grupos consolidables de empresas de servizos de investimento que adopten rapidamente as medidas necesarias para retornar ao cumprimento ante as seguintes circunstancias:

a) Cando non cumpran coas obrigacións contidas na normativa de solvencia ou aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa ou nos procedementos e mecanismos de control interno, contables ou de valoración, incluídos os previstos no artigo 190.2 da lei.

b) Cando a propia Comisión Nacional do Mercado de Valores teña datos conforme os que resulte razoablemente previsible que a entidade incumpra as obrigacións a que se refire o parágrafo anterior nos seguintes doce meses.

2. Nas circunstancias previstas no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar algunha ou varias das seguintes medidas que considere máis oportunas atendendo á situación da empresa de servizos de investimento ou do grupo:

a) Exixir ás empresas de servizos de investimento que manteñan recursos propios superiores aos requisitos de capital establecidos no artigo 196 e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, en relación con riscos e elementos de risco non cubertos polo artigo 1 do dito regulamento.

b) Exixir ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que reforcen ou modifiquen os procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos e estratexias adoptados para o cumprimento das normas que resulten de aplicación, incluíndo os establecidos co fin de cumprir o disposto no artigo 190.2.

c) Exixir ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que presenten un plan para restablecer o cumprimento dos requisitos de supervisión establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, que fixen un prazo para a súa execución e que introduzan no plan as melloras necesarias en canto ao seu alcance e prazo de execución.

d) Exixir que as empresas de servizos de investimento e os seus grupos apliquen unha política específica de dotación de provisións ou un determinado tratamento dos activos en termos de requirimentos de recursos propios.

e) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das empresas de servizos de investimento ou solicitar o abandono de actividades que presenten riscos excesivos para a solidez dunha empresa de servizos de investimento.

f) Exixir a redución do risco inherente ás actividades, produtos e sistemas das empresas de servizos de investimento.

g) Exixir ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que limiten a remuneración variable como porcentaxe dos ingresos netos, cando resulte incompatible co mantemento dunha base sólida de capital.

h) Exixir ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que utilicen os beneficios netos para reforzar os seus recursos propios.

i) Prohibir ou restringir a distribución pola empresa de servizos de investimento de dividendos ou xuros a accionistas, socios ou titulares de instrumentos de capital adicional de nivel 1, sempre e cando a prohibición non constitúa un suposto de incumprimento das obrigacións de pagamento da empresa de servizos de investimento.

j) Impor obrigacións de información adicionais ou máis frecuentes, incluída información sobre a situación de capital e liquidez.

k) A obrigaón de dispor dunha cantidade mínima de activos líquidos que permitan facer fronte ás potenciais saídas de fondos derivadas de pasivos e compromisos, incluso en caso de eventos graves que poidan afectar a dispoñibilidade de liquidez, e a de manter unha estrutura adecuada de fontes de financiamento e de vencementos nos seus activos, pasivos e compromisos co fin de evitar potenciais desequilibrios ou tensións de liquidez que poidan danar ou pór en risco a situación financeira da empresa de servizos de investimento.

3. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto nesta lei.

#### Artigo 261. *Requisitos adicionais de recursos propios.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores exixirá ás empresas de servizos de investimento o mantemento de recursos propios superiores aos establecidos, de acordo co previsto no artigo 260.2.a), ao menos, nos seguintes supostos:

a) Se a empresa de servizos de investimento non cumpre os requisitos establecidos no artigo 190.2 ou no artigo 393 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

b) Se hai riscos ou elementos de risco que non quedan cubertos polos requirimentos de recursos propios establecidos no artigo 196 ou no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

c) Se resulta probable que a aplicación doutras medidas non baste por si soa para mellorar suficientemente os sistemas, procedementos, mecanismos e estratexias nun prazo adecuado.

d) Se a revisión a que se refire o artigo 259.1 pon de manifesto que o incumprimento dos requisitos exixidos para a aplicación dun método de cálculo dos requisitos de recursos propios que require autorización previa de conformidade coa parte terceira do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, podería dar lugar a uns requirimentos de recursos propios insuficientes, ou se os axustes de valoración con respecto a posicións ou carteiras específicas dentro da carteira de negociación, de acordo co establecido no artigo 105 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, non permiten que a empresa de servizos de investimento venda ou cubra as súas posicións nun curto período de tempo sen incorrer en perdas importantes en condicións de mercado normais.

e) De existiren razóns fundadas para considerar que os riscos poden quedar subestimados a pesar do cumprimento dos requisitos aplicables do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e desta lei e as súas normas de desenvolvemento.

f) Se a empresa de servizos de investimento notifica á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co artigo 377.5 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, que os resultados da proba de resistencia a que se refire o dito artigo exceden de forma significativa os requirimentos de recursos propios derivados da carteira de negociación de correlación.

2. Para efectos da determinación do nivel adecuado de recursos propios sobre a base de revisión e a avaliación realizadas de conformidade co artigo 259.1, a Comisión Nacional do Mercado de Valores avaliará o seguinte:

a) Os aspectos cuantitativos e cualitativos do proceso de avaliación das empresas de servizos de investimento a que se refire o artigo 190.2.

b) Os sistemas, procedementos e mecanismos relacionados cos plans de recuperación e resolución das empresas de servizos de investimento.

c) Os resultados da revisión e avaliación levadas a cabo de conformidade co artigo 259.1.

d) O risco sistémico.

*Artigo 262. Supervisión das sociedades financeiras mixtas de carteira e das sociedades mixtas de carteira.*

1. Cando unha sociedade financeira mixta de carteira suxeita á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores estea sometida a disposicións equivalentes en virtude desta lei e da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, en particular en termos de supervisión en función do risco, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de consulta coas demais autoridades responsables da supervisión das filiais da sociedade financeira mixta de carteira, poderá decidir que se apliquen á dita sociedade unicamente as disposicións da Lei 5/2005, do 22 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Así mesmo, cando unha sociedade financeira mixta de carteira suxeita á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores estea sometida a disposicións equivalentes en virtude desta lei e da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, en particular en termos de supervisión en función do risco, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de consulta coas demais autoridades responsables da supervisión das filiais da sociedade financeira mixta de carteira, poderá decidir que se apliquen á dita sociedade unicamente as disposicións da Lei 20/2015, do 14 de xullo.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá informar a Autoridade Bancaria Europea e a Autoridade Europea de Seguros e Fondos de Pensións das decisións adoptadas en virtude dos puntos anteriores.

4. Sen prexuízo do previsto na parte cuarta do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, cando a empresa matriz dunha ou varias empresas de servizos de investimento españolas sexa unha sociedade mixta de carteira, a Comisión Nacional do Mercado de Valores efectuará a supervisión xeral das operacións entre a empresa de servizos de investimento e a sociedade mixta de carteira e as súas filiais.

5. As empresas de servizos de investimento filiais dunha sociedade mixta de carteira deberán contar con sistemas de xestión de riscos e mecanismos de control interno adecuados, incluídos procedementos de información e de contabilidade sólidos, co fin de identificar, medir, seguir e controlar debidamente as operacións coa súa sociedade mixta de carteira matriz e coas filiais desta. A Comisión Nacional do Mercado de Valores exixirá que a empresa de servizos de investimento informe de calquera outra operación significativa cos ditos entes distinta da mencionada no artigo 394 do Regulamento (UE)

n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Tales procedementos e operacións significativas estarán suxeitos á vixilancia da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 263. *Supervisión de empresas de servizos de investimento de Estados non membros da Unión Europea.*

1. As obrigacións establecidas na normativa de solvencia non serán exixibles ás sucursais de empresas de servizos de investimento con sede nun Estado non membro da Unión Europea sempre que estean suxeitas a obrigacións equivalentes nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. As empresas de servizos de investimento cuxa entidade dominante sexa unha entidade financeira con domicilio fóra da Unión Europea non estarán suxeitas a supervisión en base consolidada, sempre que xa estean suxeitas á dita supervisión por parte da autoridade competente correspondente do terceiro país, que sexa equivalente á prevista nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, e na parte primeira, título II, capítulo 2 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá comprobar esta equivalencia, para o cal deberá ter en conta as orientacións elaboradas pola Autoridade Bancaria Europea para tal efecto, a que consultará antes de adoptar unha decisión ao respecto.

No caso de que non se aprecie a existencia dun réxime de supervisión equivalente, resultará de aplicación ás empresas de servizos de investimento mencionadas no primeiro parágrafo deste punto o réxime de supervisión en base consolidada previsto na normativa de solvencia.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer outros métodos para a supervisión en base consolidada dos grupos a que se refire este punto. Entre estes métodos figurará a potestade da Comisión Nacional do Mercado de Valores de exixir a constitución dunha entidade financeira dominante que teña o seu domicilio social na Unión Europea. Os métodos deberán cumprir os obxectivos da supervisión en base consolidada definidos nesta lei e ser comunicados ás demais autoridades competentes implicadas, á Comisión Europea e á Autoridade Bancaria Europea.

Artigo 264. *Solicitudes de designación de sucursais como significativas.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá formular solicitudes ás autoridades competentes da supervisión dunha empresa de servizos de investimento autorizada na Unión Europea con sucursais en España para que estas sexan consideradas como sucursais significativas, así como, nos casos en que non exista unha decisión conxunta ao respecto, resolver sobre o seu carácter significativo.

Nestes supostos, conforme o procedemento que se determine regulamentariamente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores promoverá a adopción dunha decisión conxunta sobre a solicitude, coas demais autoridades competentes doutros Estados membros encargadas da supervisión das distintas entidades integradas no grupo.

2. Igualmente, corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, conforme o procedemento que se determine regulamentariamente, resolver mediante decisión conxunta as solicitudes equivalentes formuladas polas autoridades competentes dos países onde estean situadas sucursais de empresas de servizos de investimento españolas, así como, na falta de decisión conxunta ao respecto, recoñecer a resolución sobre o seu carácter significativo da dita autoridade competente.

3. Concretaranse regulamentariamente os parámetros que a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá ter en conta para considerar se unha sucursal é ou non significativa, que incluírán en todo caso a cota de mercado da sucursal, a incidencia potencial da suspensión ou cesamento das operacións da entidade na liquidez do mercado e as dimensións e a importancia da sucursal.

Artigo 265. *Relacións con outros supervisores no ámbito da supervisión en base consolidada.*

1. Toda norma que se dite en desenvolvemento do que esta lei prevé e que poida afectar entidades financeiras suxeitas á supervisión do Banco de España ou da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ditarase logo de informe destes.

2. Sempre que nun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento existan entidades suxeitas a supervisión en base individual por organismo distinto da Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta, no exercicio das competencias que esta lei lle atribúe sobre tales entidades, deberá actuar de forma coordinada co organismo supervisor que en cada caso corresponda. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar as normas necesarias para asegurar a adecuada coordinación.

3. O ministro de Economía e Competitividade, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, por proposta do Banco de España, poderá acordar que un grupo de empresas de servizos de investimento en que se integren unha ou máis entidades de crédito susceptibles de adherirse a un sistema de garantía de depósitos teña a consideración de grupo consolidable de entidades de crédito e quede, por conseguinte, sometido a supervisión en base consolidada polo Banco de España.

Artigo 266. *Colexios de supervisores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, como supervisor en base consolidada, establecerá colexios de supervisores co obxecto de facilitar o exercicio das tarefas que regulamentariamente se determinen no marco da cooperación a que se refire o artigo 244 e, de conformidade cos requisitos de confidencialidade previstos na lexislación aplicable e co dereito da Unión Europea, velará, de ser o caso, por establecer unha coordinación e unha cooperación adecuadas coas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea.

2. Os colexios de supervisores constituirán o marco en que se desenvolvan as seguintes tarefas:

a) Intercambiar información entre autoridades competentes e coa Autoridade Bancaria Europea, de conformidade co artigo 21 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

b) Acordar a atribución voluntaria de tarefas e a delegación voluntaria de responsabilidades, se procede.

c) Establecer programas de exame prudencial baseados nunha avaliación de riscos do grupo, consonte o artigo 259.

d) Aumentar a eficiencia da supervisión, eliminando toda duplicación de requisitos prudenciais innecesarios, concretamente en relación coas solicitudes de información a que se refire o artigo 246.

e) Aplicar de maneira coherente os requisitos prudenciais previstos no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, de 2013, en todas as entidades dun grupo de empresas de servizos de investimento, sen prexuízo das opcións e facultades que ofrece a lexislación da Unión Europea.

f) Planificar e coordinar as actividades de supervisión, en colaboración coas autoridades competentes implicadas e, de ser o caso, cos bancos centrais, en situacións de urxencia ou en previsión de tales situacións, atendendo ao labor realizado noutros foros que se poidan constituír neste ámbito.

3. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña a condición de supervisor dunha empresa de servizos de investimento con sucursais consideradas como significativas, de acordo cos criterios do artigo 264, tamén establecerá e presidirá un colexio de supervisores para facilitar o intercambio de información a que se refire o artigo 246.

4. O establecemento e o funcionamento dos colexios basearanse en disposicións consignadas por escrito e determinadas, logo de consulta ás autoridades competentes

afectadas, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores como autoridade responsable da supervisión en base consolidada ou como autoridade competente do Estado membro de orixe.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá todos os membros do colexio plenamente informados, por anticipado, da organización das reunións dos colexios, das principais cuestións que se van tratar e das cuestións que se deben considerar.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores tamén informará plenamente todos os membros do colexio respecto das accións adoptadas nas reunións ou das medidas executadas. Poderanse desenvolver regulamentariamente as características que deben reunir os ditos colexios, cuxa composición será determinada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, como membro dun colexio de supervisores, colaborará estreitamente co resto de autoridades competentes que o formen. As exigencias en materia de confidencialidade previstas nesta lei non impedirán o intercambio de información confidencial entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o resto de autoridades competentes no seo dos colexios de supervisores.

6. O establecemento e o funcionamento de colexios de supervisores non afectarán os dereitos e deberes da Comisión Nacional do Mercado de Valores recollidos nesta lei e nos seus respectivos desenvolvementos regulamentarios.

#### Artigo 267. *Decisións conxuntas.*

No marco da cooperación a que se refire o artigo 244, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, como supervisor en base consolidada dun grupo, ou como autoridade competente responsable da supervisión das filiais dunha empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea ou dunha sociedade financeira de carteira ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz da Unión Europea en España, fará canto estea no seu poder por alcanzar unha decisión conxunta:

a) Sobre a aplicación do artigo 190.2 e do artigo 259.1 para determinar a adecuación do nivel consolidado de recursos propios que posúa o grupo en relación coa súa situación financeira e perfil de risco e o nivel de recursos propios necesario para a aplicación do artigo 259.2 a cada unha das entidades do grupo de empresas de servizos de investimento e en base consolidada.

b) Sobre as medidas para resolver calquera cuestión significativa e constatación importante relacionadas coa supervisión da liquidez.

A decisión conxunta adoptarase conforme o procedemento que se prevexa regulamentariamente.

#### Artigo 268. *Obrigacións de divulgación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores divulgará periodicamente a seguinte información relativa á normativa en materia de solvencia das empresas de servizos de investimento:

a) Datos estatísticos agregados sobre os aspectos fundamentais da aplicación do marco prudencial en España, incluído o número e a natureza das medidas de supervisión adoptadas de acordo cos artigos 190, 196, 260 e 261 e as sancións administrativas impostas; todo isto conforme o réxime de segredo profesional establecido no artigo 248.

b) Os criterios xerais e os métodos adoptados para comprobar o cumprimento do disposto nos artigos 405 a 409 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

c) Unha sucinta descrición do resultado da revisión supervisora e a descrición das medidas impostas nos casos de incumprimento do disposto nos artigos 405 a 409 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, de 2013, sobre unha base anual, e sen prexuízo das obrigacións de segredo establecidas no artigo 248.

d) Os resultados das probas de resistencia realizadas de conformidade co artigo 257 ou co artigo 32 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

Cando a Autoridade Bancaria Europea así o determine, a información a que se refire este parágrafo será transmitida a esta autoridade para a posterior publicación do resultado no ámbito da Unión Europea.

e) Outra información que se determine regulamentariamente.

2. A información publicada de conformidade co punto 1 deberá ser suficiente para permitir unha comparación significativa das propostas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores coas das autoridades homólogas dos diferentes Estados membros da Unión Europea. A información publicarase no formato que determine a Autoridade Bancaria Europea e actualizarse periodicamente. Será accesible na sede electrónica da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

*Artigo 269. Obrigações de información da Comisión Nacional do Mercado de Valores en situacións de urxencia.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores advertirá, tan pronto como sexa posible, o ministro de Economía e Competitividade, as restantes autoridades supervisoras, nacionais ou estranxeiras, afectadas, a Autoridade Bancaria Europea e a Xunta Europea de Risco Sistémico, do xurdimento dunha situación de emerxencia, incluída unha situación como a definida no artigo 18 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, e, en particular, naqueles casos en que exista unha evolución adversa dos mercados financeiros que poida comprometer a liquidez no mercado e a estabilidade do sistema financeiro de calquera Estado membro da Unión Europea en que fosen autorizadas empresas de servizos de investimento dun grupo suxeito á supervisión en base consolidada da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou en que estean establecidas sucursais significativas dunha empresa de servizos de investimento española, segundo se prevén no artigo 264.

*Artigo 270. Elaboración de guías en materia supervisora.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá elaborar guías técnicas, dirixidas ás entidades e persoas sometidas á súa supervisión, indicando os criterios, prácticas ou procedementos que considera adecuados para o cumprimento da normativa dos mercados de valores. Estas guías, que se deberán facer públicas, poderán incluír os criterios que a propia Comisión Nacional do Mercado de Valores seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión.

2. Para tal fin, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer súas e transmitir como tales, así como desenvolver as guías que, dirixidas aos suxeitos sometidos á súa supervisión, aproben os organismos ou comités internacionais activos, relativas aos criterios, prácticas ou procedementos convenientes para favorecer o mellor cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos mercados de valores e a supervisión do seu cumprimento.

## CAPÍTULO IV

### Disposicións xerais en materia de infraccións e sancións

*Artigo 271. Cuestións xerais.*

1. As persoas físicas e entidades ás cales resulten de aplicación os preceptos desta lei, así como aqueles que desempeñen de feito ou de dereito cargos de administración ou dirección destas últimas, que infrinxan normas de ordenación ou disciplina do mercado de valores incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto neste capítulo.

Tamén incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto neste capítulo as axencias de cualificación crediticia, establecidas en España e rexistradas en virtude do título III, capítulo I do Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, as persoas

que participan nas actividades de cualificación, as entidades cualificadas ou terceiros vinculados, os terceiros aos cales as axencias de cualificación crediticia subcontratasen algunhas das súas funcións ou actividades e as persoas relacionadas ou conectadas de calquera outra forma coas axencias ou coas actividades de cualificación crediticia.

2. Desempeñan cargos de administración ou dirección nas entidades a que se refire o punto anterior, para os efectos do disposto neste capítulo e seguintes, os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que, de feito ou de dereito, desenvolvan na entidade funcións de alta dirección.

3. Quen exerza na entidade cargos de administración ou dirección será responsable das infraccións moi graves ou graves cando estas sexan imputables á súa conduta dolosa ou negligente.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, serán considerados responsables das infraccións moi graves ou graves cometidas polas entidades aqueles que desempeñen nelas cargos de administración ou dirección, salvo nos seguintes casos:

a) Cando quen forme parte de órganos colexiados de administración non asistise por causa xustificada ás reunións correspondentes ou votase en contra ou salvase o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.

b) Cando estas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, conselleiros delegados, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións similares na entidade.

4. Considéranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores as leis e disposicións de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades comprendidas no artigo 233.1.a) e b) ou á actividade relacionada co mercado de valores das persoas ou entidades a que se refire o artigo 233.1.b) e c) e que sexan de obrigada observancia para estas. Entre as citadas disposicións entenderanse comprendidas as aprobadas por órganos do Estado, das comunidades autónomas que teñan atribuídas competencias na materia, os regulamentos da Unión Europea e demais normas aprobadas polas institucións da Unión Europea que resulten de aplicación directa, así como as circulares aprobadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas no artigo 21.

En particular, consideraranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores:

a) O Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

b) O Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

c) O Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

#### Artigo 272. *Pre-xudicialidade penal.*

1. O exercicio da potestade sancionadora a que se refire esta lei será independente da eventual concorrencia de delitos ou faltas de natureza penal.

2. Non obstante o previsto no punto anterior, cando se estea tramitando un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros cuxa separación dos sancionables consonte esta lei sexa racionalmente imposible, o procedemento quedará suspendido respecto deles até que se dite pronunciamento firme da autoridade xudicial. Unha vez reiniciado o expediente, de ser o caso, a resolución que se dite deberá respectar a apreciación dos feitos que conteña o dito pronunciamento.

#### Artigo 273. *Regras para a incoación, a instrución e a sanción.*

1. A competencia para a incoación, a instrución e a sanción nos procedementos sancionadores a que se refire este capítulo axustarase ás seguintes regras:

a) A incoación e instrución de expedientes corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A incoación de expedientes, cando afecte empresas de servizos de



investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, comunicárase ás súas autoridades supervisoras co fin de que, sen prexuízo das medidas cautelares e sancións que procedan consonte esta lei, adopten as que consideren apropiadas para que cese a actuación infractora ou se evite a súa reiteración no futuro.

b) A imposición de sancións por infraccións moi graves, graves e leves corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores dará conta razoada ao ministro de Economía e Competitividade da imposición de sancións por infraccións moi graves e, en todo caso, remitiralle con periodicidade trimestral a información esencial sobre os procedementos en tramitación e as resolucións adoptadas.

Cando a entidade infractora sexa unha entidade de crédito española ou unha sucursal dunha entidade de crédito dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, será preceptivo para a imposición da correspondente sanción por infraccións graves ou moi graves o informe do Banco de España.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será dun ano, ampliable conforme o previsto nos artigos 23 e 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Cando a competencia sancionadora corresponda ás comunidades autónomas, os órganos competentes para a incoación, a instrución e a sanción fixaranse nas normas orgánicas que distribúan as competencias no ámbito interno da respectiva comunidade autónoma.

#### Artigo 274. *Lexislación aplicable ao procedemento sancionador.*

1. En materia de procedemento sancionador, resultarán de aplicación a Lei 39/2015, do 1 de outubro, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades recollidas nos artigos 108, 110 e 112 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, así como nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

2. Igualmente, no exercicio da potestade sancionadora atribuída á Comisión Nacional do Mercado de Valores, será aplicable ás entidades comprendidas no artigo 233.1.a) o disposto no artigo 106 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

#### Artigo 275. *Executividade, rexistro e publicidade das sancións.*

1. As resolucións que impoñan sancións conforme o disposto nesta lei serán executivas cando poñan fin á vía administrativa. Nelas adoptaranse, de ser o caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexan executivas.

2. A imposición das sancións farase constar no correspondente rexistro administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que será accesible a través da súa páxina web. Cando se publiquen sancións impugnadas incluírase, na dita páxina web, información sobre o estado en que se encontra o recurso e o seu resultado. Adicionalmente, as sancións de suspensión, separación e separación con inhabilitación, unha vez que sexan executivas, faranse constar, ademais, de ser o caso, no Rexistro Mercantil.

3. Na publicación das sancións, tanto na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores como no «Boletín Oficial del Estado», incluírase información sobre o tipo e a natureza da infracción e a identidade da persoa física ou xurídica sobre a cal se dite a sanción.

4. En relación co previsto no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar, cando ao seu xuízo concorra algún dos supostos contidos no punto 5:

a) Que as sancións impostas por aplicación dos tipos aplicables ás empresas de servizos de investimento contidos nos artigos 278.2 e 6; 279.5; 282.1, 2 e 4; 283.1, 2, 3, 4, 7, 8 e 11; 284.3; 285.3 e 4; 286; 287; 289.3 e 6; 295.1; 296.2, 4, 5, 7, 8, 9, 10 e 11; 298.1 e 2; 299.1 e 300.3, así como as impostas en virtude do disposto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, se publiquen mantendo confidencial a identidade dos suxeitos sancionados.

b) Que as sancións impostas pola aplicación dos tipos contidos nos artigos 282.2 e 3; 292.3 e 300.1, relativos a incumprimentos das obrigacións contidas nos artigos 118 a

123; 125 e 126, se publiquen mantendo confidencial a identidade dos suxeitos sancionados, ou que a súa publicación sexa aprazada.

c) En relación coas sancións impostas pola aplicación dos tipos contidos nos artigos 288.1 e 3; e 298.3 e 4:

1.º Demorar a publicación da sanción imposta até o momento en que cesen os motivos que xustifiquen o atraso da publicación.

2.º Publicar de maneira anónima a sanción imposta se esa publicación anónima garante unha protección efectiva dos datos de carácter persoal en cuestión. Neste caso, a publicación dos datos pertinentes poderá aprazarse por un período razoable de tempo se se prevé que no transcurso dese período deixarán de existir as razóns que xustifiquen unha publicación con protección do anonimato.

3.º Non publicar, de ningún modo, a sanción imposta se as opcións indicadas nas letras a) e b) anteriores se consideran insuficientes para garantir que non se poña en perigo a estabilidade dos mercados financeiros, así como a proporcionalidade da publicación desas sancións fronte a medidas que se consideran de menor importancia.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar as medidas previstas no punto 4 cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Cando a sanción se impoña a unha persoa física e, no caso das sancións a que se refire o punto 4.c), cando a sanción se impoña a unha persoa xurídica e, tras unha avaliación previa, a publicación dos datos de carácter persoal se considere desproporcionada.

b) Cando a publicación poida pór en perigo a estabilidade dos mercados financeiros ou unha investigación oficial ou penal en curso.

c) Cando a publicación poida causar un dano desproporcionado ás entidades ou persoas físicas implicadas, na medida en que se poida determinar o dano. Este suposto non será de aplicación ás sancións a que se refire o punto 4.c).

6. Unha vez que as sancións impostas a unha persoa xurídica sexan executivas, deberán ser obxecto de comunicación á inmediata xunta xeral que se celebre.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer pública a incoación dos expedientes sancionadores, unha vez notificada aos interesados, tras resolver, de ser o caso, sobre os aspectos confidenciais do seu contido e logo de disociación dos datos de carácter persoal a que se refire o artigo 3.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo no que se refire ao nome dos infractores. A publicación decidirse logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o interese público, atendendo aos efectos favorables que, en conxunto, xere sobre a mellor transparencia e funcionamento dos mercados de valores e a protección dos investidores, e o prexuízo que cause aos infractores.

8. As multas e as multas coercitivas adoptadas pola Autoridade Europea de Valores e Mercados en virtude dos artigos 65 e 66 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo, serán sometidas a unha análise de autenticidade pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e serán executadas posteriormente.

#### Artigo 276. *Condonación de sancións.*

1. O ministro de Economía e Competitividade, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá condonar, total ou parcialmente, ou aprazar o pagamento das multas impostas a persoas xurídicas cando pasasen a estar controladas por outros accionistas despois de se cometer a infracción, estean incursas nun procedemento concursal, ou se dean outras circunstancias excepcionais que fagan que o cumprimento da sanción nos seus propios termos atente contra a equidade ou prexudique os intereses xerais.

2. O disposto no punto anterior non alcanzará en ningún caso as sancións impostas a quen ocupaba cargos de administración ou dirección nas ditas persoas xurídicas cando se cometeu a infracción.

3. En ningún caso procederá a condonación ou o aprazamento se, no suposto de transmisión de accións da entidade sancionada, mediase prezo ou, superada a situación concursal, se poida afrontar a sanción.

## CAPÍTULO V

### Infraccións moi graves

Artigo 277. *Suxeitos responsables.*

As persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 271 son suxeitos responsables de infraccións moi graves cando incorran nas accións ou omisións tipificadas neste capítulo.

Artigo 278. *Infraccións por incumprimento da reserva de actividade e a obrigaón de obter autorizacións exixidas.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. O exercicio, non meramente ocasional ou illado, polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1.º e 2.º ou polas sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos de actividades sen autorización ou, en xeral, alleas ao seu obxecto social.

2. O incumprimento da reserva de actividade prevista nos artigos 144, 145, 146 e 147, así como a realización polas empresas de servizos de investimento ou por calquera persoa física ou xurídica de actividades para as cales non estean autorizadas, e a inobservancia por unha empresa de servizos de investimento ou polos seus axentes das regras que se establezan ao abeiro dos artigos 146 e 147.

3. O incumprimento polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1.º e 2.º das obrigaóns relacionadas, en cada caso, coa autorización, aprobación ou non oposición aos seus estatutos, regulamentos, ou con calquera outra materia sometida ao réxime anterior, prevista nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea.

4. O establecemento dun mercado secundario oficial, sistema multilateral de negociación ou sistema de rexistro, compensación e liquidación de valores ou de entidades de contrapartida central sen ter obtido calquera das autorizacións exixidas nesta lei.

5. O incumprimento polas entidades a que se refire a disposición adicional sexta do réxime de autorización previsto na dita disposición.

6. A obtención da autorización como empresa de servizos de investimento por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

Artigo 279. *Infraccións por incumprimento das obrigaóns exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos mercados secundarios de valores.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. A colocación de emisións a que se refire o artigo 35 sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen averse ás condicións básicas publicitadas, omitindo datos relevantes ou incluíndo inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria.

2. A realización de ofertas públicas de venda ou subscripción ou a admisión a negociación sen cumprir os requisitos dos artigos 33.2, 36.1, 35, 76 ou 77, a colocación da emisión sen averse ás condicións básicas establecidas no folleto, en caso de que se deba elaborar o dito documento, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes,

falsidades ou datos que induzan a engano no dito documento, cando, en todos estes supostos, a contía da oferta ou da admisión, ou o número de investidores afectados, sexan significativos.

3. A admisión de instrumentos financeiros a negociación nos mercados secundarios oficiais polas súas sociedades reitoras sen a verificación previa recollida no artigo 76, así como a súa suspensión ou exclusión de negociación por acordo das sociedades reitoras con incumprimento do previsto nos artigos 80, 81 e 82.

4. O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1.º e 2.º das normas reguladoras dos ditos mercados ou sistemas, incluíndo os seus correspondentes regulamentos, ou das normas reguladoras das súas propias actividades.

5. A non expedición polos membros dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación dos documentos acreditativos das operacións a que se refire o artigo 75.1.c, ou a falta de entrega deles aos seus clientes, salvo que teñan un carácter meramente ocasional e illado, así como a circunstancia de non reflectir naqueles os seus termos reais.

6. O incumprimento non meramente ocasional das obrigacións previstas no artigo 71.3.

*Artigo 280. Infraccións relativas á oferta pública de adquisición.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 128 a 133, e 137 e na normativa que se dite ao abeiro do disposto nestes artigos. En particular:

a) O incumprimento da obrigaón de presentar unha oferta pública de adquisición de valores; a súa presentación fóra do prazo máximo establecido ou con irregularidades esenciais que impidan á Comisión Nacional do Mercado de Valores tela por presentada ou autorizala; ou a realización da oferta pública sen a debida autorización.

b) A falta de publicación ou de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información e documentación que se teña que publicar ou enviar a aquela, como consecuencia de actuacións que obriguen á presentación dunha oferta pública de adquisición de valores, no transcurso dela ou unha vez finalizada, cando a información ou documentación afectada sexa relevante, ou a contía da oferta ou o número de investidores afectados sexa significativo.

c) A publicación ou a subministración de información ou documentación relativas a unha oferta pública de adquisición con omisión de datos ou con inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano, cando a información ou documentación afectada sexa relevante, ou a contía da oferta ou o número de investidores afectados sexa significativo.

2. O incumprimento polos órganos de administración e dirección das obrigacións establecidas no artigo 134 e no seu desenvolvemento regulamentario.

3. O incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 82 e 135 e no seu desenvolvemento regulamentario.

*Artigo 281. Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento, por parte dos membros das entidades de contrapartida central, das súas obrigacións en materia de achega de garantías cando o incumprimento poña en perigo a xestión de riscos das entidades de contrapartida central, salvo cando o dito incumprimento sexa consecuencia da situación de insolvencia ou concurso destes.

2. O incumprimento, por parte dos membros dos mercados secundarios oficiais e dos membros dos sistemas multilaterais de negociación, das obrigacións a que se refiren o

artigo 93.1 e o artigo 328.4 respectivamente, ou a súa inadecuada coordinación coas entidades de contrapartida central e os seus membros, cando tales condutas non teñan un carácter meramente ocasional ou illado.

3. O incumprimento por parte dos depositarios centrais de valores das obrigacións establecidas no artigo 115, cando tal conduta non teña un carácter meramente ocasional ou illado.

4. O incumprimento polos depositarios centrais de valores e polas entidades participantes nos sistemas de rexistro, das normas sobre rexistro de valores do título I, capítulo II e do título IV, capítulo I, cando se produza un dano patrimonial a unha pluralidade de investidores.

5. O incumprimento por parte dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores, así como dos seus respectivos membros e entidades participantes, das obrigacións establecidas no artigo 116.1, cando non se trate dun incumprimento meramente ocasional ou illado ou cando afecte gravemente o funcionamento do sistema de información a que se refire dito artigo.

6. A infracción da prohibición establecida no artigo 15.4 por parte dos membros dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación e das entidades encargadas dos rexistros contables, así como a xestión, por parte destas últimas, dos rexistros contables correspondentes a valores representados mediante anotacións na conta con atraso, inexactitude ou outra irregularidade substancial.

7. O incumprimento por parte das entidades participantes nos sistemas xestionados por depositarios centrais de valores ou noutros sistemas de compensación e liquidación dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación das normas que regulen as súas relacións cos correspondentes rexistros contables de carácter central.

*Artigo 282. Infraccións por incumprimento das obrigacións de transparencia e integridade do mercado.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento da obrigaón de consolidación recollida no artigo 258.
2. O incumprimento por parte das entidades a que se refiren os artigos 118 a 122, 241 e 258 da obrigaón de someter as súas contas anuais e informes de xestión individuais e consolidados á revisión definida no artigo 118 por parte do auditor de contas; o incumprimento das obrigaóns de remisión da información regulada prevista nos artigos 118 a 122, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira regulada con datos inexactos ou non veraces, ou de información enganosa ou que omita aspectos ou datos relevantes.
3. A inobservancia do deber de información previsto nos artigos 123, 125, 126 e 230.4 cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.
4. Non publicar a información exixida incumprindo con iso o artigo 431.1 a 3 ou o artigo 451.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, así como a publicación da dita información de forma incompleta ou inexacta.
5. O incumprimento do disposto no artigo 231, cando produza unha alteración significativa da cotización.
6. O incumprimento das obrigaóns establecidas no artigo 227.1, cando o volume dos recursos ou dos valores ou dos instrumentos financeiros utilizados na comisión da infracción sexa relevante ou o infractor tivese coñecemento da información pola súa condición de membro dos órganos de administración, dirección ou control do emisor, polo exercicio da súa profesión, traballo ou funcións ou figure ou debese ter figurado nos rexistros a que se refiren os artigos 229 e 230.

7. O incumprimento, por parte dos emisores de valores, da obrigaón establecida no artigo 228, cando por iso se puxese en grave risco a transparencia e integridade do mercado, o incumprimento dos requirimentos da Comisión Nacional do Mercado de Valores formulados en virtude do artigo 237, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores de datos inexactos ou non veraces, ou a achega a ela de información enganosa ou que omita aspectos ou datos relevantes.

8. O incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas preventivas establecidas nos artigos 227.3, 229 e 230, cando o dito incumprimento tivese lugar con ocasión dunha concreta operación constitutiva de información privilexiada, de acordo co previsto no seu artigo 226.

Artigo 283. *Infraccións por incumprimento de medidas de organización interna e das exixencias prudenciais debidas.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. Careceren, as empresas de servizos de investimento, os seus grupos consolidables ou os conglomerados financeiros en que aquelas se integren, da contabilidade e rexistros legalmente exixidos, levalos con vicios ou irregularidades esenciais que impidan coñecer a situación patrimonial e financeira da entidade, do grupo consolidable ou do conglomerado financeiro a que pertenzan, ou a natureza das operacións en que medien ou interveñan.

2. Presentaren, as empresas de servizos de investimento, os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento e os conglomerados financeiros en que estas se integren, deficiencias nos procedementos administrativos e contables; nos mecanismos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos; ou na súa estrutura organizativa, cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade ou a do grupo consolidable ou conglomerado financeiro a que pertenzan.

3. A falta de procedementos, políticas ou medidas a que se refire o artigo 193; o incumprimento, non meramente ocasional ou illado, das obrigaóns de goberno corporativo e dos requisitos de organización previstos no artigo 185 ou das obrigaóns en materia de remuneracións derivadas do artigo 188; e a non realización do plan xeral de viabilidade previsto no artigo 193.2.f).

4. A non constitución do comité de nomeamentos previsto no artigo 186 ou do comité de remuneracións nos termos previstos no artigo 188.

5. O incumprimento polas empresas de servizos de investimento, por outras entidades financeiras, ou polos fedatarios públicos, das obrigaóns, limitacións ou prohibicións que deriven do disposto nos artigos 83 e 84, ou das disposicións ou regras ditadas de acordo co previsto nos artigos 75 e 85 a 88, sen prexuízo do disposto nos artigos 286 a 287.

6. O incumprimento polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1.º e 2.º das exixencias de estrutura de capital ou nivel de recursos propios que lles sexan de aplicación, segundo o previsto nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea, o incumprimento das obrigaóns en que deban conceder acceso a elas, segundo o previsto nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea, así como o incumprimento das excepcións ou limitacións que sobre os seus prezos, tarifas ou comisións aplicables lles impoña a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. O pagamento ou distribución a titulares de instrumentos que computen como recursos propios na empresa de servizos de investimento cando con iso se incumpra o artigo 196.6 ou os artigos 28, 51 ou 63 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

8. A redución dos recursos propios das empresas de servizos de investimento ou do grupo consolidable ou conglomerado financeiro a que pertenzan a un nivel inferior ao 80 por cento do mínimo establecido regulamentariamente en función dos riscos asumidos, ou por debaixo da mesma porcentaxe dos requirimentos de recursos propios exixidos, de ser

o caso, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores a unha empresa ou grupo determinado, de permanecer nesta situación durante, ao menos, seis meses consecutivos.

9. Asumir unha exposición que exceda os límites establecidos no artigo 395 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

10. Asumir unha exposición ao risco de crédito nunha posición de titulización que non satisfaga as condicións establecidas no artigo 405 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

11. A falta de remisión polas empresas de servizos de investimento á Comisión Nacional do Mercado de Valores de cantos datos ou documentos lle deban remitir de acordo con esta lei e coas súas normas de desenvolvemento, co Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, ou que a Comisión Nacional do Mercado de Valores requira no exercicio das súas funcións, ou a súa remisión con datos inexactos, non veraces ou enganosos, cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou do grupo consolidable ou conglomerado financeiro en que se integre.

Para efectos deste punto entenderase, así mesmo, como falta de remisión a remisión fóra do prazo previsto na norma correspondente ou do prazo concedido ao efectuar, de ser o caso, o oportuno requirimento.

En particular, enténdense incluídas neste punto a falta de remisión ou a remisión incompleta ou inexacta:

a) Dos datos mencionados no artigo 101 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

b) Da información sobre grandes exposicións, incumprindo con iso o punto 1 do artigo 394 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

c) Da información sobre o cumprimento da obrigaçión de manter recursos propios establecida no artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, incumprindo con iso o artigo 99.1 do regulamento.

d) Da información sobre requisitos de liquidez establecidos, así como o incumprimento dos puntos 1 e 2 do artigo 415 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

e) Da información sobre a ratio de aparcamento, incumprindo con iso o punto 1 do artigo 430 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

**Artigo 284. *Infraccións por incumprimento da obrigaçión de información e protección ao investidor.***

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. A falta de medidas ou políticas de xestión de conflitos de interese ou a súa inaplicación, non ocasional ou illada, por parte de quen preste servizos de investimento ou, de ser o caso, polos grupos ou conglomerados financeiros en que se integren as empresas de servizos de investimento, así como o incumprimento das obrigaçións previstas nos artigos 208, 209 a 217 ou a falta de rexistro de contratos regulada no artigo 218.

2. A falta de políticas de xestión e execución de ordes de clientes, así como a súa inaplicación, ou a súa aplicación sen obter o consentimento previo de clientes, cando nestes supostos o sexa de forma non ocasional ou illada.

3. A ausencia dun departamento ou servizo de atención ao cliente.

**Artigo 285. *Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.***

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1.º e 2.º, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do

disposto na lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea, ou que a Comisión Nacional do Mercado de Valores requira no exercicio das súas funcións, cando, pola relevancia da información ou da demora en que se incorrese, se dificultase gravemente a apreciación sobre a súa situación ou actividade, así como a remisión de información incompleta ou con datos inexactos ou non veraces, cando nestes supostos a incorrección sexa relevante.

2. A non remisión, de forma reiterada, á Comisión Nacional do Mercado de Valores das comunicacións a que se refire o artigo 89.

3. O incumprimento das restricións ou limitacións impostas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores respecto dos negocios, as operacións ou a rede dunha determinada empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable.

4. A non adopción por unha empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable, no prazo e condicións fixadas para o efecto pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, das medidas por esta requiridas de reforzamento ou modificación dos seus procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos ou estratexias para a tenza dunha estrutura organizativa ou de recursos adecuados, cando con iso se poña en risco a súa solvencia ou viabilidade.

5. A negativa ou resistencia á actuación supervisora ou inspectora da Comisión Nacional do Mercado de Valores por parte das persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 233, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ao respecto.

6. A delegación por parte das entidades que presten servizos de investimento de funcións en terceiros cando iso diminúa a capacidade de control interno ou de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. O incumprimento das medidas cautelares aplicadas á marxe do exercicio da potestade sancionadora acordadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en especial, as previstas nas letras e), g), i), j) e k) do artigo 234.2.

8. O incumprimento das políticas específicas que, con carácter particular, fosen exixidas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores a unha empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable en materia de provisións, repartición de dividendos, tratamento de activos ou redución do risco inherente ás súas actividades, produtos ou sistemas, cando tal incumprimento consista en non ter adoptado as referidas políticas no prazo e nas condicións fixados para o efecto pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e o incumprimento poña en perigo a solvencia ou viabilidade da empresa de servizos de investimento ou do grupo.

9. A comisión de infraccións graves previstas no capítulo VI cando, durante os cinco anos anteriores á súa comisión, se lle impuxese ao infractor sanción polo mesmo tipo de infracción.

*Artigo 286. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións e os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo de 2012:

1. O incumprimento das obrigacións contidas nos artigos 5 a 8 do citado regulamento sen respectar o especificado no seu artigo 9, en caso de que o atraso na comunicación sexa significativo ou de que existise un requirimento por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e o incumprimento do deber de conservación de información contida no dito artigo 9.

2. O incumprimento do deber de comunicación a que se refire o artigo 17.9 e 10 do regulamento, cando a demora na comunicación ou o número e volume de operacións sexan significativos, así como o incumprimento do deber de comunicación contida no artigo 17.11, cando se producise un atraso na comunicación ou existise requirimento por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.



3. A realización de vendas en curto cando non se cumpran as condicións descritas no artigo 12 do regulamento e concorran, ao menos, unha das seguintes circunstancias:

- a) A realización da venda en curto non sexa meramente ocasional ou illada.
- b) A realización teña un impacto importante nos prezos da acción.
- c) A operación teña importancia relativa respecto ao volume negociado no valor na sesión no mercado multilateral de ordes.
- d) Exista alta volatilidade no mercado ou no valor en particular.
- e) A operación aumente o risco potencial de fallo ou atraso na liquidación.

4. A realización de operacións con permutas de cobertura por falta de pagamento soberano cando non estean permitidas polo artigo 14 do mesmo regulamento, nun volume significativo.

5. O incumprimento das obrigacións contidas nos artigos 13, 15, 18 e 19 do regulamento.

6. A realización de operacións que fosen prohibidas ou limitadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, en virtude dos artigos 20, 21 e 23 do regulamento.

*Artigo 287. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións e os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012:

- a) O incumprimento, cando se poña con iso en risco a solvencia ou viabilidade da persoa infractora ou do seu grupo, das obrigacións contidas nos artigos 11.1, 11.2, 11.3 e 11.4 e nos títulos IV e V do regulamento.
- b) O incumprimento das obrigacións contidas nos artigos 4 e 10 do regulamento, con carácter non meramente ocasional ou illado ou con irregularidades substanciais.
- c) O incumprimento de calquera das obrigacións contidas no artigo 9 do regulamento por parte das contrapartes financeiras a que se refire o artigo 2.8 do dito regulamento e das entidades de contrapartida central, con carácter non meramente ocasional ou illado ou con irregularidades substanciais.

*Artigo 288. Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións e os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014:

1. Por parte dos depositarios centrais de valores, así como de quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas ditas entidades:

- a) A prestación dos servizos establecidos nas seccións A, B e C do anexo do regulamento, incumprindo o disposto nos artigos 16, 25 e 54, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.
- b) A obtención da autorización que establecen os artigos 16 e 54 mediante declaracións falsas ou calquera outro medio ilícito.
- c) O incumprimento dos requisitos de capital contidos no artigo 47.1, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.
- d) O incumprimento, con carácter non meramente ocasional ou illado, ou con irregularidades substanciais, dos requisitos de organización contidos nos artigos 26 a 30.
- e) O incumprimento, con carácter non meramente ocasional ou illado, ou con irregularidades substanciais, das normas de conduta incluídas nos artigos 32 a 35.
- f) O incumprimento dos requisitos que deben reunir os servizos que presta, contidos nos artigos 37 a 41, cando con iso se poña en grave risco a integridade do sistema de

liquidación ou rexistro, ou se prexudiquen gravemente os intereses dos participantes ou dos titulares de valores, ou se poñan en grave risco os valores dos participantes ou dos seus clientes.

g) O incumprimento dos requisitos prudenciais contidos nos artigos 43 a 47, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

h) O incumprimento dos requisitos que deben reunir os enlaces entre depositarios centrais de valores contidos no artigo 48, cando con iso se poña en grave risco a integridade e o funcionamento do sistema de liquidación ou rexistro.

i) O incumprimento do deber de conceder acceso tras ser requirido pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo cos artigos 49 a 53.

2. Por parte das sociedades reitoras de mercados secundarios oficiais, das entidades reitoras de sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central, dos depositarios centrais de valores e das entidades que presten servizos de investimento, o incumprimento das súas obrigacións en materia de disciplina na liquidación a que se refiren os artigos 6 e 7.

3. Por parte das entidades de crédito designadas, así como de quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas ditas entidades:

a) O incumprimento dos requisitos prudenciais específicos para o risco de crédito contidos no artigo 59.3, cando con iso se poña en risco a solvencia ou a viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

b) O incumprimento dos requisitos prudenciais específicos para o risco de liquidez contidos no artigo 59.4, cando con iso se poña en risco a solvencia ou a viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

**Artigo 289. *Infraccións relativas ás axencias de cualificación crediticia e ás participacións significativas.***

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento das obrigacións contidas no artigo 5 bis do Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, con carácter non meramente ocasional ou illado.

2. A falta de remisión, polas axencias de cualificación crediticia á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de cantos datos ou documentos se lle deban remitir de acordo con esta lei e co Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, ou que esta lles requira no exercicio das funcións que lle sexan asignadas en réxime de delegación ou de cooperación con outras autoridades competentes, así como a remisión de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores con datos inexactos cando con iso se dificulte a apreciación da organización ou do funcionamento da entidade ou da forma de exercicio das súas actividades.

3. A adquisición dunha participación significativa de control incumprindo o previsto nos artigos 48, 97 a 102, 103 a 110 e 174 a 180, así como que o titular dunha participación significativa incorra no suposto de feito previsto no artigo 180.1.

4. A realización de actos fraudulentos ou a utilización de persoas físicas ou xurídicas interpostas coa finalidade de conseguir un resultado cuxa obtención directa implicaría, ao menos, a comisión dunha infracción grave, así como a intervención ou realización de operacións sobre valores que implique simulación das transferencias da súa titularidade.

5. A realización de operacións societarias sen cumprir os requisitos previstos no artigo 159.

## CAPÍTULO VI

**Infraccións graves e leves**

Artigo 290. *Suxeitos responsables.*

As persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 271 son suxeitos responsables de infraccións graves cando incorran nas accións ou omisións tipificadas neste capítulo.

Artigo 291. *Infraccións por incumprimento da reserva de actividade e a obrigaón de obter autorizacións exixidas.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. O nomeamento, polas entidades enumeradas no artigo 233.1.a) 1º, 2º e 6º, de administradores ou directores xerais e asimilados sen a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, cando proceda, da comunidade autónoma con competencias en materia de mercados de ámbito autonómico.

2. A falta de comunicación, depósito ou publicación como feito relevante a que se refire o artigo 531.3 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2010, do 2 de xullo. Esta infracción imponse solidariamente a calquera dos partícipes no pacto parasocial.

3. O uso indebido das denominacións a que se refire o artigo 144.2.

4. A realización, con carácter ocasional ou illado, polas persoas que presten servizos de investimento, de actividades para as cales non están autorizadas.

5. A efectiva administración ou dirección das entidades a que se refiren os números 1º, 2º, 3º e 5º do artigo 233.1.a) por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo da dita natureza.

6. A realización, por parte de empresas de servizos de investimento, ou doutras entidades autorizadas, de operacións nun mercado secundario oficial ou sistema multilateral de negociación de valores ou doutros instrumentos financeiros que non obtivesen as autorizacións exixidas nesta lei.

Artigo 292. *Infraccións por incumprimento das obrigaóns exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos mercados secundarios de valores.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A inobservancia polas sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais dos requirimentos formulados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude do establecido nos artigos 80 e 81.

2. A denegación inxustificada, ou os atrasos inxustificados e reiterados, na transmisión e execución de ordes de subscripción, compra ou venda de valores, nun mercado secundario oficial ou sistema multilateral de negociación, que reciban as persoas habilitadas legalmente a exercer tales actividades.

3. A falta de comunicación de informacións aos organismos reitores dos mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación, nos casos en que a dita comunicación sexa preceptiva consonte esta lei, así como o incumprimento das obrigaóns de difusión e disposición pública de información contida nos artigos 118 a 123, cando non constitúan infraccións moi graves conforme o capítulo anterior.

4. A realización de publicidade con infracción do artigo 240 ou das súas normas de desenvolvemento.

5. A realización de ofertas públicas de venda ou subscripción ou a admisión a negociación sen cumprir os requisitos dos artigos 33.2, 34, 36.1 ou 76, a colocación da emisión sen a terse ás condicións básicas establecidas no folleto, en caso de que se deba elaborar o dito documento, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes,

falsidades ou datos que induzan a engano no dito documento cando, en todos estes supostos, non se considere infracción moi grave.

6. A colocación de emisións a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 35 sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen averse ás condicións básicas publicitadas, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria cando, en todos estes supostos, a contía da emisión ou o número de investidores afectados non sexan significativos.

7. O incumprimento, polas entidades emisoras con valores admitidos a negociación nos mercados secundarios de valores, das súas obrigacións respecto do sistema de rexistro dos ditos valores.

8. O incumprimento das obrigacións previstas no artigo 71.3 cando non constitúan infracción moi grave.

9. A falta de inclusión no informe de xestión das sociedades cotizadas da información exixida polo artigo 262 texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, ou a existencia de omisións ou datos falsos ou enganosos.

10. A superación, por parte das empresas de servizos de investimento, dos límites previstos aos grandes riscos, cando estes non se producen de forma sobrevida senón por accións ou decisións adoptadas pola propia entidade.

11. O incumprimento, polos membros dos sistemas multilaterais de negociación, os emisores de instrumentos financeiros admitidos nestes sistemas, asesores rexistrados e calquera outra entidade participante naqueles, das normas previstas no título X, nas súas disposicións de desenvolvemento ou nos seus regulamentos de funcionamento, cando tal incumprimento non teña a consideración de infracción moi grave conforme o capítulo anterior.

#### Artigo 293. *Infraccións relativas á oferta pública de adquisición.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A falta de publicación ou de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información e documentación que se teña que publicar ou enviar a aquela, como consecuencia de actuacións que obriguen á presentación dunha oferta pública de adquisición de valores, no transcurso dela ou unha vez finalizada, cando non sexa infracción moi grave.

2. A publicación ou a subministración de información ou documentación relativas a unha oferta pública de adquisición con omisión de datos ou con inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano, cando non sexa infracción moi grave.

#### Artigo 294. *Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento, polos depositarios centrais de valores e polas entidades participantes nos sistemas de rexistro, das normas sobre rexistro de valores do capítulo II do título I e do capítulo VI do título IV, cando non constituía unha infracción moi grave.

2. O incumprimento, por parte dos membros das entidades de contrapartida central, das súas obrigacións en materia de achega de garantías cando non constituía unha infracción moi grave, salvo cando tal incumprimento sexa consecuencia da situación de insolvencia ou concurso destes.

3. O incumprimento, por parte dos membros dos mercados secundarios oficiais e dos membros dos sistemas multilaterais de negociación, das obrigacións a que se refiren os artigos 93 e 328.4, respectivamente, ou a súa inadecuada coordinación coas entidades de contrapartida central e os seus membros, cando tales condutas teñan un carácter meramente ocasional ou illado.

4. O incumprimento, por parte dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central, dos seus respectivos membros e das entidades participantes dos depositarios centrais de valores, das obrigacións establecidas no artigo 116.1, cando non se trate dunha infracción moi grave.

5. O incumprimento, por parte dos depositarios centrais de valores, das obrigacións establecidas nos artigos 114 a 116, cando non constituía infracción moi grave.

*Artigo 295. Infraccións por incumprimento das obrigacións de transparencia e integridade do mercado.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento, polas entidades comprendidas nos artigos 241 e 258, das normas vixentes sobre contabilización de operacións, formulación de contas ou sobre o modo en que se deban levar os libros e rexistros, así como das normas sobre consolidación, salvo que constituía infracción moi grave.

2. A percepción, por quen preste servizos de investimento, de comisións en contía superior aos límites, de ser o caso, establecidos, ou sen ter cumprido o requisito de publicación e comunicación previa das tarifas, no suposto de que iso resulte obrigatorio.

3. A inexistencia da páxina web prevista no artigo 539.2 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, ou a falta de publicación nela da información sinalada no dito artigo e no artigo 228.5 ou nas súas normas de desenvolvemento.

4. O incumprimento do disposto no artigo 231, cando non constituía infracción moi grave.

5. O incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 226 a 228, cando non constituía infracción moi grave.

6. O incumprimento da obrigaón de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores de operacións sospeitosas de constituír abuso de mercado, establecida no artigo 232.

7. A adopción das medidas previstas nos artigos 227.3, 229 e 230 de forma insuficiente.

*Artigo 296. Infraccións por incumprimento de medidas de organización interna e das exixencias prudenciais debidas.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo ou do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros a que se refiren, respectivamente, os artigos 540 e 541 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a disposición adicional sétima desta lei, ou a existencia nos ditos informes de omisións ou datos falsos ou enganosos; o incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 512 a 517, 525.2, 526, 528, 529, 530, 531, 532, 533, 534, 538, 539, 540 e 541 da dita lei; a carencia por parte das entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais dunha comisión de auditoría e dunha comisión de nomeamentos e retribucións nos termos establecidos nos artigos 529 quaterdecies e quindecies da referida lei, ou o incumprimento das regras de composición e de atribución de funcións das ditas comisións de auditoría das entidades de interese público previstas no citado artigo 529 quaterdecies.

2. Presentaren as empresas de servizos de investimento, os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento e os conglomerados financeiros en que estas se integren, deficiencias nos procedementos administrativos e contables; nos mecanismos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos; ou na súa estrutura organizativa, unha vez que transcorre o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes e sempre que iso non constituía infracción moi grave.

3. O incumprimento, por aqueles que non sexan empresas de servizos de investimento nin entidades financeiras nin fedatarios públicos, das obrigacións, limitacións ou prohibicións que deriven do disposto no artigo 83 e 84 ou das disposicións ou regras ditadas de acordo co previsto nos artigos 75, e 85 a 88, sen prexuízo do disposto nos artigos 286 a 288.

4. A xestión, polas entidades citadas no artigo 241, dos libros de contabilidade e rexistros obrigatorios cun atraso superior a catro meses.

5. A inobservancia, ocasional ou illada, por quen preste servizos de investimento, das obrigacións de selección e avaliación dos membros do consello de administración, directores xerais e asimilados, previstas no artigo 183; das obrigacións de goberno corporativo previstas no artigo 185 e requisitos de organización previstas no artigo 193, así como das obrigacións en materia de remuneracións previstas no artigo 188 ou a inobservancia, ocasional ou illada, por quen desempeñe servizos de investimento das obrigacións, regras e limitacións previstas nos artigos 195, 208, 209 a 216, 218, 220 e 221 a 224.

6. O mal funcionamento do departamento ou servizo de atención ao cliente.

7. O incumprimento meramente ocasional ou illado da obrigación de manter actualizado o Plan xeral de viabilidade a que se refire o artigo 193.2.f)

8. A inobservancia, polas empresas de servizos de investimento, das regras que se diten ao abeiro do previsto no artigo 190.1.b).

9. O incumprimento da obrigación de facer pública a información a que se refire o artigo 191 e o artigo 192, así como a publicación da dita información con omisións ou datos falsos, enganosos ou non veraces.

10. Incorreren, as empresas de servizos de investimento ou o grupo consolidable ou conglomerado financeiro a que pertencen, en insuficiente cobertura dos requirimentos de recursos propios mínimos establecidos regulamentariamente ou exixidos, de ser o caso, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores a unha empresa ou grupo determinado, e permanecer en tal situación por un período de, ao menos, seis meses, sempre que iso non constitúa infracción moi grave conforme o disposto no capítulo anterior.

11. O incumprimento das políticas específicas que, con carácter particular, fosen exixidas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores a unha empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable en materia de provisións, repartición de dividendos, tratamento de activos ou redución do risco inherente ás súas actividades, produtos ou sistemas, cando as referidas políticas non as adoptase no prazo fixado para o efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o incumprimento non sexa constitutivo de infracción moi grave, de conformidade co disposto no artigo 279.

*Artigo 297. Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A non remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores das comunicacións previstas no artigo 89 cando non constitúa infracción moi grave, ou a comunicación reiterada de operacións de forma defectuosa.

2. A comisión de infraccións leves previstas no capítulo VI cando durante os dous anos anteriores á súa comisión o infractor fose obxecto de sanción polo mesmo tipo de infracción.

*Artigo 298. Infraccións por incumprimentos de regulamentos da Unión Europea.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. Os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo de 2012:

a) O incumprimento das obrigacións de comunicación e publicación contidas no artigo 9 do regulamento, e as contidas no artigo 17 do regulamento, cando non constitúan infraccións moi graves.

b) As condutas descritas nos puntos 1 a 4 do artigo 286, cando non constitúan infraccións moi graves.

2. Os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo:

a) O incumprimento das obrigacións a que se refire o artigo 287, cando non constitúan infracción moi grave.

b) O incumprimento, polas contrapartes non financeiras a que se refire o artigo 2.9 do dito regulamento, con carácter non meramente ocasional ou illado ou con irregularidades substanciais, de calquera das obrigacións contidas no artigo 9 do regulamento.

3. O incumprimento, por parte dos depositarios centrais de valores, así como de quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas ditas entidades, das obrigacións a que se refire o artigo 288.1.a) a h), excepto a letra b), cando non constitúan infracción moi grave.

4. O incumprimento, por parte das entidades de crédito designadas, así como de quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas ditas entidades, dos requisitos a que se refire o artigo 288.3.a) e b), cando non constitúa infracción moi grave.

*Artigo 299. Infraccións relativas ás axencias de cualificación crediticia e ás participacións significativas.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 175.1 sen tela comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores, o incumprimento das obrigacións establecidas no 181, así como o aumento ou redución dunha participación significativa, incumprindo o previsto nos artigos 48.1, 99, 103 a 110 e 179.1.

2. Os incumprimentos previstos no artigo 278.1 e nos puntos 4, 6 e 7 do artigo 279, cando teñan carácter ocasional ou illado.

*Artigo 300. Infraccións leves.*

1. Constitúen infraccións leves das entidades e persoas a que se refire o artigo 271 aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia comprendidos nas normas de ordenación e disciplina do mercado de valores que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos artigos 277 a 299.

2. En particular, son infraccións leves:

a) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto nesta lei ou que requira no exercicio das súas funcións e en virtude do Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro, no exercicio das funcións que lle sexan asignadas en réxime de delegación ou de cooperación con outras autoridades competentes, así como faltar ao deber de colaboración ante actuacións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, incluíndo a non comparecencia ante unha citación para a toma da declaración, cando estas condutas non constitúan infracción grave ou moi grave de acordo co previsto nos artigos 277 a 299.

b) O incumprimento singular no marco dunha relación de clientela das normas de condutas previstas no capítulo I do título VII.

c) O incumprimento da obrigación contida no artigo 8 quinquies do Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro de 2009, de facer constar, de ser o caso, a non designación de polo menos unha axencia de cualificación crediticia cunha cota inferior ao 10 por cento do mercado total.

3. Constitúen infraccións leves en relación co Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, a falta de remisión en prazo á Comisión Nacional do Mercado de Valores

de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir no exercicio das funcións que lle sexan asignadas en réxime de delegación ou de cooperación con outras autoridades competentes, así como faltar ao deber de colaboración ante actuacións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, incluíndo a non comparecencia ante unha citación para a toma da declaración, cando estas condutas non constitúan infracción grave ou moi grave, de acordo co previsto nos artigos anteriores.

Así mesmo, terán a consideración de infraccións leves o incumprimento das obrigacións derivadas do Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo de 2012, e do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos puntos anteriores.

## CAPÍTULO VII

### Prescripción das infraccións

Artigo 301. *Prescripción das infraccións.*

1. As infraccións moi graves e graves prescribirán aos cinco anos e as leves, aos dous anos.

2. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometeu. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consume.

3. A prescripción interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e continuará o prazo de prescripción se o expediente sancionador permanece paralizado durante tres meses por causa non imputable a aqueles contra os cales se dirixa.

## CAPÍTULO VIII

### Sancións

Artigo 302. *Sancións por infraccións moi graves.*

Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle ao infractor unha ou máis das seguintes sancións:

1. Multa por importe de até a maior das seguintes cantidades:

- O quíntuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción,
- O 5 por cento dos recursos propios da entidade infractora,
- O 5 por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 600.000 euros.

No caso de empresas de servizos de investimento que incumpran as normas contidas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ou que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 275.4.a), a multa que se impoña será por importe de até a maior das seguintes cantidades:

- O quíntuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción;
- O 10 por cento do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros por percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable, e as comisións ou corretaxes por cobrar, de conformidade co artigo 316 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que realizase a empresa no exercicio anterior,



- Os recursos propios da entidade infractora,
- O 5 por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 10.000.000 de euros.

Se a empresa a que se refire este punto é unha filial, os ingresos brutos pertinentes serán os ingresos brutos resultantes das contas consolidadas da empresa matriz de que dependa no exercicio anterior.

No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 288.1 e 3, a multa que se impoña ascenderá, como mínimo, ao dobre do importe do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción, en caso de que se poida determinar e, como máximo, até a maior das seguintes cantidades:

- O quíntuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción,
- O dez por cento do volume de negocios total anual da entidade infractora, segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección,
- O cinco por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 20.000.000 de euros.

Se a entidade infractora é unha matriz ou filial da empresa matriz que teña que elaborar estados financeiros consolidados, o volume de negocios total anual aplicable será o que figure nos últimos estados financeiros consolidados dispoñibles.

No caso de incumprimentos das obrigacións contidas nos artigos 118 a 126, que constitúan unha infracción moi grave, a multa que se imporá será:

i) No caso de persoas xurídicas, será por importe de até a maior das seguintes cantidades:

- 10.000.000 de euros ou o cinco por cento do seu volume de negocios anual total, segundo as últimas contas anuais aprobadas dispoñibles. Se a persoa xurídica é unha empresa matriz, ou unha filial dunha empresa matriz, que teña que establecer contas financeiras consolidadas de acordo coa normativa mercantil, o volume de negocios total que debe terse en conta será o volume de negocios anual total ou o tipo de ingreso correspondente, conforme a normativa sobre contabilidade aplicable, segundo a conta consolidada anual máis recente dispoñible, aprobada da empresa matriz última.
- O dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas grazas ao incumprimento, en caso de que se poidan determinar.

ii) No caso de persoas físicas, será por importe de até a maior das seguintes cantidades: 2.000.000 de euros, ou o dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas grazas ao incumprimento, en caso de que se poidan determinar.

2. Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que poida realizar o infractor nos mercados de valores durante un prazo non superior a cinco anos.

3. Suspensión da condición de membro do mercado secundario oficial ou do sistema multilateral de negociación correspondente por un prazo non superior a cinco anos.

4. Exclusión da negociación dun instrumento financeiro nun mercado secundario ou nun sistema multilateral de negociación.

5. Revogación da autorización cando se trate de empresas de servizos de investimento, entidades xestoras do mercado de débeda pública ou doutras entidades inscritas nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Se se trata de empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, esta sanción de revogación entenderase substituída pola prohibición de que inicie novas operacións no territorio español.

6. Suspensión no exercicio do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade financeira por prazo non superior a cinco anos.

7. Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade por un prazo non superior a cinco anos.

8. Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor en calquera entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera outra entidade das previstas no artigo 233.1.a) e 233.c).2º, 4º e 5º por prazo non superior a dez anos.

Cando se trate da infracción prevista no artigo 282.8, imporase en todo caso a sanción recollida no punto 1 deste artigo, sen que a multa poida ser inferior a 30.000 euros e, ademais, unha das sancións previstas nos puntos 2, 3 ou 5 deste artigo, segundo proceda pola condición do infractor.

Así mesmo, cando se trate do incumprimento da reserva de actividade prevista no artigo 278.2, imporáselle ao infractor a sanción recollida no punto 1 deste artigo. Neste caso, entenderase por beneficio bruto os ingresos obtidos polo infractor no desenvolvemento da actividade reservada, sen que a multa poida ser inferior a 600.000 euros.

No caso de que unha empresa de servizos de investimento adquira unha participación malia a oposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con independencia de calquera outra sanción que se poida impor, disporase ben a suspensión do exercicio dos correspondentes dereitos de votos ben a nulidade dos votos emitidos ou a posibilidade de anulalos.

Cando se trate de infraccións cometidas polas persoas a que se refire o artigo 233.1.b), as sancións serán impostas de acordo co establecido no artigo 275, sen prexuízo da capacidade doutras autoridades competentes da Unión Europea para impor sancións de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro.

#### Artigo 303. Sancións por infraccións graves.

Pola comisión de infraccións graves imporáselle ao infractor unha ou máis das seguintes sancións:

1. Multa por importe de até a maior das seguintes cifras:

- O dobre do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción,
- O 2 por cento dos recursos propios da entidade infractora,
- O 2 por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 300.000 euros.

No caso de empresas de servizos de investimento que incumpran as normas contidas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ou que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 275.4.a), a multa que se imporá será por importe de até a maior das seguintes cifras:

- O dobre do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción,
- O 5 por cento do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros por percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable, e as comisións ou corretaxes por cobrar, de conformidade co artigo 316 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que realizase a empresa no exercicio anterior,
- O 2 por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 5.000.000 de euros.

Se a empresa a que se refire este punto é unha filial dunha empresa matriz, os ingresos brutos pertinentes serán os ingresos brutos resultantes das contas consolidadas da empresa matriz no exercicio anterior.

No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 298.3 e 4, a multa que se impoña ascenderá, como mínimo, ao dobre do importe do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción, en caso de que se poida determinar e, como máximo, até a maior das seguintes cantidades:

- O dobre do beneficio obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción,
- O cinco por cento do volume de negocios total anual da entidade infractora, segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección,
- O dous por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou
- 10.000.000 de euros.

Se a entidade infractora é unha matriz ou filial da empresa matriz que teña que elaborar estados financeiros consolidados, o volume de negocios total anual aplicable será o que figure nos últimos estados financeiros consolidados dispoñibles.

2. Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que poida realizar o infractor nos mercados de valores durante un prazo non superior a un ano.

3. Suspensión da condición de membro do mercado secundario oficial ou do sistema multilateral de negociación correspondente por prazo non superior a un ano.

4. Suspensión por prazo non superior a un ano no exercicio do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade financeira.

Cando se trate da infracción prevista no artigo 295.5, en relación co incumprimento das obrigacións establecidas no artigo 227, imporase en todo caso a sanción recollida no punto 1 deste artigo e, ademais, unha das sancións previstas nos puntos 2 ou 3, sen que a multa que, de ser o caso, se impoña, poida ser inferior a 12.000 euros.

A comisión da infracción prevista no artigo 296.9 comportará, en todo caso, a cancelación da inscrición do representante ou apoderado no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

No caso de que unha empresa de servizos de investimento adquira unha participación significativa malia a oposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con independencia de calquera outra sanción que se poida impor, disporase ben a suspensión do exercicio dos correspondentes dereitos de voto ben a nulidade dos votos emitidos ou a posibilidade de anulalos.

#### Artigo 304. *Publicidade das sancións.*

As sancións por infraccións moi graves e graves serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» unha vez que sexan firmes na vía administrativa.

#### Artigo 305. *Sancións por infraccións leves.*

1. Pola comisión de infraccións leves imporáselle ao infractor a sanción de multa por importe de até 30.000 euros.

2. Cando se trate de infraccións cometidas polas persoas a que se refire o artigo 233.1.b), as sancións serán impostas de acordo co establecido nos artigos 274 a 276 desta lei, sen prexuízo da capacidade doutras autoridades competentes da Unión Europea para impor sancións de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do 16 de setembro.

*Artigo 306. Sanción complementaria por infraccións moi graves a quen exerza cargos de administración ou dirección.*

Ademais da sanción que corresponda impor ao infractor pola comisión de infraccións moi graves, cando a infractora sexa unha persoa xurídica poderá imporse unha ou máis das seguintes sancións a quen, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable da infracción:

1. Multa por importe de até 400.000 euros.

No caso de empresas de servizos de investimento que incumpran as normas contidas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ou que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 275.4.a), a multa que se imporá será por importe de até 5.000.000 de euros.

No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 288.1 e 3, a multa que se imporá será por importe de até 5.000.000 de euros.

2. Suspensión no exercicio do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor na entidade por prazo non superior a tres anos.

3. Separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade por un prazo non superior a cinco anos.

4. Separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade das previstas no artigo 233.1.a) ou nunha entidade de crédito por prazo non superior a dez anos.

5. Amoestación pública no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e da natureza da infracción ou amoestación privada.

Cando se trate da infracción prevista no artigo 282.6, imporase en todo caso a sanción recollida no punto 1, sen que a multa poida ser inferior a 30.000 euros.

*Artigo 307. Sanción complementaria por infraccións graves a quen exerza cargos de administración ou dirección.*

Ademais da sanción que corresponda impor ao infractor pola comisión de infraccións graves, cando a infractora sexa unha persoa xurídica poderá imporse unha ou máis das seguintes sancións a quen, exercendo cargos de administración ou dirección nela, sexa responsable da infracción:

1. Multa por importe de até 250.000 euros.

No caso de empresas de servizos de investimento que incumpran as normas contidas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ou que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 275.4.a), a multa que se imporá será por importe de até 2.500.000 euros.

No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 298.3 e 4, a multa que se imporá será por importe de até 2.500.000 de euros.

2. Suspensión no exercicio de todo cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor na entidade por prazo non superior a un ano.

3. Amoestación pública no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor e a natureza da infracción ou amoestación privada.

Cando se trate da infracción prevista o artigo 295.5, en relación co incumprimento das obrigacións establecidas no artigo 227, imporase en todo caso a sanción recollida no punto 1, sen que a multa poida ser inferior a 12.000 euros.

Artigo 308. *Publicidade das sancións complementarias.*

As sancións impostas de acordo co disposto nos artigos 306 e 307 serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» unha vez que sexan firmes en vía administrativa.

Artigo 309. *Sancións por infraccións referidas a obrigacións dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento e dos conglomerados financeiros.*

1. Cando as infraccións tipificadas nos artigos 289 a 300 se refiran a obrigacións dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, sancionárase a entidade obrigada e, se procede, os seus administradores e directivos.

2. Así mesmo, cando tales infraccións se refiran ás obrigacións dos conglomerados financeiros, as medidas sancionadoras previstas nesta lei aplicaranse á entidade obrigada cando esta sexa unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade financeira mixta de carteira, sempre que neste último caso corresponda á Comisión Nacional do Mercado de Valores desempeñar a función de coordinador da supervisión adicional do dito conglomerado financeiro. As referidas medidas sancionadoras poderanse estender, se procede, aos administradores e directivos da entidade obrigada.

Artigo 310. *Criterios determinantes das sancións.*

1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaránse conforme os criterios recollidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e os seguintes:

- a) A natureza e entidade da infracción.
- b) O grao de responsabilidade da persoa física ou xurídica responsable da infracción.
- c) A solidez financeira da persoa física ou xurídica responsable da infracción reflectida, entre outros elementos obxectivos, no volume de negocios total da persoa xurídica responsable ou nos ingresos anuais da persoa física.
- d) A gravidade e persistencia temporal do perigo ocasionado ou do prexuízo causado.
- e) As perdas causadas a terceiros pola infracción.
- f) As ganancias obtidas ou, de ser o caso, as perdas evitadas como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción, na medida en que se poidan determinar.
- g) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sistema financeiro ou a economía nacional.
- h) A circunstancia de ter procedido á emenda da infracción por propia iniciativa.
- i) A reparación dos danos ou perdas causados.
- j) A colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que a persoa física ou xurídica achegase elementos ou datos relevantes para o esclarecemento dos feitos investigados, sen prexuízo da necesidade de garantir a restitución dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas por esta.
- k) No caso de insuficiencia de recursos propios, as dificultades obxectivas que poidan ter concorrido para alcanzar ou manter o nivel legalmente exixido.
- l) A conduta anterior da entidade en relación coas normas de ordenación e disciplina que a afecten, atendendo ás sancións firmes que lle fosen impostas, durante os últimos cinco anos.

2. Para determinar a sanción aplicable entre as previstas nos artigos 306 e 307, tomaránse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a) O grao de responsabilidade nos feitos que conorra no interesado.
- b) A conduta anterior do interesado, na mesma ou noutra entidade, en relación coas normas de ordenación e disciplina, tomando en consideración, para o efecto, as sancións firmes que lle fosen impostas durante os últimos cinco anos.
- c) O carácter da representación que o interesado desempeñe.

Artigo 311. *Medidas de intervención ou substitución.*

1. Será de aplicación ás entidades enumeradas no artigo 233.1.a).1º a 6º o disposto para as entidades de crédito no artigo 106 e no título III, capítulo V da Lei 10/2014, do 26 de xuño. A competencia para acordar as medidas de intervención ou substitución corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. As resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores que poñan fin ao procedemento serán susceptibles de recurso de alzada ante o ministro de Economía e Competitividade.

Artigo 312. *Requirimento ao presunto responsable de infraccións leves.*

1. No caso de condutas tipificadas como infraccións leves de acordo co previsto no artigo 300.2.b), a Comisión Nacional do Mercado de Valores, antes da incoación do expediente sancionador poderá, motivando a non afectación da conduta de maneira significativa aos intereses públicos protexidos por esta lei, requirir o presunto responsable para que, nun prazo de 30 días:

- a) Adopte as medidas oportunas para evitar a continuidade ou reiteración da conduta,
- b) Indemnice, de os haber, os prexuízos patrimoniais causados coa súa conduta aos investidores cando sexan identificables, e
- c) Xustifique o completo cumprimento do previsto nos dous puntos anteriores.

2. O requirimento debidamente notificado interromperá o prazo de prescrición da infracción, que se reiniciará o día seguinte ao do vencemento do prazo establecido no propio requirimento.

3. O cumprimento e acreditación do exixido no requirimento será valorado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para os efectos de considerar totalmente satisfeitos os obxectivos da supervisión.

Artigo 313. *Información e notificación de infraccións e sancións administrativas.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitará cada ano á Autoridade Europea de Valores e Mercados información agregada relativa ás infraccións cometidas por incumprimento das obrigacións desta lei, así como das sancións impostas.

2. No caso de que se divulgase publicamente unha medida administrativa ou unha sanción, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará simultaneamente ese feito á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

3. Así mesmo, con suxeición aos requisitos de segredo profesional, a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificará á Autoridade Bancaria Europea todas as sancións administrativas impostas ás empresas de servizos de investimento que teñan a consideración de entidade, para efectos da definición recollida no artigo 4.1, punto 3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

## TÍTULO IX

### Réxime fiscal das operacións sobre valores

Artigo 314. *Exención do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

1. A transmisión de valores, admitidos ou non a negociación nun mercado secundario oficial, estará exenta do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

2. Quedan exceptuadas do disposto no punto anterior as transmisións de valores non admitidos a negociación nun mercado secundario oficial realizadas no mercado secundario, que tributarán no imposto a que estean suxeitas como transmisións onerosas de bens

inmóbles, cando mediante tales transmisións de valores se pretendese eludir o pagamento dos tributos que terían gravado a transmisión dos inmóbles propiedade das entidades a que representen os ditos valores.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, entenderase, salvo proba en contrario, que se actúa con ánimo de elusión do pagamento do imposto correspondente á transmisión de bens inmóbles nos seguintes supostos:

a) Cando se obteña o control dunha entidade cuxo activo estea formado en, ao menos, o 50 por cento por inmóbles radicados en España que non estean afectos a actividades empresariais ou profesionais, ou cando, unha vez obtido o dito control, aumente a cota de participación nela.

b) Cando se obteña o control dunha entidade en cuxo activo se inclúan valores que lle permitan exercer o control noutra entidade cuxo activo estea integrado, ao menos, nun 50 por cento por inmóbles radicados en España que non estean afectos a actividades empresariais ou profesionais, ou cando, unha vez obtido o dito control, aumente a cota de participación nela.

c) Cando os valores transmitidos fosen recibidos polas achegas de bens inmóbles realizadas con ocasión da constitución de sociedades ou da ampliación do seu capital social, sempre que tales bens non se afecten a actividades empresariais ou profesionais e que entre a data de achega e a de transmisión non transcorrese un prazo de tres anos.

3. Nos supostos en que a transmisión de valores quede suxeita aos impostos citados sen exención, segundo o previsto no punto 2 anterior, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Para realizar o cómputo do activo, os valores netos contables de todos os bens contabilizados substituiranse polos seus respectivos valores reais determinados á data en que teña lugar a transmisión ou adquisición. Para estes efectos, o suxeito pasivo estará obrigado a formar un inventario do activo na dita data e a facilitalo á Administración tributaria por requirimento desta.

2.<sup>a</sup> Tratándose de sociedades mercantís, entenderase obtido tal control cando directa ou indirectamente se alcance unha participación no capital social superior ao 50 por cento. Para estes efectos, computaranse tamén como participación do adquirente os valores das demais entidades pertencentes ao mesmo grupo de sociedades.

3.<sup>a</sup> Nos casos de transmisión de valores á propia sociedade tedora dos inmóbles para a súa posterior amortización por ela, entenderase, para efectos fiscais, que ten lugar o suposto de elusión definido nas letras a) ou b) do punto anterior. Neste caso, será suxeito pasivo o accionista que, como consecuencia das ditas operacións, obteña o control da sociedade, nos termos antes indicados.

4.<sup>a</sup> Nas transmisións de valores que, conforme o punto 2, estean suxeitas ao imposto sobre o valor engadido e non exentas, que terán a consideración de entrega de bens para efectos deste, a base impositiva determinarase en proporción ao valor de mercado dos bens que deban computarse como inmóbles. A este respecto, nos supostos recollidos no punto 2.c), a base impositiva do imposto será a parte proporcional do valor de mercado dos inmóbles que foron achegados no seu día correspondente ás accións ou participacións transmitidas.

5.<sup>a</sup> Nas transmisións de valores que, de acordo co exposto no punto 2, deban tributar pola modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para a práctica da liquidación, aplicaranse os elementos do dito imposto á parte proporcional do valor real dos inmóbles, calculado de acordo coas regras contidas na súa normativa. Para tal fin, tomarase como base impositiva:

– Nos supostos a que se refire o punto 2.a), a parte proporcional sobre o valor real da totalidade das partidas do activo que, para os efectos da aplicación deste precepto, deban computarse como inmóbles, que corresponda á porcentaxe total de participación que se pase a ter no momento da obtención do control ou, unha vez obtido, onerosa ou lucrativamente, o dito control, á porcentaxe en que aumente a cota de participación.

– Nos supostos a que se refire o punto 2.b), para determinar a base imponible só se terán en conta os inmobles daquelas cuxo activo estea integrado, ao menos nun 50 por cento, por inmobles non afectos a actividades empresariais ou profesionais.

– Nos supostos a que se refire o punto 2.c), a parte proporcional do valor real dos inmobles que foron achegados no seu día correspondente ás accións ou participacións transmitidas.

#### Artigo 315. *Obrigación de comunicación á Administración tributaria.*

1. As entidades emisoras de valores, as sociedades e axencias de valores e os demais intermediarios financeiros quedan obrigados a comunicar á Administración tributaria calquera operación de emisión, subscripción e transmisión de valores en que interviñesen. Esta comunicación implicará a presentación de relacións nominais de compradores e vendedores, clase e número dos valores transmitidos, prezos de compra ou venda, data da transmisión e número de identificación fiscal do adquirente e transmitente nos prazos e na forma que regulamentariamente se determine.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, quen pretenda adquirir ou transmitir valores deberá comunicar, ao tempo de dar a orde correspondente, o seu número de identificación fiscal á entidade emisora e intermediarios financeiros respectivos, que non atenderán aquela até o cumprimento da dita obrigación.

#### Artigo 316. *Exencións fiscais.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores gozará das mesmas exencións fiscais que atribúa ao Banco de España a lexislación vixente.

## TÍTULO X

### **Outros sistemas de negociación: sistemas multilaterais de negociación e internalización sistemática**

## CAPÍTULO I

### **Sistemas multilaterais de negociación**

#### Artigo 317. *Definición.*

Terá a consideración de sistema multilateral de negociación todo sistema, operado por unha entidade reitora das referidas no artigo 319, que permita reunir, dentro do sistema e segundo as súas normas non discrecionais, os diversos intereses de compra e de venda sobre instrumentos financeiros de múltiples terceiros para dar lugar a contratos, de conformidade co disposto nesta lei.

#### Artigo 318. *Creación.*

1. A creación de sistemas multilaterais de negociación será libre, con suxeición ao réxime de verificación previa e supervisión pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores verificará que a entidade reitora cumpre co establecido neste capítulo e ten a correspondente autorización de acordo co disposto nos artigos 149 a 153. Declarará caducada a autorización e denegaráa cando concorra algunha das causas recollidas nos artigos 154 e 155, respectivamente.

#### Artigo 319. *Entidades reitoras.*

1. Todo sistema multilateral de negociación estará rexido por unha entidade reitora, que será responsable da súa organización e funcionamento internos, e será titular dos medios necesarios para xestionar o mercado.



2. Poderá ser entidade reitora dun sistema multilateral de negociación:
  - a) Unha empresa autorizada a prestar o servizo de investimento previsto no artigo 140.h).
  - b) Unha sociedade reitora dun mercado secundario oficial,
  - c) Unha entidade constituída para o efecto por unha ou varias sociedades reitoras de mercados secundarios oficiais, que debe ter como obxecto social exclusivo a xestión do sistema e que debe estar participada ao 100 por cento por unha ou varias sociedades reitoras.

Artigo 320. *Regulamento de funcionamento.*

1. As entidades reitoras elaborarán un regulamento de funcionamento especificamente referido á xestión do sistema multilateral de negociación, que deberá ser autorizado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e someterse ao réxime de publicidade que se determine regulamentariamente, que incluírá a inscrición no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. O regulamento, que terá carácter público, deberase rexer por criterios transparentes, obxectivos e non discriminatorios, e deberá regular as seguintes materias:

- i) Aspectos xerais:
  - a) Instrumentos financeiros que se poderán negociar.
  - b) Información pública que deberá estar dispoñible respecto aos valores admitidos a negociación, para que os investidores poidan fundamentar as súas decisións. Esta información deberá incluír, de ser o caso, unha descrición do tipo e natureza das actividades empresariais da entidade emisora. O alcance da información deberá ter presente a natureza dos valores e a dos investidores cuxas ordes se poidan executar no sistema.
  - c) Tipos de membros, de conformidade co disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 69, os seus dereitos e obrigacións.
  - d) Réxime de garantías.
  - e) Dereitos e obrigacións dos emisores e de calquera outro participante no sistema multilateral de negociación, entre os cales se incluírá, de ser o caso, un asesor rexistrado, designado polo emisor, que deberá velar para que os emisores cumpran correctamente, tanto desde a perspectiva formal como substantiva, coas súas obrigacións de información fronte á sociedade reitora e fronte aos investidores. O regulamento determinará o marco xeral de relación destes asesores cos emisores, así como o ámbito e alcance das funcións que se realizarán e as súas obrigacións.
- ii) Negociación:
  - a) Acceso á condición de membro.
  - b) Modalidades de ordes.
  - c) Supostos de interrupción, suspensión e exclusión de negociación dos valores negociados.
  - d) Contido e regras de difusión de información previa á efectiva negociación.
  - e) Contido e regras de difusión de información sobre as operacións efectivamente negociadas.
  - f) Obrigacións e medios, de ser o caso, para procurar a liquidez da contratación.
  - g) Procedemento que se debe seguir, segundo o caso, para a exclusión de negociación dos valores, especificando as obrigacións da entidade emisora.
- iii) Rexistro, compensación e liquidación de operacións:
  - a) Existencia, de ser o caso, de entidades de contrapartida central ou doutros mecanismos de novación das operacións.

b) Métodos previstos ou admisibles para a liquidación e, de ser o caso, compensación das operacións.

iv) Supervisión e disciplina de mercado.

a) Métodos de supervisión e control pola entidade reitora da efectiva observancia do regulamento do mercado, así como dos preceptos desta lei e demais normas que resulten aplicables, especialmente no que se refire ás normas sobre abuso de mercado por parte de emisores, membros, asesores rexistrados e outros participantes.

b) Réxime disciplinario que a entidade reitora aplicará en caso de incumprimento do regulamento do mercado, con independencia das sancións administrativas que resulten aplicables de acordo co previsto nesta lei.

c) Procedemento que utilizará a entidade reitora para pór en coñecemento da Comisión Nacional do Mercado de Valores aquelas incidencias ou condutas dos seus membros que poidan constituír infracción desta lei ou das súas normas de desenvolvemento ou incumprimento das regras contidas no regulamento do sistema multilateral de negociación.

#### Artigo 321. *Obrigacións de remisión de información.*

1. As entidades reitoras remitirán, con carácter trimestral, á Comisión Nacional do Mercado de Valores información sobre as prácticas e actuacións que, de acordo co previsto no seu regulamento interno, desenvolvan en materia de supervisión do sistema multilateral de negociación. Esta información será remitida no prazo dun mes desde a finalización do período a que faga referencia.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar o contido exacto e o formato específico que utilizarán as entidades reitoras para o cumprimento desta obrigaón.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir das entidades reitoras canta información adicional sexa precisa para velar polo correcto funcionamento dos sistemas multilaterais de negociación.

#### Artigo 322. *Normas de conduta e de abuso de mercado.*

1. Os membros dos sistemas multilaterais de negociación deberán cumprir coas obrigaóns establecidas nos artigos 209 a 218 e 221 a 224 en relación cos seus clientes cando, ao actuaren por conta deles, executen as súas ordes mediante os sistemas dun sistema multilateral de negociación.

2. Non obstante o previsto no punto anterior, non serán aplicables os referidos artigos ás operacións realizadas, consonte as normas que regulan o sistema multilateral de negociación, entre os seus membros ou entre o propio sistema multilateral de negociación e os seus membros con respecto ao uso do sistema multilateral de negociación.

3. O capítulo II do título VII resulta de aplicación á negociación nos sistemas multilaterais de negociación.

#### Artigo 323. *Obrigacións de información.*

1. Cando corresponda, as entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación deberán proporcionar ou, de ser o caso, asegurarse de que existe información publicamente dispoñible que permita que os usuarios se poidan formar unha opinión sobre os instrumentos negociados, tendo en conta tanto a natureza dos usuarios como os tipos de instrumentos negociados no sistema multilateral de negociación.

2. A responsabilidade pola elaboración da información que se publique relativa aos emisores dos instrumentos negociados corresponderá, ao menos, á súa entidade emisora e aos seus administradores. Estes serán responsables polos danos e perdas causados aos titulares dos valores como resultado de que tal información non presente unha imaxe fiel do emisor.

3. Cando un valor negociable admitido a negociación nun mercado regulado se negocie tamén nun sistema multilateral de negociación sen consentimento do seu emisor, este non estará suxeito a ningunha obrigación de información financeira inicial, continua ou *ad hoc* en relación con ese sistema multilateral de negociación.

Artigo 324. *Supervisión do cumprimento das normas dos sistemas multilaterais de negociación e doutras obrigacións legais.*

1. As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación establecerán mecanismos e procedementos eficaces, que correspondan ás necesidades do sistema multilateral de negociación, para supervisar con regularidade o cumprimento das súas normas por parte dos seus usuarios, así como as operacións realizadas por estes de acordo cos seus sistemas, con obxecto de detectar infraccións das ditas normas ou anomalías nas condicións de negociación ou de actuación que poidan supor abuso de mercado.

2. As entidades sinaladas no punto anterior deberán comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores todo incumprimento significativo das súas normas ou toda anomalía nas condicións de negociación ou de actuación que poida supor abuso de mercado. Tamén deberán comunicar, sobre a base da información que recollisen dos emisores, calquera posible incumprimento da normativa aplicable aos citados emisores.

Artigo 325. *Requisitos de transparencia.*

1. Co fin de procurar a transparencia do sistema e a eficiencia na formación dos prezos, os sistemas multilaterais de negociación estarán obrigados a difundir información de carácter público sobre as operacións sobre accións admitidas a negociación no sistema que, pola súa vez, se negocien en mercados regulados en relación coas posicións de compra e venda existentes en cada momento e en relación coas operacións xa concluídas no dito sistema, de acordo coas disposicións contidas neste artigo e nos artigos 326 e 327.

2. O ministro de Economía e Competitividade poderá, se o considera necesario, estender a aplicación dos requisitos de transparencia contidos neste artigo e nos artigos 326 e 327 a outros instrumentos financeiros distintos das accións ou ben a accións que unicamente se negocien no sistema.

3. As disposicións contidas neste artigo e nos artigos 326 e 327 deberán aplicarse de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

4. Sen prexuízo da información de carácter público recollida neste artigo e nos artigos 326 e 327, as comunidades autónomas con competencia na materia e respecto a operacións realizadas no seu ámbito territorial poderán establecer calquera outro deber de información.

Artigo 326. *Requisitos de transparencia previa á negociación.*

1. Os sistemas multilaterais de negociación farán pública a seguinte información previa á negociación con respecto ás accións admitidas a negociación neles que, pola súa vez, se negocien en mercados regulados:

- a) Os prezos de compra e venda existentes en cada momento; e
- b) A profundidade das posicións de negociación a eses prezos que se difundan a través dos seus sistemas.

2. A información referida deberase pór á disposición do público en condicións comerciais razoables e de forma continua no horario normal de negociación.

3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximir os sistemas multilaterais de negociación de publicar a información mencionada no punto 1, atendendo ao modelo de sistema multilateral de negociación ou ao tipo e volume das ordes.

En especial, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá non impor a dita obrigaçión no caso de operacións de gran volume en comparación co volume estándar de mercado para esas accións ou para ese tipo de accións.

*Artigo 327. Requisitos de transparencia posterior á negociación.*

1. Os sistemas multilaterais de negociación farán pública a seguinte información, con respecto ás accións admitidas a negociación neles que, pola súa vez, se negocien en mercados regulados, sobre as operacións xa concluídas:

- a) O prezo,
- b) O volume, e
- c) A hora de execución.

2. A información referida neste artigo deberase pór á disposición do público en condicións comerciais razoables e, na medida do posible, en tempo real.

3. Malia o previsto nos puntos anteriores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar os sistemas multilaterais de negociación a aprazaren a publicación dos datos das operacións realizadas en función do seu tipo ou volume.

En especial, poderán autorizar o aprazamento da publicación no caso de operacións de gran volume en comparación co volume estándar para esas accións ou para ese tipo de accións. Os sistemas multilaterais de negociación deberán, nestes casos, obter da Comisión Nacional do Mercado de Valores a aprobación previa dos métodos propostos de información aprazada, e deberanlles revelar os ditos métodos de maneira clara aos membros do sistema e ao público investidor.

4. A obrigaçión prevista neste artigo non se aplicará aos datos das operacións realizadas nun sistema multilateral de negociación que se fagan públicos mediante os sistemas dun mercado regulado.

*Artigo 328. Acordos de contrapartida central e de compensación e liquidación.*

1. As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación deberán tomar as medidas necesarias para facilitar a liquidación eficiente das operacións realizadas no sistema multilateral de negociación e informar claramente os usuarios das responsabilidades que a entidade asume na liquidación de operacións executadas no sistema multilateral de negociación.

2. Con obxecto de atender a liquidación das operacións sobre valores negociables executadas en sistemas multilaterais de negociación, as súas entidades reitoras subscribirán acordos con, ao menos, un depositario central de valores e, de ser o caso, cunha ou varias entidades de contrapartida central, sen prexuízo do dereito dos emisores a dispor que os seus valores sexan rexistrados en calquera depositario central de valores, de conformidade co artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación poderán subscribir, logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, acordos con entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores doutro Estado membro, para a compensación ou liquidación dalgunhas ou todas as transaccións que conclúsen con membros do mercado dos seus respectivos sistemas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores só se poderá opor á celebración dos referidos acordos cando considere que poidan menoscabar o funcionamento ordenado do sistema multilateral de negociación ou, no caso dun sistema de liquidación, as condicións técnicas non aseguren a liquidación eficaz e económica das operacións.

3. Será de aplicación aos sistemas multilaterais de negociación o establecido nos artigos 94, 95, 96 e 114, 115 e 116 para os mercados secundarios oficiais no concernente á liquidación de operacións e de dereitos ou obrigaçións de contido económico asociados aos valores, ás garantías orientadas a mitigar o risco de liquidación e aos dereitos e obrigaçións relacionados co sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores.

4. Determinaranse regulamentariamente os valores cuxas operacións realizadas nos segmentos de contratación multilateral dos sistemas multilaterais de negociación estarán suxeitas a mecanismos que permitan a súa ordenada liquidación e bo fin mediante a necesaria intervención dunha entidade de contrapartida central.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta o labor de vixilancia do sistema de compensación e liquidación levado a cabo polo Banco de España ou polas demais autoridades con competencia na materia, para efectos de evitar repeticións innecesarias dos controis.

#### Artigo 329. *Acceso remoto aos sistemas multilaterais de negociación.*

1. As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación español poderán establecer mecanismos apropiados para facilitar o acceso e a utilización a distancia dos seus sistemas a usuarios ou membros establecidos no territorio doutros Estados membros. Para iso, a entidade deberá comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores o Estado membro en que teña previsto establecer tales mecanismos. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará esta información ao Estado membro en que se prevexa establecer tales mecanismos no prazo dun mes desde a súa recepción. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará á autoridade competente do Estado de acollida, por petición desta e nun prazo razoable, a identidade dos membros do sistema multilateral de negociación establecidos no dito Estado membro.

2. As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación doutros Estados membros da Unión Europea poderán establecer en territorio español mecanismos para facilitar o acceso e a utilización a distancia dos seus sistemas a usuarios ou membros establecidos en territorio español. Será necesario para iso que a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba unha comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe en que se indique a intención de establecer tales mecanismos en territorio español. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalle solicitar á dita autoridade competente a comunicación, nun prazo de tempo razoable, da identidade dos membros do sistema multilateral de negociación.

## CAPÍTULO II

### **Disposicións comúns aos mercados secundarios oficiais e aos sistemas multilaterais de negociación**

#### Artigo 330. *Medidas preventivas.*

1. Cando España sexa Estado membro de acollida dun mercado regulado ou dun sistema multilateral de negociación e a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña motivos claros e demostrables para crer que o dito mercado regulado ou sistema multilateral de negociación infrinxe as obrigacións derivadas das disposicións adoptadas en virtude da Directiva 2004/39/CE, comunicará os feitos á autoridade competente do Estado membro de orixe do mercado regulado ou do sistema multilateral de negociación.

No caso de que, malia as medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe, o dito mercado regulado ou sistema multilateral de negociación persista nunha actuación claramente prexudicial para os intereses dos investidores en España ou para o funcionamento correcto dos mercados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, adoptará todas as medidas pertinentes para a súa protección. Entre as medidas incluírase a posibilidade de impedir que tal mercado regulado ou sistema multilateral de negociación poña os seus mecanismos á disposición de membros remotos establecidos en España. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará sen demora a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Valores e Mercados das medidas adoptadas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer constar a situación ante a Autoridade Europea de

Valores e Mercados, que poderá actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010.

2. Toda medida adoptada en aplicación do disposto neste artigo que implique sancións ou restricións das actividades dun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación deberá ser debidamente motivada e comunicada ao mercado regulado ou sistema multilateral de negociación afectado.

### CAPÍTULO III

#### Internalización sistemática

##### Artigo 331. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste capítulo será aplicable ás entidades de crédito e empresas de servizos de investimento suxeitas a esta lei que executen á marxe dun mercado regulado ou dun sistema multilateral de negociación, por conta propia, ordes de clientes sobre accións admitidas a negociación en mercados regulados sempre que esta actuación se desenvolva de forma organizada, frecuente e sistemática e que se refira a ordes cuxo importe sexa igual ou inferior ao volume estándar do mercado que corresponda ao valor en función do descrito no punto seguinte.

2. Enténdese por volume estándar do mercado para unha categoría de accións todo volume representativo do valor medio aritmético das ordes executadas no mercado para as accións incluídas na dita categoría de accións.

3. As accións agrúpanse en categorías sobre a base do valor medio aritmético das ordes executadas no mercado para aquela acción. A Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará, ao menos unha vez ao ano, mediante circular, a categoría de accións a que pertence cada acción e transmitirá á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

4. O mercado para cada acción estará composto por todas as ordes executadas na Unión Europea con respecto a aquela acción, exceptuando aquelas cuxa escala sexa de gran magnitude en comparación co volume estándar de mercado para aquela acción.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará regularmente as accións que teñan un mercado líquido para os efectos deste artigo, a categoría de accións a que pertence cada acción de acordo co disposto no punto 3 anterior e os demais aspectos precisos para que as entidades de crédito e empresas de servizos de investimento poidan cumprir as obrigacións establecidas neste artigo.

##### Artigo 332. *Obrigacións de información.*

1. Cando as accións teñan un mercado líquido, os internalizadores sistemáticos deberán facer públicas cotizacións en firme con carácter xeral, de forma que poidan ser coñecidas facilmente polos interesados, en condicións comerciais razoables. Cando se trate de accións para as cales non exista un mercado líquido, os internalizadores sistemáticos poderán limitarse a difundir as súas cotizacións en firme aos seus clientes, logo de petición destes.

Os internalizadores sistemáticos poderán decidir o volume ou volumes de orde para os cales dan cotización. Para unha acción concreta, cada cotización deberá incluír un ou varios prezos de compra e/ou un ou varios prezos de venda para un ou varios tamaños de orde inferiores ao volume estándar do mercado para a clase de accións a que pertence a dita acción concreta. O prezo ou os prezos que coticen deberán reflectir as condicións vixentes no mercado para a dita acción.

A difusión de tales prezos efectuarase de forma regular e continua durante o horario normal de negociación. Os internalizadores sistemáticos poderán actualizar os seus prezos en calquera momento. Cando se dean condicións excepcionais de mercado, poderán retiralos.

2. Os internalizadores sistemáticos deberán facer público o volume e o prezo das súas transaccións realizadas fóra de mercados regulados ou sistemas multilaterais de

negociación, sobre accións admitidas a negociación en mercados regulados, e a hora en que se conclúsen. Esta información farase pública o antes posible, dunha maneira facilmente accesible e en condicións razoables para os interesados. Será aplicable o establecido no artigo 327.3 en canto aos requisitos de transparencia posterior á negociación e os aprazamentos á publicación dos datos autorizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude do artigo 85.3.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores controlará que os internalizadores sistemáticos actualicen regularmente os prezos de compra e de venda que fan públicos de conformidade co punto 1 e que tales prezos reflicten as condicións imperantes no mercado.

4. As disposicións contidas neste artigo deberán aplicarse de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

#### Artigo 333. *Execución de ordes.*

1. Sempre que ao facelo respecten a obrigaçión de mellor execución que regula os artigos 221 a 224, os internalizadores sistemáticos executarán as ordes que reciban dos seus clientes retallistas aos prezos cotizados en firme en vigor no momento da recepción da orde.

2. Así mesmo, executarán as ordes que reciban dos seus clientes profesionais aos prezos cotizados en firme en vigor no momento da recepción da orde. Non obstante, poderán executar as ditas ordes a un prezo mellor que o difundido en firme, en casos xustificadas, sempre que o dito prezo se encontre dentro dun intervalo de carácter público próximo ás condicións de mercado e sempre que as ordes sexan dun volume maior ao volume habitualmente realizado por un investidor retallista.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores controlará que os internalizadores sistemáticos cumpran as condicións de mellora de prezos establecidas neste punto.

3. Respecto das operacións en que a execución de varios valores sexa parte dunha única operación ou no caso de ordes suxeitas a condicións distintas do prezo actual do mercado, os internalizadores sistemáticos poderán, ademais, executar ordes procedentes dos seus clientes profesionais a prezos distintos dos cotizados sen ter que cumprir as condicións establecidas no punto anterior.

4. Cando se produza unha situación en que un internalizador sistemático que cotice unha soa cotización, ou cuxa cotización máis elevada sexa inferior ao volume estándar do mercado, reciba unha orde dun cliente dun volume superior ao seu volume de cotización pero inferior ao volume estándar do mercado, poderá decidir executar aquela parte da orde que exceda o seu volume de cotización, sempre que se execute ao prezo cotizado, excepto en caso de que se permita o contrario consonte as condicións establecidas nos dous parágrafos anteriores. Nos casos en que o internalizador sistemático dea cotizacións para diferentes volumes e reciba unha orde comprendida entre tales volumes, que opte por executar, executará a un dos prezos cotizados consonte as disposicións dos artigos 221 a 224, excepto en caso de que se permita o contrario consonte as condicións establecidas nos dous puntos anteriores deste artigo.

5. As disposicións contidas neste artigo deberán aplicarse de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

#### Artigo 334. *Tratamento dos clientes.*

1. Os internalizadores sistemáticos poderán elixir, baseándose na súa política comercial e de forma obxectiva e non discriminatoria, os investidores aos cales dan acceso ás súas cotizacións. Para tal efecto, disporán de normas claras que regulen o acceso ás súas cotizacións. As entidades poderán suspender ou negarse a iniciar relacións comerciais cun determinado investidor baseándose en consideracións comerciais tales como a situación financeira do investidor, o risco de contrapartida ou o da liquidación final da operación.

2. Os internalizadores sistemáticos poderán limitar de forma non discriminatoria o número de operacións dun mesmo cliente que se comprometen a executar aos prezos en

filme anunciados, para limitar o risco de quedar expostos a operacións múltiples dun mesmo cliente.

Tamén poderán limitar, de forma non discriminatoria e de conformidade coas disposicións do artigo 221 relativas á xestión de ordes, o número total de operacións de distintos clientes que executarán ao mesmo tempo, cando o número ou volume das ordes procedentes dos seus clientes exceda considerablemente o normal.

3. As disposicións contidas neste artigo deberán aplicarse de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1287/2006, do 10 de agosto de 2006.

Disposición adicional primeira. *Mercado interbancario de depósitos.*

O mercado interbancario de depósitos non quedará suxeito ás normas desta lei. Corresponderán ao Banco de España a regulación e a supervisión do funcionamento do dito mercado.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico das emisións das deputacións forais do País Vasco.*

As emisións de valores realizadas polas deputacións forais da Comunidade Autónoma do País Vasco asimilaranse, para todos os efectos, e tendo en conta as especiais características das facendas forais, ás emisións realizadas por unha comunidade autónoma.

Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico dos dereitos de emisión que non sexan instrumentos financeiros.*

1. As empresas que prestan servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas a prestar servizos de investimento poderán, ademais de realizar as actividades recollidas no artigo 140, presentar ofertas en nome dos seus clientes nas poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que non sexan instrumentos financeiros, a que se refire o Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010, sobre o calendario, a xestión e outros aspectos das poxas dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro consonte a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade. Para tal fin, deberán incluír esta actividade no programa de actividades a que se refire o artigo 149.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade competente para sancionar as persoas responsables do incumprimento no noso territorio dos artigos 37 a 42 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010, en relación coas poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que non sexan instrumentos financeiros, que tivesen lugar no noso territorio ou fóra del.

3. Para efectos do disposto no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores contará coas facultades de supervisión e inspección previstas nesta norma.

4. En caso de incumprimento dos artigos 37 a 42 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010, será de aplicación o réxime sancionador previsto no capítulo II do título VIII desta lei en relación coas operacións con información privilexiada ou que poidan constituír manipulación de mercado, coas seguintes particularidades:

- a) Exceptúase o disposto no artigo 282.7 e no artigo 295.3.
- b) A remisión contida no artigo 282.8 entenderase feita unicamente ao artigo 227.3, ao artigo 229.2.d) e ao 229.3.
- c) A remisión contida no artigo 295.7 entenderase feita unicamente ao artigo 227.3, ao artigo 229.2.d) e ao 229.3, sendo as plataformas de poxas e as entidades supervisoras das poxas os suxeitos obrigados.
- d) A remisión contida no artigo 295.5 entenderase feita unicamente ao artigo 227, exceptuando o seu punto 2.



5. Constituirá unha infracción moi grave o incumprimento das normas de conduta a que se refire o artigo 59 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010, así como o incumprimento da obrigaçión de adoptar as disposicións estruturais a que se refire o seu artigo 42.4, cando tivese lugar con ocasión dunha concreta operación constitutiva de información privilexiada.

Constituirá unha infracción grave a adopción das medidas previstas no artigo 42.4 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010, de maneira insuficiente.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará con outras autoridades competentes da Unión Europea, coas plataformas de poxas e coa entidade supervisora das poxas sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010, e en relación coas materias e nos termos que no dito regulamento se regulan.

7. Exceptúanse do deber de segredo regulado no artigo 248 as informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores deba facilitar ás autoridades competentes, coas plataformas de poxas e coa entidade supervisora das poxas, en materia de poxas de dereitos de emisión, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010.

8. Para efectos do previsto nos puntos anteriores, resultarán de aplicación as definicións de información privilexiada e manipulación do mercado recollidas no artigo 37 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, do 12 de novembro de 2010.

Disposición adicional cuarta. *Comercialización a retalistas de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles e financiamentos subordinados computables como recursos propios.*

1. A comercialización ou colocación entre clientes ou investidores retalistas de emisións de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles ou financiamentos subordinados computables como recursos propios, conforme a normativa de solvencia de entidades de crédito, exixirá o cumprimento dos requisitos seguintes:

a) A emisión debe contar cun tramo dirixido exclusivamente a clientes ou investidores profesionais de, ao menos, o cincuenta por cento do total dela, sen que o número total de tales investidores poida ser inferior a cincuenta, e sen que sexa de aplicación a este suposto o previsto no artigo 206 desta lei.

b) No caso de emisións de participacións preferentes, ou instrumentos de débeda convertibles de entidades que non sexan sociedades cotizadas, nos termos do artigo 495 da Lei de sociedades de capital, o valor nominal unitario mínimo dos valores será de 100.000 euros. No caso das restantes emisións, o valor nominal unitario mínimo será de 25.000 euros.

Esta disposición ten a consideración de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores e o seu incumprimento constitúe unha infracción moi grave, conforme o previsto no título VIII deste texto refundido.

2. O disposto nas letras a) e b) anteriores non resultará de aplicación no ámbito das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada regulados no capítulo VII desta lei nin aos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada emitidos co obxecto de trocar outros valores deste tipo emitidos con anterioridade ao 31 de agosto de 2012.

Disposición adicional quinta. *Restricións relativas aos investimentos financeiros temporais de entidades sen ánimo de lucro.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España e o Ministerio de Economía, cada un no ámbito da súa supervisión, aprobarán códigos de conduta que conteñan as regras específicas a que se deberán axustar os investimentos financeiros temporais que fagan as fundacións, establecementos, institucións e asociacións sen ánimo de lucro, colexios profesionais, fondos de promoción de emprego, mutuas de seguros,

mutualidades de previsión social, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e, de ser o caso, as demais entidades suxeitas a tipos de gravame reducidos no imposto sobre sociedades que non teñan un réxime específico de diversificación de investimentos, co fin de optimizar a rendibilidade do efectivo de que dispoñan e que poidan destinar a obter rendementos de acordo coas súas normas de funcionamento.

2. Os órganos de goberno, administración ou dirección das entidades referidas no punto anterior deberán presentar un informe anual acerca do grao de cumprimento dos citados códigos para que o coñezan o protectorado ou os seus partícipes, asociados ou mutualistas.

Disposición adicional sexta. *A Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores e as sociedades propietarias de entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e mercados secundarios oficiais españois.*

1. A «Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores», en diante, a Sociedade de Sistemas, actuará como depositario central de valores de acordo co disposto no artigo 97 a 102 desta lei e desempeñará aquelas outras funcións que lle encomende o Goberno, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Sociedade de Sistemas asume as funcións do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores e do Banco de España, en canto xestores dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación dos valores negociados nos mercados que teñen encomendados. A Sociedade de Sistemas créase mediante a transformación da sociedade «Promotora para la Sociedad de Gestión de los Sistemas Españoles de Liquidación, S.A.» constituída coa participación do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores e o Banco de España.

A asunción efectiva por parte da Sociedade de Sistemas das súas funcións efectúase tras a modificación do obxecto e denominación social da sociedade «Promotora para la Sociedad de Gestión de los Sistemas Españoles de Liquidación, S.A.» e da modificación societaria consistente na distribución do capital social da Sociedade de Sistemas entre os accionistas do Sistema de Compensación e Liquidación de Valores e do Banco de España, coas ampliacións ou reducións de capital necesarias. As achegas non en diñeiro que reciba a Sociedade de Sistemas serán obxecto de valoración por un experto designado para o efecto de común acordo entre o Servizo de Compensación e Liquidación de Valores e o Banco de España, que producirá os efectos previstos no capítulo II do título III do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Non é de aplicación ás anteriores operacións societarias o disposto nos artigos 304, 334 e 343 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

O nomeamento dos membros do Consello de Administración, directores xerais e asimilados da Sociedade de Sistemas estará suxeito á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Mentres a Sociedade de Sistemas non estableza outras disposicións e decisións no exercicio das funcións de dirección, administración e ordenación que lle atribúe esta lei, continúan en vigor as disposicións e decisións que na data de asunción efectiva das súas funcións pola Sociedade de Sistemas rexan os sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores xestionados até entón polo Servizo de Compensación e Liquidación de Valores e polo Banco de España.

A Sociedade de Sistemas e o Banco de España manterán a debida coordinación co fin de substituír a normativa vixente polas regras da Sociedade de Sistemas que se aproben no futuro.

Os actos e documentos legalmente necesarios para as operacións societarias a que se refire este artigo están exentos de tributos e exaccións de todas clases. Así mesmo, tales actos e documentos non devindicarán dereitos arancelarios, notariais nin rexistrais.

2. Sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores e dos mercados secundarios, o Goberno poderá autorizar, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, oídas as comunidades autónomas con competencia na materia e por proposta do ministro de Economía e Competitividade, que unha ou varias entidades adquiran, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación que atribúa ao ou aos adquirentes o control, directo ou indirecto, de todas ou algunhas das sociedades que administren entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e mercados secundarios oficiais españois e que, a partir de tal adquisición, corresponda a esa ou esas entidades a titularidade do citado capital.

Terá a consideración de participación de control aquela que, de conformidade co capítulo IX do título IV desta lei e coas súas normas de desenvolvemento, obrigaría a formular unha oferta pública de adquisición sobre a totalidade do capital da correspondente sociedade.

3. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar os estatutos polos que se rexan esas entidades adquirentes e as súas modificacións, coas excepcións que se establezan regulamentariamente, así como autorizar o nomeamento dos membros do seu consello de administración e dos seus directores xerais, os cales deberán reunir os requisitos do artigo 152.1.f). Se as entidades adquirentes non teñen o seu domicilio social en España e os seus estatutos e modificacións e os requisitos dos membros do consello de administración e directores xerais foron verificados pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea ou pola autoridade supervisora dun Estado non membro da Unión Europea cuxo réxime de organización e funcionamento sexa similar ao da Comisión Nacional do Mercado de Valores, corresponderá a esta última comprobar tales verificacións.

4. O Goberno, mediante real decreto, determinará o réxime aplicable ás ofertas de adquisición das accións representativas do capital das referidas entidades, o réxime de publicidade a que se deben someter as súas participacións accionarias, o réxime a que se deben suxeitar as citadas entidades para recoller nos seus estatutos sociais calquera limitación ou especialidade aos dereitos derivados das súas accións e calquera outro aspecto que sexa necesario para a aplicación desta disposición e para garantir a adecuada supervisión das ditas entidades.

5. Será necesaria autorización do Goberno para que a entidade ou, de ser o caso, entidades que posúan, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación de control de todas ou, de ser o caso, algunhas das sociedades a que se refire o parágrafo primeiro do punto segundo poidan levar a cabo calquera acto dispositivo polo que deixen de ser titulares, directa ou indirectamente, da totalidade do capital social que posúan en cada unha das citadas sociedades ou polo que perdan o control, directo ou indirecto, destas últimas. Esta autorización outorgarase oídas as comunidades autónomas con competencia na materia, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores e por proposta do ministro de Economía e Competitividade.

6. Non se aplicará o réxime de participacións significativas previsto nos artigos 48.1 e 99 ás transmisións suxeitas ás autorizacións administrativas previstas nesta disposición.

7. A supervisión das citadas entidades corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición adicional sétima. *Informe anual de goberno corporativo en entidades cotizadas sen forma de sociedade anónima.*

O previsto no artigo 540 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, resultará de aplicación, conforme a súa natureza xurídica, ás entidades distintas das sociedades anónimas cotizadas que emitan valores que se negocien en mercados oficiais de valores.

Facúltase o Ministerio de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores para establecer, tendo en conta a natureza

xurídica das distintas categorías de entidades a que resulte de aplicación esta disposición, medidas concretas sobre o contido e a estrutura do informe de goberno corporativo.

Disposición adicional oitava. *Obrigacións en materia de retribucións das sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial.*

1. Os directivos de sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial deberán comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as entregas de accións e os dereitos de opción sobre accións que reciban en execución dun sistema de retribución da dita sociedade. Igualmente, deberán comunicar os sistemas de retribución e as súas modificacións, referenciados ao valor das accións que respecto deles se establezan. Esta comunicación someterase ao réxime de publicidade dos feitos relevantes, establecido no artigo 228.

2. O disposto no punto 1 no caso de sociedades cuxas accións estean admitidas a cotización nun mercado secundario oficial será igualmente de aplicación en relación coas entregas de accións e de dereitos de opción sobre accións que reciban en execución de sistemas de retribución das ditas sociedades os seus administradores, así como cos sistemas de retribución, e as súas modificacións, referenciados ao valor das accións que se establezan para os citados administradores. O Goberno desenvolverá esta disposición, con especial referencia ao prazo, á forma e ao alcance do cumprimento da obrigaçión de comunicación.

3. As sociedades cotizadas que con data do 1 de xaneiro do ano 2000 tivesen vixente algún sistema de retribución consistente na entrega de accións, ou de dereitos de opción sobre accións ou calquera outro sistema de retribución referenciado ao valor das accións, dirixido aos seus administradores ou aos seus directivos deberán, con carácter previo á execución ou cancelación do sistema de retribución, rexistrar na Comisión Nacional do Mercado de Valores un suplemento do folleto que teñan en vigor, ou un novo folleto específico, en que se proporcione información detallada e individualizada sobre as accións e opcións ou liquidacións que corresponden a administradores e directivos. Con relación aos que teñan exclusivamente a condición de directivos, a información poderá presentarse de forma agregada. Como documentación acreditativa, para efectos de emisións e ofertas públicas de valores, presentarse para o seu rexistro o acordo da xunta xeral de accionistas en que se aproba ou ratifica o sistema de retribución.

4. Para efectos desta disposición, entenderase por directivos os directores xerais e asimilados que desenvolvan as súas funcións de alta dirección baixo dependencia directa dos órganos de administración, de comisións executivas ou de conselleiros delegados das sociedades cotizadas.

Disposición adicional novena. *Prazo para resolver e notificar procedementos sancionadores.*

O prazo para resolver e notificar a resolución no procedemento sancionador aplicable aos suxeitos que actúan nos mercados financeiros, regulado polo Real decreto 2119/1993, do 3 de decembro, será dun ano, ampliable conforme o previsto nos artigos 23 e 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición adicional décima. *Memoria supervisora e órgano de control interno do Banco de España.*

1. O Banco de España deberá dispor dun órgano de control interno cuxa dependencia funcional e capacidade de informe se rexerá polos principios de imparcialidade, obxectividade e evitar a produción de conflitos de intereses.

2. O Banco de España elaborará anualmente unha memoria sobre a súa función supervisora en relación coas súas actuacións e procedementos levados a cabo nesta materia e da cal se poida deducir información sobre a eficacia e eficiencia de tales procedementos e actuacións. Nesta memoria incluírase un informe do órgano de control

interno sobre a adecuación das decisións adoptadas polos órganos de goberno do Banco de España á normativa procedemental aplicable en cada caso. Esta memoria deberá ser aprobada polo Consello de Goberno do Banco de España e remitirase ás Cortes Xerais e ao Goberno da Nación.

Disposición adicional décimo primeira. *Supervisión da comisión de auditoría de entidades de interese público.*

A supervisión do cumprimento do establecido na disposición adicional terceira da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, respecto á comisión de auditoría de entidades de interese público, corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co disposto no título VIII deste texto refundido. Esta competencia enténdese sen prexuízo da que posúe o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en materia de supervisión da actividade de auditoría de contas.

Disposición transitoria primeira. *Réxime para determinados aumentos na participación nunha sociedade cotizada*

Quen, con data do 13 de agosto de 2007, posúe unha porcentaxe de dereitos de voto dunha sociedade cotizada igual ou superior ao 30 por cento e inferior ao 50 por cento quedará obrigado a formular unha oferta pública de adquisición nos termos do capítulo IX do título IV desta lei cando, con posterioridade, se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que adquira nun só acto ou en actos sucesivos accións da dita sociedade até incrementar a súa participación en, ao menos, un 5 por cento nun período de 12 meses.
- b) Que alcance unha porcentaxe de dereitos de voto igual ou superior ao 50 por cento.
- c) Que adquira unha participación adicional e designe un número de conselleiros que, unidos, de ser o caso, aos que xa se designasen, representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.

O Goberno poderá establecer os aspectos que xulgue necesarios para a aplicación desta disposición, así como as operacións exceptuadas deste réxime.

En calquera caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores dispensará condicionalmente, nos termos que se establezan regulamentariamente, da obrigación de formular a oferta pública de adquisición establecida no punto a), cando outra persoa ou entidade, directa ou indirectamente, tivese unha porcentaxe de voto igual ou superior ao que teña o obrigado a formular a oferta.

Disposición transitoria segunda. *Cotas participativas das caixas de aforros e as cotas participativas de asociación da Confederación Española de Caixas de Aforros.*

As cotas participativas das caixas de aforros e as cotas participativas de asociación da Confederación Española de Caixas de Aforros que fosen emitidas con anterioridade á publicación deste texto refundido seguirán tendo carácter de valor negociable a que se refire o artigo 2.1 desta lei até a súa completa amortización.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación ás novidades da Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013.*

1. Os prazos a que se refiren os artigos 118 e 119 serán de aplicación aos informes financeiros anuais e informes financeiros semestrais que se deban publicar a partir do 20 de decembro de 2015.
2. As obrigacións recollidas no artigo 125.3 non serán de aplicación até a data que determinen as normas de desenvolvemento desta lei e da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Disposición transitoria cuarta. *Novo sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores e aplicación do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.*

1. As modificacións introducidas nos artigos 9, 15, 45.2 g), 93.1, 94, 95, 97 a 102, 114 a 117, 62, 281.1 a 6, 294. 1 a 5, 328 polos puntos catro a oito, dez, doce, trece, quince, vinte e un, vinte e dous e vinte e nove da letra A) da disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, non serán de aplicación aos mercados secundarios oficiais, sistemas multilaterais de negociación e depositarios centrais de valores que, no momento de entrada en vigor desta lei, estean constituídos e operando en España até a data que determinen as normas de desenvolvemento desta lei e da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

2. As obrigacións que derivan do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012, serán exixibles de acordo co previsto nos artigos 69 e 76 do referido regulamento.

3. Os valores representados mediante títulos físicos admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación deberán modificar a súa forma de representación a anotacións na conta de acordo co disposto no artigo 76.2 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

4. Regulamentariamente, e nos prazos que, de ser o caso, se establezan, adoptaranse as medidas necesarias para a unificación dos sistemas de rexistro por medio de saldos da renda variable, a renda fixa e a débeda pública representada mediante anotacións na conta, sen prexuízo das particularidades que se deban predicar de cada un destes valores. Os regulamentos dos depositarios centrais de valores deberán modificarse para incorporar os cambios precisos derivados do disposto nesta norma e do seu desenvolvemento regulamentario.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará os cambios técnicos necesarios para acometer a reforma dos sistemas actuais de compensación, liquidación e rexistro dos mercados secundarios oficiais de valores.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio das sociedades cuxas accións estean sendo negociadas exclusivamente nun sistema multilateral de negociación, que alcancen unha capitalización bolsista superior a cincocentos millóns de euros.*

O prazo de seis meses a que se refire o artigo 77.3 desta lei comezará a computar o 28 de abril de 2015.

Disposición transitoria sexta. *Plan xeral de viabilidade.*

O plan xeral de viabilidade previsto no artigo 193.2 f) resultará exixible ás entidades transcorridos seis meses desde que se complete o desenvolvemento regulamentario en que se especificará o seu contido.

Disposición transitoria sétima. *Convenio de colaboración entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España.*

O convenio de colaboración previsto no artigo 255.2 deberá subscribirse no prazo de 14 meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria oitava. *O mercado de débeda pública en anotacións.*

1. Mentres non se desenvolvan regulamentariamente os preceptos desta lei correspondentes ao mercado de débeda pública en anotacións e non se aprobe o Regulamento do mercado a que fai mención o artigo 60.4 desta lei, permanecerán vixentes aquelas normas regulamentarias que, con carácter previo á entrada en vigor desta lei, veñen regulando o referido mercado e non se opoñan ao previsto nesta.

2. As emisións de valores de entidades e sociedades públicas distintas das sinaladas no artigo 59 que se negociasen no mercado de débeda pública en anotacións con anterioridade ao 18 de novembro de 1998 poderán seguir negociándose neste mercado até o seu vencemento.

Disposición transitoria novena. *Servizos autonómicos de compensación e liquidación de valores.*

Con relación ás funcións que veñen desempeñando os servizos de compensación e liquidación de valores autonómicos, unicamente se producirá a asunción de funcións por un depositario central de valores, de ser o caso, con suxeición ao que dispoña a normativa vixente da correspondente comunidade autónoma.

Disposición transitoria décima. *Referencias normativas.*

1. Até que se produza a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a remisión feita nesta lei a esas normas deberá entenderse referida á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común ou á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, segundo corresponda.

2. Concretamente a correlación dos artigos é a seguinte:

a) No artigo 16.2, a referencia que se fai á Lei 39/2015, do 1 de outubro, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, debe entenderse feita á Lei 30/1992, do 26 de novembro, e á Lei 6/1997, do 14 de abril.

b) No artigo 176.3, a referencia que se fai ao artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, debe entenderse referida ao artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

c) No artigo 234.6, a referencia ao artigo 41.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, debe entenderse feita ao artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

d) No artigo 273.2, a referencia aos artigos 23 e 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, debe entenderse feita aos artigos 42.6 e 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

e) No artigo 274, a referencia á Lei 39/2015, do 1 de outubro, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, deben entenderse feitas á Lei 30/1992, do 26 de novembro.

f) No artigo 310, a referencia ao artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, debe entenderse feita ao artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

g) Na disposición adicional novena, as referencias aos artigos 23 e 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deben entenderse feitas aos artigos 42.6 e 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O texto refundido da Lei do mercado de valores dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.